

CÓDIGO PARLAMENTARIO DE **GALICIA**



PARLAMENTO
DE GALICIA



CÓDIGO PARLAMENTARIO DE **GALICIA**



Selección e ordenación: **Xosé Antón Sarmiento Méndez**

Código Parlamentario de Galicia

Santiago de Compostela, setembro de 2021

Edita:

© Parlamento de Galicia, 2021

Rúa do Hórreo, 63

15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

ISBN: 978-84-7836-126-7

Depósito legal: C 1818-2021

PRESENTACIÓN

A función lexislativa constitúe –xunto coa electiva e a de control e impulso da acción de Goberno– a principal razón de ser dos parlamentos democráticos, sexan estes de ámbito estatal ou autonómico.

Nas sociedades avanzadas, as institucións teñen, ademais, unha obriga de transparencia –que Galicia regulou de xeito pioneiro– que debe ir acompañada dunha actitude proactiva, adiantándonos, na medida do posible, ás demandas da sociedade.

Responder a esa demanda é un dos obxectivos do *Código Parlamentario de Galicia* que agora editamos, tanto no tradicional soporte papel como en formato dixital, para poñelo á disposición de todas as persoas interesadas, de balde, na web da Cámara galega.

A edición deste *Código Parlamentario de Galicia* súmase e complementa outras iniciativas semellantes emprendidas no pasado, como o portal xurídico galego *lex.gal*, a maior base de datos xurídicos en lingua galega, presentada en decembro de 2016, ou o volume de *Normas Institucionais de Galicia (2017)*, na procura de ofrecer ferramentas útiles ás persoas interesadas, sexan ou non profesionais do Dereito.

O elenco de normas recompiladas –cento dúas, para sermos exactos– converte este Código nunha ferramenta imprescindible para achegármonos á esencia da autonomía política de Galicia e ao funcionamento do seu Parlamento, xusto cando se acaban de facer 40 anos da promulgación do vixente Estatuto de autonomía (6 de abril de 1981).

Afirmase, con frecuencia, e non sen razón, que nestas catro décadas de autogoberno Galicia se ten convertido en exemplo de xestión, mais tamén de integración harmónica na España constitucional. Probablemente nada diso tería sido posible sen o ecosistema político que propiciou a elaboración de leis como as recompiladas neste *Código* ou sen o substrato que estas normas foron deixando tras de si.

Sirva este volume, xa que logo, como testemuño de agradecemento a cantos, dunha ou doutra forma, contribuíron a edificar e a consolidar a autonomía política que Galicia exerce con responsabilidade e con orgullo.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

CÓDIGO PARLAMENTARIO DE GALICIA

DISPOSICIÓNS XERAIS

1. Estatuto de autonomía para Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) 15
2. Regulamento do Parlamento de Galicia 45
3. Acordos interpretativos e normas complementarias do Regulamento do Parlamento de Galicia 111

COMPOSICIÓN DA CÁMARA

4. Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral [inclusión parcial: artigos 1 a 153]..... 182
5. Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia..... 271

FUNCIÓN LEXISLATIVA

6. Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia292
7. Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia 304
8. Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2014, polo que se aproban as Directrices de técnica normativa..... 324
9. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade [inclusión parcial]..... 369
10. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia [inclusión parcial]..... 370

11. Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración [inclusión parcial]	375
12. Lei [estatal] 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal [inclusión parcial].....	378
13. Regulamento do Congreso dos Deputados, do 10 de febreiro de 1982 [inclusión parcial].....	379

COMPARECENCIAS NO PARLAMENTO

14. Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas [inclusión parcial].....	381
15. Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia [inclusión parcial]	382
16. Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia [inclusión parcial].....	383
17. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia [inclusión parcial]	384
18. Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia [inclusión parcial]	385
19. Resolución do 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 polo que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia [inclusión parcial]	386
20. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno [inclusión parcial].....	387
21. Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021 [inclusión parcial]	388
22. Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego de Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos [inclusión parcial].....	389

23. Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia [inclusión parcial].....	391
---	-----

DOCUMENTOS E INFORMES QUE DEBEN SER PRESENTADOS NO PARLAMENTO

24. Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas [inclusión parcial].....	392
25. Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo [inclusión parcial].....	393
26. Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas [inclusión parcial].....	395
27. Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia [inclusión parcial].....	396
28. Lei [estatal] 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas [inclusión parcial].....	397
29. Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia [inclusión parcial].....	402
30. Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica [inclusión parcial]	403
31. Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas [inclusión parcial].....	404
32. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia [inclusión parcial]	405
33. Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia [inclusión parcial].....	406
34. Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia [inclusión parcial]	407
35. Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia [inclusión parcial]	408
36. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero [inclusión parcial].....	409
37. Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral [inclusión parcial].....	410

38. Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia [inclusión parcial].....	411
39. Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia [inclusión parcial].....	413
40. Lei [estatal] 24/2009, do 22 de decembro, de modificación da Lei 8/1994, do 19 de maio, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea, para a súa adaptación ao Tratado de Lisboa do 13 de decembro de 2007.....	414
41. Lei 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia [inclusión parcial]	415
42. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia [inclusión parcial].....	416
43. Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016 [inclusión parcial]	417
44. Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia [inclusión parcial].....	418
45. Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia [inclusión parcial].....	419
46. Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia [inclusión parcial].....	420
47. Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia [inclusión parcial].....	421
48. Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia [inclusión parcial]	422
49. Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia [inclusión parcial].....	423
50. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia [inclusión parcial].....	424
51. Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias [inclusión parcial].....	425
52. Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico [inclusión parcial]	426

53. Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía [inclusión parcial].....	427
54. Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia [inclusión parcial].....	428
55. Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia [inclusión parcial]	429
56. Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade [inclusión parcial].....	430
57. Resolución do 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 polo que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia [inclusión parcial]	431
58. Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial [inclusión parcial]	432
59. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno [inclusión parcial].....	433
60. Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021 [inclusión parcial]	434
61. Resolución do 27 de febreiro de 2017 pola que se dispón a publicación do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia [inclusión parcial]	435
62. Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia [inclusión parcial].....	436
63. Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia [inclusión parcial]	437
64. Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021	440
65. Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia [inclusión parcial].....	442

66. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia [inclusión parcial].....	445
--	-----

CONTROL ORZAMENTARIO

67. Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas [inclusión parcial].....	449
68. Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica [inclusión parcial].....	450
69. Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia [inclusión parcial]	451
70. Decreto 133/2002, do 11 de abril, polo que se regula a concesión de préstamos polo Instituto Galego de Promoción Económica [inclusión parcial].....	454
71. Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira [inclusión parcial]	455
72. Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas [inclusión parcial]	456
73. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno [inclusión parcial].....	457

ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

74. Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional [inclusión parcial].....	458
75. Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo [inclusión parcial].....	459
76. Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial [inclusión parcial].....	460
77. Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas [inclusión parcial].....	461
78. Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia [inclusión parcial].....	462
79. Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estadística de Galicia [inclusión parcial].....	463

80. Lei [estatal] 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial [inclusión parcial].....	464
81. Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia [inclusión parcial].....	465
82. Decreto 279/2008, do 11 de decembro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores [inclusión parcial].....	466
83. Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia [inclusión parcial].....	467
84. Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia [inclusión parcial].....	469
85. Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia [inclusión parcial].....	470

OUTROS PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

86. Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia [inclusión parcial].....	471
87. Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas [inclusión parcial].....	477
88. Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia [inclusión parcial].....	478
89. Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo [inclusión parcial].....	481
90. Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia [inclusión parcial]	482
91. Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia [inclusión parcial].....	483
92. Estatuto do persoal do Parlamento de Galicia	484
93. Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia [inclusión parcial].....	545
94. Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia [inclusión parcial]	546

- 95. Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico [inclusión parcial] 547
- 96. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade [inclusión parcial]..... 548
- 97. Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas [inclusión parcial] 549
- 98. Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia [inclusión parcial]..... 550
- 99. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno [inclusión parcial]..... 551
- 100. Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia [inclusión parcial] 552
- 101. Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia [inclusión parcial]..... 553
- 102. Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia [inclusión parcial] 554

DISPOSICIONS XERAIS

1. ESTATUTO DE AUTONOMÍA PARA GALICIA

O Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) foi aprobado polo pobo galego no referendo do 21 de decembro de 1980 e ratificado polo Congreso dos Deputados e o Senado en febreiro e marzo, respectivamente, de 1981. Publicouse no Boletín Oficial del Estado do 28 de abril de 1981 e no Boletín Oficial da Xunta de Galicia de outubro do mesmo ano.

Don Juan Carlos I, rei de España

A todos os que a presente viran e entenderan,

Sabede: Que as Cortes Xerais aprobaron co carácter de orgánica e eu veño en sancionar a seguinte lei:

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

1. Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ao seu autogoberno, de conformidade coa Constitución española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.
2. A Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego.
3. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do presente Estatuto e do pobo.

Artigo 2

1. O territorio de Galicia é o abranguido polas actuais provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
2. A organización territorial terá en conta a distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento.
3. Unha lei do Parlamento regulará a organización territorial propia de Galicia de acordo co presente Estatuto.

Artigo 3

1. Para efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
2. Como galegos, gozan de dereitos políticos definidos neste Estatuto os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia, e acrediten esta condición no correspondente consulado de España. Gozarán tamén destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitan na forma que determine a lei do Estado.

Artigo 4

1. Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos na Constitución.
2. Correspóndelles aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.
3. Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra.

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Artigo 6

1. A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que atravesa desde o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito.
2. Galicia ten himno e escudo de seu.

Artigo 7

1. As comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade entendida como o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. Unha lei do Parlamento regulará, sen prexuízo das competencias do Estado, o alcance e contido daquel recoñecemento ás ditas comunidades, que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.
2. A Comunidade Autónoma poderá solicitar do Estado español que, para facilitar o disposto anteriormente, concerte os oportunos tratados ou convenios cos estados onde existan tales comunidades.

Artigo 8

Unha lei de Galicia, que requirirá para a súa aprobación o voto favorable dos dous terzos dos membros do seu Parlamento, fixará a sede das institucións autonómicas.

TÍTULO I Do poder galego

Artigo 9

1. Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu presidente.
2. As leis de Galicia ordenarán o funcionamento destas institucións de acordo coa Constitución e co presente Estatuto.

CAPÍTULO I Do Parlamento

Artigo 10

1. Son funcións do Parlamento de Galicia as seguintes:

a) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma. O Parlamento só poderá delegar esta potestade lexislativa na Xunta, nos termos que establecen os artigos 82, 83 e 84 da Constitución para o suposto da delegación lexislativa das Cortes Xerais ao Goberno, todo iso no marco do presente Estatuto.

b) Controlar a acción executiva da Xunta, aprobar os orzamentos e exercer as outras competencias que lle sexan atribuídas pola Constitución, polo presente Estatuto, polas leis do Estado e polas do Parlamento de Galicia.

c) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais os senadores representantes da Comunidade Autónoma galega, de acordo co previsto no artigo 69, apartado 5, da Constitución. Tal designación será feita de forma proporcional á representación das distintas forzas políticas existentes no Parlamento de Galicia.

d) Elixir de entre os seus membros o presidente da Xunta de Galicia.

e) Esixirlles, se é o caso, responsabilidade política á Xunta e ao seu presidente.

f) Solicitar do Goberno a adopción de proxectos de lei e presentar perante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de lei.

g) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade e presentarse perante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

2. O Parlamento de Galicia é inviolable.

Artigo 11

1. O Parlamento estará constituído por deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.

2. O Parlamento será elixido por un prazo de catro anos, de acordo cun sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio galego.

3. Os membros do Parlamento de Galicia serán inviolables polos votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia a non ser en situación de flagrante delito, correspondéndolle decidir, en todo caso, sobre

a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio, a responsabilidade penal será exíxible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

4. A circunscrición electoral será, en todo caso, a provincia.

5. Una lei do Parlamento de Galicia determinará os prazos e regulará o procedemento para a elección dos seus membros, fixando o número deles entre sesenta e oitenta, así como as causas de inelixibilidade e incompatibilidade que afecten aos postos ou cargos que se desempeñen dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

6. O Parlamento, mediante lei, poderá establecer un sistema para que os intereses do conxunto dos galegos residentes no estranxeiro se encontren presentes nas decisións da Comunidade Autónoma.

7. Os deputados non estarán suxeitos a mandato imperativo.

Artigo 12

1. O Parlamento elixirá de entre os seus membros un presidente, a Mesa e unha Deputación Permanente. O Regulamento, que deberá ser aprobado por maioría absoluta, dispoñerá a súa composición, o seu réxime e o seu funcionamento.

2. O Parlamento de Galicia fixará o seu propio orzamento.

3. O Parlamento funcionará en Pleno e en comisións e reunirse en sesións ordinarias e extraordinarias.

4. O Regulamento precisará o número mínimo de deputados para a formación de grupos parlamentarios, a intervención destes no proceso lexislativo e as funcións da Xunta de Portavoces daqueles. Os grupos parlamentarios participarán en todas as comisións en proporción ao número dos seus membros.

Artigo 13

1. A iniciativa lexislativa correspóndelles aos deputados, ao Parlamento e á Xunta. A iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei que teñan de ser tramitadas polo Parlamento de Galicia será regulada por este mediante lei, de acordo co que establece a lei orgánica prevista no artigo 87.3 da Constitución.

2. As leis de Galicia serán promulgadas en nome do rei polo presidente da Xunta, e publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*. Para efectos da súa entrada en vigor, rexerá a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O control da constitucionalidade das leis do Parlamento de Galicia corresponderalle ao Tribunal Constitucional.

Artigo 14

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a creación e organización, mediante lei do seu Parlamento e con respecto á institución do Defensor do Pobo establecida no artigo 54 da Constitución, dun órgano similar que en coordinación con aquela exerza as funcións a que se refire o mencionado artigo e calquera outra que o Parlamento de Galicia poida encomendarlle.

CAPÍTULO II

Da Xunta e do seu presidente

Artigo 15

1. O presidente dirixe e coordina a acción da Xunta e exerce a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.

2. O presidente da Xunta será elixido polo Parlamento galego de entre os seus membros e será nomeado polo rei.

3. O presidente do Parlamento, logo de consulta coas forzas políticas representadas parlamentariamente e oída a Mesa, propoñerá un candidato a presidente da Xunta.

O candidato presentaralle o seu programa ao Parlamento. Para ser elixido, o candidato deberá obter na primeira votación maioría absoluta; en caso de non a obter, procederase, transcorridas vinte e catro horas da anterior, a unha nova votación e, obtendo maioría simple, considérase outorgada a confianza. A non conseguirse esta maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

4. O presidente da Xunta será politicamente responsable perante o Parlamento. Unha lei de Galicia determinará o alcance de tal responsabilidade, así coma o estatuto persoal e atribucións do presidente.

Artigo 16

1. A Xunta é o órgano colexiado de goberno de Galicia.
2. A Xunta de Galicia está composta polo presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, se é o caso, e mais os conselleiros.
3. Os vicepresidentes e conselleiros serán nomeados e destituídos polo presidente.
4. Unha lei de Galicia regulará a organización da Xunta e as atribucións e o estatuto persoal dos seus compoñentes.

Artigo 17

1. A Xunta de Galicia responde politicamente perante o Parlamento de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus compoñentes, pola súa xestión.
2. A Xunta cesa tras a celebración de eleccións ao Parlamento galego; nos casos de perda de confianza parlamentaria, dimisión e falecemento do seu presidente.
3. A Xunta cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta.

Artigo 18

O presidente e máis membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, non poderán ser detidos nin retidos a non ser en situación de flagrante delito, correspondéndolle decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio a responsabilidade penal será exigible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Artigo 19

A Xunta de Galicia poderá interpoñer recursos de inconstitucionalidade e presentarse ante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

CAPÍTULO III

Da Administración de Xustiza en Galicia

Artigo 20

Correspóndelle á Comunidade Autónoma:

1. Exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial lle recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado.
2. Fixar a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais en Galicia, tendo en conta, entre outros criterios, os límites dos tradicionais partidos xudiciais e as características xeográficas e de poboación.

Artigo 21

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que se integrará a actual Audiencia Territorial, é o órgano xurisdiccional en que culminará a organización xudicial no seu ámbito territorial, e perante o cal se esgotarán as sucesivas instancias procesuais, nos termos do artigo 152 da Constitución e de acordo co presente Estatuto.

Artigo 22

1. A competencia dos órganos xurisdiccionais en Galicia esténdese:
 - a) No plano civil, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión nas materias de dereito civil galego.
 - b) No plano penal e social, a todas as instancias e graos con excepción dos recursos de casación e de revisión.
 - c) No plano contencioso-administrativo, a todas as instancias e graos, cando se trate de actos ditados pola Xunta e pola Administración de Galicia, naquelas materias que corresponda legislar en exclusiva á Comunidade Autónoma e as que, segundo a lei da citada xurisdición, lle correspondan en relación cos actos ditados pola Administración do Estado en Galicia.
 - d) Ás cuestións de competencia entre órganos xudiciais de Galicia.
 - e) Aos recursos sobre cualificación de documentos referentes ao dereito privativo galego que deban ter acceso aos rexistros da propiedade.

2. Nas restantes materias poderase interpoñer, cando proceda, perante o Tribunal Supremo, o recurso de casación ou o que corresponda segundo as leis do Estado e, se é o caso, o de revisión. O Tribunal Supremo resolverá tamén os conflitos de competencia e xurisdición perante os tribunais de Galicia e os do resto de España.

Artigo 23

1. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia será nomeado polo rei por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.
2. O nomeamento dos maxistrados, xuíces e secretarios do Tribunal Superior de Xustiza será efectuado na forma prevista nas leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 24

1. A instancia da Comunidade Autónoma, o órgano competente convocará os concursos e oposicións para cubrir as prazas vacantes en Galicia de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais e restante persoal ao servizo da Administración de Xustiza, de acordo co que dispoña a Lei orgánica do poder xudicial.
2. Correspóndelle integramente ao Estado, de conformidade coas leis xerais, a organización e o funcionamento do ministerio fiscal.

Artigo 25

Na resolución dos concursos e oposicións para prover os postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e todos os funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza, será mérito preferente a especialización no dereito galego e o coñecemento do idioma do país.

Artigo 26

1. Os notarios e os rexistradores da propiedade e mercantís serán nomeados pola Comunidade Autónoma, en conformidade coas leis do Estado. Para a provisión de notarías, os candidatos serán admitidos en igualdade de dereitos, tanto se exercen no territorio de Galicia coma no resto de España. Nestes concursos e oposicións será mérito preferente a especialización en dereito galego e o coñecemento do idioma do país. Non se poderá establecer, en ningún dos casos, a excepción de natureza ou de veciñanza.

2. A Comunidade Autónoma participará na fixación das demarcacións correspondentes aos rexistros da propiedade e mercantís para as acomodar ao que se dispoña en aplicación do artigo 20, parágrafo 2, deste Estatuto. Tamén participará na fixación das demarcacións notariais e do número de notarios de acordo co previsto nas leis do Estado.

TÍTULO II

Das competencias de Galicia

CAPÍTULO I

Das competencias en xeral

Artigo 27

No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

1. Organización das súas institucións de autogoberno.
2. Organización e réxime xurídico das comarcas e parroquias rurais como entidades locais propias de Galicia, alteracións de termos municipais comprendidos dentro do seu territorio e, en xeral, as funcións que sobre o réxime local lle correspondan á Comunidade Autónoma ao amparo do artigo 149.1.18º da Constitución e o seu desenvolvemento.
3. Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.
4. Conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil galego.
5. Normas procesuais e procedementos administrativos que deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos.
6. Estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega.
7. Obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado, e a súa execución ou explotación non afecte a outra comunidade autónoma ou provincia.
8. Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables.

9. Os portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado, e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos.
10. Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23º da Constitución.
11. Réxime xurídico dos montes veciñais en man común.
12. Aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22º da Constitución.
13. Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica, cando este transporte non saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte a outra provincia ou comunidade autónoma, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22º e 25º da Constitución.
14. As augas minerais e termais. As augas subterráneas, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22º da Constitución e no número 7 do presente artigo.
15. A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre.
16. As feiras e mercados interiores.
17. A artesanía.
18. Patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28º da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade.
19. O fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución.
20. A promoción e o ensino da lingua galega.
21. A promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.
22. A promoción deportiva e a axeitada utilización do lecer.
23. Asistencia social.
24. A promoción do desenvolvemento comunitario.

25. A creación dunha Policía Autónoma, de acordo co que dispoña a lei orgánica prevista no artigo 149.1.29º da Constitución.
26. O réxime das fundacións de interese galego.
27. Casinos, xogos e apostas, con exclusión das apostas mutuas deportivo-benéficas.
28. Os centros de contratación de mercancías e valores, en conformidade coas normas xerais do dereito mercantil.
29. Confrarías de pescadores, cámaras da propiedade, agrarias, de comercio, industria e navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución.
30. Normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23º.
31. Publicidade, sen prexuízo das normas ditadas polo Estado para sectores e medios específicos.
32. As restantes materias que con este carácter e mediante lei orgánica sexan transferidas polo Estado.

Artigo 28

É competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, das materias seguintes:

1. Réxime xurídico da administración pública de Galicia, e réxime estatutario dos seus funcionarios.
2. Expropiación forzosa, contratos e concesións administrativas no ámbito das competencias propias da Comunidade Autónoma.
3. Réxime mineiro e enerxético.
4. Reserva ao sector público de recursos ou servizos esenciais, especialmente no caso de monopolio e intervención de empresas cando veña exixido polo interese xeral.
5. Ordenación do sector pesqueiro.
6. Portos pesqueiros.
7. Entidades cooperativas.
8. Establecementos farmacéuticos.

Artigo 29

Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

1. Laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que neste ámbito, e a nivel de execución, desenvolve actualmente o Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste.

Quédanlle reservadas ao Estado todas as competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.

2. Propiedade industrial e intelectual.

3. Salvamento marítimo.

4. Vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego.

5. As restantes materias que se atribúen no presente Estatuto expresamente como de competencia de execución, e as que con este carácter e mediante lei orgánica sexan transferidas polo Estado.

Artigo 30

I. De acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11º e 13º da Constitución, a competencia exclusiva das seguintes materias:

1. Fomento e planificación da actividade económica en Galicia.

2. Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. Quédalle reservada á competencia exclusiva do Estado a autorización para transferencia de tecnoloxía estranxeira.

3. Agricultura e gandería.

4. Comercio interior, defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a de-

fensa da competencia. Denominacións de orixe en colaboración co Estado.

5. Institucións de crédito corporativo, público e territorial e caixas de aforro.

6. Sector público económico de Galicia en canto non se encontre contemplado por outras normas deste Estatuto.

7. O desenvolvemento e execución en Galicia de:

a) Os plans establecidos polo Estado para a reestruturación de sectores económicos.

b) Programas xenéricos para Galicia, estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas.

c) Programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise.

II. A Comunidade Autónoma galega participará, tamén, na xestión do sector público económico estatal, nos casos e actividades que procedan.

Artigo 31

É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 daquela, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

Artigo 32

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Con tal finalidade, e mediante lei do Parlamento, constituirase un fondo cultural galego e o Consello da Cultura Galega.

Artigo 33

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.
2. En materia de Seguridade Social corresponderalle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, non sendo as normas que configuran o réxime económico dela. Correspóndelle tamén á Comunidade Autónoma a xestión do réxime económico da Seguridade Social en Galicia, sen prexuízo da caixa única.
3. Corresponderalle tamén á Comunidade Autónoma a execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos.
4. A Comunidade Autónoma poderá organizar e administrar a tales fins e dentro do seu territorio todos os servizos relacionados coas materias antes expresadas, e exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de sanidade e Seguridade Social, reservando para si o Estado a alta inspección conducente ao cumprimento das funcións e competencias contidas neste artigo.

Artigo 34

1. No marco das normas básicas do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de radiodifusión e televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o estatuto xurídico da radio e da televisión.
2. Correspóndelle igualmente, no marco das normas básicas do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de prensa, e, en xeral, de todos os medios de comunicación social.
3. Nos termos establecidos nos apartados anteriores deste artigo, a Comunidade Autónoma poderá regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 35

1. A Comunidade Autónoma poderá asinar convenios con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos propios da exclusiva competencia delas. O asinamento dos citados

convenios, antes da súa entrada en vigor, deberalle ser comunicado ás Cortes Xerais. Se as Cortes Xerais, ou algunha das cámaras, manifestasen reparos no prazo de trinta días, a partir da recepción da comunicación, o convenio deberá seguir o trámite previsto no parágrafo seguinte. Se transcorre ese prazo sen que se manifesten reparos ao convenio, este entrará en vigor.

2. A Comunidade Autónoma poderá establecer tamén acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.

3. A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Goberno que asine e lle presente, se é o caso, ás Cortes Xerais para a súa autorización os tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos estados cos que manteña particulares vínculos culturais ou lingüísticos.

Artigo 36

1. A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Estado a transferencia ou delegación de competencias non asumidas neste Estatuto.

2. Correspóndelle ao Parlamento de Galicia a competencia para formular as anteriores solicitudes, e para determinar o organismo da Comunidade Autónoma galega a favor do cal se deberá atribuír en cada caso a competencia transferida ou delegada.

CAPÍTULO II **Do réxime xurídico**

Artigo 37

1. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia enténdense referidas ao seu territorio.

2. Nas materias da súa competencia exclusiva correspóndelle ao Parlamento a potestade lexislativa nos termos previstos no Estatuto e nas leis do Estado ás que aquel se refire, correspondéndolle á Xunta a potestade regulamentaria e a función executiva.

3. As competencias de execución na Comunidade Autónoma levan implícitas a correspondente potestade regulamentaria, a administración e a inspección. Nos supostos previstos nos artigos 28 e 29 deste Estatuto, ou noutros preceptos del, con análogo carácter, o

exercicio desas potestades pola Comunidade Autónoma realízase en conformidade coas normas regulamentarias de carácter xeral que, como desenvolvemento da súa lexislación, dite o Estado.

Artigo 38

1. En materias de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, o dereito propio de Galicia é aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro, nos termos previstos neste Estatuto.
2. A falta de dereito propio de Galicia, será aplicable supletoriamente o dereito do Estado.
3. Na determinación das fontes do dereito civil o Estado respectará as normas do dereito civil galego.

TÍTULO III

Da administración pública galega

Artigo 39

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a creación e estruturação da súa propia administración pública, dentro dos principios xerais e normas básicas do Estado.

Artigo 40

Nos termos previstos no artigo 27.1.2 deste Estatuto, por lei de Galicia poderase:

1. Recoñecer a comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación de seu. A comarca non supoñerá, necesariamente, a supresión dos municipios que a integren.
2. Crear, tamén, agrupacións baseadas en feitos urbanísticos e outros de carácter funcional con fins específicos.
3. Recoñecerlle personalidade xurídica á parroquia rural.

Artigo 41

A Comunidade Autónoma exercerá as súas funcións administrativas por órganos e entes dependentes da Xunta de Galicia. Tamén poderá delegalas nas provincias, municipios e demais entidades locais recoñecidas neste Estatuto.

TÍTULO IV

Da economía e facenda

Artigo 42

A Comunidade Autónoma galega contará para o desempeño das súas competencias con facenda e patrimonio propios.

Artigo 43

1. O patrimonio da Comunidade Autónoma estará integrado por:
 - 1) O patrimonio da Comunidade no momento de aprobarse o Estatuto.
 - 2) Os bens afectos a servizos traspasados á Comunidade Autónoma.
 - 3) Os bens adquiridos pola Comunidade Autónoma por calquera título xurídico válido.
2. O patrimonio da Comunidade Autónoma, a súa administración, a súa defensa e conservación serán regulados por unha lei de Galicia.

Artigo 44

A facenda da Comunidade Autónoma constitúese con:

1. Os rendementos dos impostos que estableza a Comunidade Autónoma.
2. Os rendementos dos impostos cedidos polo Estado a que se refire a disposición adicional primeira e de todos aqueles de cesión aprobada polas Cortes Xerais.
3. Unha porcentaxe de participación no que se recade no total do Estado por impostos directos e indirectos, incluídos os monopolios fiscais.
4. O rendimento das súas propias taxas por aproveitamentos especiais e pola prestación de servizos directos da Comunidade Autónoma, de propia creación ou como consecuencia de traspasos de servizos estatais.
5. As contribucións especiais que estableza a Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias.
6. Os recargos sobre impostos estatais.

7. Se é o caso, os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial.
8. Outras asignacións con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
9. A emisión de débeda e o recurso ao crédito.
10. Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma.
11. Ingresos de dereito privado; legados e doazóns; subvencións.
12. Multas e sancións no ámbito das súas competencias.

Artigo 45

A Comunidade Autónoma galega ou os entes locais afectados participarán nos ingresos correspondentes aos tributos que o Estado poida establecer para recuperar os custos sociais producidos por actividades contaminantes ou xeradoras de riscos de especial gravidade para o medio físico e humano de Galicia, na forma que estableza a lei creadora do gravame.

Artigo 46

1. Cando se complete o traspaso de servizos, ou ao cumprirse o sexto ano de vixencia deste Estatuto, en caso de o solicitar a Comunidade Autónoma, a participación anual nos ingresos do Estado citada no número 3 do artigo 44 e definida na disposición transitoria quinta negociarase sobre as bases seguintes:

- a) A media dos coeficientes de poboación e esforzo fiscal de Galicia, este último medido polo que se recade no seu territorio do imposto sobre a renda das persoas físicas; isto é, o cociente entre o que se recade efectivamente e o potencialmente atinxi-ble, tendo en conta o nivel e distribución persoal da renda.
- b) A cantidade equivalente á achega proporcional que lle corresponde a Galicia polos servizos e cargas xerais que o Estado continúe asumindo como propios.
- c) A relación inversa entre a renda real media dos residentes na comunidade autónoma e a media estatal.
- d) Relación entre os índices de déficit en servizos sociais e infraestruturas que afecten o territorio da Comunidade e o con-xunto do Estado.

e) Relación entre os custos por habitante dos servizos sociais e administrativos transferidos para o territorio da Comunidade e para o conxunto do Estado.

f) Outros criterios que se xulguen procedentes.

2. A fixación da nova porcentaxe de participación será obxecto de negociación inicial e será revisable por solicitude do Goberno ou da Comunidade Autónoma cada cinco anos.

Artigo 47

1. A Comunidade Autónoma, mediante acordo do Parlamento, poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimento.

2. O volume e característica das emisións estableceranse de acordo coa ordenación xeral da política crediticia e en coordinación co Estado.

3. Os títulos emitidos terán a consideración de fondos públicos para todos os efectos.

Artigo 48

No suposto de que o Estado emita débeda parcialmente destinada á creación ou mellora de servizos situados en Galicia e transferidos á Comunidade Autónoma galega, esta estará facultada para elaborar e presentar o programa de obras e servizos beneficiarios da emisión.

Artigo 49

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a tutela financeira sobre os entes locais, respectando a autonomía que a estes lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución e de acordo co artigo 27.2 deste Estatuto.

2. É competencia dos entes locais de Galicia a xestión, cobranza, liquidación e inspección dos tributos propios que lles atribúan as leis, sen prexuízo da delegación que poidan outorgar para estas facultades a favor da Comunidade Autónoma galega. Mediante lei do Estado establecerase o sistema de colaboración dos entes locais, da Comunidade Autónoma galega e do Estado para a xestión, liquidación, cobranza e inspección daqueles tributos que se determinen.

Os ingresos dos entes locais de Galicia, consistentes en participación en ingresos estatais e en subvencións incondicionadas, percibiranse a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que se establezan para as referidas participacións.

Artigo 50

A Comunidade Autónoma galega gozará do tratamento fiscal que a lei estableza para o Estado.

Artigo 51

Regularanse necesariamente mediante lei do Parlamento galego as seguintes materias:

- a) O establecemento, a modificación e supresión dos seus propios impostos, taxas e contribucións especiais, e das exencións ou bonificacións que os afecten.
- b) O establecemento e a modificación e supresión dos recargos sobre os impostos do Estado.
- c) A emisión de débeda pública e demais operacións de crédito concertadas pola Comunidade Autónoma galega.

Artigo 52

Correspóndelle á Xunta de Galicia:

- a) Aprobar os regulamentos xerais dos seus propios tributos.
- b) Elaborar as normas regulamentarias precisas para xestionar os impostos estatais cedidos de acordo cos termos desta cesión.

Artigo 53

1. Correspóndelle á Xunta ou Goberno a elaboración e aplicación do orzamento da Comunidade Autónoma galega, e ao Parlamento o seu exame, emenda, aprobación e control. O orzamento será único e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 136 e no apartado d) do artigo 153 da Constitución, créase o Consello de Contas de Galicia. Unha lei de Galicia regulará a súa organización e funcionamento e

establecerá as garantías, normas e procedementos para asegurar a rendición das contas da Comunidade Autónoma que deberá someterse á aprobación do Parlamento.

Artigo 54

1. A xestión, cobranza, liquidación e inspección dos seus propios tributos corresponderalle á Comunidade Autónoma galega, que dispoñerá de plenas atribucións para a execución e organización desas tarefas, sen prexuízo da colaboración que poida ser establecida, en especial cando coa Administración do Estado así veña exixida pola natureza do tributo.

2. No caso dos impostos dos que se cedesen os rendementos, a Xunta asumirá por delegación do Estado a xestión, recadación, liquidación e inspección deles, sen prexuízo da colaboración que poida establecerse entrambas as administracións, todo iso de acordo co especificado na lei que fixe o alcance e condicións da cesión.

3. A xestión, recadación, liquidación e inspección dos demais impostos do Estado recadados en Galicia corresponderanlle á Administración tributaria do Estado, sen prexuízo da delegación que a Comunidade Autónoma poida recibir desta e da colaboración que poida establecer, especialmente cando así o exixa a natureza do tributo.

Artigo 55

1. A Comunidade Autónoma, de acordo co que establezan as leis do Estado, designará os seus propios representantes nos organismos económicos, as institucións financeiras e as empresas públicas do Estado que teñan competencia dentro do territorio galego e que pola súa natureza non sexan obxecto de traspaso.

2. A Comunidade Autónoma poderá constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que sexan da súa competencia, segundo o establecido no presente Estatuto.

3. A Comunidade Autónoma, como poder público, poderá facer uso das facultades previstas no apartado 1 do artigo 130 da Constitución, e poderá fomentar, mediante unha lexislación axeitada, as sociedades cooperativas nos termos resultantes do número 17 do artigo 28 do presente Estatuto.

Igualmente, de acordo coa lexislación do Estado na materia, poderá facer uso das demais facultades previstas no apartado 2 do artigo 129 da Constitución.

4. A Comunidade Autónoma galega queda facultada para constituír institucións que fomenten a plena ocupación e desenvolvemento económico e social no marco das súas competencias.

TÍTULO V

Da reforma

Artigo 56

1. A reforma do Estatuto farase conforme o seguinte procedemento:

a) A iniciativa da reforma corresponderalles á Xunta, ao Parlamento galego, por proposta dunha quinta parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.

b) A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación do Parlamento galego por maioría de dous terzos, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores.

2. Se a proposta de reforma non é aprobada polo Parlamento galego ou polas Cortes Xerais, ou non é confirmada mediante referendo polo corpo electoral, non poderá ser sometida novamente a debate e votación do Parlamento mentres non transcorra un ano.

3. A aprobación da reforma polas Cortes Xerais, mediante lei orgánica, incluírá a autorización do Estado para que a Comunidade Autónoma galega convoque o referendo a que se refire o parágrafo b) do apartado 1 deste artigo.

Artigo 57

A pesar do disposto no artigo anterior, cando a reforma teña por obxecto a simple alteración da organización dos poderes da Comunidade Autónoma e non afecte as relacións da Comunidade Autónoma co Estado, poderase proceder da seguinte maneira:

a) Elaboración do proxecto de reforma polo Parlamento de Galicia.

b) Consulta ás Cortes Xerais.

c) Se no prazo de trinta días, posteriores á recepción da consulta prevista no apartado precedente, as Cortes Xerais non se declarasen afectadas pola reforma, convocarase, debidamente autorizado, un referendo sobre o texto proposto.

d) Requirirase finalmente a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica.

e) Se no prazo sinalado na letra c) as Cortes se declarasen afectadas pola reforma, esta terá que seguir o procedemento previsto no artigo anterior, dándose por cumpridos os trámites do apartado a) do número 1 do mencionado artigo.

Disposición adicional primeira

1. Cédeselle á Comunidade Autónoma de Galicia o rendemento dos seguintes tributos:

a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial, na porcentaxe do 50 por cento.

b) Imposto sobre o patrimonio.

c) Imposto sobre sucesións e doazóns.

d) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

e) Os tributos sobre o xogo.

f) O imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial, na porcentaxe do 50 por cento.

g) O imposto especial sobre a cervexa, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

h) O imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

i) O imposto especial sobre produtos intermedios, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

j) O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

k) O imposto especial sobre hidrocarburos, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

l) O imposto especial sobre os elaborados do tabaco, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

m) O imposto especial sobre a electricidade.

n) O imposto especial sobre determinados medios de transporte.

ñ) O imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos. A eventual supresión ou modificación polo Estado dalgún dos tributos antes sinalados implicará a extinción ou modificación da cesión.

2. O contido desta disposición poderase modificar mediante acordo do Goberno coa Comunidade Autónoma, que será tramitado polo Goberno como proxecto de lei. Para estes efectos, a modificación da presente disposición non se considerará modificación do Estatuto.

3. O alcance e condicións da cesión serán establecidos pola Comisión Mixta a que se refire o apartado 1 da disposición transitoria quinta, que, en todo caso, terá que os referir a rendementos en Galicia. O Goberno tramitará o acordo da Comisión como proxecto de lei ou, de concorreren razóns de urxencia, como decreto lei, no prazo de seis meses despois da constitución da primeira Xunta de Galicia.

Disposición adicional segunda

O exercicio das competencias financeiras recoñecidas por este Estatuto á Comunidade Autónoma de Galicia axustarase ao que estableza a lei orgánica a que se refire o apartado 3 do artigo 157 da Constitución.

Disposición adicional terceira

1. A Xunta coordinará a actividade das deputacións provinciais de Galicia en canto afecte directamente ao interese xeral da Comunidade Autónoma, e para estes efectos uniranse os orzamentos que aquelas elaboren e aproben ao da Xunta de Galicia.

2. A Xunta poderalles encomendar a execución dos seus acordos ás deputacións provinciais. Estas exercerán as funcións que a Xunta lles transfira ou delegue.

Disposición adicional cuarta

A celebración de eleccións aterase ás leis que, se é o caso, aproben as Cortes Xerais co fin exclusivo de coordinar o calendario das diversas consultas electorais.

Disposición transitoria primeira

O primeiro Parlamento galego será elixido de acordo coas normas seguintes:

1. Logo de acordo co Goberno, a Xunta Preautonómica de Galicia convocará as eleccións nun termo máximo de cento vinte días desde a promulgación do presente Estatuto. As eleccións deberán celebrarse nun termo máximo de sesenta días contados desde a data da convocatoria.
2. A circunscripción electoral será a provincia, elixíndose un total de 71 membros, dos que corresponderán á provincia da Coruña 22, á de Lugo 15, á de Ourense 15 e á de Pontevedra 19.
3. Os membros do Parlamento galego serán elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto, dos maiores de dezaioito anos, segundo un sistema de representación proporcional.
4. As xuntas provinciais electorais terán, dentro dos límites da súa respectiva xurisdición, a totalidade das competencias que a normativa electoral vixente lle atribúe á Xunta Central.

Para os recursos que teñan por obxecto a impugnación da validez da elección e proclamación dos membros electos será competente a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña, mentres non queda integrada no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que tamén entenderá dos recursos ou impugnacións que procedan contra os acordos das xuntas electorais provinciais.

Contra as resolucións da citada sala da Audiencia Territorial non caberá recurso ningún.

5. En todo o non previsto na presente disposición serán aplicables as normas vixentes para as eleccións lexislativas ao Congreso dos Deputados das Cortes Xerais.

Disposición transitoria segunda

1. Na súa primeira reunión o Parlamento galego:

a) Constituirase, presidido por unha mesa de idade, integrada por un presidente e dous secretarios, e procederá a elixir a mesa provisional, que estará composta por un presidente, dous vicepresidentes, un secretario e un vicesecretario.

b) Elixirá as súas autoridades conforme este Estatuto.

2. Elixidos os órganos da Comunidade Autónoma galega, disolveranse as institucións preautonómicas.

Disposición transitoria terceira

Mentres as Cortes Xerais non elaboren as leis ás que se refire este Estatuto, e o Parlamento de Galicia lexisle sobre as materias da súa competencia, continuarán en vigor as actuais leis e disposicións do Estado que se refiren a estas materias, sen prexuízo de que o seu desenvolvemento lexislativo, se é o caso, e a súa execución os leve a cabo a Comunidade Autónoma galega nos supostos así previstos neste Estatuto.

Disposición transitoria cuarta

1. Coa finalidade de transferirlle a Galicia as funcións e atribucións que lle corresponden de acordo co presente Estatuto, crearase, no termo máximo dun mes a partir da constitución da Xunta de Galicia, unha Comisión Mixta paritaria integrada por representantes do Estado e da Comunidade Autónoma galega. Esta Comisión Mixta establecerá as súas normas de funcionamento. Os membros da Comisión Mixta representantes de Galicia darán conta periodicamente da súa xestión perante o Parlamento de Galicia.

A Comisión Mixta establecerá os calendarios e prazos para o traspaso de cada servizo. De calquera maneira, a referida comisión deberá determinar nun prazo de dous anos desde a data da súa constitución o termo en que haberá de completarse o traspaso de todos os servizos que lle corresponden á Comunidade Autónoma galega, de acordo con este Estatuto.

2. Os acordos da Comisión Mixta adoptarán a forma de propostas ao Goberno, que as aprobará mediante decreto, figurando aqueles como anexos a este, e serán publicados simultaneamente no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, adquirindo vixencia a partir desta publicación.

3. Será título abondo para a inscrición no rexistro da propiedade do traspaso de bens inmobles do Estado á Comunidade Autónoma a certificación pola Comisión Mixta dos acordos gobernamentais debidamente promulgados. Esta certificación deberá conter os requisitos exixidos pola Lei hipotecaria.

O cambio de titularidade nos contratos de arrendamento de locais para oficinas públicas dos servizos que se transfiran non lle dará dereito ao arrendador a extinguir ou renovar o contrato.

4. Os funcionarios adscritos a servizos de titularidade estatal ou a outras institucións públicas que resulten afectadas polos traspasos á Comunidade Autónoma pasarán a depender desta, séndolles respectados todos os dereitos de calquera orde ou natureza que lles correspondan no momento do traspaso, mesmo o de participaren nos concursos de traslado que convoque o Estado en igualdade de condicións ca os restantes membros do seu corpo, podendo exercer desta maneira o seu dereito permanente de opción.

Mentres a Comunidade Autónoma de Galicia non aprobe o réxime estatutario dos seus funcionarios, serán aplicables as disposicións do Estado vixentes sobre a materia.

5. A Comisión Mixta, creada polo Real decreto 474/78, do 16 de marzo, considerarase disolta cando se constitúa a Comisión Mixta a que se refire o apartado 1 da presente disposición transitoria.

Disposición transitoria quinta

1. En canto non se complete o traspaso dos servizos correspondentes ás competencias fixadas á Comunidade Autónoma neste Estatuto, o Estado garantirá o financiamento dos servizos transferidos á Comunidade cunha cantidade igual ao custo efectivo do servizo en Galicia no momento da transferencia.

2. Para garantir o financiamento dos servizos antes referidos, a Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta adoptará un método encamiñado a fixar o tanto por cento de participación previsto no apartado 3 do artigo 45. O método que se siga terá en conta tanto os custos directos coma os custos indirectos dos servizos, así coma os gastos de investimento que correspondan.

3. Ao fixar as transferencias para os investimentos terase en conta, na forma progresiva que se acorde, a conveniencia de equiparar

os niveis de servizos en todo o territorio do Estado, establecéndose, se é o caso, as transferencias necesarias para o funcionamento dos servizos.

O financiamento a que se refire este apartado terá en conta as achegas que se realicen a Galicia partindo do Fondo de Compensación a que se refire o artigo 158 da Constitución, así coma a acción investidora do Estado en Galicia que non sexa aplicación dese fondo.

4. A Comisión Mixta a que se refire o apartado 2 fixará o citado tanto por cento, mentres dure o período transitorio, cunha antelación mínima dun mes á presentación dos orzamentos xerais do Estado nas Cortes.

5. A partir do método fixado no apartado 2, establecerase un tanto por cento no que se considerará o custo efectivo global dos servizos transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma, minorado polo total da cobranza obtida por esta polos tributos cedidos, en relación coa suma dos ingresos obtidos polo Estado nos capítulos I e II do último orzamento anterior á transferencia dos servizos.

Disposición transitoria sexta

No relativo á televisión, a aplicación do apartado 3 do artigo 34 do presente Estatuto supón que

o Estado lle outorgará en réxime de concesión á Comunidade Autónoma de Galicia a utilización dunha terceira canle, de titularidade estatal, que debe crearse especificamente para emitir no territorio de Galicia, nos termos que prevexa a citada concesión.

Mentres non se poña en funcionamento efectivo esta nova canle de televisión, Radio-Televisión Española (RTVE) articulará a través da súa organización en Galicia un réxime transitorio de programación específica para o territorio de Galicia, que Televisión Española emitirá pola segunda cadea (UHF).

O custo da programación específica de televisión a que se refire o parágrafo anterior entenderase como base para a determinación da subvención que poida concedérselle á Comunidade Autónoma de Galicia durante os primeiros anos de funcionamento da nova canle á que se refire esta disposición.

Disposición transitoria sétima

As transferencias que se realicen en materia de ensino para pasarlle á competencia da Comunidade Autónoma os servizos e centros do Estado en Galicia realizaranse de acordo cos calendarios e programas que defina a Comisión Mixta.

Xa que logo,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que garden e fagan gardar a presente lei orgánica.

Palacio Real, de Madrid, a seis de abril de mil novecientos oitenta e un.

Juan Carlos R.

Leopoldo Calvo-Sotelo y Bustelo

Presidente do Goberno

2. REGULAMENTO DO PARLAMENTO DE GALICIA

TÍTULO PRELIMINAR

Dos idiomas oficiais do Parlamento de Galicia

Artigo 1

1. O galego e o castelán serán as linguas oficiais do Parlamento de Galicia.
2. Os deputados poderán facer uso, indistintamente, de ambos os idiomas.
3. As publicacións oficiais do Parlamento de Galicia serán bilingües.

TÍTULO I

Da sesión constitutiva do Parlamento de Galicia

Artigo 2

1. Celebradas as eleccións ao Parlamento galego e proclamados os resultados en todas as circunscricións electorais, a Xunta de Galicia publicará o decreto da sesión constitutiva, conforme o que dispoña unha lei do Parlamento.
2. A sesión constitutiva terá lugar na data que, dentro do prazo dun mes, a partir do día de celebración das eleccións, determine o decreto de convocatoria.

Artigo 3

A sesión constitutiva será presidida inicialmente polo deputado electo de maior idade dos presentes, asistido, en calidade de secretarios, polos dous deputados máis novos.

Artigo 4

1. O presidente declarará aberta a sesión e un dos secretarios dará lectura ao decreto de convocatoria, á relación de deputados electos e aos recursos contencioso-electorais interpostos, con indicación dos deputados electos que puidesen quedar afectados pola resolución deles.

2. O Pleno procederá seguidamente á elección da Mesa do Parlamento de Galicia, de acordo co procedemento previsto no artigo 36 deste Regulamento.

Artigo 5

1. Concluídas as votacións, os elixidos ocuparán os seus postos. O presidente electo prestará e solicitará dos demais deputados o xuramento ou a promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia, para o cal serán chamados por orde alfabética. Rematado o chamamento, o presidente declarará constituído o Parlamento, e a seguir levantará a sesión.

2. A constitución do Parlamento será comunicada polo seu presidente a el-rei, ao Senado, ao presidente do Goberno e ao presidente en funcións da Xunta de Galicia.

Artigo 6

Dentro do prazo dos quince días seguintes á celebración da sesión constitutiva, terá lugar a solemne sesión de apertura da lexislatura.

TÍTULO II

Do estatuto dos deputados

Disposición xeral

Artigo 7

1. O deputado proclamado electo adquirirá a condición plena de deputado polo cumprimento conxunto dos seguintes requisitos:

1º. Presentar na Oficialía Maior a credencial expedida polo correspondente órgano da Administración electoral.

2º. Cubrir a súa declaración para efectos do exame de incompatibilidades, reflectindo os datos relativos a profesión e cargos públicos que desempeñe.

3º. Prestar na primeira sesión do Pleno á que asista a promesa ou o xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

2. Os dereitos e as prerrogativas serán efectivos desde o momento mesmo no que o deputado sexa proclamado electo. Con todo, celebradas tres sesións plenarias sen que o deputado adquira a con-

dición plena de tal, non terá dereitos regulamentarios ata que esta adquisición se produza.

CAPÍTULO I

Dos dereitos dos deputados

Artigo 8

1. Os deputados terán o dereito de asistir con voz e voto ás sesións do Pleno do Parlamento e ás das comisións das que formen parte. Poderán asistir igualmente, nas condicións establecidas neste Regulamento, ás sesións das comisións das que non formen parte.

2. Os deputados terán dereito a formar parte, polo menos, dunha Comisión e a exercer as facultades e desempeñar as funcións que este Regulamento lles atribúe.

Artigo 9

1. Para o mellor cumprimento das súas funcións parlamentarias, os deputados, logo de coñecemento do respectivo grupo parlamentario, terán a facultade de solicitar das administracións públicas os datos, informes ou documentos que consten en poder destas.

2. A solicitude dirixirase, en todo caso, por conduto da Presidencia do Parlamento, e a Administración autonómica deberá facilitar a documentación solicitada ou manifestar á Presidencia do Parlamento, en prazo non superior a trinta días e para o seu máis conveniente traslado á persoa solicitante, as razóns fundadas en dereito que o impidan, ou comunicar a súa disposición para lle permitir o acceso directo á documentación solicitada.

2 bis. No caso de que a Administración autonómica non facilite a información requirida e de que non medie comunicación que xustifique a negativa no prazo sinalado na alínea anterior, transcorridos trinta días as solicitudes de información poderán ser reconvertidas, sempre por petición do autor ou da autora delas, en pregunta en comisión, onde recibirán o tratamento das preguntas orais.

3. Os deputados teñen dereito tamén a recibir directamente ou a través do seu grupo parlamentario a información e documentación

necesaria para o desenvolvemento das súas tarefas. Os servizos xerais da Cámara teñen a obriga de facilitárllela.

Artigo 10

1. Os deputados percibirán unha asignación económica que lles permita cumprir eficaz e dignamente a súa función.
2. Terán igualmente dereito ás indemnizacións e axudas de custo por gastos que sexan indispensables para o cumprimento da súa función.
- 2 *bis*. A totalidade das percepcións dos deputados e das deputadas estarán suxeitas ás normas de carácter xeral. Igualmente, a información tributaria facilitada será sometida ás normas de transparencia que resulten aplicables.
3. A Mesa do Parlamento de Galicia fixará cada ano a contía das percepcións dos deputados e as súas modalidades dentro das correspondentes consignacións orzamentarias.

Artigo 11

1. Correrá a cargo do orzamento do Parlamento o aboamento das cotizacións á Seguridade Social e ás mutualidades daqueles deputados que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, deixen de prestar o servizo que motivaba a súa afiliación ou pertenza a aquelas.
2. O Parlamento de Galicia poderá realizar coas entidades xestoras da Seguridade Social os concertos precisos para cumprir o disposto no apartado anterior e para afiliar, no réxime que proceda, os deputados que así o desexen e que con anterioridade non estivesen dados de alta na Seguridade Social.
3. O establecido no apartado 1 estenderase, no caso dos funcionarios públicos que pola súa dedicación parlamentaria estean en situación de excedencia, ás cotas das clases pasivas.

CAPÍTULO II

Dos deberes dos deputados

Artigo 12

1. Os deputados e as deputadas terán o deber de asistir ás sesións do Pleno do Parlamento e das comisións de que formen parte.
2. Publicaranse no Portal de transparencia, ao final de cada período de sesións, as asistencias dos deputados e das deputadas ás diferentes sesións parlamentarias e o sentido do seu voto.

Artigo 13

Os deputados están obrigados a axear a súa conduta ao Regulamento e a respectar a orde, a cortesía e a disciplina parlamentarias, así como a non divulgar as actuacións que, segundo o disposto naquel, poidan ter excepcionalmente o carácter de secretas.

Artigo 14

Os deputados non poderán invocar ou facer uso da súa condición de parlamentarios para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.

Artigo 15

1. As deputadas e os deputados estarán obrigados a efectuar declaración dos seus bens e dereitos e daquelas actividades que poidan constituír causa de incompatibilidade, de acordo co establecido na lexislación vixente, así como de calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.
2. As declaracións deberán formularse inicialmente como requisito para a adquisición da condición plena de deputada ou deputado e no prazo dos trinta días naturais seguintes á perda da dita condición. Así mesmo, deberán actualizarse sempre que existan circunstancias que as modifiquen. Para estes efectos, a Mesa aprobará os modelos a que necesariamente deberán axustarse as declaracións.
3. A declaración de bens e dereitos conterá, entre outros, os seguintes datos:
 - a) As rendas percibidas de calquera clase.

b) Os bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa declarante e os títulos representativos do capital en calquera entidade xurídica.

c) Os créditos, os préstamos e as débedas que integran o seu pasivo.

d) A cota líquida pagada polo imposto da renda das persoas físicas.

4. Na declaración de bens e dereitos deberá constar a súa valoración, segundo os seguintes criterios:

a) Os bens inmoables, polo valor catastral.

b) Os vehículos, as embarcacións e as aeronaves valoraranse segundo os prezos medios de venda aprobados polo Ministerio de Facenda.

c) Os restantes bens e dereitos valoraranse aplicando os criterios de valoración do imposto sobre o patrimonio. No suposto de bens e dereitos indivisos indicárase o valor que corresponda segundo a porcentaxe de participación da persoa declarante no ben ou dereito correspondente.

5. As declaracións sobre actividades e bens inscribíranse no Rexistro de Intereses constituído na Cámara baixo a dependencia directa da Presidencia. O seu contido será público, a través do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e do Portal de transparencia da Cámara, agás aqueles datos referentes á localización dos bens inmoables e mais aqueloutros que a Mesa acorde omitir para salvagardar a privacidade e a seguridade dos seus titulares.

Tamén se inscribirán neste rexistro as resolucións do Pleno en materia de incompatibilidades e cantos outros datos sobre actividades dos deputados e deputadas sexan remitidos pola Comisión do Estatuto dos Deputados e non consten previamente nel.

Artigo 16

1. Os deputados deberán observar en todo momento as normas sobre incompatibilidades establecidas na Constitución, no Estatuto e nas leis.

2. A Comisión do Estatuto dos Deputados elevaralle ao Pleno as súas propostas sobre a situación de incompatibilidade de cada deputado no prazo dos vinte días seguintes, contados a partir da

plena asunción por o da condición de deputado ou da comunicación, que obrigatoriamente deberá realizar, de calquera alteración na declaración formulada para efectos de incompatibilidades. Para estes fins, remitiráselle desde o Rexistro de Intereses á Comisión do Estatuto dos Deputados a copia das declaracións de actividades e as súas modificacións.

3. Declarada e notificada a incompatibilidade, o deputado incurso nela terá oito días para optar entre o escano e o cargo incompatible. Se non exercer a opción no prazo sinalado, entenderase que renuncia ao seu escano.

4. Todo membro do Parlamento que se ocupe directamente, no marco da súa profesión ou no dunha actividade remunerada, dunha cuestión que é obxecto de debate no Pleno dunha Comisión manifestarao con anterioridade.

CAPÍTULO III

Das prerrogativas parlamentarias

Artigo 17

Os deputados gozarán de inviolabilidade, aínda despois de cesaren no seu mandato, polos votos emitidos e polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións.

Artigo 18

Os deputados, durante o seu mandato, non poderán ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, senón en caso de flagrante delito, correspondéndolle decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio, a responsabilidade penal será esixible, nos mesmos termos, ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Artigo 19

O presidente do Parlamento, unha vez coñecida a detención ou retención dun deputado, ou calquera outra actuación xudicial ou gobernativa que obstaculizar o exercicio da súa función parlamentaria, adoptará, de inmediato, cantas medidas coide convenientes,

co fin de salvagardar os dereitos e as prerrogativas da Cámara e mais dos seus membros.

CAPÍTULO IV

Da suspensión e perda da condición de deputado

Artigo 20

O deputado quedará suspendido nos seus dereitos e deberes parlamentarios:

- 1º. Nos casos nos que, conforme este Regulamento, así proceda.
- 2º. Cando unha sentenza firme condenatoria así o impoña ou cando o seu cumprimento implique a imposibilidade de exercer a función parlamentaria.

Artigo 21

O deputado perderá a súa condición de tal polas seguintes causas:

- 1ª. Por decisión xudicial firme que anule a elección ou proclamación do deputado.
- 2ª. Por falecemento ou incapacitación do deputado, declarada esta por decisión xudicial firme.
- 3ª. Por extinción do mandato ao transcorrer o seu prazo ou disolverse a Cámara, sen prexuízo da prórroga nas súas funcións dos membros, titulares e suplentes, da Deputación Permanente, ata a constitución da nova Cámara.
- 4ª. Por renuncia expresa do deputado, perante a Mesa do Parlamento ou, en caso de imposibilidade física, perante notario, que lle remitirá o correspondente testemuño á Mesa.

TÍTULO III

Dos grupos parlamentarios

Artigo 22

1. Os grupos parlamentarios deberán constar, polo menos, de cinco deputados. Cada deputado non poderá formar parte máis ca dun só grupo parlamentario.

2. Non poden constituír grupo parlamentario separado deputados que pertencen a un mesmo partido ou coalición electoral, agás a excepción prevista no apartado 3 do artigo 26 deste Regulamento.

Artigo 23

1. A constitución inicial de grupos parlamentarios farase dentro dos cinco días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento mediante escrito dirixido á Mesa da Cámara.

2. No devandito escrito, que irá asinado por todos os que desexen constituír o grupo, deberá constar a denominación deste e os nomes de todos os membros, do seu portavoz e dos deputados que eventualmente poidan substituílo.

3. Os deputados que non sexan membros de ningún dos grupos parlamentarios constituídos poderán asociarse a algún deles, mediante solicitude que, aceptada polo portavoz do grupo ao que se pretende asociar, se dirixa á Mesa da Cámara dentro do prazo sinalado no apartado 1 precedente.

4. Os asociados computaranse para a determinación dos mínimos que se establecen no artigo precedente, así como para fixar o número de deputados de cada grupo nas distintas comisións.

Artigo 24

Os deputados que, conforme o establecido nos artigos precedentes, non quedasen integrados nun grupo parlamentario nos prazos sinalados quedarán necesariamente incorporados ao Grupo Mixto polo vixente período de sesións.

Artigo 25

Os deputados que adquiren a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva do Parlamento de Galicia deberán incorporarse a un grupo parlamentario dentro dos cinco días seguintes a esta adquisición. Para que se poida producir a incorporación, deberá constar a aceptación do portavoz do grupo parlamentario correspondente. En caso contrario, quedará incorporado ao Grupo Parlamentario Mixto, nos mesmos termos establecidos no artigo anterior.

Artigo 26

1. Unha vez producida a adscrición a un grupo parlamentario no tempo e na forma previstos no artigo anterior, o deputado que o abandonase terá que se encadrar necesariamente no Grupo Mixto durante o vixente período de sesións.

2. Cando os compoñentes dun grupo parlamentario distinto do Mixto se reduzan durante o transcurso da lexislatura a un número inferior á metade do mínimo esixido para a súa constitución, o grupo quedará disolto e os seus membros pasarán automaticamente a formar parte daquel, nos mesmos termos prescritos no apartado que antecede.

3. Iniciado un novo período de sesións, os deputados poderán incorporarse ao grupo parlamentario que desexen dos constituídos, e só para o suposto de que por calquera circunstancia se extingueise ou rematase a actividade do partido ou coalición electoral polo que concorresen poderán constituír, por unha soa vez, grupo ou grupos parlamentarios distintos se para iso cumpren as esixencias previstas neste Regulamento.

Artigo 27

1. O Parlamento poñerá á disposición dos grupos parlamentarios locais e medios materiais suficientes e asignaralles, con cargo ao seu orzamento, unha subvención fixa idéntica para todos e outra variable en función do número de deputados de cada un deles. As contías fixaraas a Mesa da Cámara dentro dos límites da correspondente consignación orzamentaria.

2. Os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica da subvención a que se refire a alínea anterior, que poñerán á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia sempre que esta o pida. Anualmente, esta información publicárase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.

Artigo 28

Todos os grupos parlamentarios, coas especificacións previstas no presente Regulamento, gozan de idénticos dereitos.

TÍTULO IV Da organización do Parlamento

CAPÍTULO I Da Mesa

Sección 1ª. Das funcións da Mesa e dos seus membros

Artigo 29

1. A Mesa é o órgano reitor da Cámara e desempeña a representación colexiada desta nos actos a que asista.
2. A Mesa estará composta polo presidente do Parlamento, dous vicepresidentes, un secretario e un vicesecretario.
Entenderase validamente constituída cando estean presentes, polo menos, tres dos seus membros.
3. O presidente dirixe e coordina a acción da Mesa.

Artigo 30

1. Correspóndenlle á Mesa as seguintes funcións:
 - 1ª. Interpretar e suplir o Regulamento, se é o caso, nos supostos de dúbida ou omisión.
 - 2ª. Adoptar cantas decisións e medidas requiran a organización do traballo e o réxime e goberno interiores da Cámara.
 - 3ª. Elaborar o proxecto de orzamentos do Parlamento de Galicia, proceder á súa execución unha vez aprobados e, ao final de cada exercicio, elaborar un informe sobre a súa execución, que se presentará perante a Xunta de Portavoces e se publicará no Portal de transparencia.
 - 4ª. Aprobar os gastos da Cámara, sen prexuízo das delegacións que poida acordar.
 - 5ª. Cualificar, consonte o Regulamento, os escritos e documentos de índole parlamentaria, así como declarar a admisibilidade ou inadmisibilidade destes.
 - 6ª. Decidir a tramitación de todos os escritos e documentos de índole parlamentaria, de acordo coas normas establecidas neste Regulamento. Tanto se a resolución fose tramitar o escrito no seo da propia Cámara ou dirixilo a outras institucións como se

se resolverse o seu arquivo, darase conta da decisión adoptada ao peticionario ou peticionarios.

7ª. Programar as liñas xerais de actuación da Cámara, fixar o calendario de actividades do Pleno e das comisións para cada período de sesións e coordinar os traballos dos seus distintos órganos, todo isto logo de audiencia da Xunta de Portavoces.

8ª. Calquera outra que lle encomende o presente Regulamento e as que non estean atribuídas a un órgano específico.

2. Se un deputado ou un grupo parlamentario discrepar da decisión adoptada pola Mesa no exercicio das funcións a que se refiren os puntos 5ª e 6ª do apartado anterior, poderá solicitar a súa reconsideración. A Mesa decidirá definitivamente, oída a Xunta de Portavoces, mediante resolución motivada.

Artigo 31

1. O presidente do Parlamento desempeña a representación da Cámara, asegura a boa marcha dos traballos, dirixe os debates, mantén a orde destes e ordena os pagamentos, sen prexuízo das delegacións que poida conferir.

2. Correspóndelle ao presidente cumprir e facer cumprir o Regulamento e interpretar e suplir este no transcurso dos debates.

3. O presidente desempeña, así mesmo, todas as demais funcións que lle confiren o Estatuto de Galicia, as demais leis e o presente Regulamento.

Artigo 32

Os vicepresidentes, pola súa orde, substitúen o presidente, exercendo as súas funcións en caso de vacante, ausencia ou imposibilidade deste. Desempeñan, ademais, calquera outra función, prevista neste Regulamento, que lles encomenden o presidente ou a Mesa.

Artigo 33

O secretario e o vicesecretario supervisan e autorizan, co visto e prace do presidente, as actas das sesións plenarias, da Mesa e da Xunta de Portavoces, así como as certificacións que se deban expedir; asisten ao presidente nas sesións para asegurar a orde nos

debates e a corrección nas votacións; colaboran para o normal desenvolvemento dos traballos da Cámara segundo as disposicións do presidente; e exercen, ademais, calquera outra función, prevista neste Regulamento, que lles encomenden o presidente ou a Mesa.

Artigo 34

A Mesa reunirase por convocatoria do presidente e estará asesorada polo secretario, que redactará a acta das sesións e coidará, baixo a dirección do presidente, da execución dos acordos.

Sección 2ª. Da elección dos membros da Mesa

Artigo 35

1. O Pleno elixirá os membros da Mesa na sesión constitutiva do Parlamento de Galicia.
2. Procederase a unha nova elección dos membros da Mesa cando as sentenzas recaídas nos recursos contencioso-electorais supuxesen cambio na titularidade de máis do dez por cento dos escaños. A devandita elección terá lugar unha vez que os novos deputados teñan adquirida a plena condición de tales.

Artigo 36

1. Na elección de presidente cada deputado escribirá só un nome na papeleta. Resultará elixido o que obteña o voto da maioría absoluta dos membros da Cámara. Se ningún obtivese na primeira votación esta maioría, repetirase a elección entre os que acadasen as dúas maiores votacións e resultará elixido o que obteña máis votos.
2. Os dous vicepresidentes elixiranse simultaneamente. Cada deputado escribirá só un nome na papeleta. Resultarán elixidos, por orde sucesiva, os dous que obteñan maior número de votos. Na mesma forma serán elixidos o secretario e mais o vicesecretario.
3. Se nalgunha votación se producir empate, celebraranse sucesivas votacións entre os candidatos igualados en votos ata que o empate quede dirimido.

Artigo 37

As vacantes que se produzan na Mesa durante a lexislatura serán cubertas por elección do Pleno na forma establecida no artigo anterior, axeitado nas súas previsións á realidade das vacantes que se teñen que cubrir.

CAPÍTULO II **Da Xunta de Portavoces**

Artigo 38

1. Os portavoces dos grupos parlamentarios constitúen a Xunta de Portavoces, que se reunirá baixo a presidencia do presidente do Parlamento. Este convocará por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos membros da Cámara.

2. Das convocatorias da Xunta de Portavoces daráselle conta ao Goberno autonómico de Galicia para que envíe, se o considera oportuno, un representante, que poderá estar acompañado, se é o caso, por persoa que o asista.

3. Deberán asistir ás reunións da Xunta de Portavoces, polo menos, un vicepresidente, o secretario ou vicesecretario da Cámara e o letrado oficial maior. Os portavoces ou os seus suplentes poderán estar acompañados por un membro do seu grupo que non terá dereito a voto.

4. As decisións da Xunta de Portavoces adoptaranse sempre en función do criterio de voto ponderado.

Artigo 39

Sen prexuízo das funcións que lle atribúe o presente Regulamento, a Xunta de Portavoces será escoitada para:

Establecer os criterios que contribúan a ordenar e facilitar os debates e as tarefas do Parlamento. Decidir a Comisión competente para entender nos proxectos ou nas proposicións de lei.

Fixar o número de membros de cada grupo parlamentario que integrarán as comisións. Establecer o calendario de actividades das comisións.

Asignarlles os escanos no salón de sesións aos diferentes grupos parlamentarios.

CAPÍTULO III Das comisións

Sección 1ª. Das comisións en xeral

Artigo 40

1. As comisións, agás precepto en contrario, estarán formadas polos membros que designen os grupos parlamentarios no número que, respecto de cada un, indique a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, e en proporción á importancia numérica daqueles na Cámara. Todos os grupos parlamentarios teñen dereito a contar, como mínimo, cun representante en cada Comisión.

2. Os grupos parlamentarios poden substituír un ou varios dos seus membros adscritos a unha Comisión, por outro ou outros do mesmo grupo, logo de comunicación por escrito ao presidente do Parlamento. Se a substitución fose só para un determinado asunto, debate ou sesión, a comunicación faráselle verbalmente ou por escrito ao presidente da Comisión, quen admitirá como membro desta, indistintamente, o substituto ou o substituído.

Así mesmo poderán ser eventualmente substituídos o vicepresidente ou o secretario dunha Comisión por outros membros do mesmo grupo parlamentario, comunicándollo así ao presidente da Comisión verbalmente.

3. Os membros da Xunta de Galicia poderán asistir con voz ás comisións.

Artigo 41

As comisións, coas excepcións previstas neste Regulamento, elixen de entre os seus membros unha Mesa, composta por un presidente, un vicepresidente e mais un secretario. A elección verifícase de acordo co establecido para a elección da Mesa do Parlamento, axeitado ao distinto número de postos que se teñen que cubrir.

Artigo 42

1. As comisións serán convocadas polo seu presidente, de acordo co do Parlamento, por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Comisión.

O presidente do Parlamento poderá convocar e presidir calquera Comisión, aínda que só terá voto naquelas das que forme parte.

2. As comisións entenderanse validamente constituídas en sesión plenaria cando estean presentes a metade máis un dos seus membros.

Artigo 43

1. As comisións coñecerán dos proxectos, proposicións ou asuntos que lles encomende, de acordo coa súa respectiva competencia, a Mesa do Parlamento.

2. A Mesa do Parlamento, pola súa propia iniciativa ou por petición dunha Comisión interesada, poderá acordar que, sobre unha cuestión que sexa competencia principal dunha Comisión, informe previamente outra ou outras comisións.

3. As comisións deberán concluír a tramitación de calquera asunto nun prazo máximo de dous meses, agás naqueles casos nos que este Regulamento impoña un prazo distinto ou a Mesa da Cámara, atendidas as circunstancias excepcionais que poidan concorrer, acorde amplialo ou reduci-lo.

4. As comisións poden reunirse no período de vacacións parlamentarias, mais, neste lapso, non poderán actuar con capacidade lexislativa plena.

Artigo 44

1. A través do presidente do Parlamento, as comisións poden:

1º. Pedir a información e documentación que necesiten das institucións autonómicas e mais dos entes públicos de Galicia. Así mesmo pódennles solicitar información e documentación ás autoridades do Estado respecto daquelas competencias atribuídas á Xunta de Galicia das cales non estean aínda transferidos os servizos. As autoridades requiridas, nun termo non superior aos trinta días, facilitarán o que se lles pedise ou ben manifestaránlle

ao presidente do Parlamento as razóns polas que non poden facelo, para que llo comunique á Comisión solicitante.

2º. Requirit a presenza dos membros da Xunta de Galicia competentes por razón da materia que se debata, para informaren sobre todas as cuestións das que sexan consultados.

3º. Solicitar a presenza de funcionarios, autoridades e particulares.

2. Se os funcionarios ou as autoridades non compareceren e non o xustificaren no prazo establecido pola Comisión, ou non se responder á petición de información requirida no período indicado no apartado anterior, o presidente do Parlamento comunicarllo á autoridade ou ao funcionario superior correspondente por se for procedente esixirlles algunha responsabilidade.

Sección 2ª. Das comisións permanentes

Artigo 45

1. Son comisións permanentes lexislativas as seguintes:

1ª. Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

2ª. Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

3ª. Economía, Facenda e Orzamentos.

4ª. Educación e Cultura.

5ª. Sanidade, Política Social e Emprego.

6ª. Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

7ª. Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

8ª. Pesca e Marisqueo.

2. Son tamén comisións permanentes aquelas que deban constituírse por disposición legal e mais as seguintes:

1ª. Regulamento.

2ª. Estatuto dos Deputados.

3ª. Peticións.

3. As comisións permanentes a que se refiren os apartados anteriores deberán constituírse dentro dos dez días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento de Galicia.

Artigo 46

A Comisión de Regulamento estará formada polo presidente da Cámara, que a presidirá, polos demais membros da Mesa do Parlamento de Galicia e mais polos deputados que designen os grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 40 deste Regulamento.

Artigo 47

1. A Comisión do Estatuto dos Deputados estará composta por un membro de cada un dos grupos parlamentarios. Terá un presidente, un vicepresidente e un secretario, e adoptará as súas resolucións mediante o voto ponderado de cada un dos seus membros.

2. A Comisión actuará como órgano preparatorio das resolucións do Pleno cando este, de acordo co Regulamento, deba pronunciarse en asuntos que afecten ao estatuto dos deputados, agás no caso de que a proposta lle corresponda á Presidencia ou á Mesa do Parlamento de Galicia.

A Comisión elevaralle ao Pleno, debidamente articuladas, as propostas que no seu seo estiveren formalizadas.

Artigo 48

1. A Comisión de Peticións estará formada pola Mesa do Parlamento máis un deputado de cada grupo parlamentario e adoptará as decisións polo sistema de voto ponderado.

2. A Comisión examinará cada petición, individual ou colectiva, que reciba o Parlamento de Galicia e poderá acordar a súa remisión, segundo proceda, por conduto do presidente da Cámara:

1º. Ao Defensor do Pobo.

2º. Á Comisión do Parlamento que estiver coñecendo ou puiden coñecer o asunto de que se trate.

3º. Ás Cortes, ao Goberno, aos tribunais, ao Ministerio Fiscal ou á Comunidade Autónoma, Deputación ou Concello ao que corresponda.

3. A Comisión tamén poderá acordar, se non proceder a remisión a que se refire o apartado anterior, o arquivo da petición sen máis trámites.

4. En todo caso, acusarase recibo da petición e comunicaráselle ao peticionario o acordo adoptado.

Artigo 49

1. O Pleno da Cámara, por proposta da Mesa, oída a Xunta de Portavoces, poderá acordar a creación doutras comisións que teñan carácter permanente durante a lexislatura na que o acordo se adopte.
2. O acordo de creación fixará o criterio de distribución de competencias entre a Comisión creada e as que, se é o caso, poidan resultar afectadas.
3. Polo mesmo procedemento sinalado no apartado 1 poderá acordarse a disolución das comisións a que este artigo se refire.

Sección 3ª. Das comisións non permanentes

Artigo 50

Son comisións non permanentes as que se crean para unha función especial ou un traballo concreto. Extínguense ao finalizar o seu obxecto e, en todo caso, ao concluír a lexislatura. Poden ser especiais ou de investigación, e os seus acordos, resolucións ou propostas adoptaranse mediante o voto ponderado, incluída a elección da correspondente Mesa, salvo cando a representación de cada grupo parlamentario na Comisión garde a proporcionalidade existente no Pleno.

Artigo 51

A creación de comisións especiais e o seu eventual carácter mixto ou conxunto respecto doutras xa existentes poderá acordala a Mesa do Parlamento por iniciativa propia, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara, e logo de audiencia da Xunta de Portavoces.

Artigo 52

1. O Pleno do Parlamento de Galicia, por proposta da Xunta, da Mesa, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara, poderá acordar a creación

dunha Comisión de investigación sobre calquera asunto de interese público.

1 *bis*. Poderase crear de xeito automático unha única comisión de investigación por lexislatura de o solicitaren un terzo dos deputados e das deputadas da Cámara que pertencen a un mesmo grupo parlamentario, ou as dúas quintas partes dos deputados e das deputadas da Cámara.

2. As comisións de investigación elaborarán un plan de traballo e poderán nomear ponencias no seu seo e requirir a presenza, por conduto da Presidencia do Parlamento de Galicia, de calquera persoa para ser oída. Os extremos sobre os que deba informar a persoa requirida deberán serlle comunicados cunha antelación mínima de cinco días. Os comparecentes serán advertidos dos seus dereitos así como da posibilidade de acudir asistidos de letrado.

3. A Presidencia da Cámara, oída a Comisión, poderá, se é o caso, ditar as oportunas normas de procedemento.

4. As conclusións destas comisións deberán plasmarse nun ditame que será discutido no Pleno da Cámara. O presidente do Parlamento, oída a Mesa e a Xunta de Portavoces, está facultado para ordenar o debate, conceder a palabra e fixar os tempos das intervencións.

5. As conclusións aprobadas polo Pleno da Cámara serán publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e comunicadas á Xunta de Galicia, sen prexuízo de que a Mesa do Parlamento lle dea traslado delas ao Ministerio Fiscal para o exercicio, cando proceda, das accións oportunas.

6. Por petición do grupo parlamentario propoñente publicaranse tamén no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* os votos particulares rexeitados.

CAPÍTULO IV

Do Pleno

Artigo 53

O Pleno do Parlamento de Galicia será convocado polo seu presidente, por propia iniciativa ou por solicitude, polo menos, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara.

Artigo 54

1. Os deputados tomarán asento no salón de sesións conforme a súa adscripción a grupos parlamentarios.
2. Haberá no salón de sesións un banco especial destinado aos membros da Xunta de Galicia.
3. Só terán acceso ao salón de sesións, ademais das persoas indicadas, os funcionarios do Parlamento de Galicia no exercicio do seu cargo e quen estea expresamente autorizado polo presidente.

CAPÍTULO V

Da Deputación Permanente

Artigo 55

1. A Deputación Permanente velará polos poderes da Cámara cando estea expirado o mandato parlamentario, cando o Parlamento estea disolto ou non estea reunido por vacacións ou por calquera causa de forza maior que impida reunir o Pleno. Especialmente:

1º. Coñecerá a delegación temporal das funcións executivas do presidente da Xunta de Galicia nun dos conselleiros.

2º. Exercerá o control da lexislación delegada.

3º. Entenderá en todo o que atinxe á inviolabilidade parlamentaria.

4º. Convocará o Parlamento por acordo da maioría absoluta dos membros da Deputación Permanente.

5º. Poderá autorizar orzamentos extraordinarios, suplementos de créditos e créditos extraordinarios, por petición da Xunta de Galicia, por razón de urxencia e de necesidade xustificada, sempre que así o acordar a maioría absoluta dos seus membros.

6º. Poderá tamén autorizar ampliacións ou transferencias de crédito, cando o esixan a conservación da orde, unha calamidade pública ou unha necesidade financeira urxente doutra natureza, de acordo coa maioría absoluta dos seus membros.

2. A Deputación Permanente debe cumprir calquera outra función que lle encomende o Regulamento do Parlamento.

Artigo 56

1. A Deputación Permanente estará presidida polo presidente do Parlamento de Galicia. Formarán parte dela un mínimo de once membros, que representarán aos grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica.
2. A fixación do número de membros farase conforme o establecido no apartado 1 do artigo 40. Cada grupo parlamentario designará o número de deputados titulares que lle correspondan e outros tantos en concepto de suplentes.
3. A Deputación elixirá de entre os seus membros un vicepresidente e un secretario, de acordo co establecido para a elección da Mesa do Parlamento de Galicia, axeitado ao distinto número de postos que se teñen que cubrir.
4. A Deputación Permanente será convocada polo presidente, por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros daquela.

Artigo 57

1. En calquera caso, a Deputación Permanente daralle conta ao Pleno do Parlamento dos asuntos e das decisións tratados na primeira sesión ordinaria.
2. Ao se constituír o Parlamento, dentro do prazo de quince días seguintes á súa primeira reunión, os deputados e os grupos parlamentarios poderán formular obxeccións contra a vixencia dos acordos que adoptase a Deputación Permanente.
3. Se durante este prazo se formularen obxeccións a través de escrito dirixido á Mesa do Parlamento, esta enviarallas á Comisión competente, que haberá de emitir un ditame no prazo que se sinala. O ditame será debatido no Pleno do Parlamento segundo as normas xerais de procedemento legislativo; para este efecto, cada observación considerárase como unha emenda.

Artigo 58

Seralles aplicable ás sesións da Deputación Permanente e ao seu funcionamento o establecido para o Pleno no presente Regulamento.

Artigo 59

Despois da celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia, a Deputación Permanente daralle conta ao Pleno del, unha vez constituído este, dos asuntos que tratase e das decisións adoptadas.

CAPÍTULO VI

Dos servizos do Parlamento

Artigo 60

1. O Parlamento de Galicia dispoñerá dos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións, especialmente de servizos técnicos, de documentación e de asesoramento.
2. A relación de postos de traballo e a determinación de funcións correspondentes a cada un deles faraa a Mesa do Parlamento.
3. Estes postos cubriranse conforme o disposto nas leis que lles sexan aplicables.

Artigo 61

O Parlamento contará cunha biblioteca, e o orzamento da Cámara dedicará anualmente unha asignación para ela.

Artigo 62

1. O letrado oficial maior do Parlamento, baixo a dirección do presidente e da Mesa, é o xefe superior de todo o persoal e de todos os servizos do Parlamento e cumpre as funcións técnicas e de asesoramento dos órganos reitores deste, asistido dos letrados do Parlamento adscritos á Oficialía Maior.
2. O letrado oficial maior é nomeado pola Mesa do Parlamento, de entre os letrados deste.

Artigo 63

As publicacións oficiais do Parlamento de Galicia son as seguintes:

- 1ª. O *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*.
- 2ª. O *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Artigo 64

1. No *Diario de Sesións* reproduciranse integramente, deixando constancia dos incidentes producidos, todas as intervencións e acordos adoptados en sesións do Pleno, da Deputación Permanente e, se é o caso, das comisións que non teñan carácter secreto.
2. Das sesións secretas levantarase acta taquigráfica, o único exemplar da cal custodiarase na Presidencia. Este exemplar poderá ser consultado polos deputados. Os acordos adoptados publicaranse no *Diario de Sesións*, a non ser que o órgano parlamentario decida o carácter reservado deles e sen prexuízo do disposto nos apartados 5 e 6 do artigo 52 deste Regulamento.

Artigo 65

O *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* publicará os proxectos e as proposicións de lei, os votos particulares ou as emendas que se teñan de defender no Pleno ou en comisións con capacidade lexislativa plena, os informes de Ponencia, os ditames das comisións, os acordos das comisións e do Pleno, as interpelacións, as mocións, as proposicións non de lei, as propostas de resolución, as preguntas e respostas que se dean que non sexan de carácter reservado, as comunicacións da Xunta de Galicia e calquera outro texto ou documento cuxa publicación sexa esixida por algún precepto deste Regulamento ou a ordene o presidente, atendendo á esixencia dun trámite que requira a intervención do Parlamento. Tamén publicará a xuízo da Presidencia as disposicións das Cortes Xerais do Estado que poidan afectar á Comunidade Autónoma galega.

Artigo 66

1. A Mesa da Cámara adoptará as medidas axeitadas, en cada caso, para facilitarlles aos medios de comunicación social a información sobre as actividades dos distintos órganos do Parlamento de Galicia.
2. A propia Mesa regulará a concesión de credenciais aos representantes dos distintos medios de comunicación social, co obxecto de que poidan acceder aos locais do recinto parlamentario que se lles destine e ás sesións ás que poidan asistir.

3. Ninguén poderá, sen estar expresamente autorizado polo presidente do Parlamento, realizar gravacións gráficas ou sonoras das sesións dos órganos da Cámara.

Artigo 66 bis

1. No Portal de transparencia do Parlamento de Galicia estará dispoñible toda a información prevista pola lexislación en materia de transparencia pública, así como a establecida neste regulamento. O acceso á información respectará os límites legais en garantía dos dereitos das persoas.

2. Corresponde á Mesa aprobar as normas e adoptar as medidas que resulten necesarias para o cumprimento do disposto na alínea anterior.

TÍTULO V

Das disposicións xerais de funcionamento

CAPÍTULO I

Das sesións

Artigo 67

1. O Parlamento de Galicia reunirase anualmente en dous períodos de sesións, de setembro a decembro e do 15 de xaneiro ao 15 de xullo.

2. Fóra dos devanditos períodos, a Cámara só poderá celebrar sesións extraordinarias por petición da Xunta de Galicia, da Deputación Permanente ou da maioría absoluta dos membros do Parlamento. Na petición deberá figurar a orde do día que se propón para a sesión extraordinaria solicitada.

3. A convocatoria e a fixación da orde do día das sesións extraordinarias, tanto das comisións coma do Pleno, faranse de acordo co previsto neste Regulamento para as sesións ordinarias do Pleno.

Artigo 68

1. As sesións, por regra xeral, celebraranse en días comprendidos entre o martes e o venres, ambos inclusive, de cada semana.

2. Poderán, non obstante, celebrarse en días diferentes dos sinalados:

1º. Por acordo tomado en Pleno ou en Comisión, por iniciativa dos seus respectivos presidentes, de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados membros da Cámara ou da Comisión.

2º. Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, aceptado pola Xunta de Portavoces.

Artigo 69

As sesións do Pleno serán públicas coas seguintes excepcións:

1ª. Cando se traten cuestións que atinxan ao decoro da Cámara ou dos seus membros, ou da suspensión dun deputado.

2ª. Cando se debatan propostas, ditames, informes ou conclusións elaborados no seo da Comisión do Estatuto dos Deputados.

3ª. Cando o acorde o Pleno por maioría absoluta dos seus membros, por iniciativa da Mesa do Parlamento, da Xunta, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos membros da Cámara. Formulada a solicitude de sesión secreta, someterase a votación sen debate e a sesión continuará co carácter que se acordase.

Artigo 70

1. As sesións das comisións son a porta pechada, mais poderán asistir os representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados.

2. As sesións das comisións serán secretas cando o acorden por maioría absoluta dos seus membros, por iniciativa da súa respectiva Mesa, da Xunta, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos seus compoñentes.

3. Serán secretas, en todo caso, as sesións e os traballos da Comisión do Estatuto dos Deputados.

4. As sesións das comisións de investigación axustaranse ao previsto no apartado 1 deste artigo, coas seguintes excepcións:

a) Serán secretas as reunións das ponencias que se creen no seo da Comisión.

b) Serán igualmente secretas as comparecencias que versen sobre materias que fosen declaradas reservadas ou secretas conforme a lexislación vixente e as que traten sobre asuntos que coincidan con actuacións xudiciais que fosen declaradas secretas.

c) Tamén serán secretos os datos, informes ou documentos facilitados a estas comisións para o cumprimento dos seus fins cando o dispoña unha lei ou cando motivadamente o acorde a propia Comisión.

Artigo 71

1. Das sesións do Pleno e das comisións levantarase acta, que conterá unha relación sucinta das materias debatidas, persoas intervinientes, incidencias producidas e acordos adoptados.

2. As actas serán asinadas polo secretario ou vicesecretario, co visto e praxe do presidente, e quedarán á disposición dos deputados na Oficialía Maior do Parlamento. No caso de que non se produza reclamación sobre o seu contido dentro dos dez días seguintes á celebración da sesión, entenderase aprobada; en caso contrario, someterase á decisión do órgano correspondente na súa seguinte sesión.

CAPÍTULO II **Da orde do día**

Artigo 72

1. O presidente, de acordo coa Mesa e a Xunta de Portavoces, tendo en conta o calendario de actividades, fixará a orde do día do Pleno, que se incluírá na correspondente convocatoria.

2. A orde do día das comisións será fixada pola súa respectiva Mesa, tendo en conta o calendario establecido pola Mesa do Parlamento.

3. A Xunta de Galicia poderá pedir que nunha sesión concreta se inclúa un asunto con carácter prioritario, sempre que este cumprise os trámites regulamentarios que o fagan estar en condición de ser incluído na orde do día.

4. Por iniciativa dun grupo parlamentario ou da Xunta de Galicia, a Mesa do Parlamento poderá acordar por maioría coa Xunta de Por-

tavoces e o seu presidente, e atendendo razóns de urxencia, a inclusión na orde do día dun determinado asunto aínda que non cumprise os trámites regulamentarios.

5. As sesións plenarias non poderán ser levantadas antes de que a orde do día fose debatida na súa totalidade, sen prexuízo das alteracións previstas no presente Regulamento.

Artigo 73

1. A orde do día do Pleno pode ser alterada por acordo deste, por proposta do presidente ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Cámara.

2. A orde do día dunha Comisión pode ser alterada por acordo desta, por proposta do seu presidente ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados membros dela.

3. Nun e noutro caso, cando se trate de incluír un asunto, este terá que ter cumpridos os trámites regulamentarios que lle permitan estar en condicións de ser incluído.

CAPÍTULO III

Dos debates

Artigo 74

Ningún debate poderá comezar sen a previa distribución, polo menos con corenta e oito horas de antelación, do informe, do ditame ou da documentación que teña de servir de base a aquel, agás acordo contrario da Mesa do Parlamento ou da Comisión, debidamente xustificado.

Artigo 75

1. Ningún deputado poderá falar sen ter pedida e obtida do presidente a palabra. Se un deputado chamado pola Presidencia non se encontrase presente, enténdese que renunciou a facer uso da palabra.

2. Os discursos pronunciaranse persoalmente e de viva voz. O orador poderá facer uso da palabra desde a tribuna ou desde o escano.

3. Ninguén poderá ser interrompido, cando fale, senón polo presidente, para lle advertir que esgotou o tempo, para chamalo á cuestión ou á orde, para lle retirar a palabra ou para facer chamadas á orde á Cámara, a algún dos seus membros ou ao público.

4. Os deputados que pedisen a palabra nun mesmo sentido poderán cederse a rolda entre si. Logo de comunicación ao presidente e para un caso concreto calquera deputado con dereito a intervenir poderá ser substituído por outro do mesmo grupo parlamentario.

5. Os membros da Xunta de Galicia poderán intervenir, sempre que o solicitasen, ao longo dos debates para matizar ou esclarecer feitos ou fixar a postura do Goberno. Estas intervencións non reabrirán o debate, sen prexuízo da réplica específica que poderá exercer a oposición e da dúplica a cargo do Goberno.

6. Transcorrido o tempo establecido, o presidente, tras indicarlle dúas veces ao orador que conclúa, retiraralle a palabra.

Artigo 76

1. Cando, a xuízo da Presidencia, no desenvolvemento dos debates se fixesen alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes sobre a persoa ou conduta dun deputado, concederáselle ao aludido, se así o solicitase, o uso da palabra, por un tempo de tres minutos, para que conteste ás alusións realizadas.

2. Non se poderá contestar ás alusións senón na mesma sesión. Se o deputado aludido non estiver presente, poderá contestar á alusión na sesión seguinte.

3. Cando a alusión afecte ao decoro ou á dignidade dun grupo parlamentario, o presidente poderá concederlle a un representante daquel o uso da palabra polo mesmo tempo e coas condicións que se establecen nos apartados 1 e 2 do presente artigo.

Artigo 77

1. En calquera estado do debate, un deputado poderá pedir a observancia do Regulamento. Para este efecto, deberá citar o artigo ou os artigos dos que reclama a aplicación. Non caberá por este motivo debate ningún debendo acatarse a resolución que a Presidencia adopte á vista da alegación feita.

2. Calquera deputado poderá tamén pedir, durante a discusión ou antes de votar, a lectura das normas ou dos documentos que coide conducentes á ilustración da materia de que se trate. A Presidencia poderá denegar as lecturas que coide non pertinentes ou innecesarias.

Artigo 78

1. En todo o debate, o que fose contradito nas súas argumentacións por outro ou outros dos intervinientes terá dereito a replicar ou rectificar por unha soa vez e por tempo máximo de cinco minutos.

2. Dentro do marco establecido no presente Regulamento, o presidente ten as facultades de ordenar os debates e as votacións, acumulando asuntos, incrementando ou diminuíndo o tempo das intervencións, ponderando para isto a importancia dun asunto e as circunstancias concorrentes.

Artigo 79

1. Se non houber precepto específico entenderase que en todo debate cabe unha rolda a favor, outra en contra e unha rolda de portavoces. Non poderán intervir nesta última os grupos parlamentarios que xa o fixesen na rolda a favor ou en contra. A duración das intervencións nunha discusión sobre calquera asunto ou cuestión, agás precepto en contra deste Regulamento, será fixada pola Mesa de acordo coa Xunta de Portavoces.

2. Se o debate for dos cualificados como de totalidade, as roldas serán de quince minutos, e, tras elas, os demais grupos parlamentarios poderán fixar a súa posición en intervencións que non excedan de dez minutos.

Artigo 80

1. Os grupos parlamentarios intervirán nas roldas xerais en orde inversa á súa importancia numérica, comezando polo grupo de menor número de membros.

2. Os membros do Grupo Mixto distribuirán entre eles o tempo total de intervención, que no seu conxunto non poderá exceder do que lle corresponde a cada un dos demais grupos. A Presidencia da Cámara deberá ser informada do acordo antes de cada sesión,

e de non teren concretada a intervención os membros do grupo resolverá sobre a distribución do tempo que ha de empregar cada un deles.

Artigo 81

A Presidencia poderá acordar o cerramento dunha discusión, de acordo coa Mesa, cando estimase que un asunto está suficientemente debatido. Tamén poderá acordalo por petición do portavoz dun grupo parlamentario. Sobre esta petición de cerramento poderán falar, durante cinco minutos como máximo cada un, un orador en contra e outro a favor.

Artigo 82

Cando o presidente, os vicepresidentes ou o secretario ou vicesecretario da Cámara ou da Comisión desexaren tomar parte no debate, abandonarán o seu lugar na Mesa e non volverán ocupalo ata que conclúese a discusión do tema de que se trate.

CAPÍTULO IV **Das votacións**

Artigo 83

1. Para adoptar acordos, a Cámara e mais os seus órganos deberán estar reunidos regulamentariamente e con asistencia da maioría dos seus membros.
2. Se chegado o momento da votación ou celebrada esta resulta que non existise o quórum a que se refire o apartado anterior, pospóñerase a votación polo prazo máximo de dúas horas. Se transcorrido este prazo tampouco non puider celebrarse validamente aquela, o asunto será sometido a decisión do órgano correspondente na seguinte sesión.

Artigo 84

1. Os acordos serán válidos unha vez aprobados pola maioría simple dos membros presentes do órgano correspondente, sen prexuízo das maiorías especiais que establecen o Estatuto de Galicia, as demais leis de Galicia e mais este Regulamento.

2. Computaranse como presentes nunha votación as deputadas e os deputados da Cámara que malia estaren ausentes fosen autorizados expresamente pola Mesa do Parlamento para participar na devandita votación a través dos mecanismos previstos neste Regulamento.

3. O voto das deputadas e dos deputados é persoal e indelegable, agás nos casos de embarazo, maternidade ou paternidade que, por impedir o desenvolvemento da función parlamentaria e unha vez avaliadas as especiais circunstancias, se consideren abondo xustificadas. A Mesa do Parlamento, mediante resolución motivada, poderá autorizar que a deputada ou o deputado poida participar nas votacións a través dos sistemas de voto delegado ou voto telemático.

4. O voto delegado: as deputadas e os deputados poderán delegar o seu voto noutra deputada ou deputado do seu mesmo grupo parlamentario. Para tal efecto, a deputada ou o deputado dirixirá escrito á Mesa do Parlamento, no que se farán constar o nome da deputada ou do deputado que delega o seu voto, o nome da deputada ou do deputado que recibe a delegación e o período de duración da delegación ou os debates e as votacións en que debe exercerse. Deberá constar, así mesmo, mediante sinatura, o coñecemento da ou do portavoz do grupo parlamentario correspondente. A delegación non se entenderá prorrogada tacitamente.

5. O voto telemático: as deputadas e os deputados poderán exercer o seu voto telematicamente. Para tal efecto, dirixirán escrito á Mesa do Parlamento, no que se fará constar o seu nome, as votacións ou o período de tempo durante o cal poderá emitir o seu voto a través deste procedemento.

6. Ningunha deputada nin deputado poderá tomar parte, directamente ou mediante delegación, nas votacións sobre resolucións que afecten o seu estatuto de deputados.

7. A Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, poderá habilitar excepcionalmente e por tempo determinado a presenza, o voto delegado, sistemas de videoconferencia ou calquera outro sistema técnico viable e adecuado que garanta, para todos os efectos regulamentarios, a asistencia e participación nas sesións e nos debates e o exercicio do dereito de voto por quen non puider asistir ás sesións de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación declarada polas

autoridades sanitarias públicas competentes que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

Artigo 85

As votacións non poderán interromperse por ningunha causa. Durante o desenvolvemento da votación, a Presidencia non concederá o uso da palabra e ningún deputado poderá entrar no salón nin abandonalo agás caso de forza maior e coa venia da Presidencia.

Artigo 86

Nos casos establecidos no presente Regulamento e naqueles que pola súa singularidade ou importancia a Presidencia así o acorde, a votación realizarase a hora fixa, anunciada previamente por aquela. Se, chegada a hora fixada, o debate non estiver rematado, a Presidencia sinalará nova hora para a votación.

Artigo 87

A votación poderá ser:

- 1º. Por asentimento.
- 2º. Ordinaria.
- 3º. Pública.
- 4º. Secreta.

Artigo 88

Consideraranse aprobadas por asentimento as propostas do presidente, cando, unha vez anunciadas, non suscitaren ningunha obxección nin oposición. Noutro caso, farase votación ordinaria.

Artigo 89

A votación ordinaria poderá realizarse, por decisión da Presidencia, nunha das seguintes formas:

- 1ª. Erguéndose primeiro os que aproben, a seguir os que desaproben e finalmente os que se absteñan. O presidente ordenará o recuento polo secretario ou vicesecretario se tiver dúbida do re-

sultado ou se, mesmo despois de publicado este, algún grupo parlamentario o reclamar.

2ª. Por procedemento electrónico que acredite o sentido do voto de cada deputado e mais os resultados totais da votación.

Artigo 90

Na votación pública por chamamento o secretario ou vicesecretario nomeará os deputados e estes responderán “sí”, “non” ou “abstención”. O chamamento realizarase por orde alfabética de primeiro apelido, comezando polo deputado cuxo nome sexa sacado a sorte. Os membros da Xunta de Galicia que sexan deputados e mais a Mesa votarán ao final.

Artigo 91

1. A votación secreta poderá facerse:

1º. Por procedemento electrónico que acredite o resultado total da votación, omitindo a identificación dos votantes.

2º. Por papeletas cando se tratar de eleccións de persoal, cando o decida a Presidencia e cando se tiver especificada esta modalidade na solicitude de voto secreto.

2. Para realizar as votacións a que se refire o punto 2º do apartado anterior, os deputados serán chamados nominalmente á Mesa para depositaren a papeleta na urna correspondente.

Artigo 92

1. A votación será pública por chamamento ou secreta cando así o esixa este Regulamento ou o soliciten dous grupos parlamentarios ou unha quinta parte dos deputados ou dos membros da Comisión. Se houber solicitudes concorrentes en sentido contrario, prevalecerá a de votación secreta. En ningún caso a votación poderá ser secreta cando se tratar de materia lexislativa.

2. As votacións para a investidura do presidente da Xunta, a moción de censura e a cuestión de confianza serán en todo caso públicas por chamamento.

Artigo 93

1. Cando ocorrer empate nalgunha votación, realizarase unha segunda e, de persistir aquel, suspenderase a votación durante o prazo que coide razoable a Presidencia. Transcorrido o prazo, repetirase a votación e, se de novo se producir empate, entenderase desbotado o ditame, artigo, emenda, voto particular ou proposición de que se trate.

2. Nas votacións en Comisión sobre unha cuestión que deba ser ulteriormente sometida ao Pleno, entenderase que non existe empate cando a igualdade de votos, sendo idéntico o sentido no que votasen todos os membros da Comisión pertencentes a un mesmo grupo parlamentario, puiden dirimirse ponderando o número de votos con que cada grupo conte no Pleno.

Artigo 94

1. Verificada unha votación, ou o conxunto de votacións sobre unha mesma cuestión, cada grupo parlamentario poderá explicar o voto por tempo máximo de cinco minutos.

2. Nos proxectos e nas proposicións de lei só poderá explicarse o voto tras a derradeira votación, a non ser que se divida en partes claramente diferenciadas para efectos do debate, pois neste caso caberá a explicación despois da derradeira votación correspondente a cada parte. Nos casos previstos neste apartado, a Presidencia poderá ampliar o tempo ata dez minutos.

3. Non caberá explicación do voto cando a votación fose secreta ou cando o grupo parlamentario interviñese no debate precedente. Non obstante e neste último suposto, o grupo parlamentario que cambiase o sentido do seu voto terá dereito a explicalo.

CAPÍTULO V

Do cómputo dos prazos e da presentación dos documentos

Artigo 95

1. Os prazos sinalados por días neste regulamento computaranse en días hábiles, e os sinalados por meses de data a data, na forma que determine a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Excluíranse do cómputo os períodos nos que o Parlamento non celebre sesións, a non ser que o asunto en cuestión estiver incluído na orde do día dunha sesión extraordinaria. A Mesa da Cámara fixará os días que han de habilitarse cos únicos efectos de cumprir os trámites que posibiliten a celebración daquela.

Artigo 96

1. A Mesa da Cámara de acordo coa Xunta de Portavoces poderá acordar a prórroga ou redución dos prazos establecidos neste Regulamento.
2. Agás casos excepcionais, as prórrogas non serán superiores a outro tanto do prazo nin as reducións á súa metade.

Artigo 97

1. A presentación de documentos no Rexistro da Oficialía Maior do Parlamento poderá facerse nos días e nas horas que fixe a Mesa da Cámara. A Mesa ha de garantir que os servizos de Rexistro da Oficialía Maior poidan recibir os documentos correspondentes antes de que expiren os prazos dos días e das horas prefixados.
2. Serán admitidos os documentos presentados dentro do prazo nas oficinas de correos, sempre que concorran os requisitos esixidos na Lei de procedemento administrativo.

CAPÍTULO VI

Da declaración de urxencia

Artigo 98

1. Por petición da Xunta de Galicia, de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados, a Mesa do Parlamento poderá acordar que un asunto se tramite polo procedemento de urxencia.
2. Se o acordo se tomar achándose un trámite en curso, o procedemento de urxencia aplicarase para os trámites seguintes a aquel.

Artigo 99

Sen prexuízo do establecido no artigo 96 do presente Regulamento, os prazos terán unha duración da metade dos establecidos con carácter ordinario.

CAPÍTULO VII

Da disciplina parlamentaria

Sección 1ª. Das sancións polo incumprimento dos deberes dos deputados

Artigo 100

Durante as sesións do Pleno e das comisións, os deputados teñen a obriga de respectar as regras de orde establecidas por este Regulamento, de evitar toda clase de perturbación ou desorde, acusacións ou recriminacións entre eles, expresións inconvenientes ao decoro da Cámara, interrupcións aos oradores sen autorización do presidente e facer uso da palabra máis tempo do autorizado, como tamén entorpecer deliberadamente o curso dos debates ou de obstruír o traballo parlamentario.

Artigo 101

1. O deputado poderá ser privado, por acordo da Mesa, dalgún ou de todos os dereitos que lle conceden os artigos do 8 ao 11 do presente Regulamento nos seguintes supostos:

1º. Cando de forma reiterada e sen xustificación deixar de asistir voluntariamente ás sesións do Pleno ou das comisións.

2º. Cando quebrantar o deber de segredo establecido no artigo 13 deste Regulamento.

2. O acordo da Mesa, que será motivado, sinalará a extensión e duración das sancións, que poderán estenderse tamén á parte alícuota de subvención contemplada no artigo 27 do presente Regulamento.

Artigo 102

A prohibición de asistir a unha ou dúas sesións e a expulsión inmediata dun deputado poderán ser impostas polo presidente, nos termos establecidos no presente Regulamento.

Artigo 103

1. A suspensión temporal na condición de deputado poderá acordala o Pleno da Cámara, por mor de disciplina parlamentaria, nos seguintes supostos:

1º. Cando, imposta e cumprida a sanción prevista no artigo 101, o deputado persistir na súa actitude.

2º. Cando o deputado portar armas dentro do recinto parlamentario.

3º. Cando o deputado, despois de ser expulsado do salón de sesións, se negar a abandonalo.

4º. Cando o deputado contraviñese o disposto nos artigos 13 e 14 deste Regulamento.

2. As propostas formuladas pola Mesa da Cámara nos tres primeiros supostos do apartado anterior e pola Comisión do Estatuto dos Deputados no cuarto someteranse á consideración e decisión do Pleno da Cámara en sesión secreta. No debate os grupos parlamentarios poderán intervir por medio dos seus portavoces, e a Cámara resolverá sen máis trámites.

3. Se a causa da sanción puiden ser, a xuízo da Mesa, constitutiva de delito, a Presidencia daralle conta ao órgano xudicial competente.

Sección 2º. Das chamadas á cuestión e á orde

Artigo 104

1. Os oradores serán chamados á cuestión sempre que estiveren fóra dela, xa por digresións estrañas ao punto de que se trate, xa por volveren sobre o que estiver discutido ou votado.

2. O presidente retirarlle a palabra ao orador ao que lle houber de facer unha terceira chamada á cuestión nunha mesma intervención.

Artigo 105

Os deputados e os oradores serán chamados á orde:

1º. Cando proferiren palabras ou verteren conceptos ofensivos ao decoro da Cámara ou dos seus membros, das institucións do Estado e de Galicia ou de calquera outra persoa ou entidade.

2º. Cando nos seus discursos faltaren ao establecido para a boa marcha das deliberacións.

3º. Cando con interrupcións ou de calquera forma alteraren a orde das sesións.

4º. Cando, retirada a palabra a un orador, pretender continuar facendo uso dela.

Artigo 106

1. Ao deputado ou orador que for chamado á orde tres veces nunha mesma sesión, advertido unha segunda vez das consecuencias dunha terceira chamada, retiráraselle, se é o caso, a palabra e o presidente, sen debate, poderá impoñerlle a sanción de non asistir ao resto da sesión.

2. Se o deputado sancionado non atender ao requirimento de abandonar o salón de sesións, o presidente adoptará as medidas que considere pertinentes para facer efectiva a expulsión. Neste caso, a Presidencia, sen prexuízo do establecido no artigo 103, poderá impoñerlle, ademais, a prohibición de asistir á seguinte sesión.

3. Cando se producir o suposto previsto no punto 1º do artigo anterior, o presidente requirirá ao deputado ou orador para que retire as ofensas proferidas e ordenará que non consten no *Diario de Sesións*. A negativa a este requirimento poderá dar lugar a sucesivas chamadas á orde, cos efectos previstos nos apartados anteriores deste artigo.

Sección 3ª. Da orde dentro do recinto parlamentario

Artigo 107

O presidente vela polo mantemento da orde dentro de todas as dependencias do Parlamento. Para este efecto pode tomar todas

as medidas que considere pertinentes, incluída a de poñer á disposición xudicial as persoas responsables.

Artigo 108

Calquera persoa que no recinto parlamentario, en sesión ou fóra dela, promover desorde grave coa súa conduta de obra ou palabra será inmediatamente expulsada. Se se tratar dun deputado, o presidente suspenderao, ademais, no acto, dos seus dereitos parlamentarios por prazo de ata un mes, sen prexuízo de que a Cámara, por proposta da Mesa e de acordo co previsto no artigo 103, poida ampliar ou agravar a sanción.

Artigo 109

1. O presidente velará, nas sesións públicas, polo mantemento da orde das tribunas.
2. Os que nestas deren mostras de aprobación ou desaprobación, perturbaren a orde ou faltaren á debida compostura serán inmediatamente expulsados do pazo por indicación da Presidencia, ordenando, cando o estime conveniente, que os servizos de seguridade da Cámara levanten as oportunas dilixencias por se os actos producidos puidesen ser constitutivos de delito ou de falta.

TÍTULO VI

Do procedemento lexislativo

CAPÍTULO I

Da iniciativa lexislativa

Artigo 110

A iniciativa lexislativa, sen prexuízo do disposto no artigo 87.2 da Constitución e no 10.1.f) do Estatuto de autonomía, correspóndelle:

1. Aos deputados e aos grupos parlamentarios de acordo co que establece este Regulamento.
2. Á Xunta ou ao Goberno de Galicia.
3. Aos cidadáns, de acordo co artigo 87.3 da Constitución española e da lei orgánica que o desenvolva.

CAPÍTULO II

Do procedemento lexislativo común

Sección 1ª. Dos proxectos de lei

Artigo 111

1. Os proxectos de lei remitidos pola Xunta de Galicia deben ir acompañados dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para se poder pronunciar.
2. A Mesa do Parlamento mandará que se publiquen, que se abra o prazo de emendas e, oída a Xunta de Portavoces, que se tramiten na Comisión correspondente.

Artigo 112

1. Publicado un proxecto de lei, os deputados e os grupos parlamentarios terán un prazo de quince días para presentar emendas a aquel mediante escrito dirixido á Mesa da Comisión. O escrito de emendas deberá levar a sinatura do portavoz do grupo ao que pertenza o deputado ou da persoa que substitúa a aquel, para os meros efectos de coñecemento. A omisión deste trámite poderá repararse antes do comezo da discusión en Comisión.
2. As emendas poderán ser á totalidade ou ao articulado.
3. Serán emendas á totalidade as que versen sobre a oportunidade, os principios ou o espírito do proxecto de lei e postulen a devolución daquel á Xunta, ou as que propoñan un texto completo alternativo ao do proxecto. Só poderán ser presentadas polos grupos parlamentarios ou por un deputado coa sinatura doutros catro.
4. As emendas ao articulado poderán ser de supresión, modificación ou adición. Nos dous últimos supostos, a emenda deberá conter o texto completo que se propoña.
5. A tal fin, e en xeral, para todos os efectos do procedemento lexislativo, cada disposición adicional, derradeira, derogatoria ou transitoria terá a consideración dun artigo, ao igual ca o título da lei, as rúbricas das distintas partes nas que estea sistematizado, a propia ordenación sistemática e a exposición de motivos.

Artigo 113

1. As emendas a un proxecto de lei que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios requirirán a conformidade da Xunta de Galicia para a súa tramitación.
2. Para tal efecto, a Ponencia encargada de redactar o informe remitiralle á Xunta de Galicia, por conduto da Presidencia do Parlamento, as que supoñan o antedito aumento ou mingua.
3. A Xunta de Galicia deberá dar resposta razoada no prazo de quince días. Transcorrido este, entenderase que o silencio da Xunta de Galicia expresa conformidade.
4. A Xunta de Galicia poderá manifestar a súa desconformidade coa tramitación de emendas que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios en calquera momento da tramitación, de non ter sido consultada na forma que sinalan os apartados anteriores.
5. Cando se tratar de emendas que, aínda implicando mingua de ingresos tributarios, non estiveren suxeitas á conformidade da Xunta de Galicia para a súa tramitación, ademais dos requisitos de carácter xeral, deberán propoñer unha baixa correlativa dos gastos.

Artigo 114

1. O debate de totalidade dos proxectos de lei no Pleno procederá cando estiveren presentadas, dentro do prazo regulamentario, emendas á totalidade. O presidente da Comisión, neste caso, trasladaralle ao presidente do Parlamento de Galicia as emendas á totalidade que estivesen presentadas para a súa inclusión na orde do día da sesión plenaria na que se teñan de debater.
2. O debate de totalidade desenvolverase con suxeición ao establecido neste Regulamento para os deste carácter, se ben unha vez defendidas todas as emendas, e como regra xeral, se establecerá unha rolda a favor e outra en contra sobre elas, e unha rolda de portavoces para os grupos non emendantes.
3. Terminada a deliberación, o presidente someterá a votación as emendas á totalidade defendidas, comezando por aquelas que propoñan a devolución do proxecto á Xunta.

4. Se o Pleno acordar a devolución do proxecto, este quedará desbotado e o presidente do Parlamento de Galicia comunicarallo ao da Xunta. No caso contrario, remitiráselle á Comisión para proseguir a súa tramitación.

5. Se o Pleno aprobar unha emenda á totalidade das que propoñan un texto alternativo, daráselle traslado deste á Comisión correspondente, publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e procederase a abrir un novo prazo de presentación de emendas, que só poderán formularse sobre o articulado.

Artigo 115

1. Finalizado o debate de totalidade, se o houber, e en todo caso o prazo de presentación de emendas, a Comisión nomeará no seu seo un ou varios ponentes para que, á vista do texto e das emendas presentadas ao articulado, redacte un informe no prazo de quince días.

2. A Mesa da Comisión, sen prexuízo do establecido no apartado 3 do artigo 43 do presente Regulamento, poderá prorrogar o prazo para a emisión do informe, cando a transcendencia ou complexidade do proxecto de lei así o esixir.

3. A Ponencia encargada de redactar o informe poderá establecer un trámite de audiencia de altos cargos da Xunta de Galicia, de persoas expertas e de representantes de colectivos sociais que poidan resultar especialmente afectados pola materia sobre a cal verse o proxecto de lei.

Artigo 116

1. Concluído o informe da Ponencia, comezará o debate en Comisión, que se fará artigo por artigo. En cada un deles poderán facer uso da palabra os emendantes ao artigo e os membros da Comisión.

2. As emendas que estivesen presentadas en relación coa exposición de motivos discutiranse ao final do articulado, se a Comisión acordar incorporar a devandita exposición de motivos como preámbulo da lei.

3. Durante a discusión dun artigo, a Mesa poderá admitir a trámite novas emendas que se presenten neste momento por escrito por un membro da Comisión, sempre que tendan a alcanzar un acordo

por aproximación entre as emendas xa formuladas e o texto do artigo. Tamén se admitirán a trámite emendas que teñan por finalidade reparar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais.

Artigo 117

1. Na dirección dos debates da Comisión, a Presidencia da Mesa exercerá as funcións que neste Regulamento se lles confiran á Presidencia e á Mesa do Parlamento.

2. O presidente da Comisión, de acordo coa Mesa desta, poderá establecer o tempo máximo da discusión para cada artigo, o que corresponda a cada intervención, á vista do número de peticións de palabra, e o total para a conclusión do ditame.

Artigo 118

O ditame da Comisión, asinado polo seu presidente e polo secretario, remitiráselle ao presidente do Parlamento para efectos da tramitación subseguinte que proceder.

Artigo 119

Os grupos parlamentarios e deputados, dentro das corenta e oito horas seguintes á data de terminación do ditame, en escrito dirixido ao presidente da Cámara, deberán comunicar os votos particulares e as emendas que, despois de ser defendidas e votadas en Comisión e non incorporadas ao ditame, pretendan defender no Pleno.

Artigo 120

1. O debate no Pleno comezará pola presentación que do ditame da Comisión faga o presidente desta ou un deputado en quen delegue, por un tempo de dez minutos.

A continuación os grupos parlamentarios dispoñerán sucesivamente dunha rolda de quince minutos para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defender as emendas e os votos particulares non incorporados a aquel e que oportunamente reservasen.

O debate pecharase con outra rolda de cinco minutos para que sucesivamente os grupos se definan sobre as emendas e os votos particulares defendidos polos demais.

2. A Presidencia da Cámara someterá a votación as emendas e os votos particulares mantidos, e incorporaranse ao texto os que resulten aprobados.

3. Durante o debate a Presidencia poderá admitir emendas que teñan por finalidade reparar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais. Só se poderán admitir a trámite as emendas de transacción entre as xa presentadas e o texto do ditame, cando se formulen por escrito e ningún grupo parlamentario se opoña á súa admisión. En todo caso, esta comportará a retirada das emendas respecto das que se transaccionen.

4. Finalmente a Presidencia someterá a votación o ditame da Comisión coas emendas e cos votos particulares que fosen incorporados.

Artigo 121

Terminado o debate dun proxecto, se, como consecuencia da aprobación dun voto particular ou dunha emenda ou da votación dos artigos, o texto resultante puider ser incongruente ou escuro nalgún dos seus puntos, a Mesa da Cámara poderá, por iniciativa propia ou por petición da Comisión, enviar o texto aprobado polo Pleno de novo á Comisión, co único fin de que esta, no prazo dun mes, efectúe unha redacción harmónica que deixe a salvo os acordos do Pleno. O ditame así redactado someterase á decisión final do Pleno, que deberá aprobalo ou rexeitalo no seu conxunto, nunha soa votación.

Sección 2ª. Das proposicións de lei

Artigo 122

As proposicións de lei dos deputados presentaranas acompañadas dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para se poder pronunciar sobre elas:

1º. Un deputado coa sinatura doutros catro membros da Cámara.

2º. Un grupo parlamentario coa sinatura do seu portavoz.

Artigo 123

1. Exercitada a iniciativa, a Mesa do Parlamento ordenará a publicación da proposición de lei e a súa remisión á Xunta de Galicia, para que manifeste o seu criterio respecto da toma en consideración, así como a súa conformidade ou non á tramitación se implicar aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios.
2. Transcorridos quince días sen que a Xunta de Galicia manifestase o seu criterio ou negase expresamente a súa conformidade á súa tramitación, no suposto de implicar aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios do exercicio, a proposición de lei quedará en condicións de ser incluída na orde do día do Pleno para a súa toma en consideración.
3. Antes de iniciar o debate, darase lectura ao criterio da Xunta se o houber. O debate axustarase ao establecido para os de totalidade.
4. Acto seguido, o presidente preguntará se a Cámara toma ou non en consideración a proposición de lei de que se tratar. En caso afirmativo, a Mesa da Cámara acordará o seu envío á Comisión competente e a apertura do correspondente prazo de presentación de emendas. A proposición seguirá o trámite previsto para os proxectos de lei, correspondéndolle a un dos propoñentes ou a un deputado do grupo autor da iniciativa a presentación dela ante o Pleno.

Artigo 124

As proposicións de lei de iniciativa popular deben ser examinadas pola Mesa do Parlamento para ver de que cumpran os requisitos legalmente establecidos. Se os cumpriren, a tramitación axustarase ao previsto no artigo anterior, coas especificidades que poidan derivar das leis que regularán esta iniciativa.

Sección 3ª. Da retirada de proxectos e proposicións de lei

Artigo 125

1. O Goberno poderá retirar un proxecto de lei en calquera momento da súa tramitación ante a Cámara sempre que non tiver recaído acordo final desta.

2. Mentres non se acordar tomar en consideración unha proposición de lei, o propoñente poderá decidir retirala; esta iniciativa terá plenos efectos por ela mesma. Tomada en consideración, a retirada só será efectiva se a aceptar o Pleno da Cámara.

CAPÍTULO III

Das especialidades no procedemento legislativo

Sección 1ª. Dos proxectos e das proposicións de lei de desenvolvemento básico do Estatuto de Galicia

Artigo 126

1. A iniciativa legislativa regulada no artigo 110 deste Regulamento pódese exercer, así mesmo, en relación coas leis de desenvolvemento básico que prevé o Estatuto de Galicia.

2. Non obstante, a Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces e logo de iniciativa de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados, pode decidir que nestas materias a iniciativa parlamentaria sexa exercida polos grupos parlamentarios. Con esta finalidade, a Comisión competente nomeará no seu seo unha Ponencia para que elabore o texto da proposición de lei. Para a publicación da proposición haberá que aterse ao que dispoñen os artigos 111 e 112 deste Regulamento.

3. Recibido o proxecto, a proposición de lei ou o texto elaborado pola Ponencia referida no apartado anterior, seguirase o procedemento legislativo común.

Artigo 127

1. En todo caso, a aprobación das leis a que se refire o apartado 1 do artigo 126 deste Regulamento require o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento nunha votación final de totalidade. A votación será anunciada con antelación polo presidente do Parlamento. Se non se consegue a citada maioría, a Comisión emitirá novo ditame no prazo dun mes.

2. O debate sobre o novo ditame axearase ás normas que regulan os de totalidade. Se na votación se consegue o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento, considerarase

aprobado, entendéndose definitivamente rexeitado no caso contrario.

3. A modificación ou derogación das leis de desenvolvemento básico do Estatuto de Galicia igualmente require en todo caso o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento nunha votación final de totalidade.

Sección 2ª. Da reforma do Estatuto de Galicia

Artigo 128

1. Os proxectos e as proposicións de reforma estatutaria a que se refiren os artigos 56 e 57 do Estatuto de Galicia tramitaranse de acordo coas normas establecidas nos artigos 126 e 127 deste Regulamento, pero para seren aprobados será preciso o voto favorable dos dous terzos dos membros de dereito do Parlamento.

2. Aprobado o proxecto de reforma, o presidente do Parlamento remitirallo ás Cortes Xerais para a súa tramitación ulterior.

Sección 3ª. Do Proxecto de lei de orzamentos

Artigo 129

1. No exame, na emenda e na aprobación dos orzamentos aplicase o procedemento lexislativo común, agás o disposto na presente sección.

2. O Proxecto de lei de orzamentos gozará de preferencia na tramitación con respecto aos demais traballos da Cámara.

3. As emendas ao Proxecto de lei de orzamentos que supoñan aumento de créditos nalgún concepto unicamente poderán ser admitidas a trámite se, ademais de cumprir os requisitos xerais, propoñen unha baixa de igual contía na mesma sección.

4. As emendas ao Proxecto de lei de orzamentos que supoñan minoración de ingresos remitiránselle á Xunta de Galicia para que emita informe sobre elas no prazo de quince días.

5. Previamente á finalización do prazo de presentación das emendas parciais levaranse a cabo na Comisión 3ª as comparecencias que fosen solicitadas polos grupos parlamentarios e acordadas pola Mesa da Comisión 3ª. En todo caso, comparecerán os responsables das seccións orzamentarias e, sempre que fosen solicitadas,

os responsables dos entes instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma que xestionen os principais programas de gasto.

Artigo 130

1. O debate de totalidade do proxecto de lei de orzamentos será único, acumulándose nel tanto as emendas que postulen a súa devolución global coma a de calquera sección ou centro xestor de gastos. Para a súa defensa, os grupos que as formulasen dispoñerán dun tempo proporcional entre trinta e corenta e cinco minutos. Só estas emendas terán efectos devolutivos para o proxecto.

A seguir debateranse as emendas que afecten a contía global dos estados dos orzamentos ou que transfiran créditos entre seccións. Para a súa defensa cada grupo parlamentario dispoñerá dun tempo proporcional entre quince e trinta minutos.

2. O debate do orzamento referirase ao articulado e ao estado de autorización de gastos. Todo isto sen prexuízo do estudo doutros documentos que deban acompañar a aquel.

3. O presidente da Comisión e o da Cámara, de acordo coas súas respectivas Mesas, poderán ordenar os debates e as votacións na forma que máis se axeite á estrutura do orzamento.

4. O debate final dos orzamentos no Pleno da Cámara desenvolverase diferenciando o conxunto do articulado da lei e das súas seccións, as cales poderán ser obxecto dun debate conxunto.

Artigo 131

As disposicións deste apartado tamén son aplicables para a tramitación e a aprobación por parte do Parlamento dos orzamentos dos entes públicos da Xunta de Galicia, para os cales a lei establece a necesidade de aprobación do Parlamento.

Sección 4ª. Da competencia lexislativa plena das comisións

Artigo 132

1. O Pleno da Cámara, por maioría dos dous terzos, por proposta da Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, ou por iniciativa desta, pode delegar nas comisións a aprobación de proxectos e

proposicións de lei, agás as previstas no apartado 1 do artigo 126 e a reforma estatutaria do artigo 128; naquel caso, a Comisión actuará con capacidade lexislativa plena.

2. En todo momento, o Pleno pode reclamar o debate e a votación de calquera proxecto ou proposición de lei que fose obxecto de delegación. A iniciativa pode ser tomada pola Mesa do Parlamento, por dous grupos parlamentarios ou por unha quinta parte dos deputados.

Artigo 133

1. Para a tramitación destes proxectos e proposicións de lei aplicase o procedemento lexislativo común, agás o debate e a votación no Pleno, e coas especialidades que se establecen nos apartados seguintes.

2. Recibido o proxecto ou a proposición de lei, a Comisión nomeará unha Ponencia formada por un membro da Comisión pertencente a cada grupo parlamentario.

3. Aplicaráselle ao informe da Ponencia o que prevé o artigo 116 do Regulamento. A continuación, o Pleno da Comisión seguirá o trámite previsto nesta norma para a deliberación en Pleno.

Sección 5ª. Da tramitación dun proxecto de lei en lectura única

Artigo 134

1. Cando a natureza dun proxecto de lei o aconsellar ou a súa simplicidade de formulación o permitir, o Pleno da Cámara, por proposta da Mesa, oída a Xunta de Portavoces ou por iniciativa desta, poderá acordar que este proxecto se tramite directamente e en lectura única ante o Pleno ou ante unha Comisión.

2. Adoptado o acordo, procederase a un debate suxeito ás normas establecidas para os de totalidade e seguidamente o conxunto do proxecto someterase a unha soa votación.

TÍTULO VII

Da investidura, da moción de censura e da cuestión de confianza

CAPÍTULO I

Da investidura

Artigo 135

De conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 15 do Estatuto de Galicia, o presidente da Xunta de Galicia será elixido polo Parlamento de Galicia entre os seus membros e será nomeado por el-rei.

Artigo 136

Para a investidura do presidente da Xunta de Galicia aplicaranse, conforme o establecido no apartado 3 do artigo 15 do Estatuto de Galicia, as seguintes normas:

1ª. O presidente do Parlamento, consultados os representantes designados polos partidos ou polos grupos políticos con representación parlamentaria, propoñerá de entre os membros do Parlamento un candidato á Presidencia da Xunta. A proposta deberá formularse como máximo no termo de trinta días desde a constitución do Parlamento ou o cesamento do presidente.

2ª. A sesión comezará coa lectura da proposta polo secretario ou vicesecretario da Cámara. A seguir, o candidato proposto expoñerá, sen limitación de tempo, o programa político do Goberno que pretende formar, e solicitará a confianza da Cámara.

3ª. Tras o tempo de interrupción decretado pola Presidencia, que terá un mínimo de corenta e oito horas, intervirá cada grupo parlamentario que o solicite durante o tempo previamente fixado pola Mesa do Parlamento, de acordo coa Xunta de Portavoces.

4ª. O candidato proposto poderá facer uso da palabra tantas veces o solicitar. Cando contestar individualmente a un dos intervinientes, este terá dereito a réplica por dez minutos. Se o candidato contestar en forma global aos representantes dos grupos parlamentarios, estes terán dereito a unha réplica de dez minutos.

5ª. A votación levarase a efecto á hora fixada pola Presidencia.

6ª. Para ser elixido presidente da Xunta, o candidato deberá obter os votos da maioría absoluta. Esta elección comportará a aprobación do programa de Goberno. Se non acada esta maioría, procederase a unha segunda votación vinte e catro horas despois da anterior, e resultará elixido se obtén o voto favorable da maioría simple. Caso de non se conseguir esta maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

CAPÍTULO II

Da moción de censura

Artigo 137

O Parlamento de Galicia pode esixir a responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e dos conselleiros con suxeición ao establecido nos artigos 10, 15.4 e 17 do Estatuto de autonomía e nas leis de Galicia que o desenvolvan mediante a adopción dunha moción de censura.

Artigo 138

1. A moción deberá ser proposta, polo menos, pola quinta parte dos deputados en escrito motivado dirixido á Mesa do Parlamento e terá que incluír un candidato á Presidencia da Xunta.
2. A Mesa do Parlamento de Galicia, tras comprobar que a moción de censura reúne os requisitos sinalados no número anterior, admitiraa a trámite, dándolles conta da súa presentación ao presidente da Xunta e aos portavoces dos grupos parlamentarios.
3. Dentro dos dous días seguintes á presentación da moción de censura poderán presentarse mocións alternativas, que deberán reunir os mesmos requisitos sinalados no apartado anterior e estarán sometidas aos mesmos trámites de admisión sinalados no apartado precedente.
4. O debate iníciase pola defensa da moción de censura que, sen limitación de tempo, efectúe un dos deputados asinantes dela.
5. Tras a interrupción decretada pola Presidencia poderán intervir os grupos parlamentarios da Cámara que o solicitaren, por tempo de trinta minutos. Todos os intervinientes teñen dereito a unha rolda de réplica ou rectificación de dez minutos.

6. Se se presentase máis dunha moción de censura, o presidente da Cámara, oída a Xunta de Portavoces, poderá acordar o debate conxunto de todas as incluídas na orde do día, pero deberán de ser postas a votación por separado, seguindo a orde da súa presentación.

7. A moción ou as mocións de censura serán sometidas a votación á hora que previamente fose anunciada pola Presidencia e que non poderá ser anterior ao transcurso de cinco días desde a presentación da primeira no Rexistro Xeral.

8. A aprobación dunha moción de censura requirirá, en todo caso, o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento.

9. Ningún dos asinantes dunha moción de censura que fose rexeitada poderá asinar outra durante o mesmo período de sesións. Para este efecto a moción presentada entre un período de sesións e outro será imputada ao período seguinte.

10. Se prosperar unha moción de censura:

1º. Non se someterán a votación as restantes que se presentaron.

2º. A Xunta e o seu presidente cesarán e o candidato incluído nela entenderase investido da confianza da Cámara para os efectos previstos no artigo 136 deste Regulamento.

CAPÍTULO III

Da cuestión de confianza

Artigo 139

1. O presidente da Xunta pode formular ante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración política xeral.

2. A cuestión de confianza presentarase en escrito motivado ante a Mesa do Parlamento e o seu presidente daralle conta del á Xunta de Portavoces e convocará o Pleno.

3. O debate desenvolverase con suxeición ás mesmas normas establecidas para o de investidura, correspondéndolle ao presidente da Xunta, e se é o caso aos membros desta, as intervencións alí establecidas para o candidato.

4. Rematado o debate, a proposta de confianza será sometida a votación á hora que, previamente, fose anunciada pola Presidencia. A cuestión de confianza non poderá ser votada ata transcorren vinte e catro horas desde a súa presentación.

5. A confianza entenderase outorgada cando obteña o voto da maioría simple dos deputados. En caso de non ser outorgada, a Xunta e o seu presidente cesarán.

TÍTULO VIII

Do exame e debate de comunicacións, programas ou plans da Xunta de Galicia e outros informes

CAPÍTULO I

Das comunicacións da Xunta de Galicia

Artigo 140

1. Cando a Xunta de Galicia lle remitir ao Parlamento unha comunicación para o seu debate, que poderá ser ante o Pleno ou en Comisión, aquel iniciárase coa intervención dun membro da Xunta, tras a cal poderá facer uso da palabra, por tempo máximo de quince minutos, un representante de cada grupo parlamentario.

2. Os membros da Xunta de Galicia poderán contestar ás cuestións formuladas de forma illada, conxunta ou agrupadas por razón da materia. Todos os intervinientes poderán replicar durante un prazo máximo de dez minutos cada un.

Artigo 141

1. Rematado o debate, abrírase un prazo de trinta minutos durante o cal os grupos parlamentarios poderán presentar ante a Mesa propostas de resolución. A Mesa admitirá as propostas que sexan congruentes coa materia obxecto do debate.

2. As propostas admitidas poderán ser defendidas durante un tempo máximo de dez minutos. O presidente poderá conceder unha rolda en contra polo mesmo tempo tras a defensa de cada unha delas.

3. As propostas de resolución serán votadas segundo a orde de presentación, agás aquelas que signifiquen o rexeitamento glo-

bal do contido da comunicación da Xunta, que se votarán en primeiro lugar.

CAPÍTULO I *BIS*

Do debate anual sobre política xeral da Comunidade Autónoma

Artigo 141 *bis*

1. Con carácter anual o Pleno celebrará o debate sobre política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Non caberá celebrar este debate cando no mesmo ano a Cámara investise o presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia.
2. O debate iniciarase coa intervención do presidente ou da presidenta da Xunta de Galicia, sen límite de tempo. A continuación, a Presidencia do Parlamento poderá interromper a sesión, tras a cal haberá unha intervención dunha persoa que represente a cada grupo parlamentario polo tempo que fixe a Presidencia, oída a Xunta de Portavoces.
3. O presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia poderá contestar aos grupos parlamentarios de maneira illada ou conxunta sen límite de tempo e poderá intervir cantas veces o solicite. Todos os grupos parlamentarios poderán replicar durante un tempo máximo de quince minutos cada un, sen prexuízo da contrarréplica final da persoa titular da Presidencia da Xunta.
4. Ao rematar o debate, a Mesa abrirá un prazo durante o cal os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de resolución no número máximo que fixe a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, referidas ás grandes liñas de política xeral e de enumeración simple. A Mesa admitirá as propostas que sexan congruentes coas materias obxecto do debate.
5. As propostas admitidas poderán ser defendidas durante un tempo máximo de trinta minutos. A Presidencia do Parlamento ordenará o debate de defensa ou posicionamento sobre as propostas.
6. A Presidencia do Parlamento ordenará a votación das propostas de resolución unha vez rematado o debate.

CAPÍTULO II

Do exame dos programas e plans remitidos pola Xunta de Galicia

Artigo 142

1. Se a Xunta de Galicia remitir un programa ou plan que requira o pronunciamento do Parlamento, a Mesa ordenará o seu envío á Comisión competente.
2. A Mesa da Comisión organizará a tramitación e fixará prazos dela. A Comisión designará, se é o caso, unha Ponencia que estude o programa ou plan en cuestión. O debate na Comisión axectarase ao previsto no capítulo anterior, entendéndose que o prazo para a presentación de propostas de resolución será de tres días, se a Mesa do Parlamento decidise que aquelas deben debaterse no Pleno da Cámara.

CAPÍTULO II

Das informacións da Xunta

Artigo 143

1. Os membros da Xunta, por petición propia ou cando así o solicitar a Comisión correspondente, comparecerán ante esta para celebrar unha sesión informativa.
2. O desenvolvemento da sesión constará das seguintes fases: exposición oral do conselleiro, suspensión por un tempo máximo de corenta e cinco minutos, para que os deputados e grupos parlamentarios poidan preparar a formulación de preguntas ou observacións, e posterior contestación destas polo membro da Xunta.
3. Os membros da Xunta poderán comparecer, para estes efectos, asistidos de autoridades e funcionarios das súas consellarías.

Artigo 144

1. Os membros da Xunta, por petición propia, ou por acordo da Mesa da Cámara e da Xunta de Portavoces, deberán comparecer ante o Pleno ou calquera das súas comisións para informaren sobre un asunto determinado. A iniciativa para a adopción de tales acordos corresponderalles a dous grupos parlamentarios ou á quinta parte dos membros da Cámara ou da Comisión, segundo os casos.

2. Despois da exposición oral da Xunta, poderán intervir os representantes de cada grupo parlamentario por dez minutos fixando posicións, formulando preguntas ou facendo observacións, ás que contestará aquel sen ulterior votación.

3. En casos excepcionais, a Presidencia poderá, de acordo coa Mesa e oída a Xunta de Portavoces, abrir unha rolda para que os deputados poidan concisamente formular preguntas ou pedir aclaracións sobre a información facilitada. O presidente, para o efecto, fixará un número ou tempo máximo de intervencións.

TÍTULO IX

Do control sobre as disposicións da Xunta con forza de lei

Artigo 145

A Xunta, en canto fixer uso da delegación prevista no artigo 10.1 do Estatuto de Galicia, dirixiralle ao Parlamento a correspondente comunicación, que conterá o texto articulado ou refundido obxecto daquela e que será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Artigo 146

1. Cando, de conformidade co establecido no artigo 10.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, as leis de delegación estableceren que o control adicional da lexislatura delegada o realice o Parlamento galego, procederase conforme o establecido no presente artigo.

2. Se dentro do mes seguinte á publicación do texto articulado ou refundido ningún deputado ou grupo parlamentario formulase obxeccións, entenderase que a Xunta fixo uso correcto da delegación lexislativa.

3. Se dentro do referido prazo se formular algún reparo á delegación en escrito dirixido á Mesa do Parlamento, esta remitirallo á correspondente Comisión da Cámara, que deberá emitir ditame ao respecto no prazo que para o efecto se sinala.

4. O ditame será debatido no Pleno da Cámara consonte as normas xerais do procedemento lexislativo.

5. Os efectos xurídicos do control serán os previstos na lei de delegación.

TÍTULO IX Das interpelacións e preguntas

CAPÍTULO I Das interpelacións

Artigo 147

Os deputados e os grupos parlamentarios poderán formularlles interpelacións á Xunta e a cada un dos seus membros.

Artigo 148

1. As interpelacións terán que presentarse por escrito ante a Mesa do Parlamento e versarán sobre motivos ou propósitos da actuación do Executivo ou das consellarías, en materias de política xeral ou cuestións de acentuada relevancia.
2. A Mesa cualificará o escrito e, en caso de que o seu contido non sexa propio dunha interpelación, conforme o establecido no apartado precedente, comunicarllo ao seu autor para a súa conversión en pregunta con resposta oral ou por escrito.

Artigo 149

1. Transcorridos sete días desde a publicación da interpelación, esta estará en condicións de ser incluída na orde do día do Pleno.
2. As interpelacións incluíranse na orde do día, dándolles prioridade ás dos deputados de grupos parlamentarios ou ás dos propios grupos parlamentarios que no correspondente período de sesións non consumisen a cota resultante de asignar unha interpelación por cada tres deputados ou fracción pertencentes a el. Sen prexuízo do mencionado criterio, aplicarase o da prioridade na presentación. En ningunha orde do día se poderán incluír máis de dúas interpelacións dun mesmo grupo parlamentario.
3. Finalizado un período de sesións, as interpelacións pendentes tramitaranse como preguntas con resposta por escrito, que serán contestadas antes da iniciación do seguinte período, a non ser que o deputado ou grupo parlamentario interpelante manifeste a súa vontade de manter a interpelación para o antedito período.

Artigo 150

As interpelacións substanciaranse, como máximo, na segunda sesión plenaria despois de publicada, perante o Pleno, e darán lugar a unha rolda de exposicións polo autor ou a autora da interpelación, á contestación da Xunta e a cadansúa rolda de réplica. As primeiras intervencións non poderán exceder de dez minutos nin as réplicas de cinco minutos.

Artigo 151

1. Toda interpelación poderá dar lugar a unha moción na que a Cámara manifeste a súa posición.
2. O grupo parlamentario interpelante ou aquel ao que pertenza o asinante da interpelación deberá presentar a moción nos tres días seguintes ao da substanciación daquela ante o Pleno. A moción, unha vez admitida pola Mesa, incluírase na orde do día da seguinte sesión plenaria, e poderán presentarse emendas ata seis horas antes do comezo desta. A Mesa admitirá a moción se é congruente coa interpelación.
3. O debate e a votación realizaranse de acordo co establecido para as proposicións non de lei.

CAPÍTULO II **Das preguntas**

Artigo 152

1. Os deputados e as deputadas poderán formular preguntas á Xunta de Galicia e a cada un dos seus membros.
2. Nas sesións plenarias ordinarias as e os portavoces dos grupos parlamentarios poderanlle formular preguntas á Presidencia da Xunta de Galicia. A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, fixará o número e a distribución proporcional en cada período de sesións.

Artigo 153

1. As preguntas terán que presentarse por escrito ante a Mesa do Parlamento.

2. Non será admitida a pregunta de exclusivo interese persoal de quen a formula ou de calquera outra persoa singularizada, nin a que supoña consulta de índole estritamente xurídica.

3. A Mesa cualificará o escrito e admitirá a pregunta se se axeitar ao establecido no presente capítulo.

Artigo 154

En defecto de indicación, entenderase que quen formula a pregunta solicita resposta por escrito e, se solicitar resposta oral e non o especificar, entenderase que esta ha de ter lugar na Comisión correspondente.

Artigo 155

1. Cando se pretenda a resposta oral ante o Pleno, o escrito non poderá conter máis ca unha concisa e estrita formulación dunha soa cuestión interrogando sobre un feito, unha situación ou unha información, sobre se a Xunta tomou ou vai tomar algunha providencia en relación co asunto, ou se lle vai remitir ao Parlamento algún documento ou informalo acerca dalgún extremo.

2. As preguntas estarán en condicións de ser incluídas na orde do día unha vez transcorridos catro días da súa publicación, e darase prioridade ás presentadas polos deputados e as deputadas que aínda non formulasen preguntas no Pleno no mesmo período de sesións. Sen prexuízo deste criterio, a Presidencia, de acordo coa Xunta de Portavoces, sinalará o número de preguntas que se van incluír na orde do día de cada sesión plenaria e o criterio de distribución entre deputados e deputadas correspondentes a cada grupo parlamentario.

3. No debate, tras a concisa formulación da pregunta polo deputado, contestará a Xunta. Aquel poderá intervir a continuación para replicar ou preguntar, e, tras a nova intervención da Xunta, terminará o debate. Os tempos distribuíraos o presidente entre os intervinientes, sen que en ningún caso a formulación da pregunta poida exceder de cinco minutos. Rematado o tempo dunha intervención, o presidente automaticamente daralle a palabra a quen deba intervir a continuación ou pasará á cuestión seguinte.

4. A Xunta poderá solicitar, motivadamente, en calquera momento e por unha soa vez, respecto de cada pregunta, que sexa posposta para a orde do día da seguinte sesión plenaria.

5. Cando unha pregunta fose cualificada como urxente, a súa inclusión na orde do día requirirá comunicación á Xunta de Galicia con corenta e oito horas de antelación ao desenvolvemento daquel.

Artigo 156

1. As preguntas respecto das cales se pretenda resposta oral en comisión estarán en condicións de ser incluídas na orde do día unha vez transcorridos catro días desde a súa publicación.

2. Tramitaranse conforme o establecido no apartado 3 do artigo anterior, coa particularidade de que as primeiras intervencións serán por tempo de dez minutos e as de réplica de cinco. Poderán comparecer para respondelas os conselleiros, directores xerais ou subdirectores xerais da Administración autonómica.

3. Rematado un período de sesións, as preguntas pendentes tramitaranse como preguntas con resposta por escrito, que serán contestadas antes da iniciación do seguinte período de sesións.

Artigo 157

1. A contestación por escrito ás preguntas deberá realizarse dentro dos vinte días seguintes á súa publicación, podendo prorrogarse este prazo por petición motivada da Xunta e por acordo da Mesa do Parlamento por outro prazo de ata vinte días máis.

2. Se a Xunta non enviar a contestación no devandito prazo, o presidente da Cámara, por petición do autor da pregunta, ordenará que se inclúa na orde do día da seguinte sesión da Comisión competente, onde recibirá o tratamento das preguntas orais, dándoselle conta de tal decisión á Xunta.

CAPÍTULO III

Normas comúns

Artigo 158

Nas semanas nas que exista sesión ordinaria do Pleno, dedícanse, por regra xeral, dúas horas como tempo mínimo a preguntas e interpelacións.

Artigo 159

1. O presidente da Cámara está facultado para acumular e ordenar que se debatan simultaneamente as interpelacións ou preguntas incluídas nunha orde do día e relativas ao mesmo tema ou a temas conexos entre si.

2. A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, poderá declarar non admisibles a trámite aquelas preguntas ou interpelacións cuxo texto incorra nos supostos contemplados no número 1º do artigo 105 deste Regulamento.

TÍTULO IX

Das proposicións non de lei

Artigo 160

Os grupos parlamentarios poderán presentar proposicións non de lei a través das cales lle formulen propostas de resolución á Cámara.

Artigo 161

1. As proposicións non de lei deberán presentarse por escrito á Mesa do Parlamento, que decidirá sobre a súa admisibilidade, ordenará, se é o caso, a súa publicación e acordará a súa tramitación ante o Pleno ou a Comisión competente en función da importancia dos temas obxecto da proposición.

2. Publicada a proposición non de lei poderán presentar emendas os grupos parlamentarios ata seis horas antes do comezo da sesión na que se deba de debater.

3. Para a inclusión das proposicións non de lei na orde do día do Pleno haberá que aterse ao disposto respecto das interpelacións, no apartado 2 do artigo 149 deste Regulamento.

Artigo 162

1. A proposición non de lei será obxecto de debate, no que poderá intervir, tras o grupo parlamentario autor daquela, un representante de cada un dos grupos parlamentarios que presentasen emendas e, a seguir, daqueles que non o fixesen. Unha vez concluídas estas intervencións, a proposición, coas emendas aceptadas polo propoñente daquela, será sometida a votación.

2. O presidente da Comisión ou da Cámara poderá acumular, para efectos de debate, as proposicións non de lei relativas a un mesmo tema ou a temas conexos entre si.

TÍTULO XII

Procedementos legislativos especiais

Artigo 163

1. A elaboración de proposicións de lei que se vaian presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados e mais a solicitude ao Goberno do Estado da adopción dos proxectos de lei a que se refire o apartado f) do artigo 10.1 do Estatuto de autonomía de Galicia faranse de acordo co que prevé este Regulamento para o procedemento legislativo ordinario.

2. As proposicións e os proxectos de lei a que se refire o apartado anterior deberán ser aprobados, en derradeira votación, polo Pleno do Parlamento de Galicia, por maioría absoluta.

3. Para a designación dos deputados que teñan que defender as proposicións de lei no Congreso dos Deputados, segundo o que prevé o artigo 10.1, apartado f), do Estatuto de autonomía de Galicia, cada deputado escribirá un nome na papeleta correspondente. Resultarán elixidos, ata un máximo de tres, no número que previamente fixará o Pleno por maioría absoluta, os deputados que obteñan máis votos. Se cumprir, a votación repetirase entre os que obtivesen maior número de votos.

TÍTULO XIII

Dos recursos de inconstitucionalidade e dos conflitos de competencia

Artigo 164

1. De acordo co que establece o artigo 10, apartado 1.g), do Estatuto de autonomía de Galicia, chegado o caso, o Pleno do Parlamento, en convocatoria específica, adoptará por maioría absoluta os acordos seguintes:

1º. Interpoñer o recurso de inconstitucionalidade a que se refire o apartado 1.a) do artigo 161 da Constitución.

2º. Comparecer nos conflitos de competencias a que fai referencia o apartado c) do nº 1 do artigo 161 da Constitución e designar o deputado ou os deputados que representarán ao Parlamento de Galicia.

3º. Determinar que sexa a Xunta de Galicia a que compareza nos conflitos a que se refire o punto anterior.

2. No suposto previsto no punto 3º deste artigo, terán que especificarse con claridade os preceptos da disposición, ou os puntos da resolución ou do acto en vicio de incompetencia, así como as disposicións legais constitucionais das que resulte o vicio.

TÍTULO XIV

Da designación dos senadores e do nomeamento do defensor do pobo

Artigo 165

1. O Pleno do Parlamento, en convocatoria específica, designará os senadores que representarán á Comunidade Autónoma galega no Senado, de acordo co artigo 10.1.c) do Estatuto de autonomía de Galicia.

2. A Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, fixará o número de senadores que lle corresponden proporcionalmente a cada grupo parlamentario.

3. O presidente do Parlamento fixará o prazo no que os representantes dos diferentes grupos parlamentarios deberán de propoñer os seus candidatos. Rematado este termo, o presidente fará públi-

cas as resolucións correspondentes e convocará o Pleno do Parlamento para que as ratifique.

4. Se cumprir substituír a algúns dos senadores a que se refiren os apartados 1 e 3 deste artigo, o substituto será proposto polo mesmo grupo parlamentario que o propuxese.

Artigo 166

O defensor do pobo será designado polo Pleno do Parlamento de Galicia, de acordo co procedemento que estableza a lei de Galicia a que se refire o artigo 14 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Disposición transitoria primeira

1. Se transcorreren dous meses a partir da primeira votación de investidura e ningún candidato proposto obtivese a confianza do Parlamento, aplicaranse as leis e disposicións do Estado conforme o disposto na disposición transitoria terceira do Estatuto de autonomía de Galicia, en tanto non se aprobase a lei prevista no apartado 4 do artigo 14 do devandito Estatuto.

2. En tanto non se diten as leis a que fai referencia o artigo 137 do presente Regulamento, a responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e de cada un dos conselleiros esixirase conforme o previsto no Estatuto de Galicia e neste Regulamento.

Disposición transitoria segunda

Os deputados prestarán o xuramento ou a promesa de acatar a Constitución e o Estatuto de Galicia na sesión plenaria seguinte á de aprobación deste Regulamento.

Disposición transitoria terceira

As comisións ás que se refire o artigo 45 deste Regulamento constituiranse dentro dos dez días seguintes ao da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira

A presente reforma do Regulamento entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tamén se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira segunda

A reforma do presente Regulamento tramitarase polo procedemento establecido para as proposicións de lei de iniciativa do Parlamento. A súa aprobación requirirá unha derradeira votación de totalidade por maioría absoluta.

Disposición derradeira terceira

Unha vez aprobadas as leis referidas no artigo 128 do presente Regulamento, e concordantes do Estatuto de autonomía de Galicia e mais as relativas a outras institucións, a Comisión de Regulamento axeitará este mediante o procedemento previsto na disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira cuarta

Os dereitos, deberes, situacións, funcións e competencias dos funcionarios ao servizo do Parlamento de Galicia serán determinados polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

O Parlamento, a través da Mesa, poderá contratar, con carácter temporal, o servizo de expertos sempre que o requira o traballo das comisións, logo de acordo da Mesa destas e por proposta do seu presidente.

Disposición derradeira quinta

A Mesa do Parlamento habilitará os sistemas tecnolóxicos e técnicos adecuados para garantir a participación nos debates e nas votacións non presenciais previstos neste Regulamento e adoptará as disposicións e as medidas necesarias para a posta en práctica deste procedemento e dos métodos de verificación persoal.

Disposición derogatoria

Coa aprobación e entrada en vigor do presente Regulamento quedan derogadas todas as normas de carácter regulamentario aprobadas polo Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 1993

Victorino Núñez Rodríguez

Presidente

3. ACORDOS INTERPRETATIVOS E NORMAS COMPLEMENTARIAS DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO DE GALICIA

3.1. Resolución da Mesa do Parlamento, do 17 de abril de 1984, sobre o artigo 150.1 do Regulamento relativo ao prazo de subxanciación das interpelacións.

3.2. Resolución da Mesa do Parlamento, do 11 de abril de 1986, sobre os artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento, relativa á delegación nas mesas das comisións das facultades destas para pedir información ás institucións autonómicas, requirir a presenza doutras persoas e acordar a comparecencia para informar dos membros da Xunta. BOPG núm. 20, 24-04-86.

3.3. Resolución da Mesa do Parlamento, do 20 de xuño de 1986, sobre o artigo 161 do Regulamento da Cámara, relativo ao contido, ao prazo de inclusión na orde do día e á cualificación das emendas presentadas ás proposicións non de lei, modificada por resolución da Mesa do Parlamento, do 30 de agosto de 2005. BOPG núm. 40, 11-07-86.

3.4. Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de setembro de 1986, sobre normas de funcionamento da Comisión de Control da Compañía de Radio Televisión de Galicia e das súas sociedades. BOPG núm. 43, 8-09-86.

3.5. Acordo da Mesa do Parlamento, do 16 e 20 de setembro de 1988, verbo do prazo para a inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións, modificada polo acordo da Mesa do 19 de maio de 2006. BOPG núm. 300, 5-10-88.

3.6. Acordo interpretativo do artigo 73.1 do Regulamento, sobre a alteración da orde do día das sesións do Pleno, aprobado pola Mesa do parlamento o día 29 de agosto de 1989. BOPG núm. 411, 4-09-89.

3.7. Normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa do Parlamento o día 28 de maio de 1991. BOPG núm. 151, 1-6-91.

3.8. Normas sobre a tramitación do proxecto de regulamento de réxime interior do Consello de Contas, aprobadas pola Mesa do Parlamento o día 31 de xaneiro de 1992. BOPG núm. 243, 28-02-92.

3.9. Acordo interpretativo do artigo 115 do Regulamento do Parlamento de Galicia sobre as facultades dos presidentes das

mesas das comisións na convocatoria e impulso do traballo das ponencias, aprobado pola Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 6 de maio de 1992. BOPG núm. 310, 12-09-92.

3.10. Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento do día 25 de marzo de 1993. BOPG núm. 400, 28-4-93.

3.11. Normas para a tramitación do proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da oficina do Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa do Parlamento o día 4 de decembro de 1995. BOPG núm. 389, 12-01-96.

3.12. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de agosto de 2008, polo que se aproban as Normas reguladoras da presentación da memoria anual da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia ante o Parlamento. BOPG núm. 599, fasc. 2, 4-9-08.

3.13. Acordo da Mesa do Parlamento, do día 10 de decembro de 2009, polo que se aproban as Normas para o nomeamento dun membro do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores. BOPG núm. 135, fasc. 3, 14-12-09.

3.14. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 2 de novembro de 2010, polo que se aproban as Normas supletorias do procedemento de audiencia do Parlamento de Galicia na autorización das fusións das caixas de aforros. BOPG núm. 346, 3-11-10, fasc. 2

3.15. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de marzo de 2012, polo que se aproban as Normas de elección dos membros do Consello de Administración e do director ou directora xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. BOPG núm. 654, fasc. 1, 7-3-12.

3.16. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de setembro de 2013, polo que se aproban os Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia. BOPG núm. 163, fasc. 1ª, 19-9-13.

3.17. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de setembro de 2013, polo que se aproban as Normas para a elección de catro membros do Consello Galego de Universidades pola Comi-

sión de Educación e Cultura do Parlamento. BOPG núm. 163, fasc. 1, 19-9-13.

3.18. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de febreiro de 2014, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento de designación de candidato ou candidata a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado. BOPG núm. 231, fasc. 1, 5-2-13.

3.19. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de novembro 2014, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento para a aprobación dos mandatos marco referidos aos obxectivos xerais da función de servizo público que debe cumprir a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. ao abeiro do establecido na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. BOPG núm. 376 fasc. 1, 20-11-14.

3.20. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de marzo de 2015, polo que se aproban as Normas supletorias do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes. BOPG núm. 433 fasc. 4, 19-3-15.

3.21. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de marzo de 2015, polo que se aproban as Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia. BOPG núm. 433 fasc. 4, 19-3-15.

3.22. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de setembro de 2015, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento para propoñer a persoa adxunta ao Valedor ou Valedora do Pobo. BOPG núm. 515 fasc. 2º, 9-9-15.

3.23. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de outubro de 2015, polo que aproban as Normas reguladoras do Rexistro de intereses da Cámara. BOPG núm. 540, fasc. 2, 25-10-15.

3.24. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 3 de decembro de 2016, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea. BOPG núm. 27, fasc. 2, 9-12-16.

3.1. Resolución da Mesa do Parlamento, do 17 de abril de 1984, sobre o artigo 150.1 do Regulamento da Cámara, relativo ao prazo de substanciación das interpelacións.

Suscitada cuestión na Xunta de Portavoces sobre a interpretación que deba dárselle ao apartado 1º do artigo 150 do Regulamento, a Mesa entende que para resolver a cuestión proposta se fan necesarias as seguintes consideracións previas:

a) Que a facultade que teñen os deputados e os grupos parlamentarios para lle formularen interpelacións á Xunta, recoñecida no artigo 147 do Regulamento da Cámara, consolídase ao ser cualificada e admitida a interpelación pola Mesa (artigo 30), quedando deste xeito en condición de poder levarse á orde do día do Pleno desde que transcorran quince días da súa publicación, gardando as prioridades establecidas no artigo 149.

b) Que o artigo 150 do devandito Regulamento puntualiza que as interpelacións se substanciarán perante o Pleno, como máximo, na segunda sesión plenaria despois de publicadas, sen que se faga difícil advertir que esta norma, aínda que establece un mandato, non contén para o caso de incumprimento ningunha sanción.

c) Que en tales condicións hai que entender a expresión nunha dobre finalidade:

– Constituír, a favor do suxeito activo da interpelación e mais das minorías parlamentarias, unha garantía de que toda interpelación, cualificada e admitida a trámite, debe ser levada ao Pleno no prazo establecido.

– Sinalar, doutra banda, a necesidade de manter unha organización do traballo que impida que as interpelacións perdan actualidade, principio que reforza o artigo 158.

Con estes antecedentes a Mesa entende que o incumprimento desa limitación temporal non pode xerar a decadencia ou caducidade da interpelación polos seguintes motivos:

1. Porque para que o tempo fixado no artigo 150 se puidese entender como termo da duración da interpelación, determinando no caso de non cumprirse a decadencia ou caducidade da mesma, faríase necesario que a norma o dixese así. Pero non só non o di, senón que, ademais, a norma é incompleta por non ter sanción.

2. Porque se se fixese unha interpretación extensiva e libre que tivese o tempo fixado como termo de caducidade, poñeríase a cargo do titular da interpelación unha responsabilidade que lle corresponde ao órgano encargado de levar a interpelación ao Pleno, e esa responsabilidade non pode recaer no deputado ou grupo parlamentario que formulan a interpelación, porque para exercitar o dereito de promovela non se lles piden outras instancias nin requisitos que o do simple exercicio da súa iniciativa ou a declaración de vontade de mantela no caso de rematar o período de sesións.

En virtude do que queda exposto, facendo uso da facultade que outorga o artigo 30.1 do repetido Regulamento, a Mesa acorda declarar que o tempo sinalado no apartado 1º do artigo 150 non é termo determinante da decadencia ou caducidade da interpelación, sen prexuízo de que se teña en conta no sucesivo na programación e formación da orde do día dos plenos.

3.2. Resolución da Mesa do Parlamento, do 11 de abril de 1986, sobre os artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento da Cámara, relativa á delegación nas mesas das comisións das facultades destas para pedirllas información ás institucións autonómicas, requirir a presenza dos membros da Xunta, solicitar a presenza doutras persoas e acordar a comparecencia para informar dos membros da Xunta.

O artigo 44.1 do Regulamento atribúelles ás comisións, a través do presidente do Parlamento, a facultade para pediren a información que necesiten nos termos do seu apartado 1º e para requiriren ou solicitaren a presenza dos membros da Xunta ou doutras persoas (funcionarios ou autoridades) competentes por razón da materia que se debate, coa finalidade de informaren sobre todas as cuestións nas que sexan consultados.

O artigo 143.1, pola súa banda, atribúelles ás comisións a facultade para solicitaren a comparecencia ante as mesmas dos membros da Xunta coa finalidade de celebrar unha sesión informativa.

Dunha interpretación literal dos devanditos artigos tírase que as facultades referidas se lles atribúen ás comisións sen máis aclaración e que, por riba, non contemplan iniciativa ningunha para o exercicio das mesmas.

A dúbida que respecto de ambos os dous artigos se suscita é que debe entenderse por Comisión, e a omisión que conteñen da sinalada iniciativa, fan que a Mesa do Parlamento, ao amparo do disposto no artigo 30.1.1º do Regulamento, resolva:

1. As facultades atribuídas polos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento ás comisións no seu conxunto entenderanse delegadas nas súas mesas, logo de acordo das comisións que habilitasen a delegación.
2. As iniciativas para o exercicio das facultades ás que se refiren os artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento corresponderanlles a dous grupos parlamentarios ou á quinta parte dos membros da Comisión, tanto nun coma noutro caso.
3. As devanditas iniciativas dirixiranse á Mesa da Comisión que cumpra e instrumentaranse a través do presidente do Parlamento.

3.3. Resolución da Mesa do Parlamento, do 20 de xuño de 1986, sobre o artigo 161 do Regulamento da Cámara, relativo ao contido, ao prazo de inclusión na orde do día e á cualificación das emendas presentadas ás proposicións non de lei, modificada por resolución da Mesa do Parlamento do 30 de agosto de 2005.

1º) A Mesa do Parlamento decidirá a admisión a trámite das proposicións non de lei presentadas polo grupos parlamentarios en función de que as propostas de resolución formuladas a través das mesmas conteñan declaracións de vontade dirixidas ao Executivo galego, coa finalidade de instar a remisión dun proxecto de lei, o seu pronunciamento sobre un texto de carácter non lexislativo ou o impulso da súa actuación política en materia da súa competencia. No suposto de que a súa finalidade sexa obter unha manifestación de vontade da Cámara, deberá limitarse a materias que afecten o ámbito competencial ou o interese da Comunidade Autónoma.

2º) As proposicións non de lei estarán en condicións de ser incluídas na orde do día do Pleno ou das comisións parlamentarias transcorridos tres días hábiles desde o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento Galicia*.

3º) Assignada a tramitación das proposicións non de lei ás comisións, fáchense as súas respectivas mesas para cualificaren e admitiren a trámite as emendas que se axusten aos contidos referenciados no apartado 1º.

3.4. Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de setembro de 1986, sobre as normas de funcionamento da Comisión de Control da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e das súas Sociedades.

De conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 9/1984, do 11 de xullo, correspóndelle ao Parlamento de Galicia o control da actuación da CRTVG e das súas sociedades.

Para instrumentar o seu exercicio é preciso asignarlle a competencia a un órgano parlamentario específico e regular o seu funcionamento.

A consecución do primeiro obxectivo acadouse o 21 de xaneiro de 1986 coa constitución dunha Comisión Permanente non Lexislativa de Control da CRTVG e das súas Sociedades.

Para satisfacer o segundo, a Mesa considera oportuno facer uso das facultades previstas no artigo 30.1.1.º do Regulamento. Na súa virtude e en sesión celebrada o día 14 de xullo, aprobou as seguintes:

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONTROL DA COMPAÑÍA DE RTVG E DAS SÚAS SOCIEDADES

I. Solicitude de información e documentación

Primeira: Os deputados poderán solicitar do presidente do Consello de Administración e do director xeral os datos, informes ou documentos que obren no seu poder, axustándose ao previsto no artigo 9 do Regulamento da Cámara.

Segunda: A Comisión poderá pedir a información e documentación que necesite da Compañía e das súas sociedades ou requirir a presenza do presidente do Consello, do director xeral ou doutras persoas vinculadas ás mesmas, de conformidade co disposto no artigo 44 do Regulamento e nos termos establecidos no acordo interpretativo da Mesa do 11 de abril de 1986 (BOPG núm. 20, do 24-4-86).

II. Sesións informativas

Terceira: O presidente do Consello de Administración ou o director xeral da Compañía, a petición propia ou a iniciativa da Comisión, comparecerán ante esta para celebrar sesións informativas.

O presidente do Consello de Administración, logo de comunicación motivada, poderá delegar a súa comparecencia nun membro do

mesmo e o director xeral en calquera dos directores xerais de TVG ou Radiodifusión.

Cuarta: A iniciativa de comparecencia e o desenvolvemento da sesión axustaranse ao previsto no artigo 143 do Regulamento, coas determinacións establecidas no acordo interpretativo da Mesa do 11 de abril de 1986.

III. Preguntas

Quinta: Os deputados poderán formularlles preguntas orais en Comisión e escritas ao presidente do Consello e ao director xeral sobre materias das súas respectivas competencias, tal como se define na Lei 9/1984, do 11 de agosto.

Sexta: As preguntas cualificadas como de resposta oral en Comisión tramitaranse conforme o previsto no artigo 156 do Regulamento.

Sétima: As preguntas con resposta escrita rexeranse polo disposto no artigo 157 do Regulamento.

3.5. Acordo da Mesa do Parlamento, do 16 e 20 de setembro de 1988, verbo do prazo para a inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións, modificada polo acordo da Mesa do 19 de maio de 2006.

Os prazos establecidos no Regulamento da Cámara para a tramitación de documentos parlamentarios cumpren unha dobre función:

- Unha de caducidade, xa que, aberta a posibilidade de exercer un dereito ou de realizar unha determinada actividade dentro dese espazo de tempo, o trámite permanece vivo, sen que se poida adoptar ningunha resolución sobre o documento ata que o prazo finalice, todo isto en función dunha previsible actuación do Goberno autonómico, dos grupos parlamentarios ou dos deputados que poida modificar o seu contido.
- Outra de publicidade, que serve para que o Goberno e os deputados teñan coñecemento da iniciativa cunha finalidade fundamentalmente informativa, sen que durante ese espazo de tempo se abra unha actividade parlamentaria específica que poida alterar o seu contido, coa única excepción da súa posible retirada, alternativa vinculada a todo procedemento iniciado por instancia da parte interesada.

En virtude do exposto, a Mesa, oída a Xunta de Portavoces e en exercicio da función contida no artigo 30 do Regulamento, establece o seguinte criterio:

- 1º. Os textos lexislativos non poden ser incluídos nunha orde do día en tanto que o prazo regulamentario establecido non se peche.
- 2º. As restantes iniciativas pódense incluír na orde do día en función da data na que teña que celebrarse a sesión parlamentaria sempre que, se é o caso, o prazo de publicidade no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* se cumpra cando menos o día hábil anterior á súa tramitación no órgano correspondente.

O que se publica para xeral coñecemento, ao abeiro do disposto no artigos 65 e concordantes do Regulamento.

3.6. Acordo interpretativo do artigo 73.1 do Regulamento, sobre a alteración da orde do día das sesións do Pleno, aprobado pola Mesa do parlamento o día 29 de agosto de 1989.

Ante a dúbida xurdida sobre a procedencia de incluír nunha sesión extraordinaria convocada, como cuestión previa, a prestación de promesa ou xuramento de acatamento á Constitución e ao Estatuto de Autonomía de Galicia para adquirir a condición plena de deputado.

Con fundamento nos artigos 7.1.3 do Regulamento e 108.6 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e tendo presente a seguinte motivación:

- Que a norma regulamentaria persegue o cumprimento dun especial deber positivo de acatamento á Constitución (e ao Estatuto de Autonomía de Galicia) que pesa sobre os titulares dos poderes públicos (STC nº 101/1983, do 19 de novembro).
- Que non cabe unha interpretación restritiva da expresión «...a primeira sesión do Pleno á que asista...», a fin de non limitar sen norma legal habilitante o dereito a participar nos asuntos públicos recoñecido no artigo 23.1 da Constitución.
- Que a inclusión non afecta ao contido material da orde do día fixado, como confirma o precedente da sesión plenaria do 29 de decembro de 1987.

A Mesa, en reunión celebrada o día 29 de agosto de 1989, e no exercicio das facultades conferidas polo artigo 30.2.1 do Regulamento, presta a súa aprobación ao seguinte acordo interpretativo do artigo 71.1 do Regulamento:

«Non se considera alteración da orde do día do Pleno a apertura dunha sesión ordinaria ou extraordinaria co acto preliminar de prestación de promesa ou xuramento esixida no artigo 7.1.3 do Regulamento, a fin de adquirir a condición plena de deputado, sempre que no proclamado electo concorran os demais requisitos establecidos no devandito precepto.»

3.7. Normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa do Parlamento, o día 28 de maio de 1991.

Da lectura conxunta dos artigos 4, 36 e 37 da Lei autonómica 6/1981, do 5 de xuño, e 44 e 113 do Regulamento da Cámara, configúranse as relacións existentes entre o Valedor do Pobo e o Parlamento en tres vertentes:

1. Orgánica, a través da Comisión de Peticións e do Pleno da Cámara.
2. Funcional, coa finalidade de dar conta da xestión anual da institución ou daqueles feitos ou actuacións en materia de tutela de dereitos individuais e colectivos dos galegos ou derivados da supervisión de actividades da Administración pública da Comunidade Autónoma que pola súa gravidade ou urxencia deba coñecer de xeito inmediato a Cámara.
3. Procedemental, articulando a súa instrumentación mediante o informe anual e os informes extraordinarios correspondentes.

Para facer efectivas as devanditas relacións, e dada a carencia dunha norma regulamentaria específica, a Mesa, logo de acordo favorable da Xunta de Portavoces e ao abeiro do artigo 30.1.1ª, préstalles a súa aprobación ás seguintes

NORMAS

I. Informe anual

Primeira. Actuación da Mesa do Parlamento

O informe anual do Valedor do Pobo remitirase á Mesa do Parlamento dentro do período ordinario de sesións.

Recibido, a Mesa acordará a súa admisión a trámite, publicación e traslado á Comisión de Peticións.

Segunda. Actuación da Comisión de Peticións

Incluído na orde do día dunha sesión específica da Comisión, desenvolverase do xeito seguinte:

- Exposición oral do informe polo valedor, sen límite de tempo.
- Suspensión da reunión por un tempo máximo de trinta minutos.

- Intervención dos representantes dos grupos parlamentarios por dez minutos para formularen preguntas ou faceren observacións sobre o informe, ás que contestará o valedor.
- Apertura dunha nova quenda que concederá a Mesa, se o estima oportuno, para que os deputados poidan solicitar do valedor aclaracións sobre a información facilitada, por un tempo máximo para cada un de cinco minutos.

Terceira. Debate ante o Pleno

O debate axustarase ao seguinte procedemento:

- a) O valedor expoñerá un resumo do informe debatido ante a Comisión de Peticións. Ao seu remate abandonará o salón de sesións e os deputados iniciarán as súas deliberacións.
- b) Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, os representantes de cada grupo parlamentario poderán intervir por un tempo máximo de quince minutos para fixaren a súa posición respecto do informe presentado.
- c) Con motivo deste debate non poderán presentarse propostas de resolución, dado o seu carácter informativo, sen prexuízo de posteriores iniciativas regulamentarias.

II. Informes extraordinarios

Cuarta. Determinación

Os informes extraordinarios presentaranse cando se produzan feitos ou se constaten actuacións en materia de tutela de dereitos individuais ou colectivos dos galegos ou derivados da supervisión da actividade da Administración pública da Comunidade Autónoma que pola súa gravidade ou urxencia deba coñecer de xeito inmediato a Cámara.

Quinta. Competencia e iniciativa

O seu debate producirase ante o Pleno, a Deputación Permanente ou a Comisión de Peticións, tendo en conta para a súa asignación a importancia dos feitos e as actuacións e o período parlamentario no que se produzan.

A solicitude de presentación do informe correspóndelle ao Valedor do Pobo ou á Cámara. Neste último suposto, a iniciativa, que terá que ser motivada, exercitarana dous grupos parlamentarios, unha quinta parte dos membros da Cámara ou a Comisión de Peticións. Tal iniciativa cualificaraa a Mesa do Parlamento, que, oída a Xunta de Portavoces, decidirá sobre a súa admisión a trámite ante o órgano parlamentario correspondente e dispoñerá a publicación do informe solicitado.

Sexta. Procedemento

O debate no Pleno axustarase ao disposto na norma terceira e o debate ante a Deputación Permanente ou na Comisión de Peticións, ao establecido no artigo 143 do Regulamento.

3.8. Normas sobre a tramitación do proxecto de regulamento de réxime interior do Consello de Contas, aprobadas pola Mesa do Parlamento o día 31 de xaneiro de 1992.

A disposición derradeira da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, establece que o dito órgano estatutario elaborará un proxecto de normas de réxime interior que haberá de presentar ante o Parlamento para a súa aprobación. No Regulamento da Cámara non existe un procedemento específico para a súa tramitación.

O cumprimento daquela obriga legal e a necesidade de suplir a devandita omisión regulamentaria motivan que a Mesa, oído o pronunciamento favorable da Xunta de Portavoces, na súa reunión celebrada o día 31 de xaneiro de 1992, exercite a función primeira do artigo 30.1 do Regulamento e, na súa virtude, lles conceda a súa aprobación ás seguintes

NORMAS

Primeira

Cualificado e admitido a trámite o proxecto de regulamento de réxime interior do Consello de Contas, a Mesa disporá a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais a apertura dun prazo de quince días para a presentación de emendas mediante escrito dirixido á Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas.

Só caben emendas de devolución do proxecto ou ao articulado, correspondéndolles a presentación das primeiras aos grupos parlamentarios e as segundas, ao seu portavoz ou a calquera deputado membro do grupo co coñecemento do seu portavoz.

Segunda

Unha vez cualificadas e admitidas a trámite as emendas presentadas, a Mesa da devandita Comisión requirirá aos portavoces dos distintos grupos parlamentarios para que designen un ponente titular e outro suplente, que deberán ser membros da devandita Comisión. Designados, a Mesa da Comisión nomeará provisoriamente a Ponencia e ordenará, de xeito conxunto, a súa publicación.

A Ponencia elaborará o seu informe á vista das emendas presentadas e do proxecto en trámite, incorporando ao mesmo aqueles textos que obteñan o apoio maioritario mediante voto ponderado.

DEBATE E APROBACIÓN DO DITAME

O debate e a votación das emendas e do texto articulado do informe realizarase na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, axustándose ao establecido nos artigos 116 ao 118 do Regulamento. Como acto previo, a Comisión ratificará o nomeamento da Ponencia.

O ditame aprobado pola devandita Comisión publicárase como Regulamento de réxime interior do Consello de Contas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia* e, a partir desta última inserción, adquirirá relevancia xurídica externa.

3.9. Acordo interpretativo do artigo 115 do Regulamento do Parlamento, sobre as facultades dos presidentes das mesas das comisións na convocatoria e impulso do traballo das ponencias, aprobado pola Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 6 de maio de 1992.

A experiencia acadada nas distintas lexislaturas poñen de manifesto que a primeira reunión das ponencias se define no tempo e que o prazo de remate do seu traballo non se cumpre, agás proxectos lexislativos de tramitación urxente.

Xa que logo, e co propósito de superar lagoas existentes no funcionamento das ponencias e axilizar o labor lexislativo, préstaselle aprobación ao seguinte

ACORDO INTERPRETATIVO

1º. Compételle ao presidente da Mesa da Comisión que teña atribuída a tramitación do texto lexislativo convocar e presidir a primeira reunión da Ponencia. Nela procederase á súa constitución, fixación do calendario de traballo e metodoloxía, coa finalidade de darlle remate á súa función dentro do prazo establecido no artigo 115 do Regulamento, coas excepcións previstas no seu apartado segundo.

2º. Incumprido o prazo, ou cando o ritmo de traballo poida prever o seu incumprimento, o presidente da Comisión deberá convocar a Ponencia e impulsar o seu traballo para facilitar o máis axiña posible o remate do informe.

3.10. Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento do día 25 de marzo de 1993.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 21 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, establece que unha Comisión parlamentaria se encargará das relacións entre este órgano estatutario de fiscalización externa e o Parlamento de Galicia.

Para desenvolver este artigo téñanse que producir dentro do Parlamento tres actuacións:

a) A constitución da Comisión parlamentaria referida.

Feito que se produciu o día 19 de abril de 1991.

b) A aprobación do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas.

O día 2 de xuño de 1992 a Comisión parlamentaria constituída deulle cumprimento ao mandato contido na disposición derradeira da Lei 6/1985, e o dito Regulamento publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 138, do 17 de xullo de 1992.

c) A regulación das relacións entre ambas as institucións.

Este é o labor que resta por facer. Ante o silencio do Regulamento da Cámara e do marco legal vixente, a Mesa do Parlamento, en exercicio da facultade recoñecida no artigo 30.1.1ª do Regulamento e coa axuda da Comisión non Permanente lexislativa creada, e que para tal fin asumiu a fase de elaboración destas normas, e co pronunciamento favorable da Xunta de Portavoces, na fase de discusión, acaba de aprobar as normas que regulan as devanditas relacións sobre a fiscalización externa da actividade económico-financeira do sector público de Galicia, da súa iniciativa de oficio ou a pedimento do Parlamento, na vertente parlamentaria, coa finalidade de darlles trámite no seo da Cámara ás memorias, informes e ditames previstos na Lei 6/1985, do 24 de xuño.

I. Órganos competentes

Artigo 1. Informe anual de fiscalización sobre a Conta xeral da Comunidade Autónoma

De conformidade co disposto nos artigos 53.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, correspóndelle ao Pleno do Parlamento a aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma, logo de ditame da Comisión parlamentaria de Relacións co Consello de Contas.

Artigo 2. Iniciativa de fiscalización selectiva

En desenvolvemento do disposto no artigo 24.1 da Lei 6/1985, a iniciativa para o exercicio da función fiscalizadora selectiva correspóndelle á Comisión Permanente non Lexislativa de Relacións co Consello de Contas, mediante acordo por maioría simple. Instruéntase do xeito seguinte:

- A solicitude da Xunta de Galicia, por acordo do seu Consello de Goberno respecto da Administración pública da Comunidade Autónoma.
- A petición das corporacións locais, logo de acordo dos seus respectivos plenos.
- A solicitude dun grupo parlamentario, mediante proposición non de lei, xustificando na súa parte expositiva ou de antecedentes os requisitos de urxencia e de extraordinaria importancia previstos no artigo 63.3 do Regulamento do réxime interior do Consello de Contas. A súa cualificación e admisión a trámite é competencia da Mesa do Parlamento, e contra a súa decisión poderá formularse escrito de reconsideración no prazo de dous días hábiles para os efectos previstos no artigo 30.2 do Regulamento.

Artigo 3. Solicitude de ditames e consultas

A iniciativa correspóndelle ben á Mesa do Parlamento, ben a esta Comisión parlamentaria, de oficio ou a petición dun grupo parlamentario a través da proposición non de lei.

Artigo 4. Facultades da Mesa desta Comisión parlamentaria

A Mesa da Comisión é o órgano facultado para manter unha relación permanente coa Comisión de Goberno do Consello de Contas, para aprobar a orde do día da Comisión e para velar polo cumprimento dos acordos adoptados no seu seo.

II. Tramitación da memoria anual e do informe de fiscalización da Conta xeral

Artigo 5. Remisión

Unha vez que o Consello de Contas lle dea cumprimento ao disposto nos artigos 62 e 63 do seu Regulamento de réxime interior, a Mesa do Parlamento, logo da cualificación, disporá a súa admisión a trámite, a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* polo prazo de quince días hábiles e a súa remisión á Comisión parlamentaria de Relacións co Consello de Contas.

Artigo 6. Presentación

1. Rematado o prazo de publicación, a Mesa da Comisión solicitará a comparecencia do conselleiro maior, asistido dos conselleiros e funcionarios que estime oportuno, ante esta Comisión parlamentaria para a celebración de sesión informativa.
2. Por aplicación analóxica do correspondente precepto regulamentario, desenvolverase pola canle establecida no artigo 143 do Regulamento, con posibilidade de réplica e dúplica.

Artigo 7. Observacións ao programa de actividades e á liquidación da Conta do Consello

1. Celebrada a comparecencia do conselleiro maior, os grupos parlamentarios poderán formular, dentro dos tres días hábiles seguintes, recomendacións ou suxestións respecto do programa de traballo que se vai realizar ao longo do ano ou do balance de actividades realizadas, así como obxeccións respecto da súa liquidación de contas, partes integrantes da memoria anual.
2. De producirse, convocarase a Comisión para o seu estudo, debate e votación, e, de ser aprobadas, daráselle traslado ao Consello de Contas para o seu coñecemento.

De non producirse, entenderase que a Comisión lles prestou a súa conformidade á memoria e á liquidación da Conta.

Artigo 8. Ditame en Comisión do informe anual de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma

1. Unha vez celebrada a sesión informativa, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de resolución, congruentes co informe anual obxecto do debate, ante a Mesa da Comisión dentro dos tres días hábiles seguintes á súa celebración. Así mesmo, e tamén por escrito, designarán, se é o caso, un ponente.

2. A Mesa da Comisión, unha vez cualificadas as propostas presentadas, remitiralle as admitidas á Ponencia designada coa finalidade de estudo do informe e das propostas de resolución presentadas, formulando por escrito o seu pronunciamento.

3. Publicada a proposta da Ponencia, a Mesa convocará a Comisión para a elaboración do seu ditame.

4. As propostas admitidas a trámite serán defendidas na Comisión por un tempo máximo de dez minutos por cada grupo parlamentario. O presidente poderá conceder unha rolda en contra de igual tempo, trala defensa das mesmas.

Acto seguido, someteranse a votación segundo a orde de defensa das mesmas, agás aquelas que comporten rexeitamento total do contido do informe do Consello de Contas, que deberán ser votadas nun primeiro lugar.

5. Aprobada unha proposta, todas as demais votaranse só no referente aos puntos que sexan complementarios e non contraditorios coa xa aprobada.

Artigo 9. Debate e votación en Pleno

1. O ditame da Comisión e as propostas de resolución aprobadas someteranse a debate e votación ante o Pleno do Parlamento. Iniciarase coa presentación do ditame, seguido dunha rolda de intervencións de cada un dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución, fixación da súa posición respecto das demais, por un tempo conxunto de quince minutos.

2. Finalizado o debate, iniciárase a votación do ditame de Comisión e, deseguido, das propostas de resolución de cada grupo parlamentario.

3. O acordo do Pleno do Parlamento publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia* e comunícase ao Consello de Contas.

III. Informes de fiscalización selectiva e ditames

Artigo 10. Informes de fiscalización selectiva

1. Os restantes informes de fiscalización aos que fai referencia o artigo 63.3 do Regulamento de réxime do Consello de Contas, e que deben presentarse no Parlamento, serán obxecto de debate e votación no seo da Comisión Permanente non Lexislativa de Relacións co Consello de Contas, logo da súa publicación polo prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2. O debate en Comisión iniciárase coa presentación do informe polo conselleiro maior do Consello de Contas ou membro do mesmo que por razón de materia sexa designado para informar ante a Cámara, asistido dos funcionarios que estime necesario. De contado ou logo dunha suspensión non superior a trinta minutos, poderá facer uso da palabra, por un tempo máximo de dez minutos, un representante de cada grupo parlamentario. Tras a contestación do representante do Consello de Contas, todos os grupos parlamentarios que interviñeron no debate terán dereito a unha rolda de réplica para aclararen aspectos da súa anterior intervención, por un tempo non superior a cinco minutos.

Pecharase coa intervención do representante do Consello, se é o caso.

3. Rematado o debate e dentro dos tres días hábiles seguintes, os grupos parlamentarios poderán presentar ante a Mesa da Comisión propostas de resolución congruentes co informe selectivo obxecto de debate.

4. A defensa, o debate e mais a votación das propostas de resolución realizaranse polo procedemento establecido para as propostas debatidas sobre o informe da Conta xeral, cun tempo de intervención conxunta de dez minutos.

5. As resolucións aprobadas pola Comisión sobre o devandito informe publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Artigo 11. Emisión do ditame e consultas

Os ditames e as consultas emitidos polo Consello de Contas sobre as materias previstas no artigo 4.f) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, remitiranse á Mesa do Parlamento e á Comisión Permanente non lexislativa para o seu coñecemento.

3.11. Normas para a tramitación do proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da oficina do Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa do Parlamento o día 4 de decembro de 1995.

A disposición adicional única da Lei 6/1984, do 5 de xuño, así como o seu artigo 10, poñen de manifesto a necesidade de aprobar unhas normas reguladoras das relacións entre o Valedor do Pobo, a Mesa do Parlamento e a Comisión de Peticións. A ambigüidade das normas obriga a establecer un procedemento específico que permita a aprobación e publicación do dito regulamento no Boletín Oficial da Cámara.

Xa que logo, considérase conveniente que se estableza un procedemento no que a iniciativa de elaboración deste regulamento a faga o Valedor do Pobo e a súa tramitación e aprobación lle corresponda á Comisión de Peticións, ao abeiro das seguintes

NORMAS

Primeira

Cualificado e admitido a trámite o proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da oficina do Valedor do Pobo, a Mesa do Parlamento de Galicia dispoñerá a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais a apertura dun prazo de quince días para a presentación de emendas, mediante escrito dirixido á Comisión permanente non lexislativa de Peticións.

Só caben emendas de devolución do proxecto ou ao articulado, e correspóndelles a presentación das primeiras aos grupos parlamentarios e das segundas ao seu portavoz ou a calquera deputado membro do grupo co coñecemento do seu portavoz.

Segunda

Unha vez cualificadas e admitidas a trámite as emendas presentadas, a Mesa da devandita Comisión requirirá dos portavoces dos distintos grupos parlamentarios que designen os seus ponentes, que deberán ser membros da devandita Comisión.

Logo de seren designados, a Mesa da Comisión nomeará provisionalmente a Ponencia, e ordenará, de xeito conxunto, a publicación das emendas e da Ponencia.

A Ponencia elaborará o seu informe, á vista das emendas presentadas e do proxecto en trámite, e incorporaralle a este aqueles textos que obteñan o apoio maioritario mediante voto ponderado.

DEBATE E APROBACIÓN DO DITAME

O debate e votación das emendas e do texto articulado do informe realizarase na Comisión de Peticións, axustándose ao establecido nos artigos do 116 ao 118 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Como acto previo, a Comisión ratificará o nomeamento da Ponencia.

O ditame aprobado pola devandita Comisión publicárase como Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*, e a partir desta última inserción adquirirá relevancia xurídica externa.

3.12. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de agosto de 2008, polo que se aproban as Normas reguladoras da presentación da memoria anual da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia ante o Parlamento.

A estrutura territorial autonómica deseñada pola Constitución Española de 1978 tivo en conta a existencia de poderes lexislativos e executivos de ámbito territorial. Esta previsión, feita efectiva a través do Estatuto de autonomía de Galicia no caso da nosa comunidade, recibiu recentemente un afianzamento mediante a creación da figura do fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei estatal 24/2007, do 9 de outubro, de modificación da Lei 50/1981, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, acomoda a organización territorial do Ministerio Fiscal ao modelo constitucional do Estado das autonomías, optando por reforzar en todos os aspectos a figura do fiscal no ámbito autonómico mediante a creación da figura do fiscal superior da Comunidade Autónoma, que vén substituír os fiscais xefes dos tribunais superiores de xustiza. Este novo fiscal superior asume a representación institucional do fiscal no ámbito territorial da comunidade autónoma, ademais de facerse cargo da dirección efectiva do Ministerio Público nese territorio.

Por outra banda, o fiscal superior ten unha dimensión institucional en canto interlocutor de autoridades da comunidade autónoma, xa que queda obrigado a remitir, e, se é o caso, presentar, a memoria anual ante o parlamento autonómico.

Por todo o antedito e dada a carencia dunha norma regulamentaria específica, a Mesa, en sesión do 29 de agosto de 2008, logo do acordo favorable da Xunta de Portavoces reunida na mesma data e ao abeiro do artigo 30.1.1ª. do Regulamento, préstalles a súa aprobación ás seguintes normas.

Primeira. A memoria anual da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia remitíraselle á Mesa do Parlamento dentro dos seis meses seguintes ao día no que se fixo pública, de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Logo de recibida, a Mesa acordará a súa admisión a trámite, publicación e traslado á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Segunda. Incluída na orde do día dunha sesión da Comisión, o debate desenvolverase do xeito seguinte:

- Exposición oral da memoria polo fiscal superior, sen límite de tempo.
- Intervención dos representantes dos grupos parlamentarios por dez minutos, para formularen preguntas ou faceren observacións sobre a memoria, ás que contestará o fiscal superior.
- Apertura dunha nova quenda que concederá a Mesa, se o estima oportuno, para que os deputados poidan solicitar do fiscal superior aclaracións sobre a información facilitada, por un tempo máximo para cada un de cinco minutos.
- Peche do debate por parte do fiscal superior.

3.13. Acordo da Mesa do Parlamento, do día 10 de decembro de 2009, polo que se aproban as Normas para o nomeamento dun membro do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 10 de decembro de 2009, aprobou as normas para a elección dun membro do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.

Segundo dispón o artigo 3.g) do Decreto 279/2008, do 11 de decembro, modificado polo Decreto 395/2009, do 8 de outubro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores, o Parlamento, se o considera procedente, nomeará unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito das ensinanzas artísticas, e por proposta de cada un dos grupos políticos con representación parlamentaria.

A duración do seu mandato será de catro anos, sen prexuízo da súa reelección, tal como dispón o artigo 4 do Decreto 279/2008, do 11 de decembro.

Ao non existir previsións legais nin regulamentarias sobre o nomeamento correspondente ao Parlamento, faise necesario aprobar unha norma específica na que se conteña a forma e o modo de efectuar a devandita elección.

Recibida a correspondente solicitude da consellaría competente en materia de educación, a Mesa da Cámara, de consideralo procedente, trasladaralla á Comisión 4.^a Educación e Cultura, que será a competente para proceder á súa designación.

Conforme as seguintes normas:

Primeira

Correspóndelle á Comisión 4.^a, Educación e Cultura, designar un membro do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito das ensinanzas artísticas, de acordo co previsto no artigo 3.g) do Decreto 279/2008, do 11 de decembro, segundo a redacción dada polo Decreto 395/2009, do 8 de outubro.

Segunda

Para ser candidata ou candidato será preciso ter a condición de galega ou galego, prevista no artigo 3.1 do Estatuto de autonomía de

Galicia, así como reunir os demais requisitos precisos para exercer un cargo público.

Para poder ser elixible, a candidata ou o candidato deberá facer constar a súa manifestación expresa de estar disposto a aceptar o cargo para o caso de resultar elixido.

Terceira

Cada grupo parlamentario poderá presentar ata un máximo dunha candidata ou dun candidato.

Cuarta

As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral da Cámara ata tres días antes da data fixada para a votación. O escrito dirixirase á Presidencia da Cámara, a que lle dará traslado á Mesa da Comisión para a súa admisión e elaboración da correspondente lista de candidatos.

A proposta irá acompañada obrigatoriamente do correspondente curriculum vitae da candidata ou candidato, da súa declaración de aceptación, así como da de reunir os requisitos necesarios para poder ser elixible.

Quinta

Rematado o prazo de presentación de candidaturas, os portavoces dos grupos parlamentarios só poderán modificalas para reparar irregularidades, conforme ao establecido na lexislación electoral xeral. O prazo para presentar as rectificacións é o de corenta e oito horas antes da votación, e o órgano competente para aceptalas é a Mesa da Comisión, ou, por delegación desta, a súa Presidencia, que lle dará traslado de xeito inmediato e en todo caso cunha antelación mínima de seis horas ao acto da votación aos membros da Comisión 4.^a, Educación e Cultura.

Sexta

Recibidas as distintas candidaturas, a Mesa da Comisión elaborará unha lista por orde alfabética das candidatas e dos candidatos propostos, ao carón dos que figurará o nome do grupo proponente. O nome de cada candidata ou candidato irá precedido dun recadro.

Sétima

A lista elaborada pola Mesa da Comisión remitiráselles aos seus membros corenta e oito horas antes do inicio da sesión, e, de existiren modificacións, cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da votación.

Oitava

A votación será secreta, mediante papeletas, de acordo co previsto no artigo 91 do Regulamento da Cámara.

As papeletas serán distribuídas antes de empezar a votación e serán as únicas oficiais. Reputarase nulo o voto emitido noutro tipo de papeletas.

A deputada ou o deputado marcará cunha aspa o recadro correspondente á candidata ou ao candidato ao que outorga o seu voto. Chamado nominalmente pola secretaria ou polo secretario da Comisión, depositará o seu voto.

Desde que a Presidencia da Comisión anuncie o comezo da votación ata o seu remate, non se poderá entrar nin saír da sala de comisión.

A Mesa da Comisión deberá estar integrada en todo momento por dous dos seus membros.

Novena

Serán nulas as papeletas nas que se sinalase máis dun nome dos candidatos e aquelas que conteñan modificacións, engadidos ou riscos nos nomes das persoas candidatas ou nas que se producise calquera outro tipo de alteracións. Consideraranse voto en branco as papeletas que non conteñan indicación a favor de ningunha das persoas candidatas.

Décima

Rematada a votación, comeza acto seguido o escrutinio. Feito público pola Presidencia o resultado, esta proclamará electa a persoa candidata que obtivese maior número de votos.

A Presidencia da Comisión remitiralle á presidenta ou ao presidente da Cámara o nome da persoa designada.

A Presidencia da Cámara comunicarlle á Consellería de Educación o nome da persoa elixida, para os efectos do previsto no artigo 4 do Decreto 279/2008, do 11 de decembro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.

Disposición adicional única

O Regulamento da Cámara terá carácter supletorio para todo o que non estea previsto nestas normas.

3.14. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 2 de novembro de 2010, pola que se aproban as Normas supletorias do procedemento de audiencia do Parlamento de Galicia na autorización das fusións das caixas de aforros.

O artigo 54 da Lei de caixas de aforro de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2009, do 30 de decembro, dispón que as fusións das caixas de aforro deberán ser autorizadas polo Consello da Xunta de Galicia, oído o Parlamento de Galicia, logo da solicitude conxunta das entidades que pretenden a súa fusión.

Tendo en conta o antedito e en ausencia de procedemento regulamentario aplicable, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 2 de novembro de 2010, oída a Xunta de Portavoces, acordou a aprobación destas normas:

1ª. Se a Xunta lle remítase ao Parlamento a solicitude conxunta das entidades que pretenden a súa fusión, a Mesa da Cámara cualificará o documento e publicará no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia a súa admisión a trámite. Así mesmo, posibilitará o coñecemento por parte dos deputados e das deputadas da Cámara da documentación remitida.

2ª. Unha vez acordada polos órganos competentes, conforme o artigo 72 do Regulamento, a inclusión na orde do día do Pleno, a substanciación da audiencia producirase mediante a intervención sucesiva de menor a maior e por un tempo máximo de dez minutos dos grupos parlamentarios que o desexen.

3ª. Finalmente, producirase unha votación na que a Cámara deberá pronunciarse mediante unha única votación sobre a solicitude conxunta presentada polas entidades que pretenden a súa fusión. Deste acordo parlamentario daráselle conta á Xunta de Galicia e será publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Disposición derradeira única

Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.15. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de marzo de 2012, polo que se aproban as Normas de elección dos membros do Consello de Administración e do director ou directora xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

A recente entrada en vigor da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, derroga a Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía da Radio-Televisión de Galicia, e presenta un novo panorama no que atinxe á capacidade de control parlamentario dos medios de comunicación de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu articulado, os artigos 14 e 23 atribúen ao Parlamento a competencia para a elección da directora xeral ou do director xeral e dos restantes membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

A disposición transitoria cuarta establece que no prazo dun mes dende a entrada en vigor desta lei, a Mesa do Parlamento aprobará consonte o Regulamento da Cámara, as normas reguladoras do procedemento para a elección da directora ou do director xeral e dos membros do Consello de Administración no que se garantizará que antes da expiración do prazo sinalado na alínea anterior, dous grupos parlamentarios ou unha quinta parte dos membros da Cámara poidan solicitarlles aos órganos competentes a inclusión na orde do día do Pleno a elección dos devanditos órganos da Corporación.

Dada a perentoriedade marcada na disposición transcrita cómpre regular o procedemento de elección dos órganos da Corporación.

A tal efecto, conforme o disposto na citada disposición transitoria e no artigo 30.1.1.^a do Regulamento da Cámara, a Mesa, en sesión do 5 de marzo de 2012 e oída a Xunta de Portavoces, dispón:

I. Elección dos membros do Consello de Administración

Artigo 1. Elección

Segundo dispoñen os artigos 13 e 14 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, os seis membros do Consello de Administración son elixidos polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos.

Artigo 2. Presentación de candidaturas

Cada grupo parlamentario poderá propor o número de candidatos ou candidatas que lle correspondan proporcionalmente e que deberán reunir as condicións preceptuadas nos artigos 14.2, 15 e 18 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios de comunicación audiovisual de Galicia.

A presentación de candidatos ou candidatas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

Artigo 3. Comparecencia perante a Comisión permanente non lexislativa de control da compañía da RTVG

Rematado o prazo de presentación, os candidatos ou candidatas propostos deberán comparecer, consonte o artigo 13.3 da precitada lei, co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo, ante a Comisión permanente non lexislativa de control da compañía da RTVG, na forma que determina o Regulamento da Cámara.

Artigo 4. Elaboración da lista de candidatos ou candidatas

Substanciadas as comparecencias, elaborárase unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos e candidatas e os grupos que os propuxeron. Unha vez confeccionada a lista e visada esta pola Mesa do Parlamento anterior ao Pleno en cuxa orde día se inclúa a elección, será enviada aos grupos parlamentarios como mínimo seis horas antes da realización da votación.

Artigo 5. Debate

Cada grupo poderá fixar a súa posición en relación coa candidatura presentada por un tempo máximo de cinco minutos.

Artigo 6. Votación

A votación, de conformidade co establecido nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeletas.

Cada deputado ou deputada marcará cun signo distintivo o nome ou nomes elixidos, ata un máximo de seis.

Cada deputada ou deputado depositará, logo de chamamento nominativo, a súa papeleta na urna preparada para o efecto.

Consideraranse nulas as papeletas nas que figuren marcados máis de seis nomes e en branco aquelas nas que non figure nome sinalado.

Artigo 7. Escrutinio e elección

A Mesa efectuará o escrutinio e proclamará elixidos aqueles candidatos ou candidatas que obteñan dous terzos dos votos.

Os candidatos ou candidatas que non obteñan os 50 votos necesarios someteranse a unha nova elección, logo da inclusión do asunto na orde do día dun Pleno, transcorridos tres meses dende a primeira votación e resultarán elixidos os que obteñan os tres quintos dos votos, ou sexa, 45 votos.

De non acadarse de novo a maioría prevista será a Mesa do Parlamento a encargada de abrir un novo prazo para a elección conforme a estas Normas.

II. Elección do director ou directora xeral

Artigo 8. Presentación de candidatos ou candidatas

Cada grupo parlamentario poderá propor un candidato ou candidata, que deberá reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos apartados 3 e 4 do artigo 25 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios de comunicación audiovisual de Galicia.

A presentación farase por escrito dirixido á Mesa e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

Artigo 9. Comparecencia perante Comisión permanente non lexislativa de control da compañía da RTVG

Rematado o prazo de presentación, os candidatos e candidatas propostos deberán comparecer consonte o artigo 16 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, en concordancia coa disposición derradeira segunda da precitada lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo ante a Comisión permanente non lexislativa

de control da Compañía da RTVG, na forma que determina o Regulamento da Cámara.

Artigo 10. Elaboración da lista de candidatos ou candidatas

Substanciadas as comparecencias, elaborárase unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos e candidatas e os grupos que os propuxeron. Unha vez confeccionada a lista e visada esta pola Mesa do Parlamento anterior ao Pleno en cuxa orde día se inclúa a elección, será enviada aos grupos parlamentarios como mínimo seis horas antes da realización da votación.

Artigo 11. Debate

Cada grupo poderá fixar a súa posición en relación coa candidatura presentada por un tempo máximo de cinco minutos.

Artigo 12. Votación

A votación, de conformidade co establecido nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento, será secreta mediante papeletas.

Cada deputada e deputado marcará cun signo distintivo o nome do candidato ou candidata elixido.

Cada deputada e deputado depositará, logo de chamamento nominativo, a súa papeleta da urna preparada para o efecto.

Consideraranse nulas as papeletas nas que figuren marcados máis dun nome e en branco aquelas nas que non figure nome sinalado.

Artigo 13. Escrutinio e elección

A Mesa efectuará o escrutinio e proclamará elixido o candidato ou candidata que acadase a maioría de dous terzos da Cámara.

No caso de que ningún candidato ou candidata acadase a maioría de dous terzos transcorrido un mes dende a primeira votación e logo da inclusión da elección na orde do día dun Pleno resultará elixido quen acadase a maioría de tres quintos da Cámara.

De non acadarse de novo a maioría prevista será a Mesa do Parlamento a encargada de abrir un novo prazo para a elección conforme a estas Normas.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Estas Normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.16. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de setembro de 2013, polo que se aproban os Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia.

A entrada en vigor o día 4 de xullo da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia (DOG do 3 de xullo de 2013), comporta a derogación da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia.

Para dar cumprimento á nova norma legal, e dun xeito especial aos artigos 77 e seguintes a Mesa debe proceder á aprobación dunha norma supletoria que permita a designación polo Parlamento de Galicia de seis representantes nos consellos sociais para cada unha das tres universidades galegas.

Xa que logo, oído o parecer da Xunta de Portavoces, a Mesa do Parlamento, na reunión que tivo lugar o 17 de setembro de 2013, aprobou as seguintes

NORMAS

1. Presentación de candidaturas

Cada grupo parlamentario poderá propoñer un máximo de seis candidatas ou candidatos para ser designados membros dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia. Deberán reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos artigos 77.3 e 78 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, e na proposta deberá constar a aceptación expresa do candidato ou candidata e a súa declaración de reunir as condicións legais preceptuadas.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

A Mesa do Parlamento fixará o prazo de presentación e, cualificadas as propostas presentadas, elaborárase unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou candidatas e os grupos parlamentarios propoñentes. Desta lista daráselles traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente designación.

2. Votación

A designación dos representantes do Parlamento farase de conformidade co artigo 91 do Regulamento.

3. Escrutinio e elección

A Mesa do Parlamento, na correspondente sesión plenaria, efectuará o escrutinio e proclamará elixidos aqueles candidatos ou candidatas que obteñan o maior número de votos.

Do acordo plenario de designación, daráselle conta á consellaría competente por razón da materia.

Norma derogatoria

Estas normas derrogan o acordo da Mesa do Parlamento do 17 de xuño de 2013, relativo aos criterios de ordenación da elección dos seis representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.

3.17. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de setembro de 2013, polo que se aproban as Normas para a elección de catro membros do Consello Galego de Universidades pola Comisión de Educación e Cultura do Parlamento.

A entrada en vigor o día 4 de xullo da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia (DOG do 3 de xullo de 2013), comporta a derogación da Lei 2/2003, do 22 de maio, do Consello Galego de Universidades, e a necesidade de adecuar a súa designación ao novo marco normativo.

Para dar cumprimento á nova norma e dun xeito especial ao artigo 58.1 h), a Mesa do Parlamento debe aprobar unha norma supletoria que permita a designación pola Comisión 4.^a, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia de catro representantes no Consello Galego de Universidades.

Xa que logo, oída a Xunta de Portavoces, a Mesa do Parlamento, na reunión que tivo lugar o 17 de setembro de 2013, aprobou as seguintes

NORMAS

I. Candidaturas

Primeira

En cumprimento do establecido no artigo 58.1 h) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, correspóndelle á Comisión de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia designar catro membros do Consello Galego de Universidades.

Segunda

Os grupos parlamentarios poderán presentar os nomes das candidatas ou candidatos, en proporción á súa representación no Pleno do Parlamento. Co escrito de presentación das candidaturas, os grupos parlamentarios deberán achegar a declaración de cada un dos candidatos e das candidatas na que manifesten a súa aceptación do cargo no caso de que fosen elixidos ou elixidas e o cumprimento dos requisitos legais previstos para a súa designación.

Terceira

As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral da Cámara no prazo establecido a estes efectos pola Mesa da Comisión en escrito dirixido ao presidente ou presidenta da Comisión.

II. Lista de candidatos

Cuarta

A Mesa da Comisión elaborará unha lista, por orde alfabética, das candidatas e candidatos propostos, ao carón dos que figurará o nome do grupo proponente.

Quinta

A lista elaborada pola Mesa da Comisión remitiráselles aos seus membros cunha antelación de corenta e oito horas antes do día da votación.

III. Votación

Sexta

A votación será secreta, mediante papeletas, de acordo co previsto no artigo 91 do Regulamento da Cámara. A papeleta será confeccionada de acordo coa normativa vixente.

Sétima

Cada deputado e deputada emitirá o seu voto marcando cunha cruz o nome dos seus candidatos ou candidatas, ata un máximo de catro.

IV. Escrutinio e proclamación de candidatos

Oitava

A Mesa da Comisión fará o escrutinio na mesma sesión da Comisión e proclamará elixidos os catro, candidatos ou candidatas que obtiveran o maior número de votos. Serán nulas as papeletas nas que figuren marcados máis de catro nomes. Así mesmo, aquelas

nas que non se sinalen nomes serán consideradas como votos en branco.

Novena

O presidente ou presidenta da Comisión remitiralle ao presidente ou presidenta do Parlamento de Galicia a relación dos membros designados, quen, á súa vez, a poñerá en coñecemento da persoa titular da consellaría competente en materia universitaria, para os efectos previstos no artigo 58.2 da lei.

Norma derogatoria

Quedan derogadas as normas para a elección de cinco membros do Consello Galego de Universidades aprobadas pola Mesa do Parlamento o 17 de xuño de 2003.

3.18. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de febreiro de 2014, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento de designación de candidato ou candidata a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado.

A Lei orgánica 6/2007, do 24 de maio, pola que se modifica a Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, establece no seu artigo 16.1 que os maxistrados ou as maxistradas propostos polo Senado serán elixidos entre os candidatos ou as candidatas presentados polas asembleas lexislativas das comunidades autónomas nos termos que determine o Regulamento da Cámara Alta.

Pola súa banda, o artigo 184.7.a) do Regulamento do Senado dispón que cada asemblea lexislativa das comunidades autónomas poderá, no prazo que estableza a presidencia da Cámara Alta, presentar ata dous candidatos.

Para lles dar cumprimento ás citadas previsións, a Mesa da Cámara, por acordo do 29 de novembro de 2007 (BOPG núm. 463, do 3 de decembro de 2007), aprobou as Normas reguladoras do procedemento de designación de candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado.

Logo de producida unha vacante, faise preciso modificar as ditas normas no referido ao número de candidatos ou candidatas.

Xa que logo, oído o parecer da Xunta de Portavoces, a Mesa da Cámara, na reunión do 4 de febreiro de 2014, aproba as seguintes

NORMAS

Primeira. Presentación de candidaturas

Cada grupo parlamentario poderá propor un máximo dun candidato ou candidata, que deberá reunir os requisitos de idoneidade establecidos no artigo 18 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

A presentación de candidaturas farase por escrito dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario, dentro do prazo que fixe aquela.

A Mesa da Cámara, logo de cualificadas as candidaturas presentadas, elaborará unha lista única pechada na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou das candidatas e os grupos parlamentarios propoñentes.

Segunda. Elección

A elección do candidato ou da candidata farase consonte o establecido no artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Terceira. Escrutinio e proclamación de candidato ou candidata

A Mesa da Cámara, na correspondente sesión plenaria, efectuará o escrutinio e proclamará elixido aquel candidato ou candidata que obteñan a maioría simple.

De non se obter esta maioría, realizarase unha segunda e derradeira votación na mesma sesión plenaria.

Cuarta. Comunicación do acordo plenario

De se producir a elección, a Presidencia do Parlamento de Galicia comunicaralle ao Senado o nome do candidato ou da candidata designado.

Disposición derradeira única. Dereito supletorio

No non previsto nestas normas, aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia.

3.19. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de novembro 2014, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento para a aprobación dos mandatos marco referidos aos obxectivos xerais da función de servizo público que debe cumprir a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. ao abeiro do establecido na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Primeira. Designación dunha Ponencia

1. A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, nomeará un ou varios ponentes para que, á vista dos textos achegados, elabore unha proposta de mandato marco.
2. O réxime xurídico da Ponencia será o mesmo ca o das ponencias lexislativas previstas no Regulamento da Cámara.

Segunda. Elaboración da proposta de mandato marco

A Ponencia elaborará de forma articulada a proposta de mandato marco que será publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Terceira. Tramitación en comisión da proposta de mandato marco

1. Os grupos parlamentarios que discrepasen da proposta de mandato marco elaborada pola Ponencia poderán formular votos particulares no prazo dos cinco días hábiles seguintes á data da súa conclusión e serán publicados no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.
2. A proposta de mandato marco xunto cos votos particulares serán obxecto de debate e votación na Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.
3. O debate na comisión comezará coa defensa dos votos particulares presentados polos grupos parlamentarios que intervirán por orde inversa á súa importancia numérica e por un tempo máximo de dez minutos. A continuación, por esta mesma orde e polo mesmo tempo, o resto dos grupos parlamentarios. Finalmente, someteranse a votación os votos particulares e a proposta de mandato marco coa incorporación, se é o caso, dos votos particulares aprobados ou transaccionados.

4. A proposta de mandato marco será aprobada na comisión por maioría simple.

A proposta de mandato marco aprobada pola comisión será publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Cuarta. Tramitación en Pleno da proposta de mandato marco

1. A proposta de mandato marco aprobada pola comisión xunto cos votos particulares non aceptados ou transaccionados tramitaranse no Pleno.

2. O debate no Pleno comezará coa defensa dos votos particulares presentados polos grupos parlamentarios que intervirán por orde inversa á súa importancia numérica e por un tempo máximo de dez minutos. A continuación, por esta mesma orde e polo mesmo tempo, o resto dos grupos parlamentarios.

3. Votaranse en primeiro lugar os votos particulares que serán aprobados ou rexeitados por maioría simple. Seguidamente, someterase a votación a proposta de mandato marco coa incorporación, se é o caso, dos votos particulares aprobados ou transaccionados.

A proposta de mandato marco deberá ser aprobada polo Parlamento de Galicia por unha maioría de dous terzos. De non acadarse esa maioría, e logo da inclusión do asunto na orde do día dun próximo Pleno, a proposta será aprobada por unha maioría de tres quintos. No suposto de non resultar aprobada nesta segunda votación, incluírase na próxima sesión plenaria e resultaría aprobada se acadase a maioría absoluta dos membros da Cámara.

De non acadarse a dita maioría entenderase rexeitada a proposta de mandato marco elevada pola comisión a cal deberá aprobar unha nova proposta conforme ao procedemento previsto anteriormente.

Quinta. Publicación do mandato marco

O mandato marco aprobado polo Pleno do Parlamento de Galicia será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, no *Diario Oficial de Galicia* e remitido á Xunta de Galicia e á Corporación RTVG.

Disposición derradeira primeira. Dereito supletorio

En todo o non previsto nestas Normas aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Estas Normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.20. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de marzo de 2015, polo que se aproban as Normas supletorias do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes.

O artigo 155.5 do Regulamento da Cámara establece unha regulación mínima para a tramitación ante o Pleno da Cámara das preguntas cualificadas de urxentes. Cómpre agora facilitar o seu debate e a regulación daqueles trámites, implícitos ou omitidos, que permitan o diálogo e o control sobre cuestións actuais verbo das que, pola súa importancia e urxencia, sexa oportuno coñecer a posición do Goberno.

Con base no razoamento exposto, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 17 de marzo de 2015, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, e ao abeiro do artigo 30.1.1.^a do Regulamento, aprobou as seguintes

NORMAS

Primeira. Presentación

As preguntas solicitadas polo procedemento de urxencia e cunha motivación suficiente poderán presentarse no Rexistro Xeral da Cámara ata as seis horas antes da correspondente reunión da Mesa do Parlamento, que, de xeito regular, se desenvolverá o martes da semana anterior a aquela na que vai ter lugar a sesión plenaria ordinaria.

Segunda. Tramitación e publicación

A Mesa do Parlamento, de xeito inmediato, procederá á súa cualificación, admisión a trámite e traslado á Xunta de Portavoces para a súa inclusión na próxima orde do día do Pleno pendente de convocatoria. Trala inclusión e a orde da súa publicación urxente no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, comunicaráselle a pregunta á Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 155.5 do Regulamento.

Terceira. Cota de preguntas e límite por sesión plenaria

No correspondente período ordinario de sesións, cada grupo terá dereito á tramitación das preguntas polo procedemento de urxen-

cia que lle correspondan proporcionalmente. A orde do día do Pleno incluírá un máximo de catro preguntas urxentes por sesión plenaria.

Establécese como límite a inclusión dunha pregunta por cada grupo parlamentario na orde do día de cada sesión plenaria. Tralo seu debate, imputaráselle á cota do deputado ou do grupo parlamentario que a formulou para os efectos previstos no artigo 155.2 do Regulamento.

Disposición derogatoria única. Derrogación das Normas supletorias do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes

Quedan derogadas as Normas supletorias do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes, vixentes ata a aprobación das presentes normas.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.21. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de marzo de 2015, polo que se aproban as Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia.

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 17 de marzo de 2015, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, e ao abeiro do artigo 30.1.1.^a do Regulamento, aprobou as seguintes

NORMAS

Primeira. Titulares e destinatario das preguntas parlamentarias ante o Pleno

Os portavoces dos grupos parlamentarios poderán formular preguntas ao presidente ou presidenta da Xunta de Galicia para a súa contestación oral e persoal ante o Pleno da Cámara en desenvolvemento do disposto no artigo 155 do Regulamento.

Segunda. Formulación e presentación

As preguntas deberán formularse por escrito ante a Mesa do Parlamento e presentaranse no Rexistro da Cámara ata as seis horas antes da reunión da Mesa do Parlamento preparatoria da orde do día do próximo Pleno pendente de convocatoria.

Terceira. Admisión e características das preguntas

A Mesa do Parlamento cualificará e admitirá a trámite aquelas preguntas que conteñan unha sucinta e estrita formulación dunha soa cuestión de interese xeral para a Comunidade Autónoma ou que sexa de actual e acentuada relevancia política, coa estrutura e finalidades previstas no artigo 155.1 do Regulamento.

A Mesa rexeitará as preguntas que non reúnan as características anteriormente referenciadas e declarará decaídas aquelas que, admitidas a trámite, non foran incluídas na correspondente sesión plenaria. Neste caso os seus titulares deberán reiteralas, se pretendesen a súa inclusión noutra sesión plenaria.

Cuarta. Periodicidade e número

Dentro do período ordinario de sesións e na orde do día de cada Pleno ordinario, incluírase un punto denominado preguntas para resposta oral do presidente ou presidenta da Xunta de Galicia.

O número máximo de preguntas dirixidas ao presidente ou presidenta da Xunta de Galicia que se pretendan incluír na orde do día da correspondente sesión plenaria será de tres.

Os grupos parlamentarios poderán formular as preguntas orais en Pleno ao presidente ou presidenta da Xunta que lles correspondan proporcionalmente en cada período ordinario de sesións.

Se os portavoces presentasen varias, o número máximo será de tres preguntas por grupo e, delas, o presidente ou presidenta da Xunta de Galicia elixirá unha para darlle resposta.

Quinta. Tramitación e substanciación ante o Pleno da Cámara

A pregunta incluída na orde do día da correspondente sesión plenaria seralle comunicada polo presidente ou presidenta do Parlamento ao presidente ou presidenta da Xunta de Galicia, dentro dos dous días seguintes ao da súa admisión a trámite, publicarase con carácter urxente no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e poderase solicitar o seu aprazamento nos termos previstos no apartado 4 do artigo 155 do Regulamento.

A súa substanciación ante o Pleno da Cámara axustarase ao procedemento establecido no apartado 3 do artigo 155 do Regulamento. A orde de intervención dos deputados ou, se é o caso, dos portavoces virá fixada polo seu número rexistral e pode ser alterada por acordo do Pleno da Cámara, de xeito motivado, coa suficiente antelación para que lles sexa comunicada aos portavoces dos grupos parlamentarios ou aos deputados e ás deputadas.

Disposición derogatoria única. Derrogación das Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia

Quedan derogadas as Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas

ao presidente da Xunta de Galicia, vixentes ata a aprobación das presentes normas.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.22. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de setembro de 2015, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento para propoñer a persoa adxunta ao Valedor ou Valedora do Pobo.

O Valedor ou Valedora do Pobo, alto comisionado ou comisionada do Parlamento de Galicia, estará auxiliado ou auxiliada por un adxunto ou adxunta, segundo a reforma operada pola Lei 10/2012, do 3 de agosto, de modificación da estrutura do Valedor do Pobo. Sendo a Comisión de Peticións a encargada de propoñerlle o seu nomeamento á Valedor ou Valedora do Pobo, cómpre regular o procedemento de designación da persoa adxunta ao Valedor do Pobo conforme dispoñen os artigos 8 e 9 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, na redacción dada pola Lei 10/2012, do 3 de agosto, de modificación da estrutura do Valedor do Pobo.

Para tal efecto, a Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 8 de setembro de 2015 logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, e ao abeiro do disposto no artigo 30.1.1.º do Regulamento da Cámara, dispón:

Artigo 1. Inicio do procedemento

A Mesa da Cámara, vacante o posto de adxunto ou adxunta do Valedor ou Valedora do Pobo, iniciará de oficio ou a instancia do Valedor ou Valedora do Pobo o procedemento para propoñerlle unha persoa adxunta.

Artigo 2. Presentación de candidatos ou candidatas

1. A Mesa da Cámara comunicaralles aos grupos parlamentarios o inicio do procedemento e abrirá un prazo para a presentación de persoas candidatas.
2. Cada grupo parlamentario poderá propoñer unha persoa candidata que deberá reunir as condicións preceptuadas nos artigos 3.1 e 9.3 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo.
3. A presentación de persoas candidatas farase por escrito dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

4. Rematado o prazo de presentación, a Mesa da Cámara examinará o cumprimento dos requisitos legais das persoas candidatas propostas polos grupos parlamentarios e acordará a súa admisión.

Artigo 3. Elaboración dunha lista coas persoas candidatas

A Mesa da Cámara elaborará unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes das persoas candidatas e os grupos parlamentarios que as propuxeron. A lista remitiráselle á Mesa da Comisión de Peticións para os efectos do previsto no artigo 9.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

Artigo 4. Debate

Incluída a designación do adxunto ou adxunta na orde do día da Comisión de Peticións, cada grupo poderá fixar a súa posición polo tempo que determine a súa Mesa.

Artigo 5. Votación

Concluído o debate, a Presidencia someterá a votación as persoas candidatas propostas segundo a orde na que figuran na lista elaborada pola Mesa da Cámara. Cada deputado e deputada expresará o seu voto unha vez chamado polo secretario ou pola secretaria.

Artigo 6. Elección

A Presidencia proclamará elixida á persoa candidata que obtivese o maior número de votos aplicando o sistema do voto ponderado, e sempre que este equivalla a maioría simple dos votos dos membros da Comisión de Peticións.

De non se obter esta maioría, realízase unha segunda e derradeira votación na mesma sesión. No caso de que non se acadase a maioría esixida por ningunha das persoas candidatas, a Mesa da Cámara iniciará de novo o procedemento.

Artigo 7. Comunicación ao Valedor do Pobo

A Presidencia do Parlamento de Galicia comunicarlle ao Valedor do Pobo ou Valedora do Pobo a persoa proposta pola Comisión de Peticións como adxunto ou adxunta, en cumprimento e para os

efectos do previsto nos apartados 1 e 2 do artigo 9 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Estas Normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.23. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de outubro de 2015, polo que aproban as Normas reguladoras do Rexistro de intereses da Cámara.

Por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xuño de 1994, aprobáronse as Normas reguladoras do Rexistro de intereses da Cámara e modelos de declaración de actividades e bens, tanto iniciais coma modificativos ou complementarios (BOPG núm. 101, do 4 de agosto de 1994), en cumprimento do disposto no artigo 15.3 do Regulamento da Cámara.

Por Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do 3 de agosto de 2015 (BOPG núm. 502, do 6 de agosto de 2015 e *Diario Oficial de Galicia* núm. 162, do 26 de agosto de 2015), déuselles nova redacción con forza de lei ás alíneas 1, 2 e 3 e engadíronse dúas novas alíneas, a 4 e a 5, ao artigo 15 do seu Regulamento. A modificación no referido ao contido mínimo das declaracións de bens e dereitos e á publicidade de todas as declaracións no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* en no Portal de transparencia da Cámara, require a aprobación dunhas novas normas que regulen o citado rexistro.

A Mesa da Cámara, na súa reunión do 20 de outubro de 2015, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces da mesma data, e ao abeiro do disposto no artigo 30.1.1.^a do Regulamento do Parlamento de Galicia, dispón:

Artigo 1. Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular o Rexistro de intereses da Cámara, en cumprimento do establecido no artigo 15 do Regulamento do Parlamento de Galicia, segundo a redacción dada polo Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do 3 de agosto de 2015.

Artigo 2. Contido

Incorporaranse ao Rexistro de intereses os expedientes individualizados das deputadas e dos deputados pertencentes a cada lexislatura do Parlamento de Galicia.

Cada expediente individualizado deberá conter:

- a) Declaración de actividades e cargos que poidan constituír causa de incompatibilidade, así como de calquera actividade e

cargos que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.

b) Declaración de bens e dereitos.

c) Declaracións modificativas.

d) Declaración posterior á perda da condición de deputada ou deputado.

e) Resolucións do Pleno en materia de incompatibilidades e os datos sobre actividades das deputadas e dos deputados que sexan remitidos pola Comisión do Estatuto dos Deputados e non consten previamente no Rexistro de intereses.

Artigo 3. Dependencia do Rexistro de intereses

O Rexistro de intereses estará baixo a dependencia directa da Presidencia da Cámara e a custodia corresponderalle á Oficialía Maior do Parlamento de Galicia.

Artigo 4. Acceso ao Rexistro de intereses

O contido das declaracións de actividades, de bens e dereitos, das declaracións modificativas así como das subseguintes á perda da condición de deputada ou deputado será público, a través do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e do Portal de transparencia da Cámara, agás aqueles datos referentes á localización dos bens inmobles e mais aqueloutros que a Mesa acorde omitir para salvagardar a privacidade e a seguridade dos seus titulares.

Artigo 5. Forma e prazo de presentación

1. As declaracións de actividades, de bens e dereitos, as declaracións modificativas así como as subseguintes á perda da condición de deputada ou deputado, deberánse presentar no Rexistro da Cámara nos termos previstos no artigo 15 do Regulamento do Parlamento de Galicia e conforme aos modelos oficiais elaborados e aprobados pola Mesa do Parlamento.

2. As declaracións deberánse cubrir con ordenador no modelo PDF interactivo que facilitará a Administración do Parlamento de Galicia. Non se admitirán declaracións cubertas a man.

3. As declaracións de actividades e de bens e dereitos, deberánse presentar no momento da entrega da credencial acreditativa da

condición de deputada ou deputado electo ou antes de se celebrar a sesión constitutiva da lexislatura ou daquela na que poida acadar a condición plena de deputada ou deputado.

Artigo 6. Obrigatoriedade

A achega dos documentos esixidos para a formación do Rexistro de intereses configúrase como un deber das deputadas e dos deputados e un requisito para a adquisición da súa condición plena nos termos previstos no artigo 15.2 do Regulamento da Cámara e deberase cumprir tamén dentro dos trinta días naturais seguintes á perda da dita condición.

No caso de incumprimento, haberá que aterse ao disposto no artigo 7.2 do Regulamento da Cámara.

Disposición adicional única. Aprobación dos modelos de declaración

Apróbanse os modelos de declaracións de actividades, e de bens e dereitos que figuran nos anexos.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogadas as Normas reguladoras do Rexistro de intereses da Cámara e modelos de declaración de actividades e bens, tanto iniciais coma modificativos ou complementarios, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xuño de 1994 (BOPG núm. 101, do 4 de agosto de 1994).

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Anexo I

DECLARACIÓN DE ACTIVIDADES

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL:

DATA DE PROCLAMACIÓN:

(Indíquese a data na que foi proclamado/a deputado/a pola xunta electoral correspondente)

DATA DA PRESENTACIÓN DA CREDENCIAL NO REXISTRO DA CÁMARA:

TIPO DE DECLARACIÓN:

☐ Orixinaria. ☐ Modificativa.

☐ Por cesamento na condición de deputado/a

(Marque a casa que proceda)

En cumprimento do disposto no artigo 6.7 da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia, no artigo 15 do Regulamento da Cámara e nas Normas reguladoras do seu Rexistro de Intereses (BOPG núm.____), formulo a seguinte

DECLARACIÓN DE ACTIVIDADES¹

I. CARGOS OU EMPREGOS PÚBLICOS

1. Cargos públicos

☐ Desde a data na que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia desempeño os seguintes cargos:

(Marque o recadro se procede e especifique o cargo que desempeña co maior detalle posible).

Polo desempeño dos ditos cargos,

☐ non percibo ningunha retribución, axuda de custo, indemnización ou asistencia.

☐ percibo unha retribución.

☐ percibo axudas de custo, indemnizacións ou asistencias.

(Marque o que proceda)

☐ Desde a data na que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non desempeña ningún cargo público.

(Marque o recadro se procede).

2. Emprego público ou servizo en calquera institución pública ou Administración pública

☐ Desde a data na que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non desempeña ningún emprego público nin presta servizos en ningunha institución pública ou Administración pública.

(Marque o recadro se procede).

☐ Desde a data na que fun proclamado deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia desempeña un emprego público ou presta servizos nunha institución pública ou Administración pública.

(Marque o recadro se procede e especifique a administración ou institución públicas e o tipo de relación con ela. No caso de desempeñar dun emprego público, concrete se solicitou o pase á situación administrativa ou laboral correspondente).

II. ACTIVIDADES PRIVADAS

1. Actividade privada por conta allea

☐ Desde a data na que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non desempeña ningunha actividade privada por conta allea.

(Marque o recadro se procede).

☐ Desde a data na que fun proclamado deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia desempeña unha actividade privada por conta allea.

(Marque o recadro se procede e especifique: a natureza da actividade, o nome e o obxecto social da empresa na que presta servizos e, se é o caso, a relación que esta mantén co sector público).

2. Actividade privada por conta propia

☐ Desde a data na que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non desempeña ningunha actividade privada por conta propia.

(Marque o recadro se procede).

☐ Desde a data na que fun proclamado deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia desempeña unha actividade privada por conta propia.

(Marque o recadro se procede e especifique: a natureza da actividade, o nome e o obxecto social da empresa e, se é o caso, a relación que esta empresa mantén co sector público).

III. INGRESOS PROCEDENTES DO SECTOR PÚBLICO

☐ Desde a data na que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non percibo ingresos do sector público.

(Marque o recadro se procede).

☐ Desde a data na que fun proclamado deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia percibo ingresos do sector público.

(Marque o recadro se procede e especifique o tipo de ingreso, incluídas as pensións de dereitos pasivos ou da Seguridade Social e consigne o nome da entidade pagadora e a causa que xustifica o pagamento).

IV. OUTRAS ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

☐ Desde a data na que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non realizo ningunha actividade que me proporcione ou me poida proporcionar ingresos económicos.

(Marque o recadro se procede).

☐ Desde a data na que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia realizo actividades que me proporcionan ou me poden proporcionar ingresos económicos.

(Marque o recadro se procede e especifique o tipo de actividade e se recibe algunha retribución ou unha compensación por gastos).

Tendo en conta o declarado,

☐ Desexo dedicarme en exclusiva ao cargo de deputado/a do Parlamento de Galicia.

(Marque o recadro se procede).

☐ Desexo desempeñar o cargo de deputado/a do Parlamento de Galicia compatibilizándoo coa seguinte actividade:

(Marque o recadro se procede e especifique a actividade e se por ela vai recibir unha retribución, indemnización, axuda de custo e/ou asistencia).

E para que así conste, asino esta declaración.

Data e sinatura:

ANEXO II

Declaración de bens e dereitos

PRIMEIRO APELIDO: SEGUNDO APELIDO: NOME:	
ESTADO CIVIL:	RÉXIME ECONÓMICO MATRIMONIAL:
DATA DE PROCLAMACIÓN: <i>(Indíquese a data na que foi proclamado/a deputado/a pola xunta electoral correspondente)</i>	DATA DA PRESENTACIÓN DA CREDENCIAL NA CÁMARA:
CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL POLA QUE FOI ELIXIDO/A	
TIPO DE DECLARACIÓN	<input type="checkbox"/> Orixinaria <input type="checkbox"/> Modificativa <input type="checkbox"/> Por cesamento na condición de deputado/a <i>(Marque a casa que proceda)</i>

En cumprimento do disposto no artigo 6.7 da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia, no artigo 15 do Regulamento da Cámara e nas Normas reguladoras do seu Rexistro de Intereses (BOPG núm.____), formulo a seguinte

DECLARACIÓN DE BENS E DEREITOS

RENDAS PERCIBIDAS POLO PARLAMENTARIO / PARLAMENTARIA ¹		
PROCEDENCIA DAS RENDAS	CONCEPTO	EUROS
Percepcións netas de tipo salarial, soldos, honorarios, aranceis e outras retribucións, calquera que sexa a súa denominación. ²		
Dividendos e participación en beneficios de sociedades, comunidades ou entidades de calquera clase.		
Xuros ou rendementos de contas, depósitos e activos financeiros.		
Outras rendas ou percepcións de calquera clase. ³		

CANTIDADE PAGADA POR IRPF <i>Indíquese a cota líquida pagada no exercicio anterior á data desta declaración, a saber, o pagamento final de o haber máis as retencións. (Casa 732 do modelo IRPF 100)</i>	
--	--

BENS PATRIMONIAIS DO PARLAMENTARIO OU DA PARLAMENTARIA					
BENS	Clase e características ⁴	Situación ⁵	Data de adquisición	Dereito sobre o ben ⁶ e Título de adquisición ⁷	Valor catastral
<i>Bens inmoables de natureza urbana.</i>					
<i>Bens inmoables de natureza rústica.</i>					
<i>Bens inmoables propiedade dunha sociedade, comunidade ou entidade que non cotiza na Bolsa e da que a persoa declarante ten accións ou participacións</i>					

DEPÓSITOS EN CONTAS CORRENTES OU DE AFORRO, CONTAS FINANCEIRAS E OUTROS TIPOS DE IMPOSICIÓNS ⁸	
---	--

SALDO ⁹ DE TODOS OS DEPÓSITOS (€)	
--	--

OUTROS BENS OU DEREITOS		
CLASE DE BEN OU DEREITO	DESCRICIÓN DO BEN OU DEREITO (Indique o sistema que se utilizou para a súa valoración diñeraria)	VALOR (€) ¹⁰
<i>Débeda pública, obrigas, bonos, certificados de depósito, obrigas de pagamento e demais valores equivalentes.</i>		
<i>Accións e participacións en todo tipo de sociedades, entidades con valor económico e cooperativas. Participacións en fondos de investimento</i>		
<i>Sociedades participadas en máis dun 5 % por outras sociedades ou entidades que sexan propiedade, en todo ou en parte, do parlamentario ou da parlamentaria declarante.</i>		

VEHÍCULOS, EMBARCACIÓNS E AERONAVES	
<i>Data de adquisición</i>	<i>DESCRICIÓN¹¹</i>

OUTROS BENS, RENDAS OU DEREITOS DE CONTIDO ECONÓMICO NON DECLARADOS NAS EPÍGRAFES ANTERIORES	VALOR (€)
--	-----------

DÉBEDAS E OBRIGAS PATRIMONIAIS	
PRÉSTAMOS (descripción e acredor)	
DATA DE CONCESIÓN	
IMPORTE CONCEDIDO (€)	
SALDO PENDENTE (€) ¹²	
Outras débedas e obrigas derivadas de contratos, sentenzas ou calquera outro título.	

OBSERVACIÓNS

(Que a persoa declarante fai constar para ampliar información que non lle colleu noutras epígrafes desta declaración e para deixar constancia de canto considere conveniente engadir)

E para que así conste, asino esta declaración.

Data e sinatura:

- 1.- As rendas que se deben declarar son as percibidas no exercicio económico anterior á data da declaración.*
- 2.- Excluíranse as percepcións recibidas do Parlamento de Galicia, que se atopan xa publicadas na web da Cámara.*
- 3.- De ser o caso, débense incluír as percepcións cobradas por plans de pensións.*
- 4.- Indique se é piso, vivenda, praza de aparcamento, local comercial, nave industrial e máis as características que procedan.*
- 5.- Indique a provincia onde estea situado o ben. De se tratar de bens radicados no estranxeiro, sinala o país.*
- 6.- Pleno dominio, núa propiedade, usufruto, dereito de superficie, privativo, ganciancial, en comunidade de bens, etc.*
- 7.- Compravenda, herdanza, doazón, etc.*
- 8.- Indique a clase de depósito sen necesidade de sinalar a entidade bancaria.*
- 9.- O saldo debe ser a suma de todos os depósitos de todas as contas. Pódese tomar como referencia o saldo medio das contas correntes durante o ano anterior á declaración, ou o saldo en calquera dos sete días anteriores á declaración ou o saldo no 31 de decembro do exercicio anterior. De tomar como referencia unha das posibilidades, esta débese aplicar a todas as contas.*
- 10.- En bens ou dereitos negociados en mercados organizados débese reflectir o valor de cotización en calquera día hábil dos sesenta días anteriores á data desta declaración e débese así mesmo indicar a data elixida. Nos bens e dereitos non cotizados en mercados organizados débese indicar o nome da sociedade ou entidade e o valor das accións ou participacións segundo o balance anual anterior á data desta declaración. De non haber balance anual anterior á declaración, o valor que hai que declarar debe ser o teórico contable. As participacións en fondos de investimento valoraranse polo seu valor liquidativo ao 31 de decembro.*
- 11.- Non indique a matrícula. Débense incluír vehículos, embarcacións ou aeronaves propiedade dunha sociedade que, non cotizando na Bolsa, estea participada dalgún modo pola persoa declarante, sempre que o parlamentario ou a parlamentaria os utilice, aínda que sexa ocasionalmente. Valoraranse segundo os prezos medios de venda aprobados polo Ministerio de Facenda.*
- 12.- Na data do 31 de decembro do exercicio anterior á declaración ou calquera día do mes inmediatamente anterior á data desta declaración.*

3.24. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 3 de decembro de 2016, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea.

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión celebrada o día 3 de decembro de 2016 e logo de audiencia da Xunta de Portavoces reunida na mesma data, acordou aprobar as seguintes

NORMAS

Primeira.- Preferencia na tramitación dos proxectos de actos lexislativos

Os proxectos de actos lexislativos da Unión Europea que se reciban no Parlamento de Galicia para o control do principio de subsidiariedade gozarán de preferencia na tramitación con respecto aos demais traballos da Comisión permanente lexislativa correspondente en función da materia sobre a que trate, á que se encomenda o cumprimento material do Protocolo sobre a aplicación do principio de subsidiariedade anexo ao Tratado de Lisboa.

Segunda.- Remisión do proxecto de acto lexislativo

Tan pronto como sexa recibido, o proxecto de acto lexislativo correspondente será remitido pola Presidencia da Cámara –sen necesidade de que previamente teña que ser admitido a trámite pola Mesa– aos grupos parlamentarios e aos membros da Comisión permanente lexislativa sectorial correspondente.

A Presidencia do Parlamento de Galicia dará conta inmediata á Mesa das remisións realizadas.

Terceira.- Propostas de ditame motivado

No prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado se presentarán ante a Mesa da Comisión competente, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

Cuarta.- Pronunciamento da Xunta de Galicia

De existir propostas de ditame motivado por parte dos grupos parlamentarios, se remitirán conxuntamente co proxecto de acto lexislativo á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e para que, se o estima oportuno, exprese o seu criterio sobre o cumprimento do principio de subsidiariedade no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do escrito.

Se a Xunta de Galicia expresase o seu criterio sobre o cumprimento do principio de subsidiariedade, darase traslado do mesmo aos grupos parlamentarios e aos membros da Comisión permanente sectorial correspondente.

Quinta.- Tramitación das propostas de ditame motivado

De presentarse as propostas ás que se refire a norma anterior, a Mesa da Comisión organizará a tramitación e adoptará as medidas que procedan para a deliberación e aprobación, se é o caso, do correspondente ditame, que deberá producirse dentro do prazo de catro semanas dende a remisión da iniciativa lexislativa polas Cortes Xerais.

Tamén poderá acordar, se procede, a constitución dunha ponencia para estudar as propostas de ditame presentadas. A dita ponencia adoptará as súas decisións atendendo ao criterio de voto ponderado.

Sexta.- Comunicación á Comisión Mixta para a Unión Europea

O Parlamento de Galicia comunicará á Comisión Mixta para a Unión Europea das Cortes Xerais, a través da presidencia, a aprobación, se é o caso, do ditame da Comisión. Se o Parlamento de Galicia non emitise ditame motivado sobre a vulneración do principio de subsidiariedade, a Mesa do Parlamento decidirá a comunicación que no seu caso se deba remitir ás Cortes Xerais.

Disposición adicional única. Rede de seguimento da subsidiariedade no Comité das Rexións.

As consultas que o Parlamento de Galicia reciba co gallo da súa integración na Rede de seguimento da subsidiariedade no Comité das Rexións, tramitaranse consonte ao procedemento establecido no presente acordo.-

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas as normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea aprobadas polos acordos da Mesa do Parlamento do 15 de xullo de 2010 e do 5 de abril de 2011.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Estas Normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

COMPOSICIÓN DA CÁMARA

4. LEI ORGÁNICA 5/1985, DO 19 DE XUÑO, DO RÉXIME ELECTORAL XERAL [inclusión parcial]

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I. Esta Lei orgánica do réxime electoral xeral pretende lograr un marco estable para que as decisións políticas nas cales se reflicte o dereito de sufraxio se realicen en plena liberdade. Este é, sen dúbida, o obxectivo esencial en que se debe encadrar calquera lei electoral dunha democracia.

Atopámonos ante o desenvolvemento dunha das normas fundamentais dun estado democrático, xa que só podemos afirmar que estamos en democracia cando o pobo pode libremente constituír a decisión maioritaria dos asuntos de goberno.

A Constitución española inscríbese, de forma inequívoca, entre as constitucións democráticas máis avanzadas do mundo occidental. Por iso, establece as bases dun mecanismo que torna posible, dentro da plena garantía do resto das liberdades políticas, a alternancia no poder das distintas opcións derivadas do pluralismo político da nosa sociedade.

Estes principios reflíctense nunha norma coma esta, que articula o procedemento de emanación da vontade maioritaria do pobo nas diversas instancias representativas en que o Estado español se articula.

Neste sentido, o artigo 81 da Constitución establece a necesidade de as Cortes Xerais aprobaren, con carácter de orgánica, unha lei que regule o réxime electoral xeral.

Isto suscita a necesidade de dotar dun tratamento unificado e global o variado conxunto de materias comprendidas so a epígrafe constitucional «lei electoral xeral», así como de regular as especificidades de cada un dos procesos electorais no ámbito das competencias do Estado.

Todo este tipo de cuestións require, en primeiro lugar, aprobar a normativa que substitúa o vixente Real decreto lei de 1977, que cubriu adecuadamente unha primeira etapa da transición democrática do noso país. No entanto, esta substitución non é en absoluto radical, debido a que o propio texto constitucional acolleu os elementos esenciais do sistema electoral contidos no Real decreto lei.

En segundo lugar, esta lei orgánica recolle normativa electoral sectorial xa aprobada polas Cámaras. Así, no tocante ao réxime de eleccións locais séguese, no fundamental, o réxime vixente regulado na Lei 39/1978, e modificado pola Lei 6/1983 na actual lexislatura. Da mesma forma, as causas de inelixibilidade e incompatibilidade dos deputados e senadores que a Lei introduce son as previstas no Proxecto de lei orgánica de incompatibilidades de deputados e senadores, sobre o cal as Cámaras tiveron a ocasión de se pronunciar durante esta lexislatura.

Por último, o novo texto electoral aborda esta formulación conxunta desde a experiencia dun proceso democrático en marcha desde 1977 e achega as melloras técnicas necesarias para cubrir os baleiros que se manifestaron co asentamento das nosas institucións representativas.

II. A Lei parte, por tanto, desta dobre filosofía: pretende cumprir un imperativo constitucional inadiable e pretende facelo desde a globalidade que a propia Constitución impón.

A Lei orgánica do réxime electoral xeral está estruturada precisamente para cumprir ambos os fins. Nela establécese unha división fundamental entre disposicións xerais para calquera elección por sufraxio universal directo e aplicables en calquera proceso electoral e normas que se refiren aos diferentes tipos de eleccións políticas, e que son unha adaptación dos principios xerais ás peculiaridades propias dos procesos electorais que o Estado debe regular.

A Constitución impón ao Estado, por unha banda, o desenvolvemento do artigo 23, que afecta un dos dereitos fundamentais na realización dun estado de dereito: a regulación do sufraxio activo e pasivo para toda a cidadanía. Mais, alén diso, o artigo 81 da Constitución, ao impor unha lei orgánica do réxime electoral xeral, amplía o campo de actuación que o Estado debe cubrir. Isto é, torna necesaria a súa actividade máis aló do que é mera garantía do dereito de sufraxio, xa que, como o Tribunal Constitucional ten declarado, baixo

esa epígrafe hai que entender o que é primario e nuclear no réxime electoral.

Ademais, segundo o artigo 149.1.1 da Constitución, o Estado ten a competencia exclusiva para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos constitucionais. Entre eses dereitos figura o de sufraxio, comprendido no artigo 23 da Constitución.

A filosofía da Lei parte do máis escrupuloso respecto ás competencias autonómicas e deseña un sistema que permita non só o seu desenvolvemento, senón mesmo a súa modificación ou substitución en moitos dos seus puntos mediante a actividade lexislativa das comunidades autónomas.

O título preliminar con que este texto normativo se abre delimita o seu ámbito, en aplicación da filosofía xa exposta.

O título I abarca, baixo a epígrafe «Disposicións comúns para as eleccións por sufraxio universal directo», un conxunto de capítulos que se refiren, en primeiro lugar, ao desenvolvemento directo do artigo 23 da Constitución, como son os capítulos primeiro e segundo, que regulan o dereito de sufraxio activo e pasivo. En segundo lugar, regula materias que son contido primario do réxime electoral, como algúns aspectos de procedemento electoral. Finalmente, refírese aos delitos electorais. A regulación contida neste título é, sen dúbida, o núcleo central da Lei, punto de referencia do resto do seu contido e presuposto da actuación lexislativa das comunidades autónomas.

As novidades que se poden salientar neste título son, entre outras, o sistema do censo electoral, a ordenación dos gastos e subvencións electorais e o seu procedemento de control e mais as garantías xudiciais para tornar eficaz o exercicio do dereito de sufraxio activo e pasivo.

O título II contén as disposicións especiais para elixir os deputados e os senadores. Nel recóllense escrupulosamente os principios consagrados na Constitución: a circunscripción electoral provincial e a súa representación mínima inicial, o sistema de representación proporcional e o sistema de inelixibilidades e de incompatibilidades dos membros do Congreso dos Deputados e do Senado.

Sobre estas premisas constitucionais, recollidas tamén no Decreto lei de 1977, a presente Lei trata de introducir melloras técnicas e co-

rrECCIÓNS que redunden nun mellor funcionamento do sistema no seu conxunto.

O título III regula as disposicións especiais para as eleccións municipais. Nel agrúpase o contido da Lei 39/1978 e as modificacións achegadas pola Lei 6/1983, aínda que se introducen algúns elementos novos, como o que se refire á posibilidade e ao procedemento da destitución dos alcaldes por parte dos concelleiros, posibilidade xa consagrada pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

Os títulos IV e V refírense á elección dos cabidos insulares canarios e das deputacións provinciais, e neles mantívose o sistema vixente.

III. Un sistema electoral nun estado democrático debe garantir, como o seu elemento nuclear, a libre expresión da soberanía popular, e esta liberdade xenérica rodéase hoxe en día doutro conxunto de liberdades, como a liberdade de expresión, de información, de reunión, de asociación etcétera. Por iso, o efecto inmediato desta lei non pode ser outro que reforzar as liberdades antes descritas, impedindo que aqueles obstáculos que poidan derivar da estrutura dunha sociedade transcendan ao momento máximo de exercicio da liberdade política.

O marco da liberdade no acceso á participación política deseñado nesta lei é un fito irrenunciable da nosa historia e o signo máis evidente da nosa convivencia democrática.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo primeiro

1. Esta lei orgánica é aplicable:

- a) Ás eleccións de deputados e senadores ás Cortes Xerais, sen prexuízo do disposto nos estatutos de autonomía para designar os senadores previstos no artigo 69.5 da Constitución.
- b) Ás eleccións dos membros das corporacións locais.
- c) Ás eleccións dos deputados do Parlamento Europeo.

2. Así mesmo, nos termos que establece a disposición adicional primeira desta lei, é aplicable ás eleccións ás asembleas das comunidades autónomas e ten carácter supletorio da lexislación autonómica na materia.

TÍTULO PRIMEIRO
**Disposicións comúns para as eleccións por sufraxio universal
directo**

CAPÍTULO PRIMEIRO
Dereito de sufraxio activo

Artigo segundo

1. O dereito de sufraxio corresponde aos españois maiores de idade que non estean incluídos en ningún dos casos previstos no artigo seguinte.
2. Para o exercicio do sufraxio é indispensable a inscrición no censo electoral vixente.
3. No caso de eleccións municipais, incluídas as eleccións aos cabidos, aos consellos insulares, ao Consello Xeral do Val de Arán e ás Xuntas Xerais, é indispensable para o seu exercicio figurar inscrito no Censo de españois residentes en España.

Artigo terceiro

1. Carecen de dereito de sufraxio:
 - a) Os condenados por sentenza xudicial firme á pena principal ou accesoria de privación do dereito de sufraxio, durante o tempo do seu cumprimento.
 - b) (Suprimida).
 - c) (Suprimida).
2. Toda a persoa poderá exercer o seu dereito de sufraxio activo, consciente, libre e voluntariamente, sexa cal for a súa forma de comunicalo e cos medios de apoio que requirir.

Artigo cuarto

1. O dereito de sufraxio é exercido persoalmente na sección en que o elector se achar inscrito segundo o censo e na mesa electoral que lle corresponder, sen prexuízo das disposicións sobre o voto por correspondencia e sobre o voto dos interventores.
2. Ninguén poderá votar máis dunha vez nas mesmas eleccións.

Artigo quinto

Ninguén pode ser obrigado ou coaccionado, so ningún pretexto, no exercicio do seu dereito de sufraxio, nin a revelar o seu voto.

CAPÍTULO II

Dereito de sufraxio pasivo

Artigo sexto

1. Son elixibles os españois maiores de idade que, posuíndo a calidade de elector, non estean incursos nalgunha das seguintes causas de inelixibilidade:

- a) Os membros da familia real española incluídos no Rexistro Civil que regula o Real decreto 2917/1981, do 27 de novembro, e tamén os seus cónxuxes.
- b) Os presidentes do Tribunal Constitucional, do Tribunal Supremo, do Consello de Estado, do Tribunal de Contas e do Consello a que o artigo 131.2 da Constitución fai referencia.
- c) Os maxistrados do Tribunal Constitucional, os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial, os conselleiros permanentes do Consello de Estado e os conselleiros do Tribunal de Contas.
- d) O defensor do pobo e os seus adxuntos.
- e) O fiscal xeral do Estado.
- f) Os subsecretarios, os secretarios xerais, os directores xerais dos departamentos ministeriais e os equiparados a eles; en particular, os directores dos departamentos do Gabinete da Presidencia do Goberno e os directores dos gabinetes dos ministros e dos secretarios de Estado.
- g) Os xefes de misión acreditados, con carácter de residentes, ante un estado estranxeiro ou ante un organismo internacional.
- h) Os maxistrados, os xuíces e os fiscais que se encontraren en situación de activo.
- i) Os militares profesionais e de complemento e os membros das forzas e corpos de seguridade e da policía, en activo.
- j) Os presidentes, os vogais e os secretarios das xuntas electorais.

k) Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas, os subdelegados do Goberno e as autoridades semellantes con distinta competencia territorial.

l) O presidente da Corporación de Radio Televisión Española e as sociedades que a integran.

m) Os presidentes, os directores e os cargos asimilados das entidades estatais autónomas con competencia en todo o territorio nacional, ben como os delegados do Goberno nelas.

n) Os presidentes e os directores xerais das entidades xestoras da Seguridade Social con competencia en todo o territorio nacional.

ñ) O director da Oficina do Censo Electoral.

o) O gobernador e o subgobernador do Banco de España e os presidentes e os directores do Instituto de Crédito Oficial e das demais entidades oficiais de crédito.

p) O presidente, os conselleiros e o secretario xeral do Consello Xeral de Seguridade Nuclear.

2. Son inelixibles:

a) Os condenados por sentenza firme á pena privativa de liberdade, no período que a pena dure.

b) Os condenados por sentenza, aínda que non for firme, por delitos de rebelión, de terrorismo, contra a Administración pública ou contra as institucións do Estado, cando esta sentenza impuxese a pena de inhabilitación para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou a pena de inhabilitación absoluta ou especial ou a pena de suspensión para emprego ou cargo público nos termos previstos na lexislación penal.

3. Durante o seu mandato non serán elixibles polas circunscripcións electorais comprendidas en todo ou en parte do ámbito territorial da súa xurisdición:

a) Quen exercer a función de máis alto nivel de cada ministerio nas distintas demarcacións territoriais de ámbito inferior ao estatal.

b) Os presidentes, os directores e os cargos asimilados de entidades autónomas de competencia territorial limitada, así como os delegados do Goberno nelas.

c) Os delegados territoriais da RTVE e os directores das entidades de radiotelevisión dependentes das comunidades autónomas.

d) Os presidentes e os directores dos órganos periféricos das entidades xestoras da Seguridade Social.

e) Os secretarios xerais das delegacións e subdelegacións do Goberno.

f) Os delegados provinciais da Oficina do Censo Electoral.

4. As causas de inelixibilidade tamén o son de incompatibilidade. As causas de incompatibilidade rexeranse polo disposto para cada tipo de proceso electoral.

En calquera caso, serán incompatibles as persoas electas en candidaturas presentadas por partidos ou por federacións ou coalicións de partidos declarados ilegais con posterioridade por sentenza xudicial firme. Tamén serán incompatibles os electos en candidaturas presentadas por agrupacións de electores declaradas vinculadas a un partido ilegalizado por resolución xudicial firme. A incompatibilidade producirá efecto no prazo de quince días naturais, contados desde que a Administración electoral permanente comunique a causa de incompatibilidade ao interesado, excepto que este formule voluntariamente e perante esta administración unha declaración expresa e indubidada de separación e de rexeitamento respecto das causas determinantes da declaración de ilegalidade do partido político ou do partido integrante da federación ou da coalición en cuxa candidatura resultou electo; ou, de ser o caso, do partido a que se declarase vinculada a agrupación de electores en cuxa candidatura resultou electo.

Se durante o exercicio do mandato ao cal accedese logo de explicitar esa declaración a persoa electa se retractar dela por calquera medio, ou mostrar contradición a través de feitos, omisións ou manifestacións respecto do seu contido, quedará definitivamente incurso na causa de incompatibilidade regulada neste apartado. A incompatibilidade producirá efecto a partir da notificación realizada para este fin pola Administración electoral permanente, por si mesma ou por instancia do Goberno a través da Avogacía do Estado ou do Ministerio Fiscal.

Nos casos previstos nos dous parágrafos anteriores, o afectado e, se for o caso, o Goberno a través da Avogacía do Estado e do Mi-

nisterio Fiscal poderán interpor recurso perante a Sala especial do Tribunal Supremo regulada no artigo 61 da Lei orgánica do Poder Xudicial, nos prazos previstos no artigo 49 da presente lei.

O mesmo réxime de incompatibilidade se aplicará aos integrantes da candidatura da formación política declarada ilegal que foren chamados a ocupar o escano vacante, incluídos los suplentes.

Artigo sétimo

1. A cualificación de inelixible procederá respecto de quen incorrer nalgunha das causas mencionadas no artigo anterior, o mesmo día da presentación da súa candidatura ou en calquera momento posterior até a realización das eleccións.

2. A pesar do disposto no parágrafo primeiro do artigo anterior, os que aspiraren a ser proclamados candidatos e non figuraren incluídos nas listas do censo electoral, poderán selo, sempre que coa solicitude acrediten de modo fidedigno reuniren todas as condicións exixidas para iso.

3. Os maxistrados, os xuíces e os fiscais, así como os militares profesionais e de complemento e os membros das forzas e corpos de seguridade e policía, en activo, que desexaren presentarse ás eleccións, deberán solicitar o pase á situación administrativa que corresponder.

4. Os maxistrados, os xuíces e os fiscais, os membros das forzas e corpos de seguridade e policía en activo terán dereito, en calquera caso, á reserva de posto ou praza e de destino, nas condicións que as normas específicas aplicables determinen. De seren elixidos, a situación administrativa que lles corresponda poderá manterse, por vontade dos interesados, unha vez terminado o seu mandato, até a constitución da nova asemblea parlamentaria ou da corporación local.

CAPÍTULO III

Administración electoral

Sección I. Xuntas electorais

Artigo oitavo

1. A Administración electoral ten por finalidade garantir, nos termos desta lei, a transparencia e a obxectividade do proceso electoral e do principio de igualdade.
2. A Administración electoral está integrada polas xuntas electorais Central, provincial, de zona e, de ser o caso, de comunidade autónoma, así como polas mesas electorais.
3. A Xunta Electoral Central ten a súa sede en Madrid; as provinciais, nas capitais de provincia e as de zona, nas localidades cabeza dos partidos xudiciais referidos no punto 6.
4. As xuntas de zona de Ceuta e Melilla acumulan nos seus respectivos distritos as funcións correspondentes ás xuntas electorais provinciais.
5. As xuntas desenvolven as súas sesións nos seus propios locais e, de non existiren, naqueles en que os respectivos secretarios exercen os seus cargos.
6. Para os efectos desta lei, os partidos xudiciais coinciden cos das eleccións locais de 1979.

Artigo noveno

1. A Xunta Electoral Central é un órgano permanente e está composta por:
 - a) Oito vogais maxistrados do Tribunal Supremo, designados, mediante insaculación, polo Consello Xeral do Poder Xudicial.
 - b) Cinco vogais catedráticos de Dereito ou de Ciencias Políticas e de Socioloxía, en activo, designados por proposta conxunta dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores con representación no Congreso dos Deputados.
2. As designacións a que o número anterior se refire deben realizarse nos noventa días seguintes após a sesión constitutiva do Congreso dos Deputados. Cando a proposta das persoas previstas no apartado 1.b) non tiver lugar no devandito prazo, a Mesa do

Congreso dos Deputados, despois de ouvir os grupos políticos presentes na Cámara, procederá á súa designación, tendo en conta a representación existente nela.

3. Os vogais designados serán nomeados mediante real decreto e continuarán no seu mandato até a toma de posesión da nova Xunta Electoral Central, no comezo da seguinte lexislatura.

4. Os vogais elixen, de entre de orixe xudicial, o presidente e vicepresidente da Xunta na sesión constitutiva que se realizará por convocatoria do secretario.

5. O presidente da Xunta Electoral Central estará exclusivamente dedicado ás funcións propias da Xunta Electoral desde a convocatoria dun proceso electoral até a proclamación de electos e, se for o caso, até a execución das sentenzas dos procedementos contenciosos, incluído o recurso de amparo previsto no artigo 114.2 desta lei, a que o proceso electoral dese lugar. Para estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial proverá as medidas oportunas.

6. O secretario da Xunta Electoral Central é o secretario xeral do Congreso dos Deputados.

Artigo dez

1. A xunta electoral provincial está composta por:

a) Tres vogais, maxistrados da audiencia provincial que corresponda, designados mediante insaculación polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Cando non houber na audiencia de que se tratar o suficiente número de maxistrados, designaranse titulares de órganos xurisdicionais unipersoais da capital da provincia.

b) Dous vogais nomeados pola Xunta Electoral Central entre catedráticos e profesores titulares de Dereito ou de Ciencias Políticas e de Socioloxía ou xuristas de recoñecido prestixio que residan na provincia. A designación destes vogais terá lugar logo de que estean proclamadas as candidaturas. Con este fin, os representantes das candidaturas presentadas no distrito proporán conxuntamente as persoas que deban exercer estes cargos. Se esta proposta non tiver lugar antes do comezo da campaña electoral, a Xunta Electoral Central procederá ao seu nomeamento.

2. Os vogais mencionados no apartado 1.a) deste artigo elixirán, de entre eles, o presidente da xunta.

3. Os presidentes das xuntas electorais provinciais estarán exclusivamente dedicados ás funcións propias das súas respectivas xuntas electorais desde a convocatoria dun proceso electoral até a proclamación de electos e, de ser o caso, até a execución das sentenzas dos procedementos contenciosos, incluído o recurso de amparo previsto no artigo 114.2 desta lei, a que o proceso electoral dese lugar nas súas correspondentes circunscripcións. Entenderase prorrogado, se proceder, o prazo previsto no artigo 15.2 desta lei. Para estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial proverá as medidas oportunas.

4. O secretario da xunta provincial é o secretario da audiencia respectiva e, se houber varios, será o máis antigo.

Artigo once

1. A xunta electoral de zona está composta por:

a) Tres vogais, xuíces de primeira instancia ou de instrución, designados mediante insaculación pola sala de goberno do tribunal superior de xustiza respectivo. Cando no partido de que se tratar non houber o número suficiente de xuíces, designaranse, tamén por insaculación, xuíces de paz do mesmo partido xudicial.

b) Dous vogais designados pola xunta electoral provincial entre licenciados en Dereito ou en Ciencias Políticas e en Socioloxía, residentes no partido xudicial. A designación destes vogais realízase logo de seren proclamadas as candidaturas. Para este obxecto, os representantes das candidaturas presentadas no distrito electoral correspondente proporán conxuntamente as persoas que deban exercer estes cargos. Cando a proposta non teña lugar antes do comezo da campaña electoral, a xunta electoral provincial procederá ao seu nomeamento.

2. Os vogais mencionados no apartado 1.a) deste artigo elixen, de entre eles, o presidente da xunta electoral de zona.

3. O secretario da xunta electoral de zona é o secretario do xulgado de primeira instancia correspondente e, se houber varios, será o do xulgado decano.

4. Os secretarios dos concellos son delegados das xuntas electorais de zona e actúan so a estrita dependencia delas.

Artigo doce

1. O director da Oficina do Censo Electoral e os seus delegados provinciais participan con voz mais sen voto na Xunta Central e nas provinciais, respectivamente.
2. Os secretarios das xuntas electorais participan con voz mais sen voto nas súas deliberacións. Custodian, nas oficinas onde exercen os seus cargos, a documentación de todo tipo que corresponde ás xuntas.

Artigo trece

1. As Cortes Xerais poñen á disposición da Xunta Electoral Central os medios persoais e materiais necesarios para o exercicio das súas funcións.
2. A mesma obriga compete ao Goberno e aos concellos en relación coas xuntas electorais provinciais e de zona e, subsidiariamente, ás audiencias provinciais e aos órganos xudiciais de ámbito territorial inferior. No caso de eleccións para a asemblea lexislativa de comunidade autónoma, as referidas obrigas serán tamén competencia do consello de goberno da comunidade autónoma.

Artigo catorce

1. As xuntas electorais provinciais e de zona constitúense inicialmente cos vogais xudiciais no terceiro día seguinte á convocatoria de eleccións.
2. Se algún dos nomeados para formar parte destas xuntas pretender concorrer ás eleccións comunicarao ao respectivo secretario no momento da constitución inicial para os efectos da súa substitución, que se producirá no prazo máximo de catro días.
3. Após efectuárense, se é o caso, as substitucións a que o número anterior se refire, elíxese o presidente. Os presidentes das xuntas provinciais e de zona farán inserir a relación dos seus membros no boletín oficial da respectiva provincia do día seguinte.
4. A convocatoria das sesións constitutivas destas xuntas é feita polos seus secretarios. Para ese efecto, o Consello Xeral do Poder Xudicial e, se for o caso, o presidente da audiencia, notifica a cada un deles a relación dos membros das xuntas respectivas.

Artigo quince

1. No caso de se convocaren simultaneamente varias eleccións, as xuntas provinciais e de zona que se constituíren serán administración competente para todas elas.
2. O mandato das xuntas provinciais e de zona conclúe cen días após as eleccións.
3. Se durante o seu mandato se convocaren outras eleccións, a competencia das xuntas entenderase prorrogada até cen días despois da súa realización.

Artigo dezaseis

1. Os membros das xuntas electorais son inamovibles.
2. Só poderán ser suspendidos por delitos ou faltas electorais, após expediente aberto pola xunta superior mediante o acordo da maioría absoluta dos seus compoñentes, sen prexuízo do procedemento xudicial que corresponder.
3. Nas mesmas condicións, a Xunta Central é competente para acordar a suspensión dos seus propios membros.

Artigo dezasete

Nos casos previstos nos artigos 14 e 16, ben como no caso de renuncia xustificada e aceptada polo presidente correspondente, procédese a substituír os membros das xuntas conforme as seguintes regras:

- a) Os vogais e os presidentes son substituídos polos mesmos procedementos previstos para os designar.
- b) O secretario xeral do Congreso dos Deputados é substituído polo letrado maior do Senado e, se for o caso, polo letrado das Cortes Xerais máis antigo.
- c) Os secretarios das xuntas provinciais e de zona son substituídos tendo en conta o criterio de antigüidade.

Artigo dezaoto

1. As sesións das xuntas electorais son convocadas polos seus respectivos presidentes de oficio ou por pedimento de dous vogais.

O secretario substitúe o presidente no exercicio da devandita competencia cando este non puiden actuar por causa xustificada.

2. Para calquera reunión se realizar validamente é indispensable que concorran, polo menos, tres dos membros das xuntas provinciais e de zona. No caso da Xunta Electoral Central, requírese a presenza de sete dos seus membros.

3. Todas as citacións son feitas por calquera medio que permita ter constancia da recepción, da data, da orde do día e das demais circunstancias da sesión a que se cita. A asistencia ás sesións é obrigatoria para os membros da xunta debidamente convocados, que incorren en responsabilidade se deixaren de asistir sen se escusaren e se xustificaren oportunamente.

4. A pesar do disposto nos números anteriores, a xunta enténdese convocada e fica validamente constituída para tratar calquera asunto sempre que todos os membros estean presentes e acepten a súa realización por unanimidade.

5. Os acordos adóptanse por maioría dos votos dos membros presentes. O voto do presidente é de calidade.

6. As xuntas electorais deberán publicar as súas resolucións ou o contido das consultas emitidas, por orde do seu presidente, cando o carácter xeral destas o fixer conveniente.

A publicidade farase no *Boletín Oficial del Estado* no caso da Xunta Electoral Central e no boletín oficial nos demais.

Artigo dezanove

1. Alén das competencias expresamente mencionadas nesta lei, corresponde á Xunta Electoral Central:

- a) Dirixir e supervisar a actuación da Oficina do Censo Electoral.
- b) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións que, no atinente ao censo electoral, se diten en desenvolvemento e en aplicación desta lei.
- c) Cursar instrucións de cumprimento obrigatorio ás xuntas electorais provinciais e, se for o caso, de comunidade autónoma en calquera materia electoral.
- d) Resolver con carácter vinculante as consultas que lle elevan as xuntas provinciais, e de ser o caso, as de comunidade autónoma.

e) Revogar de oficio en calquera tempo, ou por instancia de parte interesada dentro dos prazos previstos no artigo 21 desta lei, as decisións das xuntas electorais provinciais e, se for o caso, de comunidade autónoma, cando se opuxeren á interpretación da normativa electoral realizada pola Xunta Electoral Central.

f) Unificar os criterios interpretativos das xuntas electorais provinciais e, se for o caso, de comunidade autónoma na aplicación da normativa electoral.

g) Aprobar, por proposta da Administración do Estado ou das administracións das comunidades autónomas, os modelos de actas de constitución das mesas electorais, de escrutinio, de sesión, de escrutinio xeral e de proclamación de electos. Estes modelos deberán permitir a expedición instantánea de copias das actas, mediante documentos autocopiativos ou outros procedementos análogos.

h) Resolver as queixas, as reclamacións e os recursos que se lle dirixan de acordo con esta lei ou con calquera outra disposición que lle atribúa esa competencia.

i) Velar polo cumprimento por parte das candidaturas das normas relativas ás contas e aos gastos electorais, durante o período comprendido entre a convocatoria e o centésimo día posterior ao da realización das eleccións.

j) Exercer a potestade disciplinaria sobre todas as persoas que interviñeren con carácter oficial nas operacións electorais.

k) Corrixir as infraccións que se produzan no proceso electoral sempre que non foren constitutivas de delito e impor multas até a contía máxima prevista nesta lei.

l) Expedir as credenciais aos deputados, aos senadores, aos concelleiros, aos deputados provinciais e aos conselleiros insulares en caso de vacante por falecemento, incapacidade ou renuncia, unha vez que finalizou o mandato das xuntas electorais provinciais e de zona.

2. Alén das competencias expresamente mencionadas nesta lei, corresponderán, dentro do seu ámbito territorial, ás xuntas provinciais e de zona as competencias atribuídas á Xunta Electoral Central polos parágrafos h), j) e k) do apartado anterior. A competencia en materia de imposición de multas entenderase limitada á

contía máxima de 1.200 euros para as xuntas provinciais e de 600 euros para as de zona.

3. As xuntas electorais provinciais, atendendo sempre ao criterio superior da Xunta Electoral Central, poderán ademais:

- a) Cursar instrucións de cumprimento obrigatorio ás xuntas electorais de zona en calquera materia electoral.
- b) Resolver de forma vinculante as consultas que lle eleven as xuntas electorais de zona.
- c) Revogar de oficio en calquera tempo ou, por instancia de parte interesada dentro dos prazos previstos no artigo 21 desta lei, as decisións das xuntas electorais de zona cando se opuxeren á interpretación realizada pola xunta electoral provincial.
- d) Unificar os criterios interpretativos das xuntas electorais de zona en calquera materia electoral.

4. A xunta electoral de zona garantirá a existencia en cada mesa electoral dos medios a que o artigo 81 desta lei se refire.

5. En caso impagamento das multas a que este artigo se refire, a xunta electoral correspondente remitirá a certificación do descuberto ao órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda para a exacción da multa pola vía de constrinximento.

Artigo vinte

Os electores deberán formular as consultas á xunta electoral de zona que corresponda ao seu lugar de residencia.

Os partidos políticos, as asociacións, as coalicións ou as federacións e os agrupamentos de electores poderán elevar consultas á Xunta Electoral Central cando se tratar de cuestións de carácter xeral que puideren afectar máis dunha xunta electoral provincial. En todos os outros casos, as consultas elevaranse á xunta electoral provincial ou á xunta electoral de zona correspondente, sempre que á súa respectiva xurisdición corresponda o ámbito de competencia do consultante.

As autoridades e as corporacións públicas poderán consultar directamente á xunta a cuxa xurisdición corresponda o ámbito de competencia do consultante.

As consultas formularanse por escrito e serán resoltas pola xunta á cal se dirixiren, agás que esta, pola importancia das consultas,

segundo o seu criterio ou por considerar conveniente que se resolvan cun criterio de carácter xeral, decida elevalas a unha xunta superior.

Cando a urxencia da consulta non permita convocar a xunta e en todos os casos en que existiren resolucións anteriores e concordantes da propia xunta ou da xunta superior, os presidentes poderán, baixo a súa responsabilidade, dar unha resposta provisoria, sen prexuízo da súa ratificación ou da súa modificación na primeira sesión que a xunta realice.

Artigo vinte e un

1. Fóra dos casos en que esta lei prevexa un procedemento específico de revisión xudicial, contra os acordos das xuntas provinciais de zona e, se for o caso, de comunidade autónoma poderase recorrer perante a xunta de categoría superior. Esta debe resolver durante os períodos electorais no prazo de cinco días e, fóra deles, no prazo de dez días, en ambos os casos contados desde a interposición do recurso.

2. A interposición terá lugar dentro das vinte e catro horas seguintes á notificación do acordo e perante a xunta que o ditou. Esta, co seu informe, debe remitir o expediente no prazo de corenta e oito horas á xunta que deba resolver. Contra a resolución desta última non é posible recurso administrativo ou **xudicial** ningún.

[Declárase inconstitucional e nulo o inciso destacado do apartado 2 mediante Sentenza do TC 149/2000, do 1 de xuño]

Artigo vinte e dous

1. As Cortes Xerais fixan as axudas de custo e as gratificacións correspondentes aos membros da Xunta Electoral Central e ao persoal posto ao seu servizo.

2. As axudas de custo e as gratificacións correspondentes aos membros das restantes xuntas electorais e do persoal ao seu servizo son fixadas polo Goberno. Non obstante, no caso de eleccións a unha asemblea lexislativa de comunidade autónoma as compensacións sinaladas son fixadas polo consello de goberno correspon-

dente, tanto en relación á xunta electoral de comunidade autónoma como ás xuntas de ámbito inferior.

3. A percepción das devanditas retribucións é en todo caso compatible coa dos seus haberes.

4. O control financeiro desas percepcións será realizado segundo a lexislación vixente.

Sección II. As mesas e as seccións electorais

Artigo vinte e tres

1. As circunscricións están divididas en seccións electorais.

2. Cada sección inclúe un máximo de dous mil electores e un mínimo de cincocentos. Cada termo municipal conta, polo menos, cunha sección.

3. Ningunha sección abrangue áreas pertencentes a distintos termos municipais.

4. Os electores dunha mesma sección están ordenados nas listas electorais por orde alfabética.

5. En cada sección hai unha mesa electoral.

6. Con todo, cando o número de electores dunha sección ou a dispersión da poboación o fixer aconsellable, a delegación provincial da Oficina do Censo Electoral, por proposta do concello correspondente, pode dispor a formación doutras mesas e distribuír o electorado da sección entre elas. Para o primeiro caso, o electorado da sección distribúese por orde alfabética entre as mesas, que deben situarse preferentemente en salas separadas dentro da mesma edificación. Para o caso de poboación dispersa, a distribución realízase tendo en conta a menor distancia entre o domicilio do elector e a correspondente mesa. En ningún caso o número de electores adscrito a cada mesa pode ser inferior a douscentos.

Artigo vinte e catro

1. As delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral determinan o número, os límites das seccións electorais, os seus locais e as mesas correspondentes a cada unha delas, após ouvir os concellos.

2. A relación anterior deberá ser publicada no boletín oficial da provincia no sexto día posterior á convocatoria e exposta ao público nos respectivos concellos.
3. Nos seis días seguintes, os electores poden presentar reclamacións contra a delimitación efectuada perante a xunta electoral provincial, que resolverá en firme sobre elas nun prazo de cinco días.
4. Nos dez días anteriores á votación, a Oficina do Censo Electoral difundirá en Internet e exporá ao público nos respectivos concellos a relación definitiva das seccións, das mesas e dos locais electorais.
5. Os concellos deberán sinalizar convenientemente os locais que corresponden a cada sección e a cada mesa electoral.

Artigo vinte e cinco

1. A mesa electoral está formada por un presidente e dous vogais.
2. No caso de concorrencia de eleccións, a mesa electoral é común para todas elas.

Artigo vinte e seis

1. A formación das mesas compete aos concellos, so a supervisión das xuntas electorais de zona.
2. O presidente e os vogais de cada mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na listaxe de electores da mesa correspondente, que saiban ler e escribir e que sexan menores de setenta anos, aínda que a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O presidente deberá ter o título de bacharelato ou o de formación profesional de segundo grao, ou subsidiariamente, o de graduado escolar ou equivalente.
3. Da mesma forma, procédese a nomear dous suplentes para cada un dos membros da mesa.
4. Os sorteos máis arriba mencionados realizaranse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria.

Artigo vinte e sete

1. Os cargos de presidente e vogal das mesas electorais son obrigatorios. Non poden ser exercidos por quen se presente como candidato.

2. A designación como presidente e vogal das mesas electorais debe ser notificada aos interesados no prazo de tres días. Coa notificación, entregárase aos membros das mesas un manual de instrucións sobre as súas funcións supervisado pola Xunta Electoral Central e aprobado por acordo do Consello de Ministros ou dos consellos executivos das comunidades autónomas.

3. Os designados como presidente e vogal das mesas electorais dispoñen dun prazo de sete días para alegaren perante a xunta electoral de zona causa xustificada e documentada que lles impida aceptar o cargo. A Xunta resolve sen ulterior recurso no prazo de cinco días e comunica, se é o caso, a substitución producida ao primeiro suplente. A xunta deberá xustificar sucintamente as causas de denegación das excusas alegadas polos electores para non formaren parte das mesas. En todo caso, considérase causa xustificada o feito de concorrer a condición de inelixible en conformidade co disposto nesta lei. As competencias das xuntas electorais de zona entenderanse sen prexuízo da potestade de unificación de criterios da Xunta Electoral Central.

4. Se posteriormente calquera dos designados estiver en imposibilidade de asistir a desempeñar o seu cargo, debe comunicalo á xunta de zona polo menos setenta e dúas horas antes do acto a que debía concorrer, achegando as xustificacións pertinentes. Se o impedimento sobrevir despois dese prazo, o aviso á xunta deberá realizarse de maneira inmediata e, en calquera caso, antes da hora da constitución da mesa. Nestes casos, a xunta comunica a substitución ao correspondente suplente, se houber tempo para facelo, e nomea outro suplente, se for preciso.

5. Para os efectos do establecido no artigo 101.2 desta lei, as xuntas electorais de zona comunicarán aos xuíces correspondentes, antes do día da votación, os datos de identificación das persoas que, na calidade de titulares e suplentes, formen as mesas electorais.

Artigo vinte e oito

1. Os traballadores por conta allea e os funcionarios nomeados presidentes ou vogais das mesas electorais teñen dereito a un permiso remunerado de xornada completa durante o día da votación, se for día laborable. En calquera caso, terán dereito a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior.
2. Mediante orde ministerial regularanse as axudas de custo que, de ser o caso, procederen para os presidentes e os vogais das mesas electorais.

Sección III. A Oficina do Censo Electoral

Artigo vinte e nove

1. A Oficina do Censo Electoral, encadrada no Instituto Nacional de Estatística, é o órgano encargado de formar o censo electoral e exerce as súas competencias so a dirección e a supervisión da Xunta Electoral Central.
2. A Oficina do Censo Electoral ten delegacións provinciais.
3. Os concellos e os consulados actúan como colaboradores da Oficina do Censo Electoral nas tarefas censuais.

Artigo trinta

A Oficina do Censo Electoral ten as seguintes competencias:

- a) Coordina o proceso de elaboración do censo electoral e, con ese obxecto, pode dirixir instrucións aos concellos e consulados, ben como aos responsables do Rexistro Civil e do Rexistro de Penados e Rebeldes.
- b) Supervisa o proceso de elaboración do censo electoral e, para ese fin, pode inspeccionar os concellos e os consulados.
- c) Controla e revisa de oficio as altas e as baixas tramitadas polos órganos competentes e elabora un ficheiro nacional de electores, comunicando á Xunta Electoral Central os resultados dos informes, das inspeccións e, se é o caso, dos expedientes que puidese ter incoado referidos a modificacións no censo das circunscricións que determinasen unha alteración do número de residentes significativa e non xustificada.

d) Elimina as inscricións múltiples dun mesmo elector que non fosen detectadas polos concellos e consulados, nos termos previstos no artigo 33.

e) Elabora as listaxes electorais provisionais e as definitivas.

f) Resolve as reclamacións contra as actuacións dos órganos que participan nas operacións censuais e, en particular, as que se expoñen pola inclusión ou exclusión indebida dunha persoa nas listaxes electorais. As súas resolucións esgotan a vía administrativa.

CAPÍTULO IV O censo electoral

Sección I. Condicións e modalidade da inscrición

Artigo trinta e un

1. O censo electoral contén a inscrición dos que reúnen os requisitos para ser elector e que non se encontren privados, definitiva ou temporalmente, do dereito de sufraxio.

2. O censo electoral está composto polo censo dos electores residentes en España e polo censo dos electores residentes ausentes que viven no estranxeiro. Ningún elector poderá figurar inscrito simultaneamente en ambos os censos.

3. O censo electoral é único para todo tipo de eleccións, sen prexuízo da súa posible ampliación para as eleccións municipais e do Parlamento Europeo, segundo o disposto nos artigos 176 e 210 desta lei orgánica.

Artigo trinta e dous

1. A inscrición no censo electoral é obrigatoria. Ademais do nome e dos apelidos, único dato necesario para identificar o elector no acto da votación, sen prexuízo do disposto no artigo 85, incluírase entre os restantes datos censuais o número do documento nacional de identidade.

2. Os concellos tramitan de oficio a inscrición dos residentes no seu termo municipal.

3. As oficinas consulares de carreira e seccións consulares das misións diplomáticas tramitarán de oficio a inscrición dos españois residentes na súa demarcación, na forma que se dispoña regulamentariamente.

Artigo trinta e tres

1. O censo electoral ordénase por seccións territoriais.
2. Cada elector está inscrito nunha sección. Ninguén pode estar inscrito en varias seccións, nin varias veces na mesma sección.
3. Se un elector aparecer rexistrado máis dunha vez, prevalece a última inscrición e cancelanse as restantes. Se as inscricións tiveren a mesma data, notificarase esta circunstancia ao afectado para que opte por unha delas no prazo de dez días. Na súa falta, a autoridade competente determina de oficio a inscrición que debe prevalecer.
4. Con excepción do disposto no apartado anterior, a inscrición manterase inalterada agás que conste que se modificaron as circunstancias ou condicións persoais do elector.
5. As alteracións dispostas conforme o establecido nos números anteriores serán notificadas inmediatamente aos afectados.

Sección II. A formación do censo electoral

Artigo trinta e catro. Carácter e vixencia do censo electoral

O censo electoral é permanente e a súa actualización é mensual, con referencia ao día primeiro de cada mes.

Artigo trinta e cinco. Actualización do censo electoral

1. Para a actualización mensual do censo os concellos enviarán ás delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral, até o penúltimo día hábil de cada mes e na forma prevista polas instrucións do organismo, todas as modificacións do padrón producidas nese mes.
2. Se algún concello non cumprir coa obriga establecida no parágrafo anterior, o director da Oficina do Censo dará conta diso á Xunta Electoral Central para que esta adopte as medidas procedentes.

3. Ademais, na actualización correspondente ao primeiro mes do ano achegaranse as altas, coa cualificación de menor, dos residentes que farán os dezoito anos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano seguinte.

Artigo trinta e seis. Actualización do Censo dos residentes no estranxeiro

1. Para actualizar o Censo dos electores residentes ausentes que viven no estranxeiro, os consulados tramitarán, conforme o mesmo procedemento que os concellos, na forma prevista polas instrucións da Oficina do Censo Electoral, as altas e baixas dos españois que vivan na súa demarcación, ben como os seus cambios de domicilio producidos dentro desta ou as solicitudes de cambio de adscrición a unha nova circunscrición. Estas últimas só se admitirán de existir causa suficiente e xustificada para iso.

2. No censo pechado para cada elección non se terán en conta os cambios de adscrición dunha circunscrición a outra producidos no ano anterior á data da convocatoria.

Artigo trinta e sete. Actualización do censo a cargo do Rexistro Civil e do Rexistro de Penados e Rebeldes.

Os encargados do Rexistro Civil comunicarán mensualmente ás delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral calquera circunstancia que puiden afectar as inscricións no censo electoral.

Artigo trinta e oito

1. Cos datos consignados nos artigos anteriores, as delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral manterán ao dispor dos interesados o censo actualizado para a súa consulta permanente, que poderá realizarse a través dos concellos, dos consulados ou na propia delegación provincial.

2. As reclamacións sobre os datos censuais dirixiranse ás delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral, que resolverán no prazo de cinco días contados desde a recepción daquelas.

Os concellos e os consulados remitirán inmediatamente as reclamacións que reciban ás respectivas delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral.

Os representantes das candidaturas ou os representantes dos partidos, federacións e coalicións poderán impugnar o censo das circunscricións que rexistrasen un incremento de residentes significativo e non xustificado que dese lugar á comunicación a que o artigo 30.c) se refire, dentro do prazo de cinco días seguintes ao momento en que tiveren coñecemento da referida comunicación.

3. A Oficina do Censo Electoral adoptará as medidas oportunas para facilitar a tramitación das consultas e das reclamacións por parte dos concellos e consulados.

4. Os recursos contra as resolucións nesta materia das delegacións da Oficina do Censo Electoral tramitaranse polo procedemento preferente e sumario previsto no número 2 do artigo 53 da Constitución.

Sección III. Rectificación do censo en período electoral

Artigo trinta e nove. Rectificación do censo en período electoral.

1. Para cada elección o censo electoral vixente será o pechado no primeiro día do segundo mes anterior á convocatoria.

2. Os concellos e os consulados estarán obrigados a manter un servizo de consulta das listaxes electorais vixentes dos seus respectivos municipios e demarcacións durante o prazo de oito días, a partir do sexto día posterior á convocatoria de eleccións.

A consulta poderá realizarse por medios informáticos, após a identificación do interesado, ou mediante a exposición ao público das listaxes electorais, se non se contar con medios informáticos suficientes para iso.

3. Dentro do prazo anterior calquera persoa poderá formular unha reclamación dirixida á delegación provincial da Oficina do Censo Electoral sobre os seus datos censuais, aínda que só poderán ser tidas en conta as que se refiran á rectificación de erros nos datos persoais, aos cambios de domicilio dentro dunha mesma circunscrición ou á non inclusión do reclamante en ningunha sección do censo da circunscrición a pesar de ter dereito a iso. Tamén serán atendidas as solicitudes dos electores que se opuxeren á súa inclusión nas copias do censo electoral que se faciliten aos representantes das candidaturas para realizar envíos postais de propaganda electoral. Non serán tidas en conta para a elección

convocada as que reflectan un cambio de residencia dunha circunscrición a outra realizado con posterioridade á data de peche do censo para cada elección. Nese caso, deberán exercer o seu dereito na sección correspondente ao seu domicilio anterior.

4. Tamén no mesmo prazo, os representantes das candidaturas poderán impugnar o censo das circunscricións que nos seis meses anteriores rexistrasen un incremento de residentes significativo e non xustificado que dese lugar á comunicación a que o artigo 30.c) se refire.

5. As reclamacións poderán ser presentadas directamente nas delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral correspondente ou a través dos concellos ou dos consulados, que as remitirán inmediatamente ás respectivas delegacións.

6. A delegación provincial da Oficina do Censo Electoral, nun prazo de tres días, resolverá as reclamacións presentadas e ordenará as rectificacións pertinentes, que deberán ser expostas ao público o décimo sétimo día posterior á convocatoria. Así mesmo, notificarase a resolución adoptada a cada un dos reclamantes e aos concellos e consulados correspondentes.

7. A Oficina do Censo Electoral remitirá a todos os electores un cartón censual cos datos actualizados da súa inscrición no censo electoral e da sección e mesa en que lles corresponde votar e comunicará igualmente aos electores afectados as modificacións de seccións, locais ou mesa a que o artigo 24 desta lei orgánica se refire.

Artigo corenta

1. Contra as resolucións da Oficina do Censo Electoral pódese interpor un recurso perante o xuíz do contencioso-administrativo nun prazo de cinco días a partir da súa notificación.

2. A sentenza, que deberá ser ditada no prazo de cinco días, notificarase ao interesado, ao concello, ao consulado e á delegación provincial da Oficina do Censo Electoral. Esta sentenza esgota a vía xudicial.

Sección IV. Acceso aos datos censuais

Artigo corenta e un

1. Mediante un real decreto regularanse os datos persoais dos electores, necesarios para a súa inscrición no censo electoral, ben como os das listaxes e copias do censo electoral.

2. Fica prohibida calquera información particularizada sobre os datos persoais contidos no censo electoral, fóra dos que se soliciten por conduto xudicial.

3. No entanto, a Oficina do Censo Electoral pode facilitar datos estatísticos que non revelen circunstancias persoais dos electores.

4. As comunidades autónomas poderán obter unha copia do censo, en soporte apto para o seu tratamento informático, despois de cada convocatoria electoral, alén da correspondente rectificación daquel.

5. Os representantes de cada candidatura poderán obter, dentro dos dous días seguintes á proclamación da súa candidatura, unha copia do censo do distrito correspondente ordenado por mesas, en soporte apto para o seu tratamento informático, que poderá ser utilizado exclusivamente para os fins previstos nesta lei. Alternativamente, os representantes xerais poderán obter nas mesmas condicións unha copia do censo vixente dos distritos onde o seu partido, federación ou coalición presente candidaturas. Do mesmo modo, as xuntas electorais de zona disporán dunha copia do censo electoral utilizable correspondente ao seu ámbito.

As xuntas electorais, mediante resolución motivada, poderán suspender cautelarmente a entrega das copias do censo aos representantes antes citados cando a proclamación das súas candidaturas for obxecto de recurso ou cando se considerar que poderían estar incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 44.4 desta lei.

6. Excepcionalmente e por razóns debidamente xustificadas, poderán ser excluídas as persoas que puidesen ser obxecto de ameazas ou coaccións que poñan en perigo a súa vida, a súa integridade física ou a súa liberdade das copias do censo electoral a que o apartado 5 deste artigo se refire.

CAPÍTULO V

Requisitos xerais da convocatoria de eleccións

Artigo corenta e dous

1. Nos supostos de eleccións a Cortes Xerais ou de asembleas lexislativas das comunidades autónomas en que o presidente do Goberno ou os respectivos presidentes dos executivos autonómicos fixeren uso da súa facultade de disolución anticipada expresamente prevista no ordenamento xurídico, os decretos de convocatoria publícanse, no día seguinte da súa expedición, no *Boletín oficial del Estado* ou, de ser o caso, no boletín oficial da comunidade autónoma correspondente. Entran en vigor o mesmo día da súa publicación. Os decretos de convocatoria sinalan a data das eleccións, que deberán realizarse o día quincuaxésimo cuarto posterior á convocatoria.

2. Nos casos de eleccións a Cortes Xerais ou de asembleas lexislativas das comunidades autónomas en que o presidente do Goberno ou os respectivos presidentes dos executivos autonómicos non fixeren uso da súa facultade de disolución anticipada expresamente prevista no ordenamento xurídico, os decretos de convocatoria expídense o día vixésimo quinto anterior á expiración do mandato das respectivas cámaras e publícanse no día seguinte no *Boletín oficial del Estado* ou, de ser o caso, no boletín oficial da comunidade autónoma correspondente. Entran en vigor o mesmo día da súa publicación. Os decretos de convocatoria sinalan a data das eleccións, que deberán realizarse o día quincuaxésimo cuarto posterior á convocatoria.

3. Nos casos de eleccións locais ou de eleccións a asembleas lexislativas de comunidades autónomas cuxos presidentes de consello de goberno non tiveren expresamente atribuída polo ordenamento xurídico a facultade de disolución anticipada, os decretos de convocatoria expídense o día quincuaxésimo quinto antes do cuarto domingo de maio do ano que corresponder e publícanse ao día seguinte no *Boletín oficial del Estado* ou, de ser o caso, no boletín oficial da comunidade autónoma correspondente. Entran en vigor o mesmo día da súa publicación. As eleccións realízanse o cuarto domingo de maio do ano que corresponder e os mandatos, de catro anos, terminan en todo caso o día anterior ao da realización das seguintes eleccións.

CAPÍTULO VI

Procedemento electoral

Sección I. Representantes das candidaturas perante a Administración electoral

Artigo corenta e tres

1. Os partidos, as federacións, as coalicións e as agrupacións que pretenderen concorrer a unha elección designarán, no tempo e forma previstos polas disposicións especiais desta lei, as persoas que deban representalos perante a Administración electoral.
2. Os representantes xerais actúan en nome dos partidos, das federacións e das coalicións concorrentes.
3. Os representantes das candidaturas tamén o son dos candidatos incluídos nelas. Ao seu domicilio remítense as notificacións, os escritos e os emprazamentos dirixidos pola Administración electoral aos candidatos. Alén diso, reciben destes, pola soa aceptación da candidatura, un apoderamento xeral para actuaren en procedementos xudiciais en materia electoral.

Sección II. Presentación e proclamación de candidatos

Artigo corenta e catro

1. Poden presentar candidatos ou listaxes de candidatos:
 - a) Os partidos e as federacións inscritos no rexistro correspondente.
 - b) As coalicións constituídas segundo o disposto no apartado seguinte.
 - c) As agrupacións de electores que reúnan os requisitos establecidos polas disposicións especiais da presente lei.
2. Os partidos e as federacións que estableceren un pacto de coalición para concorreren conxuntamente a unha elección deben comunicalo á xunta competente nos dez días seguintes á convocatoria. Na referida comunicación débese facer constar a denominación da coalición, as normas por que se rexe e as persoas titulares dos seus órganos de dirección ou de coordinación.

3. Ningún partido, federación, coalición ou agrupación de electores pode presentar máis dunha listaxe de candidatos nunha circunscrición para a mesma elección. Os partidos federados ou coligados non poden presentar candidaturas propias nunha circunscrición se nela concorren, para idéntica elección, candidatos das federacións ou das coalicións a que pertencen.

4. En calquera caso, os partidos políticos, as federacións ou coalicións de partidos e as agrupacións de electores non poderán presentar candidaturas que, de feito, continuaren ou sucederen a actividade dun partido político declarado xudicialmente ilegal, disolto ou suspenso. Para estes efectos, terase en conta a semellanza substancial das súas estruturas, organización e funcionamento; das persoas que os compoñen, rexen, representan, administran ou integran cada unha das candidaturas; da procedencia dos medios de financiamento ou materiais ou de calquera outra circunstancia relevante que, como a súa disposición a apoiar a violencia ou o terrorismo, permitir considerar esa continuidade ou sucesión.

Artigo corenta e catro *bis*

1. As candidaturas que se presentaren para as eleccións de deputados ao Congreso, municipais e de membros dos consellos insulares e dos cabidos insulares canarios nos termos previstos nesta lei, deputados ao Parlamento Europeo e membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e de homes, de forma que no conxunto da listaxe os candidatos de cada un dos sexos supoñan como mínimo o corenta por cento. Cando o número de postos para cubrir for inferior a cinco, a proporción de mulleres e de homes será o máis próxima posible ao equilibrio numérico.

Nas eleccións de membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, as leis reguladoras dos seus respectivos réximes electorais poderán establecer medidas que favorezan unha maior presenza de mulleres nas candidaturas que se presenten ás eleccións das citadas asembleas lexislativas.

2. Tamén se manterá a proporción mínima do corenta por cento en cada tramo de cinco postos. Cando o último tramo da lista non alcanzar os cinco postos, a referida proporción de mulleres e de homes nese tramo será o máis próxima posible ao equilibrio nu-

mérico, aínda que deberá manterse en calquera caso a proporción exixible respecto do conxunto da listaxe.

3. Ás listaxes de suplentes aplicaranse as regras contidas nos anteriores apartados.

4. Cando as candidaturas para o Senado se agruparen en listaxes, de acordo co disposto no artigo 171 desta lei, esas listaxes deberán ter igualmente unha composición equilibrada de mulleres e de homes, de forma que a proporción dunhas e doutros sexa o máis próxima posible ao equilibrio numérico.

Artigo corenta e cinco

As candidaturas, subscritas polos representantes dos partidos, federacións e coalicións e polos promotores das agrupacións de electores, preséntanse perante a xunta electoral competente entre o décimo quinto e o vixésimo día posteriores á convocatoria.

Artigo corenta e seis

1. O escrito de presentación de cada candidatura debe expresar claramente a denominación, as siglas e o símbolo do partido, a federación, a coalición ou a agrupación que a promove, ben como o nome e os apelidos dos candidatos incluídos nela.

2. O escrito de presentación debe ir acompañado dunha declaración de aceptación da candidatura, así como dos documentos acreditativos das súas condicións de elixibilidade.

3. Cando a presentación deba realizarse mediante listaxes, cada unha debe incluír tantos candidatos como cargos se elixen. No caso de incluír candidatos suplentes, o seu número non poderá ser superior a dez, coa expresión da orde de colocación tanto dos candidatos como dos suplentes.

4. A presentación de candidaturas debe realizarse con denominacións, siglas ou símbolos que non induzan a confusión cos pertencentes ou usados tradicionalmente por outros partidos legalmente constituídos.

5. Non poden presentarse candidaturas con símbolos que reproduzan a bandeira ou o escudo de España, ou con denominacións ou símbolos que fagan referencia á coroa.

6. Ningún candidato pode presentarse en máis dunha circunscrición nin formar parte de máis dunha candidatura.

7. Xunto co nome dos candidatos pode facerse constar a súa condición de independente ou, no caso de coalicións ou de federacións, a denominación do partido a que cada un pertenza.

8. As candidaturas presentadas por agrupacións de electores deben ir acompañadas dos documentos acreditativos do número de sinaturas legalmente exixido para a súa participación nas eleccións. Ningún elector pode dar a súa sinatura para a presentación de varias candidaturas.

9. As xuntas electorais competentes estenden unha dilixencia en que fagan constar a data e a hora de presentación de cada candidatura e expiden un recibo desta. O secretario asignará un número correlativo por orde de presentación a cada candidatura e esta orde gardarase en todas as publicacións.

Artigo corenta e sete

1. As candidaturas presentadas deben ser publicadas o vixésimo segundo día posterior á convocatoria, na forma establecida polas disposicións especiais desta lei.

2. Dous días despois, as xuntas electorais competentes comunican aos representantes das candidaturas as irregularidades apreciadas nelas de oficio ou denunciadas por outros representantes. O prazo para a emenda é de corenta e oito horas.

3. As xuntas electorais competentes realizan a proclamación de candidatos o vixésimo sétimo día posterior á convocatoria.

4. Non procederá a proclamación de candidaturas que incumpriren os requisitos sinalados nos artigos anteriores ou os que establecen as disposicións especiais desta lei.

5. As candidaturas proclamadas deben ser publicadas o vixésimo oitavo día posterior á convocatoria, na forma establecida polas disposicións especiais desta lei.

Artigo corenta e oito

1. As candidaturas non poden ser obxecto de modificación unha vez presentadas, excepto no prazo habilitado para a emenda de irregularidades previsto no artigo anterior e só por falecemento ou

por renuncia do titular ou como consecuencia do propio trámite de emenda.

2. Cando se trate de listaxes de candidatos, as baixas que se produciren despois da proclamación entenderanse cubertas polos candidatos sucesivos e, se for o caso, polos suplentes.

Sección III. Recurso contra a proclamación de candidaturas e candidatos

Artigo corenta e nove

1. A partir da proclamación, calquera candidato excluído e os representantes das candidaturas proclamadas ou cuxa proclamación fose denegada dispoñen dun prazo de dous días para interpor recurso contra os acordos de proclamación das xuntas electorais perante o xulgado do contencioso-administrativo. No mesmo acto de interposición deben presentar as alegacións que consideraren pertinentes acompañadas dos elementos de proba oportunos.

2. O prazo para interpor o recurso previsto no parágrafo anterior discorre a partir da publicación dos candidatos proclamados, sen prexuízo da preceptiva notificación ao representante daquel ou daqueles que fosen excluídos.

3. A resolución xudicial, que deberá ser ditada nos dous días seguintes á interposición do recurso, ten carácter firme e inapelable, sen prexuízo do procedemento de amparo perante o Tribunal Constitucional. Para ese efecto, co recurso regulado neste artigo entenderase cumprido o requisito establecido no artigo 44.1, a) da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

4. O amparo debe solicitarse no prazo de dous días e o Tribunal Constitucional debe resolver sobre o nos tres días seguintes.

5. Os recursos previstos neste artigo serán aplicables aos casos de proclamación ou exclusión de candidaturas presentadas polos partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores a que se refire o apartado 4 do artigo 44 desta lei orgánica, coas seguintes condicións:

a) O recurso previsto no apartado primeiro deste artigo interponse perante a Sala especial do Tribunal Supremo regulada no artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial.

b) Estarán tamén lexitimados para interpor o recurso os que o estiveren para solicitar a declaración de ilegalidade dun partido político, conforme o disposto no apartado 1 do artigo 11 da Lei orgánica de partidos políticos, os cales terán dereito de acceso á documentación que conste en poder das xuntas electorais.

c) Se durante a campaña electoral as partes lexitimadas para interpor o recurso tiveren coñecemento de circunstancias que, conforme o artigo 44.4 desta lei, impidan a presentación de candidaturas, o recurso poderá interporse até o cuadraxésimo cuarto día posterior á convocatoria. Neste caso, a Sala especial do Tribunal Supremo deberá resolver dentro do terceiro día a partir da interposición.

Neste caso, non será aplicable a prohibición de fabricación das paletas da candidatura afectada prevista no artigo 71.2.

Sección IV. Disposicións xerais sobre a campaña electoral

Artigo cincuenta

1. Os poderes públicos que, en virtude da súa competencia legal, convocasen un proceso electoral poden realizar durante o período electoral unha campaña de carácter institucional destinada a informar os cidadáns sobre a data da votación, o procedemento para votar e os requisitos e o trámite do voto por correo, sen influíren, en ningún caso, na orientación do voto dos electores. Esta publicidade institucional realizarase en espazos gratuítos dos medios de comunicación social de titularidade pública do ámbito territorial correspondente ao proceso electoral de que se tratar, suficientes para atinxir os obxectivos desta campaña.

2. Desde a convocatoria das eleccións e até a súa realización fica prohibido calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polos poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos, ou que utilice imaxes ou expresións coincidentes ou similares ás utilizadas nas súas propias campañas por algunha das entidades políticas concorrentes ás eleccións.

3. Igualmente, durante o mesmo período queda prohibido realizar calquera acto de inauguración de obras ou servizos públicos ou de proxectos destes, calquera que for a denominación utilizada, sen prexuízo de que as obras ou os servizos poidan entrar en funcionamento nese período.

4. Enténdese por campaña electoral, para efectos desta lei, o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polos candidatos, partidos, federacións, coalicións ou agrupacións co fin de captaren sufraxios.

5. Agás o disposto no apartado 1 deste artigo, ningunha persoa xurídica distinta das mencionadas no apartado anterior poderá realizar campaña electoral a partir da data da convocatoria das eleccións, sen prexuízo do establecido no artigo 20 da Constitución.

Artigo cincuenta e un

1. A campaña electoral comeza o día trixésimo oitavo posterior á convocatoria.
2. Dura quince días.
3. Termina, en calquera caso, ás cero horas do día inmediatamente anterior á votación.

Artigo cincuenta e dous

Prohíbese a todos os membros en activo das forzas armadas ou dos corpos e forzas de seguridade do Estado, das policía das comunidades autónomas ou municipais, aos xuíces, maxistrados e fiscais en activo e aos membros das xuntas electorais difundiren propaganda electoral ou levaren a cabo outras actividades de campaña electoral.

Sección V. Propaganda e actos de campaña electoral

Artigo cincuenta e tres. Período de prohibición de campaña electoral.

Non pode difundirse propaganda electoral nin realizarse acto ningún de campaña electoral unha vez que esta terminase legalmente. A obtención gratuíta de medios proporcionados polas administracións públicas quedará limitada ao período estrito de campaña electoral. As limitacións anteriores establécense sen prexuízo das actividades realizadas polos partidos, coalicións e federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

A pesar do anterior, desde a convocatoria das eleccións até o inicio legal da campaña fica prohibida a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou insercións en prensa, en radio ou noutros medios dixitais. Esas actuacións non poden xustificarse polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións recoñecidas no apartado anterior.

Artigo cincuenta e catro

1. A realización de actos públicos de campaña electoral réxese polo disposto na lexislación reguladora do dereito de reunión. As atribucións encomendadas nesta materia á autoridade gobernativa enténdense asumidas polas xuntas electorais provinciais, sen prexuízo da potestade da Xunta Electoral Central para a unificación de criterios interpretativos.
2. Mantéñense, en todo caso, as atribucións da autoridade gobernativa respecto da orde pública. Con este fin, as xuntas deben informar a indicada autoridade das reunións cuxa convocatoria lles fose comunicada.
3. Os concellos deberán reservar locais oficiais e lugares públicos de uso gratuíto para a realización de actos de campaña electoral.

Artigo cincuenta e cinco

1. Os concellos terán a obriga de reservar lugares especiais gratuítos para a colocación de carteis e, de ser o caso, pancartas e carteis pendurados en postes ou farois polo sistema chamado de bandeirolas. A propaganda a través das pancartas e bandeirolas só poderá ser colocada nos lugares reservados como gratuítos polos concellos.
2. Alén dos lugares especiais gratuítos indicados no apartado anterior, os partidos, as coalicións, as federacións e as candidaturas só poden colocar carteis e outras formas de propaganda electoral nos espazos comerciais autorizados.
3. O gasto das candidaturas neste tipo de publicidade non poderá exceder o vinte por cento do límite de gastos previsto nos artigos 175.2, 193.2 e 227.2, segundo o proceso electoral de que se tratar.

Artigo cincuenta e seis

1. Para os efectos do disposto no artigo anterior os concellos, dentro dos sete días seguintes á convocatoria, comunicarán á correspondente xunta electoral de zona os sitios dispoñibles para a colocación gratuíta de carteis e, se é o caso, de pancartas e de bandeiras.

2. Aquela distribúe os lugares mencionados atendendo ao número total de votos que obtivo cada partido, federación ou coalición nas anteriores eleccións equivalentes na mesma circunscrición. Atribúense segundo as preferencias dos partidos, federacións ou coalicións con maior número de votos nas últimas eleccións equivalentes na mesma circunscrición.

No caso das eleccións ao Parlamento Europeo, esta distribución realízase tendo en conta o número total de votos que obtivo cada partido, federación ou coalición nas anteriores eleccións equivalentes no ámbito da correspondente xunta electoral de zona. Atribúense segundo as preferencias dos partidos, federacións ou coalicións con maior número de votos nas últimas eleccións equivalentes no mencionado ámbito.

3. O segundo día posterior á proclamación de candidatos a xunta comunica ao representante de cada candidatura os lugares reservados para os seus carteis.

Artigo cincuenta e sete

1. Para os efectos do disposto no artigo 54 os concellos, dentro dos dez días seguintes ao da convocatoria, comunican á correspondente xunta electoral de zona, que, pola súa vez, o pon en coñecemento da xunta provincial, os locais oficiais e os lugares públicos que se reservan para a realización gratuíta de actos de campaña electoral.

2. Esa relación debe conter a especificación dos días e das horas en que cada un sexa utilizable e debe ser publicada no boletín oficial da provincia dentro dos quince días seguintes á convocatoria. A partir de entón, os representantes das candidaturas poden solicitar perante as xuntas de zona a utilización dos locais e dos lugares mencionados.

3. O cuarto día posterior á proclamación de candidatos, as xuntas de zona atribúen os locais e os lugares dispoñibles en función das

solicitudes. Cando varias foren coincidentes atribúense tendo en conta o criterio de igualdade de oportunidades e, subsidiariamente, as preferencias dos partidos, federacións ou coalicións con maior número de votos nas últimas eleccións equivalentes na mesma circunscrición. As xuntas electorais de zona comunicarán ao representante de cada candidatura os locais e os lugares asignados.

Artigo cincuenta e oito

1. As candidaturas terán dereito a realizar publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada sen que os gastos realizados nesta publicidade poidan superar o vinte por cento do límite de gasto previsto para os partidos, agrupacións, coalicións ou federacións e para as candidaturas nos artigos 175.2, 193.2 e 227.2, segundo o proceso electoral de que se tratar.

2. As tarifas para esta publicidade electoral non serán superiores ás vixentes para a publicidade comercial e non poderá producirse discriminación ningunha entre as candidaturas no relativo á inclusión, ás tarifas e á localización deses espazos de publicidade, nos cales deberá constar expresamente a súa condición.

Artigo cincuenta e oito bis. Utilización de medios tecnolóxicos e datos persoais nas actividades electorais.

1. (Anulado).

2. Os partidos políticos, as coalicións e as agrupacións electorais poderán utilizar datos persoais obtidos en páxinas web e noutras fontes de acceso público para realizaren actividades políticas durante o período electoral.

3. O envío de propaganda electoral por medios electrónicos ou sistemas de mensaxaría e a contratación de propaganda electoral en redes sociais ou medios equivalentes non terán a consideración de actividade ou comunicación comercial.

4. As actividades divulgativas anteriormente referidas identificarán de modo destacado a súa natureza electoral.

5. Facilitarase ao destinatario un modo sinxelo e gratuíto para o exercicio do dereito de oposición.

Sección 6ª. Utilización de medios de comunicación para a campaña electoral.

Artigo cincuenta e nove

Mediante orde ministerial fixaranse tarifas especiais para os envíos postais de propaganda electoral a que terán dereito a recorrer os partidos concorrentes, cun máximo dun envío por elector en cada convocatoria electoral.

Artigo sesenta. Publicidade electoral en medios de comunicación

1. Non poden contratarse espazos de publicidade electoral nos medios de comunicación de titularidade pública nin nas emisoras de televisión privada.
2. Durante a campaña electoral os partidos, as federacións, as coalicións e as agrupacións que concorreren ás eleccións teñen dereito a espazos gratuítos de propaganda nas emisoras de televisión e de radio de titularidade pública, conforme o establecido nos artigos seguintes.

Artigo sesenta e un

A distribución de espazos gratuítos para propaganda electoral faise considerando o número total de votos que obtivo cada partido, federación ou coalición nas anteriores eleccións equivalentes.

Artigo sesenta e dous

Se o ámbito territorial do medio ou o da súa programación foren máis limitados que o da elección convocada, a distribución de espazos faise atendendo ao número total de votos que obtivo cada partido, federación ou coalición nas circunscricións comprendidas no correspondente ámbito de difusión ou, de ser o caso, de programación.

No caso das eleccións ao Parlamento Europeo, a distribución de espazos realízase tendo en conta o número total de votos que obtivo cada partido, federación ou coalición no ámbito territorial do correspondente medio de difusión ou o da súa programación.

Artigo sesenta e tres

1. Para a distribución de espazos gratuítos de propaganda nas eleccións a calquera das dúas cámaras das Cortes Xerais soamente se teñen en conta os resultados das eleccións ao Congreso dos Deputados precedentes.
2. Se ao mesmo tempo que as eleccións ao Congreso dos Deputados se realizaren eleccións a unha asemblea lexislativa de comunidade autónoma ou a eleccións municipais, só se teñen en conta os resultados das anteriores eleccións ao Congreso para a distribución de espazos na programación xeral dos medios nacionais.
3. Se as eleccións a unha asemblea lexislativa de comunidade autónoma se realizaren ao mesmo tempo que as eleccións municipais, só se teñen en conta os resultados das anteriores eleccións á devandita asemblea para a distribución de espazos nos medios de difusión desa comunidade autónoma ou nos correspondentes programas rexionais dos medios nacionais.
4. No caso previsto no parágrafo anterior, e sempre que non for aplicable a regra do parágrafo segundo deste artigo, a distribución de espazos na programación xeral dos medios nacionais faise atendendo aos resultados das anteriores eleccións municipais.
5. Se ao mesmo tempo que ás eleccións ao Parlamento Europeo se realizaren eleccións a calquera das dúas cámaras das Cortes Xerais ou a eleccións municipais, só se teñen en conta os resultados das anteriores eleccións ao Congreso ou, se é o caso, das eleccións municipais para a distribución de espazos na programación xeral dos medios nacionais.
6. Se ao mesmo tempo que as eleccións ao Parlamento Europeo se realizaren eleccións a unha asemblea lexislativa de comunidade autónoma, só se teñen en conta os resultados das anteriores eleccións á devandita asemblea para a distribución de espazos nos medios de difusión desa comunidade autónoma ou nos correspondentes programas rexionais dos medios nacionais.
7. Na falta de regulación expresa neste artigo, as xuntas electorais competentes establecen os criterios para a distribución de espazos nos medios de comunicación de titularidade pública nos casos de coincidiren eleccións.

Artigo sesenta e catro

1. A distribución do tempo gratuíto de propaganda electoral en cada medio de comunicación de titularidade pública e nos distintos ámbitos de programación que estes tiveren efectúase conforme o seguinte baremo:

a) Dez minutos para os partidos, as federacións e as coalicións que non concorreron ou non obtiveron representación nas anteriores eleccións equivalentes.

b) Quince minutos para os partidos, as federacións e as coalicións que, obtendo representación nas anteriores eleccións equivalentes, non alcanzasen o cinco por cento do total de votos válidos emitidos no territorio nacional ou, se é o caso, nas circunscricións a que o artigo 62 fai referencia.

c) Trinta minutos para os partidos, as federacións e as coalicións que, obtendo representación nas anteriores eleccións equivalentes, alcanzasen entre o cinco e o vinte por cento do total de votos a que se fai referencia na alínea b).

d) Corenta e cinco minutos para os partidos, as federacións e as coalicións que, obtendo representación nas anteriores eleccións equivalentes, alcanzasen polo menos un vinte por cento do total de votos a que a alínea b) fai referencia.

2. O dereito aos tempos de emisión gratuíta enumerados no apartado anterior só corresponde a aqueles partidos, federacións ou coalicións que presenten candidaturas en máis do setenta e cinco por cento das circunscricións comprendidas no ámbito de difusión ou, se é o caso, de programación do medio correspondente. Para as eleccións municipais aplicárase o establecido nas disposicións especiais desta lei.

3. Os partidos, as asociacións, as federacións ou as coalicións que non cumpriren o requisito de presentación de candidaturas establecido no apartado anterior teñen, con todo, dereito a quince minutos de emisión na programación xeral dos medios nacionais se obtiveron nas anteriores eleccións equivalentes o vinte por cento dos votos emitidos no ámbito dunha comunidade autónoma en condicións horarias semellantes ás que se acorden para as emisións dos partidos, federacións e coalicións a que se refire o apartado 1.d) deste artigo. Nese caso, a emisión circunscribírase ao

ámbito territorial desa comunidade. Este dereito non é acumulable ao que o apartado anterior prevé.

4. As agrupacións de electores que se federaren para realizar propaganda nos medios de titularidade pública terán dereito a dez minutos de emisión se cumpren o requisito de presentación de candidaturas exixido no apartado 2 deste artigo.

Artigo sesenta e cinco

1. A Xunta Electoral Central é a autoridade competente para distribuír os espazos gratuítos de propaganda electoral que se emiten polos medios de comunicación públicos, calquera que for o seu titular, por proposta da Comisión a que se refiren os apartados seguintes deste artigo.

2. Unha comisión de radio e televisión, so a dirección da Xunta Electoral Central, é competente para efectuar a proposta de distribución dos espazos gratuítos de propaganda electoral.

3. A comisión é designada pola Xunta Electoral Central e está integrada por un representante de cada partido, federación ou coalición que, concorrendo ás eleccións convocadas, conte con representación no Congreso dos Deputados. Eses representantes votarán ponderadamente de acordo coa composición da Cámara.

4. A Xunta Electoral Central tamén elixe o presidente da comisión de entre os representantes nomeados conforme o apartado anterior.

5. A Xunta Electoral Central pode delegar nas xuntas electorais provinciais a distribución de espazos gratuítos de propaganda electoral nas programacións rexionais e locais dos medios de comunicación de titularidade estatal e daqueles outros medios de ámbito semellante que tamén tiveren o carácter de públicos. Neste caso, constitúese nese ámbito territorial unha comisión coas mesmas atribucións previstas no parágrafo 2 deste artigo e cunha composición que teña en conta a representación parlamentaria no Congreso dos Deputados do ámbito territorial respectivo. A comisión actúa so a dirección da correspondente xunta electoral provincial.

6. No caso de se realizaren soamente eleccións a unha asemblea lexislativa de comunidade autónoma, as funcións previstas neste artigo respecto dos medios de titularidade estatal entenderanse li-

mitadas ao ámbito territorial desa comunidade. Ademais, serán exercidas nos termos previstos nesta lei pola xunta electoral da comunidade autónoma ou, no caso de non estar constituída, pola xunta electoral da provincia cuxa capital sexa a da comunidade. No mesmo caso a xunta electoral de comunidade autónoma ten, respecto dos medios de comunicación dependentes da comunidade autónoma ou dos municipios do seu ámbito, polo menos, as competencias que este artigo atribúe á Xunta Electoral Central, incluída a de dirección dunha comisión de radio televisión se así o prever a lexislación da comunidade autónoma que regule as eleccións ás respectivas asembleas lexislativas.

Artigo sesenta e seis. Garantía de pluralismo político e social

1. O respecto ao pluralismo político e social, así como á igualdade, a proporcionalidade e a neutralidade informativa na programación dos medios de comunicación de titularidade pública en período electoral serán garantidos pola organización deses medios e o seu control previstos nas leis. As decisións dos órganos de administración dos referidos medios no indicado período electoral son susceptibles de recurso perante a xunta electoral competente, en conformidade co previsto no artigo anterior e segundo o procedemento que a Xunta Electoral Central dispuxer.

2. Durante o período electoral as emisoras de titularidade privada deberán respectar os principios de pluralismo e igualdade. Así mesmo, nese período as televisións privadas tamén deberán respectar os principios de proporcionalidade e neutralidade informativa nos debates e nas entrevistas electorais, ben como na información relativa á campaña electoral de acordo coas instrucións que para ese efecto elabore a xunta electoral competente.

Artigo sesenta e sete

Para determinar o momento e a orde de emisión dos espazos de propaganda electoral a que teñen dereito todos os partidos, as federacións ou as coalicións que se presenten ás eleccións, de acordo co previsto nesta lei, a xunta electoral competente terá en conta as preferencias dos partidos, das federacións ou das coalicións en función do número de votos que obtiveron nas anteriores eleccións equivalentes.

Sección VII. Dereito de rectificación

Artigo sesenta e oito

Cando por calquera medio de comunicación social se difundiren feitos que aludan a candidatos ou a dirixentes dos partidos, as federacións, as coalicións ou as agrupacións que concorran á elección, que estes consideren inexactos e cuxa divulgación puiden causarlles prexuízo, poderán exercer o dereito de rectificación, en conformidade co establecido na Lei orgánica 2/1984, do 26 de marzo, coas seguintes especialidades:

- a) Se a información que se pretende rectificar se difundiu nunha publicación cuxa periodicidade non permita divulgar a rectificación, nos tres días seguintes á súa recepción o director do medio de comunicación deberá facela publicar á súa custa dentro do prazo indicado noutro medio da mesma zona e de semellante difusión.
- b) O xuízo verbal regulado no parágrafo 2º do artigo 5º da mencionada lei orgánica realizarase dentro dos catro días seguintes ao da petición.

Sección VIII. Enquisas electorais

Artigo sesenta e nove

Entre o día da convocatoria e o da realización de calquera tipo de eleccións aplícase o seguinte réxime de publicación de enquisas electorais:

1. Os realizadores de calquera sondaxe ou enquisa deben, so a súa responsabilidade, acompañala das seguintes especificacións, que ademais debe incluír calquera publicación delas:

- a) A denominación e o domicilio do organismo ou da entidade, pública ou privada, ou da persoa física que realizou a sondaxe, ben como daquela que encargou a súa realización.
- b) As características técnicas da sondaxe, que inclúan necesariamente as seguintes cuestións: o sistema de mostraxe, o tamaño da mostra, a marxe de erro desta, o nivel de representatividade, o procedemento de selección dos enquisados e a data de realización do traballo de campo.

c) O texto íntegro das cuestións expostas e o número de persoas que non responderon cada unha delas.

2. A Xunta Electoral Central vela por que os datos e as informacións das sondaxes publicadas non conteñan falsificacións, ocultacións ou modificacións deliberadas, así como polo correcto cumprimento das especificacións a que o parágrafo anterior se refire e polo respecto á prohibición establecida no apartado 7 deste artigo.

3. A Xunta Electoral pode reclamar de quen realizase unha sondaxe ou enquisa publicados a información técnica complementaria que achar oportuna, co fin de efectuar as comprobacións que considerar necesarias.

Esta información non pode estenderse ao contido dos datos sobre as cuestións que, conforme a lexislación vixente, foren para uso propio da empresa ou do seu cliente.

4. Os medios informativos que publicasen ou difundisen unha sondaxe violando as disposicións desta lei están obrigados a publicaren e difundiren no prazo de tres días as rectificacións requiridas pola Xunta Electoral Central, anunciando a súa procedencia e o motivo da rectificación, e programándose ou publicándose nos mesmos espazos ou páxinas que a información rectificada.

5. Se a sondaxe ou a enquisa que se pretende modificar se difundiu nunha publicación cuxa periodicidade non permita divulgar a rectificación no tres días seguintes á súa recepción, o director do medio de comunicación deberá facela publicar á súa custa indicando esta circunstancia, dentro do prazo sinalado, noutro medio da mesma zona e de semellante difusión.

6. As resolucións da Xunta Electoral Central en materia de enquisas e sondaxes son notificadas aos interesados e publicadas. Poden ser obxecto de recurso ante a xurisdición contenciosoadministrativa, na forma prevista na súa lei reguladora e sen ser preceptivo o recurso previo de reposición.

7. Durante o cinco días anteriores ao da votación fica prohibida a publicación e a difusión ou a reprodución de sondaxes electorais por calquera medio de comunicación.

8. Caso de algún organismo dependente das administracións públicas realizar en período electoral enquisas sobre a intención de voto, os seus resultados, cando así o solicitaren, deben ser postos en coñecemento das entidades políticas concorrentes ás eleccións

no ámbito territorial da enquisa no prazo de corenta e oito horas desde a solicitude.

Sección IX. Papeletas e sobres electorais

Artigo setenta

1. As xuntas electorais competentes aproban o modelo oficial das papeletas correspondentes á súa circunscrición, de acordo cos criterios establecidos nas disposicións especiais desta lei ou noutras normas de rango regulamentario.
2. A Administración do Estado asegura a dispoñibilidade das papeletas e dos sobres de votación conforme o disposto no artigo seguinte, sen prexuízo da súa eventual elaboración por parte dos grupos políticos que concorran ás eleccións.
3. As xuntas electorais correspondentes verificarán que as papeletas e os sobres de votación elaborados polos grupos políticos que concorran ás eleccións se axustan ao modelo oficial.
4. Dentro do prazo dos dous días seguintes ao da proclamación das candidaturas, remitiranse ás xuntas electorais correspondentes, preferentemente en formato electrónico, as suficientes papeletas das distintas formacións políticas que concorren ás eleccións para a súa entrega, preferentemente tamén en formato electrónico, a estas, para os efectos da súa reprodución para os envíos de publicidade e de propaganda electoral.

Artigo setenta e un

1. A confección das papeletas iníciase inmediatamente despois da proclamación de candidatos.
2. Se se interpuxeron recursos contra a proclamación de candidatos, en conformidade co disposto no artigo 49 desta lei, a elaboración das papeletas correspondentes adíase na circunscrición electoral onde fosen interpostos, até a resolución deses recursos.
3. As primeiras papeletas elaboradas entréganse inmediatamente aos delegados provinciais da Oficina do Censo Electoral para seren enviadas aos residentes ausentes que viven no estranxeiro.
4. Os gobernos civís aseguran a entrega das papeletas e sobres en número suficiente a cada unha das mesas electorais, polo menos unha hora antes do momento en que deba iniciarse a votación.

Sección X. Voto por correspondencia

Artigo setenta e dous

Os electores que prevexan que na data da votación non se encontrarán na localidade onde lles corresponde exercer o seu dereito de voto, ou que non poidan presentarse, poden emitir o seu voto por correo, após unha solicitude á delegación provincial da Oficina do Censo Electoral, cos seguintes requisitos:

- a) O elector solicitará á correspondente delegación, a partir da data da convocatoria e até o décimo día anterior á votación, un certificado de inscrición no censo. Esa solicitude formularase perante calquera oficina do servizo de correos.
- b) A solicitude deberá formularse persoalmente. O funcionario de correos encargado de a recibir exixiralle ao interesado a mostra do seu documento nacional de identidade e comprobará a coincidencia da sinatura. En ningún caso se admitirá para estes efectos unha fotocopia do documento nacional de identidade.
- c) No caso de enfermidade ou de incapacidade que impida a formulación persoal da solicitude, cuxa existencia deberá acreditarse por medio dunha certificación médica oficial e gratuíta, aquela poderá ser efectuada en nome do elector por outra persoa autorizada notarial ou consularmente mediante un documento que se redactará individualmente en relación con cada elector e sen que nel poidan incluírse varios electores. Tampouco poderá unha mesma persoa representar máis dun elector. A xunta electoral comprobará, en cada caso, a concorrencia das circunstancias a que este apartado se refire.
- d) Os servizos de correos remitirán no prazo de tres días toda a documentación presentada perante eles á oficina do censo electoral correspondente.

Artigo setenta e tres

1. Despois de recibir a solicitude a que o artigo anterior fai referencia, a delegación provincial comprobará a inscrición, realizará a anotación correspondente no censo a fin de que o día das eleccións non se realice o voto persoalmente e estenderá o certificado solicitado.

2. A oficina do censo electoral remitirá por correo certificado ao elector, a partir do trixésimo cuarto día posterior á convocatoria e antes do sexto día anterior ao da votación, ao domicilio por o indicado ou, na súa falta, ao que figure no censo, as papeletas e os sobres electorais, xunto co certificado mencionado no parágrafo anterior e un sobre en que figurará o enderezo da mesa onde lle corresponda votar. Achegarase unha folla explicativa cos anteriores documentos.

O aviso de recibo acreditativo da recepción da documentación a que o parágrafo anterior alude deberá ser asinado persoalmente polo interesado, após acreditar a súa identidade. No caso de non se atopar no seu domicilio, comunicaráse que deberá comparecer por si mesmo ou a través da representación a que se refire a letra c) do artigo anterior na oficina de correos correspondente para, despois de se acreditar, recibir a documentación para o voto por correo, cuxo contido se fará constar expresamente no aviso.

3. Unha vez que o elector escollese ou, de ser o caso, cubrise a papeleta de voto, introducíraa no sobre de votación e pecharao. Se foren varias as eleccións convocadas, deberá actuar do mesmo xeito para cada unha delas. Incluirá o sobre ou os sobres de votación e o certificado no sobre dirixido á mesa e remitírao por correo certificado en todo caso antes do terceiro día previo ao da realización das eleccións. Este sobre non necesita franqueo.

4. O servizo de correos conservará até o día da votación toda a correspondencia dirixida ás mesas electorais e trasladará a esas mesas ás nove da mañá. Igualmente, continuará a dar traslado da que puiden recibirse nese mesmo día até ás vinte horas. O servizo de correos levará un rexistro de toda a documentación recibida, que estará ao dispor das xuntas electorais. Os sobres recibidos despois das vinte horas do día fixado para a votación remitíranse á xunta electoral de zona.

Artigo setenta e catro

O Goberno, após un informe da Xunta Electoral Central, regulará as especialidades respecto do disposto nos dous artigos anteriores para o voto por correo do persoal embarcado en buques da armada, da mariña mercante ou da frota pesqueira, do persoal das forzas armadas españolas e dos corpos e forzas de seguridade do Estado que estiveren a cumprir misións no exterior, ademais de

para o voto por correo dos cidadáns que se encontraren temporalmente no estranxeiro entre a convocatoria dun proceso electoral e a súa realización.

Artigo setenta e cinco. Exercicio do voto por parte de persoas que viven no estranxeiro

1. Nas eleccións a deputados, senadores, membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, membros das asembleas das cidades autónomas de Ceuta e Melilla e deputados ao Parlamento Europeo, cando neste último caso se opte pola elección en España, os españois inscritos no Censo dos electores residentes ausentes que viven no estranxeiro deberán formular mediante un impreso oficial a solicitude de voto dirixida á correspondente delegación provincial da Oficina do Censo Electoral, o máis tardar o vixésimo quinto día posterior á convocatoria. Ese impreso será remitido aos españois inscritos no mencionado censo, sen prexuízo de atoparse dispoñible desde o día seguinte ao da convocatoria electoral nas dependencias consulares e de poder obterse por vía telemática. O impreso de solicitude irá acompañado dunha fotocopia do pasaporte ou do documento nacional de identidade, expedidos polas autoridades españolas ou, na súa falta, unha certificación de nacionalidade ou de inscrición no Rexistro de matrícula consular expedidas polo consulado de España no país de residencia.

2. Despois de recibiren a solicitude, as delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral remitirán ao enderezo da inscrición do elector as papeletas e o sobre ou os sobres de votación, dous certificados idénticos de estar inscrito no Censo de residentes ausentes, ben como un sobre en que debe figurar o enderezo da xunta electoral competente e outro co enderezo da oficina consular de carreira ou da sección consular da misión diplomática en que estiver inscrito.

3. Ese envío debe realizarse por correo certificado a máis tardar o trixésimo cuarto día posterior á convocatoria naquelas provincias onde non fose impugnada a proclamación de candidatos e, nas restantes, o máis tardar o cuadraxésimo segundo.

4. Os electores que optaren por exercer por correo o seu dereito de voto deberán incluír no sobre dirixido á xunta electoral correspondente, xunto co sobre ou cos sobres de votación e co

certificado de estar inscrito no censo, unha fotocopia do pasaporte ou do documento nacional de identidade expedidos polas autoridades españolas ou, na súa falta, unha certificación de nacionalidade ou unha certificación de inscrición no Rexistro de matrícula consular expedidas polo consulado de España no país de residencia. Deberán enviar todo iso no sobre dirixido á oficina consular de carreira ou sección consular da misión diplomática a que o elector estiver adscrito por correo certificado, o máis tardar o quinto día anterior ao día da elección.

5. Os electores que optaren por depositar o voto en urna, farano entre o cuarto e o segundo día, ambos inclusive, anteriores ao día da elección entregando persoalmente os sobres naquelas oficinas ou seccións consulares en que estiveren inscritos ou nos lugares que se habiliten para iso. Con esta finalidade, as dependencias consulares habilitadas disporán dunha urna ou urnas custodiadas por un funcionario consular.

6. O elector acreditará a súa identidade perante o funcionario consular mediante o pasaporte, o documento nacional de identidade ou a certificación de nacionalidade ou de inscrición no Rexistro de matrícula consular expedidas polo consulado de España no país de residencia. Após a mostra e entrega dun dos certificados de inscrición no censo de residentes ausentes que previamente recibiu, depositará o sobre dirixido á xunta electoral competente para o seu escrutinio, unha vez que o funcionario consular estampe nese sobre o selo da oficina consular en que conste a data do seu depósito.

7. Durante os días sinalados para efectuar o depósito do voto en urna os responsables consulares deberán establecer as medidas para facilitar o seu exercicio por parte dos electores, ben como aquelas que se consideraren necesarias para a correcta garda e custodia das urnas, que incluírán o seu precinto ao finalizar cada xornada. Os representantes das candidaturas concorrentes ás eleccións poderán estar presentes nas dependencias consulares habilitadas durante os días do depósito de voto en urna.

8. Despois de finalizar o prazo do depósito do voto en urna, o funcionario consular expedirá unha acta que conterá o número de certificacións censuais recibidas e, se é o caso, as incidencias que puidesen terse producido, ademais do número de sobres recibidos por correo até finalizar o depósito do voto en urna. Ao día seguinte,

os sobres depositados polos electores e os recibidos por correo xunto coa acta expedida polo funcionario consular deberán ser remitidos, mediante envío electoral, á oficina que para estes efectos se constitúa no Ministerio de Asuntos Exteriores. Este, pola súa vez, procederá ao envío urgente deses sobres ás xuntas electorais correspondentes.

9. En todos os casos regulados no presente artigo será indispensable para a validez destes votos que conste claramente no sobre mencionado un cuño ou outra inscrición oficial dunha oficina de correos do Estado en cuestión ou, se é o caso, da oficina consular de carreira ou da sección consular da misión diplomática correspondente que certifique, de modo indubidable, o cumprimento do requisito temporal que en cada caso se prevé.

10. O día do escrutinio xeral, e antes de proceder a este, a xunta electoral competente constitúese en mesa electoral ás oito horas da mañá, cos interventores que para iso designen as candidaturas concorrentes.

11. A continuación, o seu presidente procede a introducir na urna ou nas urnas os sobres de votación dos residentes ausentes recibidos até ese día e o secretario anota os nomes dos votantes na correspondente listaxe.

Deseguido, a xunta escruta todos estes votos e incorpora os resultados ao escrutinio xeral.

12. O Goberno, após un informe da Xunta Electoral Central, pode regular os criterios e limitar os casos de aplicación deste artigo, ben como establecer outros procedementos para o voto dos residentes ausentes que vivan en estados estranxeiros onde non for practicable o disposto neste artigo.

Sección XI. Apoderados e interventores

Artigo setenta e seis

1. O representante de cada candidatura pode outorgar o poder a favor de calquera cidadán maior de idade e que se atope en pleno uso dos seus dereitos cívicos e políticos, coa finalidade de que exerza a representación da candidatura nos actos e nas operacións electorais.

2. O apoderamento formalízase perante un notario ou perante o secretario da xunta electoral provincial ou de zona, que expiden a correspondente credencial conforme o modelo establecido oficialmente.
3. Os apoderados deben mostrar as súas credenciais e o seu documento nacional de identidade aos membros das mesas electorais e ás demais autoridades competentes.
4. Os traballadores por conta allea e os funcionarios que acrediten a súa condición de apoderados teñen dereito a un permiso remunerado durante o día da votación.

Artigo setenta e sete

Os apoderados teñen dereito a acceder libremente aos locais electorais, a examinar o desenvolvemento das operacións de voto e de escrutinio e a formular reclamacións e protestas, alén de a recibiren as certificacións que esta lei prevé cando non fosen expedidas a outro apoderado ou a outro interventor da súa mesma candidatura.

Artigo setenta e oito

1. O representante de cada candidatura pode nomear, até tres días antes da elección, dous interventores por cada mesa electoral, mediante a expedición de credenciais talonarias coa data e coa sinatura de pé do nomeamento.
2. As follas talonarias por cada interventor deberán estar divididas en catro partes: unha, como matriz, para a conservar o representante; a segunda entregárase ao interventor como credencial; a terceira e a cuarta serán remitidas á xunta de zona para que esta faga chegar unha destas á mesa electoral de que forma parte e outra á mesa en cuxa lista electoral figure inscrito, para ser excluído dela. O envío ás xuntas de zona farase até o mesmo día terceiro anterior á elección e as de zonas farán a remisión ás mesas de modo que consten no seu poder no momento de se constituíren estas o día da votación.
3. Poderá ser designado interventor quen reunir a condición de elector e se atopar inscrito no censo electoral.

No caso daqueles electores que non estiveren inscritos no censo correspondente á circunscrición electoral en que vaian exercer as

súas funcións de interventor, a xunta electoral de zona deberá requirir á Oficina do Censo Electoral a remisión urxente da certificación de inscrición no censo electoral, agás que previamente sexa achegada polo designado como interventor.

4. Os traballadores por conta allea e os funcionarios que acrediten a súa condición de interventores teñen dereito durante o día da votación e o día inmediatamente posterior aos permisos que o artigo 28 desta lei establece para os membros das mesas electorais.

Artigo setenta e nove

1. Os interventores exercen o seu dereito de sufraxio na mesa perante a cal están acreditados. Cando o interventor non estiver inscrito na circunscrición electoral correspondente á mesa en que vaia desempeñar as súas funcións, exercerá o seu dereito de sufraxio mediante o voto por correspondencia nos termos e co alcance establecidos nos artigos 72 e 73 desta lei.

2. Un interventor de cada candidatura pode asistir á mesa electoral, participar nas súas deliberacións con voz mais sen voto e exercer perante ela os demais dereitos previstos por esta lei.

3. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, os interventores dunha mesma candidatura acreditados perante a mesa poden substituírse libremente entre si.

4. Un apoderado pode realizar as funcións previstas no parágrafo segundo deste artigo, en ausencia de interventores da súa candidatura.

5. Desde o momento en que tome posesión como interventor nunha mesa, a persoa designada xa non poderá exercer a función de apoderado noutras mesas electorais.

Sección XII. Constitución das mesas electorais

Artigo oitenta

1. O presidente, os dous vogais de cada mesa electoral e os respectivos suplentes, se os houber, reúnense ás oito horas do día fixado para a votación no local correspondente.

2. Se o presidente non acudiu, substitúeo o seu primeiro suplente. Caso de este tamén faltar, substitúeo un segundo suplente e se este tampouco acudiu toma posesión como presidente o primeiro

vogal ou o segundo vogal, por esta orde. Os vogais que non acudiron ou que toman posesión como presidentes son substituídos polos seus suplentes.

3. Non pode constituírse a mesa sen a presenza dun presidente e dous vogais. No caso de non poder cumprirse este requisito, os membros da mesa presentes, os suplentes que acudisen ou, na súa falta, a autoridade gobernativa, estenden e subscriben unha declaración dos feitos acontecidos e envían a por correo certificado á xunta de zona, á cal comunican tamén estas circunstancias telegráfica ou telefonicamente.

4. A xunta designa en tal caso, libremente, as persoas que deberán constituír a mesa electoral. Pode mesmo ordenar que forme parte dela algún dos electores que se atope presente no local. En calquera caso, a xunta informa o Ministerio Fiscal do sucedido para esclarecer a posible responsabilidade penal dos membros da mesa ou dos seus suplentes que non compareceron.

5. Se, a pesar do establecido no parágrafo anterior, non puider constituírse a mesa unha hora despois da legalmente establecida para o inicio da votación, as persoas designadas no parágrafo terceiro deste artigo comunicarán esta circunstancia á xunta de zona, que convocará unha nova votación na mesa dentro dos dous días seguintes. Unha copia da convocatoria fixarase inmediatamente na porta do local electoral e a xunta procederá de oficio ao nomeamento dos membros da nova mesa.

Artigo oitenta e un

1. Cada mesa debe contar cunha urna para cada unha das eleccións que deba realizarse e cunha cabina de votación.

2. Así mesmo, debe dispor dun número suficiente de sobres e de papeletas de cada candidatura, que estarán situados na cabina ou preto dela.

3. As urnas, as cabinas, as papeletas e os sobres de votación deben suxeitarse ao modelo oficialmente establecido.

4. De faltar calquera destes elementos no local electoral á hora sinalada para a constitución da mesa ou en calquera momento posterior, o presidente da mesa comunicará inmediatamente á xunta de zona, a cal proverá a súa subministración.

Artigo oitenta e dous

1. Estando reunidos o presidente e os vogais, reciben entre as oito e as oito e trinta horas as credenciais dos interventores que se presenten e confróntanas cos talóns que deberán constar no seu poder. Se as consideraren conformes, admiten os interventores na mesa. Se o presidente non recibiu os talóns ou dubidar da autenticidade das credenciais, da identidade dos presentados ou ambas as circunstancias, daralles posesión se así o exixen, mais consignará no acto a súa reserva para o esclarecemento pertinente e para lles exixir, de ser o caso, a responsabilidade correspondente.
2. Se se presentan máis de dous interventores por unha mesma candidatura, o presidente só dará posesión aos que primeiro presenten as súas credenciais. Con ese fin, numerará as credenciais por orde cronolóxica de presentación.
3. Os talóns recibidos polo presidente deben unirse ao expediente electoral. As credenciais mostradas polos interventores, após seren cotexadas polo presidente, serán devoltas a aqueles. De o presidente non ter recibido os talóns, as credenciais correspondentes deberanse achegar ao expediente electoral ao finalizar o escrutinio.
4. Se o interventor se presentar na mesa despois das oito e trinta horas, após ser confeccionada a acta de constitución desta, o presidente non lle dará posesión do seu cargo, aínda que si poderá votar nesa mesa.

Artigo oitenta e tres

1. Ás oito e trinta horas o presidente redacta a acta de constitución da mesa, asinada por o mesmo, polos vogais e polos interventores e entrega unha copia desa acta ao representante da candidatura, ao apoderado ou ao interventor que o reclamar.
2. Na acta deberá expresarse necesariamente con que persoas queda constituída a mesa en concepto de membros e a relación nominal dos interventores, coa indicación da candidatura pola cal o sexan.
3. Se o presidente declina ou demora a entrega da copia da acta de constitución da mesa a quen tiver dereito a reclamála, redactarase en duplicado a oportuna protesta, que será asinada polo reclamante ou polos reclamantes. Un exemplar desa protesta

anéxase ao expediente electoral e o outro remíteo o reclamante ou reclamantes á xunta electoral competente para realizar o escrutinio xeral, segundo o previsto nas disposicións especiais desta lei.

4. O presidente está obrigado a dar unha soa copia da acta de constitución da mesa a cada partido, federación, coalición ou agrupación concorrente ás eleccións.

Sección XIII. Votación

Artigo oitenta e catro

1. Despois de ser redactada a acta de constitución da mesa, coas súas correspondentes copias, iníciase ás nove horas a votación, que continuará sen interrupción até as vinte horas. O presidente anunciará o seu inicio coas palabras: «comeza a votación».

2. Só por causas de forza maior poderá non iniciarse ou suspenderse, unha vez iniciado, o acto da votación, sempre so a responsabilidade do presidente da mesa, que resolverá ao respecto nun escrito razoado. Dese escrito o presidente envía en todo caso unha copia certificada inmediatamente despois de redactalo, ora en man, ora por correo certificado, á xunta provincial para que esta comprobe a certeza e suficiencia dos motivos e declare ou exixa as responsabilidades que resultaren.

3. No caso de suspensión da votación non se teñen en conta os votos emitidos na mesa nin se procede ao seu escrutinio. Nese caso, o presidente ordena inmediatamente a destrución das papeletas depositadas na urna e consigna esta cuestión no escrito a que se refire o parágrafo anterior.

4. A pesar do disposto no parágrafo dous deste artigo, o presidente deberá interromper a votación cando advertir a ausencia de papeletas dalgunha candidatura e non puiden suplirla mediante papeletas fornecidas polos apoderados ou polos interventores da correspondente candidatura. En tal caso dará conta da súa decisión á xunta para que esta provexa á súa subministración. A interrupción non pode durar máis dunha hora e a votación prorrogarase tanto tempo como estivese interrompida. Neste caso non se aplica o parágrafo terceiro deste artigo.

Artigo oitenta e cinco

1. O dereito a votar acredítase pola inscrición nos exemplares certificados das listaxes do censo ou por certificación censual específica e, en ambos os casos, pola identificación do elector, que se realiza mediante o documento nacional de identidade, o pasaporte ou o permiso de conducir en que apareza a fotografía do titular ou, ademais, tratándose de estranxeiros, co cartón de residencia.

2. Os exemplares certificados das listaxes do censo a que se refire o parágrafo anterior conterán exclusivamente os cidadáns maiores de idade na data da votación.

3. Igualmente, pode votar quen acredite o seu dereito a estar inscrito no censo da sección mediante a mostra da correspondente sentenza xudicial.

4. Cando a mesa, a pesar da mostra dalgún dos documentos previstos no apartado 1, tiver dúbida, por si mesma ou como consecuencia da reclamación que no acto faga publicamente un interventor, un apoderado ou outro elector, sobre a identidade do individuo que se presenta a votar, a mesa, á vista dos documentos acreditativos e do testemuño que os electores presentes puideren presentar, decide por maioría. En calquera caso mandarase pasar tanto de culpa ao tribunal competente para que exixa a responsabilidade do que resultar usurpador de nome alleo ou do que o negase falsamente.

5. A certificación censual específica, a través da cal o cidadán acredita con carácter excepcional a súa inscrición no censo electoral, rexerase, no atinente á súa expedición, ao órgano competente para esta e ao prazo e aos casos en que proceda, polo que dispoña ao respecto a Xunta Electoral Central mediante a correspondente instrución.

Artigo oitenta e seis

1. O voto é secreto.

2. Os electores só poden votar na sección e, dentro desta, na mesa electoral que lles corresponder, excepto o disposto no apartado 1º do artigo 79. Os electores achegaranse á mesa dun en un, despois de pasaren, de así o desexaren, pola cabina que estará situada na mesma sala, nun lugar intermedio entre a entrada e a mesa elec-

toral. Dentro da cabina o votante poderá escoller as papeletas electorais e introducilas nos correspondentes sobres.

3. Cada elector comunicará o seu nome e apelidos ao presidente. Os vogais e os interventores comprobarán, mediante o exame das listaxes do censo electoral ou das certificacións achegadas, o dereito a votar do elector, alén da súa identidade, que se xustificará conforme o disposto no artigo anterior. Inmediatamente, o elector entregará pola súa propia man ao presidente o sobre ou os sobres de votación pechados. A continuación este, sen ocultalos en ningún momento da vista do público, dirá en voz alta o nome do elector e, engadindo «vota», entregará o sobre ou os sobres ao elector, quen os depositará na urna ou nas urnas.

4. Os vogais e, de os haber, os interventores que o desexaren anotarán en cadansúa listaxe numerada o nome e apelidos dos votantes pola orde en que emitan o seu voto, expresando o número con que figuran na listaxe do censo electoral ou, se for o caso, a achega de certificación censual específica. Existirá unha listaxe numerada por cada unha das cámaras das Cortes Xerais e, de ser o caso, das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, das corporacións locais ou do Parlamento Europeo que corresponda elixir. Todos os electores teñen dereito a comprobar se foi ben anotado o seu nome e apelidos na lista de votantes que forme a mesa para cada urna.

Artigo oitenta e sete

1. Os electores que non saiban ler ou que, por discapacidade, estean impedidos para escoller a papeleta ou colocala dentro do sobre e para entregala ao presidente da mesa poden servirse para estas operacións dunha persoa da súa confianza.

2. No entanto, o Goberno, contando co informe previo da Xunta Electoral Central, regulará un procedemento de votación para as persoas cegas ou con discapacidade visual que lles permita exercer o seu dereito de sufraxio, garantindo o segredo do voto, que se aplicará, en todo caso, ás eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado, ás eleccións ao Parlamento Europeo e aos casos de referendo.

Artigo oitenta e oito

1. Ás vinte horas o presidente anunciará en voz alta que vai concluír a votación. Se algún dos electores que se encontran no local ou no acceso a este non votou aínda, o presidente admitirá que o faga e non permitirá que vote ninguén máis.
2. Seguidamente, o presidente procede a introducir nas urnas os sobres que conteñan as papeletas de voto remitidas por correo, verificando antes que se cumpren as circunstancias expresadas no parágrafo terceiro do artigo 73 e que o elector figure inscrito nas listaxes do censo. A continuación, os vogais anotarán o nome destes electores na lista enumerada de votantes.
3. A seguir, votarán os membros da mesa e mais os interventores. Na listaxe enumerada de votantes especificarase a sección electoral dos interventores que non figuren no censo da mesa.
4. Finalmente, os vogais e os interventores asinarán as listaxes enumeradas de votantes na marxe de todos os seus pregos e inmediatamente debaixo do último nome escrito.

Artigo oitenta e nove

A mesa deberá contar en calquera momento coa presenza, cando menos, de dous dos seus membros.

Artigo noventa

Ningunha autoridade pode deter os presidentes, os vogais e os interventores das mesas durante as horas da elección en que deban exercer as súas funcións, excepto no caso de flagrante delito.

Artigo noventa e un

1. O presidente da mesa ten, dentro do local electoral, autoridade exclusiva para conservar a orde, asegurar a liberdade dos electores e manter o cumprimento da lei.
2. O presidente da mesa vela por que a entrada ao local sempre se conserve libre e accesible para as persoas que teñen dereito a entrar nel.
3. Sen prexuízo do disposto no artigo 86, só teñen dereito a entrar nos locais das seccións electorais os electores destas, os representantes das candidaturas e as persoas que formen parte delas,

os seus apoderados e interventores; os notarios, para daren fe de calquera acto referente á elección e que non se opuxer ao segredo da votación; os axentes da autoridade que o presidente requirir; os membros das xuntas electorais e os xuíces de instrución e os seus delegados; así mesmo, as persoas designadas pola Administración para recoller información sobre os resultados do escrutinio.

4. Ninguén pode entrar no local da sección electoral con armas nin instrumentos susceptibles de seren utilizados como tales. O presidente ordenará a expulsión inmediata de quen infrinxir este precepto.

5. Os notarios poderán dar fe dos actos relacionados coa elección, mesmo fóra da súa demarcación, mais sempre dentro da mesma provincia e sen necesidade de autorización especial. Durante o día da votación os notarios deberán estar ao dispor dos partidos, das coalicións, das federacións e das agrupacións no seu domicilio ou no lugar onde habitualmente desenvolven a súa función.

Artigo noventa e dous

As forzas de policía destinadas a protexer os locais das seccións prestarán ao presidente da mesa, dentro e fóra dos locais, o auxilio que este requirir.

Artigo noventa e tres

Non poderá facerse propaganda electoral de ningún tipo nin nos locais das seccións nin nas súas proximidades. Tampouco non se poderán formar grupos susceptibles de entorpecer, sexa cal for o modo, o acceso aos locais, nin se admitirá a presenza nos arredores de quen puider dificultar ou coaccionar o libre exercicio do dereito de voto. O presidente da mesa tomará as medidas que considerar convenientes a este respecto.

Artigo noventa e catro

Calquera incidente que afectase a orde nos locais das seccións, ademais do nome e dos apelidos de quen o provocase, serán anotados na acta da sesión.

Sección XIV. Escrutinio nas mesas electorais

Artigo noventa e cinco

1. Despois de terminar a votación, comeza, deseguido, o escrutinio.
2. O escrutinio é público e non se suspenderá, agás motivos de forza maior, aínda que concorran varias eleccións. O presidente ordenará a expulsión inmediata das persoas que de calquera modo entorpeceren ou perturbaren o seu desenvolvemento.
3. Caso de varias eleccións coincidiren procédese, de acordo coa seguinte orde, a escrutar as papeletas que en cada caso corresponda: primeiro, as do Parlamento Europeo; despois, as do Congreso dos Deputados; despois, as do Senado; despois, as das entidades locais; despois, as da asemblea lexislativa da comunidade autónoma; despois, as dos cabidos insulares.
4. O escrutinio realízase extraendo o presidente, un de cada vez, os sobres da urna correspondente e lendo en voz alta a denominación da candidatura ou, de ser o caso, o nome dos candidatos votados. O presidente porá de manifesto cada papeleta, após lela, aos vogais, aos interventores e aos apoderados.
5. Se algún notario no exercicio das súas funcións, representante da listaxe ou do membro dalgunha candidatura tiver dúbidas sobre o contido dunha papeleta lida polo presidente, poderá pedila no momento para a examinar e deberá permitirse que a examine.

Artigo noventa e seis

1. É nulo o voto emitido en sobre ou en papeleta diferente do modelo oficial, e tamén o emitido en papeleta sen sobre ou nun sobre que conteña máis dunha papeleta de distinta candidatura. No caso de conter máis dunha papeleta da mesma candidatura, será contado como un só voto válido.
2. Tamén serán nulos, en todos os procesos electorais, os votos emitidos en papeletas en que se modificasen, engadisen ou riscasen os nomes de candidatos comprendidos nelas ou en que se alterase a súa orde de colocación, así como aquelas en que se introducise calquera inscrición ou expresión ou en que se producise calquera outra alteración de carácter voluntario ou intencionado.

3. No caso de eleccións ao Senado, serán nulos os votos emitidos en papeletas en que se sinalasen máis de tres nomes nas circunscricións provinciais, máis de dous nas circunscricións insulares de Gran Canaria, Mallorca e Tenerife e nas poboacións de Ceuta e Melilla, e máis dun no resto das circunscricións insulares.

4. Igualmente, serán nulos os votos contidos en sobre nos que se producise calquera tipo de alteración das mencionadas nos parágrafos anteriores.

5. Considérase voto en branco, mais válido, o sobre que non conteña papeleta e, ademais, nas eleccións para o Senado, as papeletas que non conteñan indicación a favor de ningún dos candidatos.

Artigo noventa e sete

1. Após o recento, confrontarase o total de sobres co de votantes anotados nos termos do artigo 86.4 desta lei.

2. Seguidamente, o presidente preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio e, de non haber ningunha ou despois de a mesa resolver por maioría aquelas que se presentasen, anunciará en voz alta o seu resultado. Para iso, especificará o número de electores censados, o de certificacións censuais achegadas, o número de votantes, o de papeletas nulas, o de votos en branco e o dos votos obtidos por cada candidatura.

3. As papeletas extraídas das urnas destruíranse perante os concorrentes, con excepción daquelas cuxa validez se negase ou que fosen obxecto dalgunha reclamación. Neste caso, estas papeletas uniránse á acta e serán arquivadas con ela, despois de seren rubricadas polos membros da mesa.

Artigo noventa e oito

1. A mesa fará públicos inmediatamente os resultados por medio dunha acta de escrutinio que conteña os datos expresados no artigo 97.2, e fixaraa sen demora ningunha na parte exterior ou na entrada do local. Unha copia desta acta será entregada aos respectivos representantes de cada candidatura que, estando presentes, a soliciten ou, se é o caso, aos interventores, aos apoderados ou aos candidatos. Non se expedirá máis dunha copia por candidatura.

2. Da mesma forma, expedirase unha copia da acta de escrutinio á persoa nomeada pola Administración para a recibir e unicamente para os efectos de facilitar a información provisoria acerca dos resultados da elección que o Goberno debe proporcionar.

Artigo noventa e nove

1. Após todas as operacións anteriores concluíren, o presidente, os vogais e os interventores da mesa asinarán a acta da sesión, en que se expresará detalladamente o número de electores que haxa na mesa segundo as listaxes do censo electoral ou segundo as certificacións censuais achegadas, o número dos electores que votasen, o dos interventores que votasen sen figuraren na listaxe da mesa, o número de papeletas nulas, o de papeletas en branco e o dos votos obtidos por cada candidatura. Ademais, consignaranse sumariamente as reclamacións e as protestas formuladas, de ser o caso, polos representantes das listaxes, polos membros das candidaturas, polos seus apoderados e interventores e polos electores sobre a votación e o escrutinio, ben como as resolucións motivadas da mesa sobre elas, cos votos particulares, se os houber. Tamén se consignará calquera incidente daqueles a que se fai mención no artigo 94.

2. Todos os representantes das listaxes e os membros das candidaturas, así como os seus apoderados e interventores, teñen dereito a que se lles expida, gratuíta e inmediatamente, unha copia da acta. A mesa non poderá escusarse do cumprimento desta obriga.

Artigo cen

1. A seguir, a mesa procede á preparación da documentación electoral, que se distribuirá en tres sobres.

2. O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:

- a) O orixinal da acta de constitución da mesa.
- b) O orixinal da acta da sesión.
- c) Os documentos a que esta última faga referencia e, en particular, a listaxe numerada de votantes e as papeletas cuxa validez se negase ou que fosen obxecto dalgunha reclamación.

d) A listaxe do censo electoral utilizada.

e) As certificacións censuais achegadas.

3. O segundo e o terceiro sobre conterán respectivas copias da acta de constitución da mesa e da acta da sesión.

4. Despois de pechados todos os sobres, o presidente, os vogais e os interventores colocarán as súas sinaturas neles, de forma que estas crucen a parte pola que os sobres deban abrirse no seu momento.

Artigo cento un

1. Cando tiveren preparada a documentación correspondente, o presidente e mais os vogais e interventores que o desexaren desprazaranse inmediatamente á sede do xulgado de primeira instancia ou de paz dentro de cuxa demarcación a mesa estea situada para entregaren o primeiro e o segundo sobre. A forza pública acompañará e, se for preciso, facilitará o desprazamento destas persoas.

2. Despois da identificación do presidente e, se é o caso, dos vogais e dos interventores, o xuíz recibirá a documentación e expedirá o recibo correspondente, en que mencionará o día e a hora en que a entrega se produce.

3. Nas dez horas seguintes á recepción da última documentación, o xuíz desprazarase persoalmente á sede da xunta electoral que deba realizar o escrutinio, onde entregará, so recibo detallado, os primeiros sobres.

4. Os segundos sobres ficarán arquivados no xulgado de primeira instancia ou de paz correspondente. Poderán ser reclamados polas xuntas electorais nas operacións de escrutinio xeral e polos tribunais competentes nos procesos contencioso-electorais.

5. A xunta electoral provincial adoptará as medidas necesarias para facilitar o desprazamento dos xuíces a que o parágrafo terceiro deste artigo se refire.

Artigo cento dous

1. O terceiro sobre será entregado ao funcionario do servizo de Correos, que comparecerá na mesa electoral para o recoller. Polo menos un vogal debe permanecer alí até realizar a entrega.

2. No día seguinte á elección, o servizo de Correos cursará todos estes sobres á xunta electoral que deba realizar o escrutinio.

Sección XV. Escrutinio xeral

Artigo cento tres

1. O escrutinio xeral é realizado o terceiro día seguinte ao da votación pola xunta electoral que corresponda, segundo o establecido nas disposicións especiais desta lei.
2. O escrutinio xeral é un acto único e ten carácter público.

Artigo cento catro

1. Cada xunta reúne, cos representantes e apoderados das candidaturas que se presenten, na sede do local onde o secretario exerce as súas funcións. O presidente redacta a acta de constitución da xunta, asinada por o mesmo, polos vogais e polo secretario, ben como polos representantes e apoderados das candidaturas debidamente acreditados.
2. A sesión iníciase ás dez horas do día fixado para o escrutinio e se a metade mais un dos membros da xunta non concorreren, adíase até as doce do mediodía. Se por calquera razón a reunión tampouco se puiden realizar nesa hora, o presidente convócaa de novo para o día seguinte, anunciándoo aos presentes e ao público, e comunicándoo á Xunta Central. Á hora fixada nesta convocatoria, a reunión realizarase calquera que for o número dos concorrentes.

Artigo cento cinco

1. A sesión de escrutinio indícase lendo o secretario as disposicións legais relativas ao acto.
2. A continuación, o persoal ao servizo da xunta procede, so a súa supervisión, á apertura sucesiva dos sobres referidos no artigo 100, parágrafo segundo, desta lei.
3. Se faltar o sobre correspondente dalgunha mesa ou se o seu contido for incompleto, suplirase co terceiro sobre a que o artigo 102 se refire. Na súa falta e sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 101, utilizarase a copia da acta da sesión que presente en forma un representante de candidatura ou un apoderado

seu. Se se presentaren copias contraditorias non se terá en conta ningunha delas.

4. No caso de que nalgunha mesa houber actas dobres e diferentes ou cando o número de votos que figure nunha acta exceda o dos electores que haxa na mesa segundo as listaxes do censo electoral e as certificacións censuais presentadas, coa excepción do voto emitido polos interventores, a xunta tampouco fará cómputo delas, salvo que exista erro material ou de feito ou aritmético, caso en que procederá á súa emenda.

5. O secretario da xunta dará conta dos resumos da votación de cada mesa e o persoal ao servizo da xunta realizará as anotacións correspondentes, se for preciso mediante un instrumento técnico que deixe rexistro documental do anotado.

6. Cando o número de mesas para escrutar así o aconsellar, a xunta electoral pode dividirse en dúas seccións para efectuar as operacións expostas nos parágrafos anteriores. Neste caso, un vogal actuará na calidade de secretario dunha das seccións.

Artigo cento seis

1. Durante o escrutinio a xunta non pode anular ningunha acta nin ningún voto. As súas atribucións limítanse a verificar sen ningunha discusión o recento e a suma dos votos admitidos nas mesas correspondentes segundo as actas ou as copias das actas das mesas, agás os casos previstos no apartado 4 do artigo anterior. Tan só pode emendar os erros materiais ou de feito e os erros aritméticos.

2. A medida que as actas se vaian examinando os representantes ou os apoderados das candidaturas non poden presentar ningunha reclamación nin protesta, salvo aquelas observacións puntuais que se refiran á exactitude dos datos lidos.

Artigo cento sete

1. O acto do escrutinio xeral non pode interromperse. No entanto, após transcorreren doce horas de sesión, as xuntas poderán suspender o escrutinio até o día seguinte. Non deixarán sen concluír o cómputo dos votos correspondentes a unha sección.

2. O escrutinio deberá concluír non máis tarde do sexto día posterior ao das eleccións.

Artigo cento oito

1. Após concluír o escrutinio, a xunta electoral estenderá en triplicado unha acta de escrutinio da circunscrición correspondente que conterá unha mención expresa ao número de electores que haxa nas mesas segundo as listaxes do censo electoral e as certificacións censuais presentadas, de votantes, dos votos obtidos por cada candidatura, dos votos en branco e dos votos nulos. Despois de a sesión finalizar, tamén se estenderá unha acta desta en que se farán constar todas as incidencias acontecidas durante o escrutinio. A acta de sesión e a acta de escrutinio serán asinadas polo presidente, polos vogais e mais polo secretario da xunta e polos representantes e apoderados xerais das candidaturas debidamente acreditados.

2. Os representantes e os apoderados das candidaturas dispoñen dun prazo dun día para presentaren as reclamacións e protestas, que só poderán referirse a incidencias recollidas nas actas de sesión das mesas electorais ou na acta da sesión de escrutinio da xunta electoral.

3. A xunta electoral resolve sobre estas por escrito no prazo dun día, comunicándoo inmediatamente aos representantes e apoderados das candidaturas. Esta resolución poderá ser obxecto de recurso por parte dos representantes e dos apoderados xerais das candidaturas perante a propia xunta electoral no prazo dun día. Ao día seguinte de se interpor un recurso, a xunta electoral remitirá o expediente, co seu informe, á Xunta Electoral Central. A resolución que ordena a remisión notificarase inmediatamente despois do seu cumprimento aos representantes das candidaturas concorrentes na circunscrición, emprazándoos para que poidan comparecer perante a Xunta Electoral Central durante o día seguinte. A Xunta Electoral Central, após unha audiencia das partes por un prazo non superior a dous días, resolverá o recurso no día seguinte, trasladando esta resolución ás xuntas electorais competentes para estas efectuaren a proclamación de electos.

4. Unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen se produciren reclamacións ou protestas, ou resoltas estas por parte da Xunta Electoral Central, as xuntas electorais competentes procederán, no día seguinte, a proclamar os electos. Para este fin computaranse como votos válidos aqueles obtidos por cada candidatura e mais os votos en branco.

4 bis. Desde a votación até a proclamación de electos, o Goberno, a través da Avogacía do Estado, e o Ministerio Fiscal poderán presentar perante a Sala Especial do Tribunal Supremo do artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial un escrito motivado en que anuncien a presentación, nun prazo máximo de quince días, da demanda de ilegalización ou do incidente de execución previstos nos artigos 11 e 12.3 da Lei orgánica 6/2002, de partidos políticos, solicitando a suspensión cautelar da proclamación dos electos que concorresen nas candidaturas do partido afectado ou nas federacións ou coalicións por o integradas. Alén diso, poderán solicitar a suspensión cautelar da proclamación dos electos que concorresen en candidaturas presentadas por agrupacións de electores que puidesen estar ligadas ao partido contra o cal se dirixa a demanda de ilegalización ou o incidente de execución, ou a un partido declarado ilegal por resolución xudicial firme. A Sala resolverá sobre a suspensión nos dous días seguintes á presentación deste escrito.

Unha vez presentada a demanda ou instado o incidente, a Sala, ao resolver o trámite de admisión, pronunciarase sobre a continuidade ou non da suspensión cautelar até á finalización do procedemento. De se prorrogar a suspensión, se a resolución que poña fin ao procedemento declarar a ilegalización do partido ou a súa condición de sucesor doutro ilegalizado, declarará tamén a non proclamación dos electos que concorresen nas súas candidaturas ou nas de federacións ou coalicións por o integradas. O pagamento das subvencións a que o artigo 127.2 se refire non procederá mentres se manteña a medida de suspensión adoptada e só se levará a efecto se a resolución que poña fin ao procedemento xudicial for desestimativa da demanda de ilegalización ou do incidente de execución.

En calquera momento do mandato electoral dos electos en candidaturas presentadas por agrupacións de electores, o Goberno, a través da Avogacía do Estado, e o Ministerio Fiscal poderán presentar perante a Sala Especial do Tribunal Supremo do artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial a demanda ou o incidente de execución previstos nos artigos 11 e 12.3 da Lei orgánica 6/2002, de partidos políticos, solicitando que se declare a vinculación destas agrupacións cun partido ilegalizado ou co partido cuxa ilegalización se pretende.

5. A acta de proclamación estenderase por triplicado e será subscrita polo presidente e polo secretario da xunta e conterá unha referencia expresa do número de electores que haxa nas seccións, de votantes, dos votos obtidos por cada candidatura, dos votos en branco, dos votos válidos e dos votos nulos, dos escanos obtidos por cada candidatura e tamén da relación nominal dos electos. Ademais, describiranse as reclamacións e as protestas perante a xunta electoral, a súa resolución, o recurso ante a Xunta Electoral Central, se o houber, e a súa correspondente resolución.

6. A xunta arquivará un do tres exemplares da acta. Remitirá o segundo á cámara ou á corporación de que os electos vaian formar parte e o terceiro á Xunta Electoral Central, que, no período de corenta días, publicará no *Boletín oficial del Estado* os resultados xerais e por circunscripcións, sen prexuízo dos recursos contencioso-electorais contra a proclamación de electos.

7. Entregaranse copias certificadas da acta de escrutinio xeral aos representantes das candidaturas que o solicitaren. Do mesmo modo, expedirase aos electos credenciais da súa proclamación. A xunta poderá acordar que estas certificacións e credenciais sexan remitidas inmediatamente aos interesados a través do representante da candidatura.

8. No momento de tomaren posesión e para adquiriren a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben prestar xuramento ou prometer acatamento á Constitución, ben como cumprir os demais requisitos previstos nas leis ou nos regulamentos respectivos.

Sección XVI. Contencioso electoral

Artigo cento nove

Poden ser obxecto de recurso contencioso electoral os acordos das xuntas electorais sobre a proclamación de electos, así como a elección e a proclamación dos presidentes das corporacións locais.

Artigo cento dez

Están lexitimados para interpor o recurso contencioso electoral ou para se oporen aos que se interpoñan:

- a) Os candidatos proclamados ou non proclamados.

b) Os representantes das candidaturas concorrentes na circunscrición.

c) Os partidos políticos, as asociacións, as federacións e as coalicións que presentasen candidaturas na circunscrición.

Artigo cento once

A representación pública e a defensa da legalidade no recurso contencioso electoral corresponde ao Ministerio Fiscal.

Artigo cento doce

1. O recurso contencioso electoral interponse perante a xunta electoral correspondente nos tres días seguintes ao acto de proclamación de electos e formalízase no mesmo escrito, no cal se consignan os feitos, os fundamentos de dereito e o pedimento que se deduxa.

2. O tribunal competente para resolver os recursos contencioso-electorais que se refiren a eleccións xerais ou ao Parlamento Europeo é a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo. No caso de eleccións autonómicas ou locais o tribunal competente é a sala do contencioso-administrativo do tribunal superior de xustiza da comunidade autónoma respectiva.

3. Ao día seguinte da súa presentación, o presidente da xunta debe remitir á sala competente o escrito de interposición, o expediente electoral e un informe da xunta en que se consigne canto se considerar procedente como fundamento do acordo impugnado. A resolución que ordena a remisión notificarase, inmediatamente despois do seu cumprimento, aos representantes das candidaturas concorrentes na circunscrición, emprazándoos para que poidan comparecer perante a sala nos dous días seguintes.

4. A sala, ao día seguinte da finalización do prazo para os interesados compareceren, dará traslado do escrito de interposición e dos documentos que o acompañen ao Ministerio Fiscal e ás partes que se constituísen no proceso, pódolles de manifesto o expediente electoral e o informe da xunta electoral, para que no prazo común e improrrogable de catro días poidan formular as alegacións que consideraren pertinentes. Os escritos de alegacións poden ser acompañados dos documentos que, ao seu entender, puideren servir para apoiar ou desvirtuar os fundamentos da impugnación.

Igualmente, pódese solicitar o recibimento a proba e propor aquelas que se consideraren oportunas.

5. Logo de transcorrido o período de alegacións, a sala, dentro do día seguinte, poderá acordar de oficio ou por instancia de parte o recibimento a proba e a práctica daquelas que declara pertinentes. A fase probatoria desenvolverase conforme as normas establecidas para o proceso contencioso-administrativo, aínda que o prazo non poderá exceder os cinco días.

Artigo cento trece

1. Despois de o período probatorio concluír, de ser o caso, a sala sen máis trámite ditará sentenza no prazo de catro días.

2. A sentenza deberá pronunciar algunha das seguintes resolucións:

- a) A inadmisibilidade do recurso.
- b) A validez da elección e da proclamación de electos, con expresión, se é o caso, da listaxe máis votada.
- c) A nulidade do acordo de proclamación dun ou de varios electos e a proclamación como tal daquel ou daqueles a quen co-rresponda.
- d) A nulidade da elección realizada naquela ou naquelas mesas que resultaren afectadas por irregularidades invalidantes e a necesidade de levar a cabo unha nova convocatoria nelas, que poderá limitarse ao acto da votación, ou de proceder a unha nova elección cando se tratar do presidente dunha corporación local, en todo caso no prazo de tres meses a partir da sentenza. No entanto, a invalidez da votación nunha ou en varias mesas ou nunha ou en varias seccións non comportará unha nova convocatoria electoral nelas cando o seu resultado non alterar a atribución de escanos na circunscrición.

Artigo cento catorce

1. A sentenza notifícase aos interesados non máis tarde do día trixésimo sétimo posterior ás eleccións.

2. Contra esta sentenza non procede ningún recurso contencioso, ordinario nin extraordinario, excepto o de aclaración, e sen prexuízo do recurso de amparo perante o Tribunal Constitucional. O

amparo debe solicitarse no prazo de tres días e o Tribunal Constitucional debe resolver sobre o nos quince días seguintes.

Artigo cento quince

1. As sentenzas comunícanse á xunta electoral correspondente, mediante testemuño en forma, con devolución do expediente, para o seu inmediato e estrito cumprimento.
2. A sala, de oficio ou por pedimento do Ministerio Fiscal ou das partes, poderá dirixirse directamente ás autoridades, aos organismos e ás institucións de todo tipo a que o contido da sentenza atinxir e, do mesmo xeito, tomará todas as medidas que foren adecuadas para executar os pronunciamentos contidos no ditame.

Artigo cento dezaseis

1. Os recursos contencioso-electorais teñen carácter urxente e gozan de prioridade absoluta na súa substanciación e na resolución perante as salas do contencioso-administrativo competentes.
2. En todo o que non está expresamente regulado por esta lei en materia contencioso-electoral será aplicable a Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo cento dezasete

Os recursos xudiciais previstos nesta lei son gratuítos. Non obstante, procederá a condena en custas á parte ou ás partes que mantivesen posicións infundadas, agás que circunstancias excepcionais, valoradas na resolución que se dite, motiven que non se impoña.

Sección XVII. Regras xerais do procedemento en materia electoral

Artigo cento dezaioito

1. Teñen carácter gratuíto, están exentos do imposto sobre os actos xurídicos documentados e redáctanse en papel común:
 - a) As solicitudes, as certificacións e as dilixencias referentes á formación, á revisión e á inscrición no censo electoral.

b) Todas as actuacións e os documentos en que se materializan, relativos ao procedemento electoral, incluídos os de carácter notarial.

2. As copias que deban expedirse de documentos electorais poderán realizarse por calquera medio de reprodución mecánica, mais só producirán efecto cando neles se estamparen as sinaturas e os selos exixidos para os orixinais.

Artigo cento dezanove

Os prazos a que esta lei se refire son improrrogables e enténdese que se refiren sempre a días naturais.

Artigo cento vinte

En todo o que non está expresamente regulado por esta lei en materia de procedemento será aplicable a Lei de procedemento administrativo.

CAPÍTULO VII

Gastos e subvencións electorais

Sección I. Os administradores e as contas electorais

Artigo cento vinte e un

1. Todas as candidaturas deben ter un administrador electoral responsable dos seus ingresos e gastos e da súa contabilidade. As candidaturas que calquera partido, federación ou coalición presentar dentro da mesma provincia teñen un administrador común.

2. A contabilidade estará suxeita en todo caso aos principios xerais contidos no vixente Plan xeral de contabilidade.

Artigo cento vinte e dous

1. Os partidos, as federacións ou as coalicións que presentaren candidatura en máis dunha provincia deben ter, ademais, un administrador xeral.

2. O administrador xeral é responsable de todos os ingresos e dos gastos electorais realizados polo partido, federación ou coalición e polas súas candidaturas, ben como da correspondente contabi-

lidade, que debe conter, polo menos, as especificacións previstas no apartado 2 do artigo anterior.

3. Os administradores das candidaturas actúan so a responsabilidade do administrador xeral.

Artigo cento vinte e tres

1. Pode ser designado administrador electoral calquera cidadán maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos cívicos e políticos. Non poderán ser designados administradores electorais as persoas en que concorrer a circunstancia a que se refire a alínea b) do apartado 2 do artigo 6 desta lei.

2. Os representantes das candidaturas e os representantes xerais dos partidos, federacións ou coalicións poden asumir a condición de administrador electoral.

3. Os candidatos non poden ser administradores electorais.

Artigo cento vinte e catro

1. Os administradores xerais e os das candidaturas, designados no tempo e na forma que prevén as disposicións especiais desta lei, comunican á Xunta Electoral Central e ás xuntas provinciais, respectivamente, as contas abertas para recadar fondos.

2. A apertura de contas pode realizarse, a partir da data de designación dos administradores electorais, en calquera entidade bancaria ou caixa de aforros. A comunicación a que o parágrafo anterior fai referencia debe realizarse nas vinte e catro horas seguintes á apertura das contas.

3. De as candidaturas presentadas non seren proclamadas ou renunciaren a concorrer á elección, os depósitos realizados por terceiros nestas contas deberanlles ser restituídas polos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que as promoveron.

Artigo cento vinte e cinco

1. Todos os fondos destinados a custear os gastos electorais, calquera que for a súa procedencia, deben ingresarse nas mencionadas contas e todos os gastos deben pagarse con cargo a elas.

2. Os administradores electorais e as persoas autorizadas por eles para dispor dos fondos das contas son responsables das cantidades depositadas e da súa utilización para os fins sinalados.
3. Despois de a campaña electoral terminar, só se poderá dispor dos saldos destas contas para pagar, nos noventa días seguintes ao da votación, gastos electorais previamente contraídos.
4. Todas as reclamacións por gastos electorais que non foren notificadas aos correspondentes administradores nos sesenta días seguintes ao da votación consideraranse nulas e non pagables. Cando existir causa xustificada, as xuntas electorais provinciais ou, se é o caso, a Xunta Central, poden admitir excepcións a esta regra.

Artigo cento vinte e seis

1. Quen achegar fondos ás contas referidas nos artigos anteriores deberá rexistrar no acto do ingreso o seu nome, o seu domicilio e o número do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, que será mostrado ao correspondente empregado da entidade depositaria.
2. Cando se achegaren cantidades pola conta e en representación doutra persoa física ou xurídica, deberase rexistrar o nome desta.
3. Cando os depósitos foren efectuados por partidos, debe rexistrarse a procedencia dos fondos que se depositan.

Sección II. O financiamento electoral

Artigo cento vinte e sete

1. O Estado subvenciona, de acordo coas regras establecidas nas disposicións especiais desta lei, os gastos ocasionados aos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores por concorreren ás eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado, ao Parlamento Europeo e ás eleccións municipais. En ningún caso a subvención que corresponder a cada grupo político poderá exceder o valor dos gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora.
2. Tanto a devindicación como o pagamento desas subvencións ás formacións políticas ou a calquera outra persoa ou entidade ás cales, por calquera título, se transmitise o crédito correspondente poderán ficar condicionados, se así o acorda a Administración elec-

toral, á xustificación da adquisición por parte dos electos pertencentes a partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores da condición plena de deputado, senador, membro do Parlamento Europeo ou membro da correspondente corporación local e do exercicio efectivo do cargo para o que fosen elixidos por cuxa elección e desempeño se devindicasen ou se devindiquen aquelas subvencións. A comprobación e a certificación destes supostos competará aos órganos de goberno da institución en que se deba exercer o citado cargo.

3. En conformidade co previsto no artigo 4 da Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, de financiamento dos partidos políticos, o Estado non subvencionará os gastos, a que este artigo se refire, aos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores cando, na súa actividade, incorreren nalgunha das condutas previstas para a ilegalización dos partidos políticos no artigo 9 da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, apreciadas e valoradas de acordo co alí establecido, cando non proceda polo seu grao de reiteración ou gravidade o procedemento que conduce á súa ilegalización.

4. Do mesmo modo, as subvencións previstas neste artigo non se devindicarán a favor desas formacións políticas cando nos seus órganos directivos, grupos parlamentarios ou políticos, ou nas súas listaxes electorais incluíren ou mantiveren persoas condenadas por sentenza, aínda que non for firme, por delitos de rebelión, de terrorismo ou por delitos graves contra as institucións do Estado, nos termos previstos na lexislación penal, agás que aquelas rexeitasen publicamente os fins e os medios utilizados.

Artigo cento vinte e sete *bis*

1. O Estado concederá adiantos das referidas subvencións aos partidos, federacións e coalicións que as obtivesen nas últimas eleccións ás Cortes Xerais, ao Parlamento Europeo ou, se for o caso, nas últimas eleccións municipais e non fosen privadas delas posteriormente segundo o previsto no artigo anterior. A cantidade anticipada non poderá exceder o 30 % da subvención percibida polo mesmo partido, federación, asociación ou coalición nas últimas eleccións equivalentes e da mesma porcentaxe da subvención que resultar da aplicación das previsións contidas nos artigos 175.3, 193.3 e 227.3 desta lei, conforme o proceso electoral de que se tratar.

2. Os anticipos poden solicitarse entre os días vixésimo primeiro e vixésimo terceiro posteriores á convocatoria.

3. No caso de partidos, federacións ou coalicións que concorreren en máis dunha provincia, a solicitude deberá ser presentada polos seus respectivos administradores xerais perante a Xunta Electoral Central. No resto dos casos, as solicitudes serán presentadas polos administradores das candidaturas perante as xuntas provinciais. Estas cursaranas á Xunta Central.

A Xunta Electoral Central remitirá ao órgano competente da Administración xeral do Estado as solicitudes de adianto das subvencións electorais formuladas polos administradores dos partidos políticos, federacións e coalicións e rexeitará aquelas presentadas polas formacións políticas sen dereito a elas, en conformidade co disposto no artigo 127 desta lei.

4. A partir do vixésimo noveno día posterior á convocatoria, a Administración do Estado pon á disposición dos administradores electorais os anticipos correspondentes.

5. Os adiantos devolveranse, despois das eleccións, na contía en que superen o importe da subvención que finalmente corresponde a cada partido, federación ou coalición.

6. Sen prexuízo do disposto no número anterior, procederá a devolución íntegra do anticipo concedido no caso de non se acreditar, nos termos do artigo 133.4 desta lei, a adquisición por parte dos electos pertencentes ás devanditas formacións políticas da plena condición de deputado, senador, membro do Parlamento Europeo ou membro da correspondente corporación local e do exercicio efectivo do cargo para o que fosen elixidos e por cuxa elección se reivindicasen ou se devindiquen as subvencións contidas nesta lei.

Artigo cento vinte e oito

1. Fica prohibida a achega ás contas electorais de fondos provenientes de calquera administración ou corporación pública, organismo autónomo ou entidade paraestatal, das empresas do sector público cuxa titularidade corresponde ao Estado, ás comunidades autónomas, ás provincias ou aos municipios e das empresas de economía mixta, e tamén das empresas que, mediante contrato vixente, prestan servizos ou realizan as subministracións ou as obras para algunha das administracións públicas.

2. Igualmente, fica prohibida a achega a estas contas de fondos procedentes de entidades ou de persoas estranxeiras, excepto os fondos concedidos no orzamento dos órganos das comunidades europeas para financiar as eleccións ao Parlamento Europeo e, no caso de eleccións municipais, unicamente con relación ás persoas para as cales for aplicable o disposto no artigo 13.2 da Constitución.

Artigo cento vinte e nove. Límite de achega

Ningunha persoa, física ou xurídica, pode achegar máis de 10.000 euros ás contas abertas por un mesmo partido, federación, coalición ou agrupación para recadar fondos nas eleccións convocadas.

Sección III. Os gastos electorais

Artigo cento trinta

Considéranse gastos electorais os que realicen os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións participantes nas eleccións, desde o día da convocatoria até o día da proclamación de electos, polos seguintes conceptos:

- a) A elaboración de sobres e papeletas electorais.
- b) A propaganda e a publicidade directa ou indirectamente destinada a promover o voto ás súas candidaturas, sexa cal for a forma e o medio que se empregue.
- c) O alugueiro de locais para desenvolver os actos de campaña electoral.
- d) As remuneracións ou as gratificacións para o persoal non permanente que presta os seus servizos ás candidaturas.
- e) Os medios de transporte e os gastos de desprazamento dos candidatos, dirixentes dos partidos, asociacións, federacións ou coalicións e do persoal ao servizo da candidatura.
- f) A correspondencia e o franqueo.
- g) Os xuros dos créditos recibidos para a campaña electoral, devindicados até a data de percepción da subvención que corresponde.
- h) Todos os que foren necesarios para a organización e o funcionamento das oficinas e dos servizos precisos para as eleccións.

Artigo cento trinta e un

1. Ningún partido, federación, coalición ou agrupación pode realizar gastos electorais que superen os límites establecidos nas disposicións especiais desta lei, que sempre se entenderán referidos en euros constantes.

2. No caso de coincidiren dúas ou máis eleccións por sufraxio universal directo, os partidos, as federacións, as coalicións e as agrupacións de electores concorrentes non poderán realizar gastos electorais suplementarios nunha contía superior a un vinte e cinco por cento do máximo permitido para as eleccións ás Cortes Xerais.

Sección IV. Control da contabilidade electoral e adxudicación das subvencións

Artigo cento trinta e dous

1. Desde a data da convocatoria até o centésimo día posterior á realización das eleccións, a Xunta Electoral Central e as provinciais velarán polo cumprimento das normas establecidas nos artigos anteriores deste capítulo. Para estes efectos, a Xunta Electoral Central poderá demandar a colaboración do Tribunal de Contas.

2. A Xunta Electoral Central e as provinciais poderán reclamar información en calquera momento ás entidades bancarias e ás caixas de aforro sobre o estado das contas electorais, sobre os números e a identidade dos depositantes e sobre todos os aspectos que consideraren necesarios para cumpriren coa súa función fiscalizadora.

3. Ademais, poderán requirir aos administradores electorais as informacións contables que acharen necesarias e deberán resolver por escrito as consultas que estes lles expoñan.

4. Se das súas investigacións resultaren indicios de comportamentos que constitúen delitos electorais, comunicaranos ao Ministerio Fiscal para o exercicio das accións oportunas. As mesmas xuntas sancionarán as infraccións nesta materia, consoante o disposto no artigo 153 desta lei.

5. Alén diso, as xuntas electorais informarán o Tribunal de Contas dos resultados da súa actividade fiscalizadora.

Artigo cento trinta e tres

1. Entre os cen e os cento vinte e cinco días posteriores ás eleccións, os partidos, as federacións, as coalicións ou as agrupacións que atinxisen os requisitos exixidos para recibiren subvencións estatais ou que solicitasen adiantos con cargo a estas presentan, perante o Tribunal de Contas, unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais.

2. A presentación é realizada polos administradores xerais daqueles partidos, federacións ou coalicións que concorren ás eleccións en varias provincias e polos administradores das candidaturas no resto dos casos.

3. As entidades financeiras de calquera tipo que concedesen crédito a aqueles partidos e asociacións aludidos no primeiro parágrafo envían unha noticia detallada destes ao Tribunal de Contas, dentro do prazo citado naquel parágrafo.

4. O Estado, no prazo de trinta días posterior á presentación da súa contabilidade perante o Tribunal de Contas e en concepto de adianto en canto as actuacións do Tribunal de Contas non conclúen, entregará aos administradores electorais o noventa por cento do importe das subvencións que, de acordo cos criterios establecidos nesta lei, lles corresponda conforme os resultados xerais publicados no *Boletín Oficial del Estado*, descontado, de ser o caso, o anticipo a que o apartado 1 do artigo 127 *bis* desta lei se refire. Nese acto os partidos, as coalicións, as federacións e as agrupacións de electores deberán presentar, para poderen recibir ese anticipo, un aval bancario polo dez por cento da subvención recibida e tamén, se así a Administración electoral o decidir, unha certificación expedida polo órgano correspondente que acredite, de forma que faga fe, a adquisición por parte dos electos pertencentes ás referidas formacións políticas da plena condición de deputado, senador, membro do Parlamento Europeo ou membro da correspondente corporación local e do exercicio efectivo do cargo para o que fosen elixidos e por cuxa elección se devindicasen ou se devindiquen as subvencións contidas nesta lei.

A concesión dese adianto tampouco procederá cando na formación política figuraren persoas nas cales concorra a circunstancia a que se refire a alínea b do número 2 do artigo 6 desta lei.

5. Nos mesmos termos deben informar ao Tribunal de Contas as empresas que facturasen con aqueles partidos e asociacións referenciados no primeiro parágrafo gastos electorais superiores a 10.000 euros.

6. A Administración xeral do Estado entregará o importe das subvencións aos administradores electorais das entidades que deban percibilas, a menos que aqueles notificasen á Xunta Electoral Central que as subvencións sexan aboadas na totalidade ou en parte ás entidades bancarias que designen, para compensar os anticipos ou os créditos que lles concedesen. A Administración xeral do Estado verificará o pagamento conforme os termos desa notificación, excepto que os anticipos ou os créditos se concedesen a formacións políticas que se atopen nos casos establecidos nos apartados 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei. A citada notificación non poderá ser revogada sen o consentimento da entidade de crédito beneficiaria.

Artigo cento trinta e catro

1. O Tribunal de Contas pode, no prazo de trinta días, a partir do sinalado no número 1 do artigo anterior, reclamar a todos os que están obrigados a presentar contabilidades e informes, conforme o artigo anterior, as aclaracións e os documentos suplementarios que considerar necesarios.

2. Dentro dos douscentos días posteriores ás eleccións, o Tribunal de Contas pronúnciase, no exercicio da súa función fiscalizadora, sobre a regularidade das contabilidades electorais e, no caso de que se apreciasen irregularidades nesa contabilidade ou violacións das restricións establecidas en materia de ingresos e gastos electorais, pode iniciar o procedemento sancionador regulado na Lei orgánica 8/2007, sobre financiamento dos partidos políticos, e propor que non sexa adxudicada ou que sexa reducida a subvención estatal ao partido, federación, coalición ou agrupación de que se tratar. Se, ademais, observar indicios de comportamentos que constitúen delito comunicarao ao Ministerio Fiscal.

3. O Tribunal, dentro do mesmo prazo, remite o resultado da súa fiscalización mediante un informe razoado que abranguerá a declaración do importe dos gastos regulares xustificados por cada partido, federación, coalición, asociación ou agrupación de electores, ao Goberno e á Comisión establecida na disposición transitoria primeira da Lei orgánica do Tribunal de Contas.

4. No mes seguinte á remisión do informe do Tribunal de Contas, o Goberno presentará ás Cortes Xerais un proxecto de crédito extraordinario polo importe das subvencións que se van adxudicar, as cales deben ser feitas efectivas durante os cen días posteriores á súa aprobación por parte das Cortes Xerais.

5. A liquidación do importe das subvencións por parte do órgano competente realizarase en conformidade co contido do informe de fiscalización aprobado nas Cortes Xerais pola Comisión Mixta para as relacións co Tribunal de Contas e co disposto nos apartados 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei.

CAPÍTULO VIII

Delitos e infraccións electorais

Sección I. Disposicións xerais

Artigo cento trinta e cinco

1. Para os efectos deste capítulo, son funcionarios públicos os que teñan esta consideración segundo o Código Penal, os que exerzan algunha función pública relacionada coas eleccións e, en particular, os presidentes e os vogais das xuntas electorais, os presidentes, os vogais e os interventores das mesas electorais e os correspondentes suplentes.

2. Para os mesmos efectos, teñen a consideración de documentos oficiais o censo e as súas copias autorizadas, as actas, as listaxes, as certificacións, os talóns ou as credenciais de nomeamento dos que deban intervir no proceso electoral e todos aqueles que emanen de persoas ás que esta lei encargue a súa expedición.

Artigo cento trinta e seis

Os feitos susceptibles de seren cualificados consonte esta lei e o Código penal serano sempre por aquel precepto que aplique maior sanción ao delito ou falta cometidos.

Artigo cento trinta e sete

Por todos os delitos a que este capítulo se refire imporase, alén da pena sinalada nos seguintes artigos, a pena de inhabilitación especial para o dereito do sufraxio activo e pasivo.

Fica derogado o inciso salientado, segundo establece a disposición derogatoria única 1 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro.

Artigo cento trinta e oito

En todo o que non estea expresamente regulado neste capítulo aplicarase o Código penal.

En calquera caso, tamén serán aplicables as disposicións do capítulo I, título 1º, do Código penal aos delitos penados nesta lei.

Sección II. Delitos electorais

Artigo cento trinta e nove

Serán castigados coas penas de seis meses a dous anos e de multa de seis a vinte e catro meses os funcionarios públicos que:

1. Incumpriren as normas legalmente establecidas para a formación, conservación e exhibición ao público do censo electoral.
2. Incumpriren as normas legalmente establecidas para a constitución das xuntas e das mesas electorais, ben como para as votacións, os acordos e os escrutinios que estas deban realizar.
3. Non estenderen as actas, as certificacións, as notificacións e demais documentos electorais na forma e nos momentos previstos pola lei.
4. Suscitaren dúbidas, sen motivo racional, sobre a identidade dunha persoa ou sobre a entidade dos seus dereitos.
5. Suspenderen, sen causa xustificada, calquera acto electoral.
6. Negaren, dificultaren ou atrasaren indebidamente a admisión, o curso ou a resolución das protestas ou as reclamacións das persoas que legalmente estean lexitimadas para as facer, ou non deixen delas a debida constancia documental.
7. Causaren, no exercicio das súas competencias, un prexuízo manifesto a un candidato.
8. Incumpriren os trámites establecidos para o voto por correspondencia.

Artigo cento corenta. Delitos por abuso de oficio ou falsidade

1. Serán castigados coas penas de prisión de tres a sete anos e multa de dezaioito a vinte e catro meses os funcionarios que, abusando do seu oficio ou cargo, realizaren algunha das seguintes falsidades:

a) Alterar sen autorización as datas, as horas ou os lugares en que deba realizarse calquera acto electoral, mesmo de carácter preparatorio, ou anunciar a súa execución de forma que poida inducir os electores a erro.

b) Omitir ou anotar de modo que induza a erro sobre a súa autenticidade os nomes dos votantes en calquera acto electoral.

c) Trocar, ocultar ou alterar, de calquera maneira, o sobre ou a papeleta electoral que o elector entregue ao exercitar o seu dereito.

d) Realizar con inexactitude o recuento de electores en actos referentes á formación ou á rectificación do censo ou nas operacións de votación e de escrutinio.

e) Efectuar a proclamación indebida de persoas.

f) Faltar á verdade en declaracións verbais que teñan que se realizar nalgún acto electoral por mandato desta lei.

g) Consentir, podendo evitalo, que alguén vote dúas ou máis veces ou que o faga sen capacidade legal, ou non formular a protesta correspondente.

h) Imprimir, elaborar ou utilizar papeletas ou sobres electorais con infracción das normas establecidas.

i) Incumprir as obrigas relativas a certificacións en materia de subvencións por gastos electorais previstas nesta lei.

j) Cometer calquera outra falsidade en materia electoral análoga ás anteriores por algún dos modos sinalados no artigo 302 do Código penal.

2. Se as falsidades a que este artigo se refire se cometeren por imprudencia grave, serán sancionadas coa pena de multa de doce a vinte e catro meses.

Artigo cento corenta e un. Delito por infracción dos trámites para o voto por correo

1. O particular que vulnerar os trámites establecidos para o voto por correo será castigado coas penas de prisión de tres meses a un ano ou coa pena de multa de seis a vinte e catro meses.
2. O particular que participar nalgunha das falsidades sinaladas no artigo anterior será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos.

Artigo cento corenta e dous. Delito por emisión de varios votos ou por emisión sen capacidade

Quen votar dúas ou máis veces na mesma elección ou quen votar sen capacidade para o facer será castigado coas penas de prisión de seis meses a dous anos, multa de seis meses a dous anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público dun a tres anos.

Artigo cento corenta e tres. Delitos por abandono ou incumprimento nas mesas electorais

O presidente e os vogais das mesas electorais, e tamén os seus respectivos suplentes, que deixaren de concorrer ou de exercer as súas funcións, que as abandonaren sen causa lexítima ou que incumpriren sen causa xustificada as obrigas de escusa ou de previo aviso que esta lei lles impón, incorrerán na pena de tres meses a un ano ou na multa de seis a vinte e catro meses.

Artigo cento corenta e catro. Delitos en materia de propaganda electoral

1. Será castigado coa pena de prisión de tres meses a un ano ou coa pena de multa de seis a vinte e catro meses quen levar a cabo algún dos seguintes actos:
 - a) Realizar actos de propaganda despois de o prazo da campaña electoral finalizar.
 - b) Infrinxir as normas legais en materia de carteis electorais e de espazos reservados para estes, así como infrinxir as normas relativas ás reunións e a outros actos públicos de propaganda electoral.

2. Serán castigados coas penas de prisión de seis meses a dous anos e con pena de multa de seis meses a un ano os membros en activo das forzas armadas e de seguridade do Estado, das policía das comunidades autónomas e locais, os xuíces, os maxistrados e os fiscais e os membros das xuntas electorais que difundiren propaganda electoral ou realizaren outras actividades de campaña electoral.

Artigo cento corenta e cinco. Delitos en materia de enquisas electorais

Quen infrinxir a normativa vixente en materia de enquisas electorais será castigado coa pena de prisión de tres meses a un ano, de multa de doce a vinte e catro meses e de inhabilitación especial para profesión, oficio, industria ou comercio por un tempo dun a tres anos.

Artigo cento corenta e seis

1. Serán castigados coa pena de prisión de seis meses a tres anos ou con multa de doce a vinte e catro meses:

- a) Quen, por medio de recompensa, dádivas, remuneracións ou promesas destas, solicite, directa ou indirectamente, o voto dalgún elector, ou o induza á abstención.
- b) Quen, con violencia ou con intimidación, faga presión sobre os electores para que non fagan uso do seu dereito, o exerciten contra a súa vontade ou descubran o segredo de voto.
- c) Quen impedir ou dificultar inxustificadamente a entrada, a saída ou a permanencia dos electores, candidatos, apoderados, interventores e notarios nos lugares en que se realicen actos do procedemento electoral.

2. Os funcionarios públicos que utilizaren as súas competencias para algúns dos fins mencionados neste artigo incorrerán nas penas sinaladas no número anterior e, ademais, na inhabilitación especial para emprego ou cargo público dun a tres anos.

Artigo cento corenta e sete. Delito de alteración da orde do acto electoral

Quen perturbar gravemente a orde en calquera acto electoral ou penetrar nos locais onde estes se desenvolvan levando armas ou

outros instrumentos susceptibles de seren usados como tales, será castigado coa pena de prisión de tres a doce meses ou coa multa de seis a vinte e catro meses.

Artigo cento corenta e oito

Cando os delitos de calumnia e de inxuria se cometeren en período de campaña electoral e con motivo ou ocasión dela, as penas privativas de liberdade previstas para iso no Código penal imporanse no seu grao máximo.

Artigo cento corenta e nove

1. Os administradores xerais e das candidaturas dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que falsearen as contas, reflectindo nelas ou omitindo nelas indebidamente achegas ou gastos ou usando calquera artificio que supoña un aumento ou unha diminución das partidas contables, serán castigados coa pena de prisión dun a catro anos e coa multa de doce a vinte e catro meses.

2. Os tribunais, tendo en conta a gravidade do feito e as súas circunstancias, poderán impor a pena nun grao inferior á sinalada no parágrafo anterior.

Artigo cento cincuenta. Delito de apropiación indebida de fondos electorais

1. Os administradores xerais e das candidaturas, ademais das persoas autorizadas para disporen das contas electorais, que se apropiaren ou que desviaren fondos para propósitos distintos dos recollidos nesta lei serán sancionados coa penas de prisión dun a catro anos e de multa de seis a doce meses, se os fondos apropiados ou desviados non superaren os 50.000 euros, e de prisión de dous a seis anos e multa de doce a vinte e catro meses, en caso contrario.

2. Os tribunais, tendo en conta a gravidade do feito e as súas circunstancias, as condicións do culpable e a finalidade perseguida por este, poderán impor a pena de prisión de seis meses a un ano e a de multa de tres a seis meses.

Sección III. Procedemento xudicial

Artigo cento cincuenta e un

1. O procedemento para a sanción destes delitos tramitarase segundo a Lei de axuízamento criminal. As actuacións que se produciren por aplicar estas normas terán carácter preferente e tramitaranse coa máxima urxencia que for posible.
2. A acción penal que nace nestes delitos é pública e poderá exercer-se sen necesidade de depósito ou caución ningunha.

Artigo cento cincuenta e dous

O tribunal ou xuíz a quen caber a execución das sentenzas firmes ditadas en causas por delitos a que este título se refire disporá a publicación daquelas no boletín oficial da provincia e remitirá testemuño destas á Xunta Electoral Central.

Sección IV. Infraccións electorais

Artigo cento cincuenta e tres

1. Todas as infraccións das normas obrigatorias establecidas nesta lei que non constituíren delito serán sancionadas pola xunta electoral competente. A multa será de 300 a 3.000 euros se se tratar de autoridades ou de funcionarios e de 100 a 1.000 se se realizar por parte de particulares.
2. As infraccións do disposto nesta lei sobre o réxime de enquisas electorais serán sancionadas con multa de 3.000 a 30.000 euros.
3. Ás infraccións electorais consistentes na superación por parte dos partidos políticos dos límites de gastos electorais aplicaráselles o previsto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

5. LEI 8/1985, DO 13 DE AGOSTO, DE ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA

O artigo 11 do Estatuto de autonomía para Galicia debuxa as liñas fundamentais da constitución e composición do Parlamento de Galicia e establece tamén que unha Lei de Galicia determinará os extremos que deben constituír as normas electorais da nosa Comunidade. É obxecto da presente lei desenvolver esa previsión estatutaria que habilita ao propio Parlamento de Galicia para ditar aquelas normas que coide máis axeitadas ás necesidades e á idiosincrasia da nosa sociedade.

De acordo co devandito artigo, o Parlamento de Galicia pode regular os prazos e o procedemento para a elección dos seus membros, establecer o número dos deputados, así como tamén as causas de inelixibilidade e incompatibilidade que os afecten.

De acordo con estas directrices, considérase que a normativa electoral non debe introducir excesivas modificacións no regulamento xeral que ordena os máis dos procesos electorais con relevancia estatal.

Neste senso é preciso eliminar os factores que puidesen suscitar inseguridades xurídicas, sobre todo na práctica, nos soportes persoais do sistema electoral. Polo demais cómpre ter en conta que unha maior claridade e sinxeleza nos regulamentos especiais vai en beneficio das forzas políticas que concorren ás eleccións e, lóxicamente, dos propios electores, que precisan normas claras e facilmente comprensibles.

Por todo o cal, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Eleccións ao Parlamento de Galicia.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

1. Esta lei é aplicable ás eleccións a deputados e deputadas do Parlamento de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 11 do Estatuto de autonomía para Galicia.

2. A materia relativa a gastos e subvencións electorais rexerase polo disposto na lei que regula o financiamento de formacións políticas e de fundacións e entidades vinculadas a elas.

TÍTULO I Disposicións xerais

CAPÍTULO I Electores

Artigo 2

1. Son electores os que, ostentando a condición de galegos conforme ao artigo 3 do Estatuto de autonomía, sexan maiores de idade e gocen do dereito de sufraxio activo.
2. Para o exercicio do dereito de sufraxio é indispensable a inscrición no censo electoral.

CAPÍTULO II O censo electoral

Artigo 3

Nas eleccións ao Parlamento de Galicia rexerá o censo electoral único referido ás catro circunscricións electorais da Comunidade Autónoma.

CAPÍTULO III Elixibilidade

Artigo 4

1. Serán elixibles os cidadáns que, tendo a condición de electores, non estean incurso en algunha das causas de inelixibilidade recoñecidas na lexislación electoral xeral.
2. Son inelixibles tamén:
 - a) O conselleiro maior e os conselleiros do Consello de Contas de Galicia.
 - b) O valedor do pobo e o seu adxunto.

- c) Os alcaldes, presidentes de Deputación e deputados provinciais.
- d) Os secretarios xerais técnicos e os directores xerais das consellarías, os directores dos gabinetes da Presidencia e das consellarías, así como os altos cargos de libre designación da Xunta de Galicia nomeados por decreto da Xunta.
- e) Os presidentes e directores xerais ou asimilados dos organismos autónomos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que a dita presidencia a exerza un membro do Consello do Goberno.
- f) Os delegados xerais da Xunta, os delegados provinciais ou territoriais das consellarías e os secretarios das súas delegacións.
- g) O director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, os directores das súas sociedades e os seus delegados territoriais.
- h) O delegado territorial da TVE en Galicia, así como os directores dos centros de radio e televisión que dependan de entes públicos.
- i) Os membros da Policía Autónoma en activo.
- j) O presidente, vicepresidente, ministros e secretarios de Estado do Goberno central.
- k) Os parlamentarios das asembleas doutras comunidades autónomas.
- l) Os membros dos consellos de goberno das demais comunidades autónomas, así como os cargos de libre designación dos citados consellos.
- m) Os que exerzan funcións ou cargos conferidos e remunerados por un Estado estranxeiro.

Artigo 5

1. A cualificación das inelixibilidades establecidas no artigo anterior verificarase de conformidade co réxime xeral electoral.
2. Quen formando parte dunha candidatura accedese a un cargo ou función declarada inelixible, deberalle comunicar esta situación á correspondente Xunta Electoral, quedando excluído da candidatura.

CAPÍTULO IV

Incompatibilidades

Artigo 6

1. As causas de inelixibilidade sono tamén de incompatibilidade.
2. A condición de deputado do Parlamento de Galicia é incompatible coa de parlamentario europeo, deputado do Congreso e senador, salvo os senadores elixidos en representación da Comunidade Autónoma.

3. Así mesmo son incompatibles:

- a) Os membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.
- b) Os presidentes de consellos de administración, conselleiros, administradores, directores xerais, xerentes e cargos equivalentes de entes públicos e empresas de participación pública maioritaria, calquera que sexa a súa forma, incluídas as Caixas de Aforro de fundación pública.

Os cargos aos que se refire o parágrafo anterior non constituirán causa de incompatibilidade cando se posúan por representación sindical ou pola súa condición de membro do Goberno autónomo ou de Corporación local.

4. O mandato dos deputados do Parlamento de Galicia é compatible co desempeño de actividades privadas, salvo nos supostos seguintes:

- a) As actividades de xestión ou dirección ante a Administración Pública galega, os seus entes ou organismos autónomos en asuntos que teñan que resolver estes, que afecten directamente á realización dalgún servizo público ou que estean encamiñados á obtención de subvencións ou avais públicos. Exceptúanse as actividades particulares que, en exercicio dun dereito recoñecido, realicen os directamente interesados, así como as subvencións ou os avais dos que a súa concesión derive da aplicación regradada do disposto nunha norma de carácter xeral.
- b) A actividade de contratista ou fiador de obras, servizos ou subministracións públicos que se paguen con fondos da Comunidade Autónoma ou o desempeño de cargos que leven anexas

funcións de dirección ou representación en compañías ou empresas que se dediquen ás devanditas actividades.

c) A celebración con posterioridade á data da súa elección como deputado de concertos de prestación de servizos de asesoramento ou de calquera outra índole, con titularidade individual ou compartida, en favor da Administración pública galega.

d) A participación superior ao dez por cento, adquirida en todo ou en parte, con posterioridade á data da súa elección como deputado, agás que fose por herdanza, en empresas ou sociedades que teñan concertos de obras, servizos ou subministracións con entidades do sector público.

5. Os deputados que desempeñen, por si ou mediante substitución, calquera outro posto, profesión ou actividade, públicos ou privados, por conta propia ou allea, retribuídos mediante soldo, salario, arancel, honorarios ou calquera outra forma, só percibirán, con cargo aos presupostos do Parlamento de Galicia, as indemnizacións e axudas de custo que sexan correspondentes para o cumprimento da súa función.

6. Garantiráselles a reserva de posto ou praza de destino, nas condicións que determinen as normas específicas de aplicación, aos deputados que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, estean na situación de excedencia voluntaria ou servizos especiais.

7. Os deputados deberán formular declaración de todas as actividades que poidan constituír causa de incompatibilidade conforme o establecido na lexislación vixente e de calquera outra actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como dos seus bens patrimoniais, tanto ao adquiriren coma ao perderen a súa condición de parlamentarios, así como cando modifiquen as súas circunstancias.

As declaracións sobre actividades e bens formularanse por separado conforme o modelo que aprobe a Mesa do Parlamento e inscribíranse nun Rexistro de Intereses, que estará baixo a dependencia directa do presidente da Cámara.

O contido do Rexistro de Intereses terá carácter público, a excepción do que se refire a bens patrimoniais.

Artigo 7

1. Ningún electo poderá adquirir a condición de deputado se está incurso nalgunha causa de incompatibilidade.
2. O deputado galego que aceptase un cargo, función ou situación constitutiva de incompatibilidade, cesará na situación de deputado.

TÍTULO II **Sistema electoral**

Artigo 8

De acordo co artigo 11.4 do Estatuto de autonomía de Galicia a circunscrición electoral será a provincia.

Artigo 9

1. O número de deputados do Parlamento de Galicia fíxase en 75.
2. A cada unha das catro provincias de Galicia correspóndelle un mínimo inicial de 10 deputados.
3. Os 35 deputados restantes distribúense entre as provincias en proporción á súa poboación, conforme ao seguinte procedemento:
 - a) Obtense unha cota de reparto resultante de dividir por 35 a cifra total da poboación de dereito das provincias de Galicia.
 - b) Adxudícase a cada unha das catro provincias tantos deputados como resulten, en números enteiros, de dividir a poboación de dereito provincial pola cota de reparto.
 - c) Os deputados restantes distribúense asignando un a cada unha das provincias, o cociente das cales, obtido conforme ao apartado anterior, teña unha fracción decimal maior.
4. O decreto de convocatoria debe especificar o número de deputados que se elixirá en cada circunscrición, de acordo co disposto neste artigo.

Artigo 10

A atribución de escanos en función dos resultados do escrutinio realízase de acordo coas seguintes regras:

- a) Non se teñen en conta aquelas candidaturas que non obtiveron, cando menos, o cinco por cento dos votos válidos emitidos na circunscrición.
- b) Ordénanse de maior a menor, nunha columna, as cifras e os votos obtidos polas restantes candidaturas.
- c) Divídese o número de votos obtido por cada candidatura por 1, 2, 3, etc., ata un número igual de escanos correspondentes á circunscrición, formándose un cadro semellante ao que aparece no exemplo práctico que se recolle na correspondente disposición adicional. Os escanos atribúenselles ás candidaturas que obteñan os cocientes maiores no cadro, atendendo á súa orde decrecente.
- d) Cando na relación de cocientes coincidan dous correspondentes a distintas candidaturas, o escano atribuiráselle á que obtivese maior número total de votos. De haber dous candidatos con igual número de votos, o primeiro empate resolverase por sorteo e os sucesivos de maneira alternativa.
- e) Os escanos correspondentes a cada candidatura adxudícanse aos candidatos incluídos nela, pola orde de colocación na que aparezan.

Artigo 11

En caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun deputado en calquera momento da lexislatura o escano será atribuído ao seguinte da mesma lista atendendo á súa orde de colocación.

TÍTULO III **Convocatoria de eleccións**

Artigo 12

1. A convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia realizarase mediante decreto.
2. O decreto de convocatoria sinalará a data das eleccións, que se deberán celebrar entre o quincuaxésimo cuarto e o sexaxésimo día posterior á convocatoria, a duración da campaña electoral, así como a data constitutiva do Parlamento, que terá lugar dentro do prazo dun mes, contado desde o día da celebración das eleccións.

3. Salvo no suposto de disolución anticipada, o decreto de convocatoria expedirase o vixésimo quinto día anterior á expiración do mandato do Parlamento.

4. O decreto de convocatoria publicarase o día seguinte da súa expedición no *Diario Oficial de Galicia* e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

TÍTULO IV Xuntas electorais

Artigo 13

1. A administración electoral correspóndelles á Xunta Electoral de Galicia, ás Xuntas Provinciais e de Zona e ás mesas electorais.

2. A Xunta Electoral de Galicia terá a súa sede na do Tribunal Superior de Xustiza.

Artigo 14

1. A Xunta Electoral de Galicia é un órgano permanente e está composto por:

a) Presidente: o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

b) Vicepresidente: o elixido polos vogais, de entre os de orixe xudicial, na sesión constitutiva que se celebrará a convocatoria do secretario.

c) Catro vogais, maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza.

d) Catro vogais, profesores en activo das facultades de Dereito, de Ciencias Políticas ou de Socioloxía das universidades de Galicia.

2. As designacións dos vogais, no non previsto polo apartado anterior, realizaranse nos noventa días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento, conforme ás seguintes normas:

a) Os maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza serán designados por sorteo efectuado perante o presidente do Tribunal.

b) Os profesores das facultades de Dereito, de Ciencias Políticas ou de Socioloxía serán designados por proposta conxunta dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores con

representación no Parlamento. Cando a proposta non teña lugar no prazo establecido no parágrafo primeiro deste apartado, a Mesa do Parlamento, oídas as forzas políticas presentes na Cámara, procederá á súa designación, en consideración á representación existente nela.

Artigo 15

1. Os membros da Xunta Electoral de Galicia serán nomeados por decreto ao comezo de cada lexislatura e continuarán o seu mandato ata a toma de posesión da nova Xunta Electoral.
2. O secretario da Xunta Electoral de Galicia é o letrado maior do Parlamento. Participa con voz e sen voto nas súas deliberacións e custodia a documentación correspondente á Xunta Electoral.

Artigo 16

O Parlamento poñerá a disposición da Xunta Electoral de Galicia os medios persoais e materiais para o exercicio das súas funcións.

Artigo 17

1. Os membros da Xunta Electoral de Galicia son inamovibles e só poderán ser suspendidos por delitos ou faltas electorais, mediante expediente incoado pola propia Xunta en virtude de acordo da maioría absoluta dos seus componentes, sen prexuízo do procedemento xudicial correspondente.
2. No suposto previsto no número anterior, así como no caso de renuncia xustificada e aceptada polo presidente, procederase á substitución dos membros da Xunta Electoral da Comunidade Autónoma conforme ás seguintes regras:
 - a) O vicepresidente e os vogais serán substituídos polos mesmos procedementos previstos para a súa designación.
 - b) O letrado maior do Parlamento será substituído polo letrado máis antigo, e, en caso de igualdade, polo de maior idade.

Artigo 18

Ademais das competencias establecidas na lexislación vixente, correspóndelle á Xunta Electoral de Galicia:

- a) Cursarlles instrucións de obrigado cumprimento ás xuntas provinciais na materia electoral obxecto desta lei.
- b) Resolver, con carácter vinculante, as consultas que lle elevan as xuntas provinciais na mesma materia.
- c) Revogar de oficio, en calquera momento, ou por instancia de parte interesada, dentro dos prazos previstos no artigo 21 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, as decisións da xuntas provinciais, cando se opoñan á interpretación da normativa electoral realizada pola Xunta Electoral de Galicia.
- d) Unificar os criterios interpretativos das xuntas provinciais na aplicación da normativa electoral.
- e) Aprobar, por proposta da Administración da Xunta, os modelos de actas de constitución de mesas electorais, de escrutinio, de sesión, de escrutinio xeral e de proclamación de electos. Tales modelos deberán permitir a expedición instantánea de copias das actas, mediante documentos autocopiativos e outros procedementos análogos.
- f) Resolver as queixas, reclamacións e recursos que se lle dirixan conforme a presente lei ou calquera outra disposición que lle atribúa esa competencia.
- g) Exercer potestade disciplinaria sobre todas as persoas que interveñan con carácter oficial nas operacións electorais.
- h) Corrixir as infraccións que se produzan no proceso electoral, sempre que non sexan constitutivas de delito, e impoñer multas ata a contía de 250.000 ptas.
- i) Expedirlles as credenciais aos deputados nos supostos de vacantes por falecemento, incapacidade e renuncia unha vez terminado o mandato das xuntas electorais provinciais.
- j) Aplicar e garantir o dereito do uso gratuíto de espazos nos medios de comunicación de propiedade pública, no suposto previsto nos artigos 27, 28 e 29 da presente lei, e en xeral garantir o exercicio das liberdades públicas durante o proceso electoral.

TÍTULO V Procedemento electoral

CAPÍTULO I Representantes das candidaturas perante a administración electoral

Artigo 19

1. Os partidos, federacións, coalicións e agrupacións que pretendan concorrer ás eleccións ao Parlamento de Galicia, designarán ás persoas que deban representalos perante a administración electoral, como representantes xerais ou de candidaturas.
2. Os representantes xerais actúan en nome dos partidos, federacións, coalicións e agrupacións concorrentes.
3. Os representantes das candidaturas sono dos candidatos incluídos nelas.

Ao seu domicilio, ou ao lugar que designen a eses efectos, remiti-ránselles as notificacións, escritos e emprazamentos dirixidos pola administración electoral aos candidatos, dos que reciben, pola soa aceptación da candidatura, un apoderamento xeral para actuar en procedementos xudiciais en materia electoral.

Artigo 20

1. Aos efectos previstos no artigo anterior, os partidos, federacións, coalicións e agrupacións que pretendan concorrer ás eleccións ao Parlamento de Galicia designarán por escrito, perante a Xunta Electoral de Galicia, un representante xeral, antes do noveno día posterior á convocatoria de eleccións. O mencionado escrito deberá expresar a aceptación da persoa designada.
2. Cada un dos representantes xerais designará, antes do undécimo día posterior á convocatoria, perante a Xunta Electoral de Galicia, os representantes das candidaturas que o seu partido, federación, coalición ou agrupación presente en cada unha das circunscricións electorais.
3. No prazo de dous días a Xunta Electoral de Galicia comunicará-lles ás Xuntas Electorais Provinciais os nomes dos representantes das candidaturas correspondentes á súa circunscrición.

4. Os representantes das candidaturas presentaranse persoalmente perante as respectivas Xuntas Provinciais, para aceptar a súa designación, antes do décimo quinto día posterior á convocatoria de eleccións.

CAPÍTULO II

Presentación e proclamación de candidatos

Artigo 21

1. Para as eleccións ao Parlamento de Galicia, a Xunta Electoral competente para todas as actuacións previstas en relación á presentación e proclamación de candidatos é a Xunta Electoral Provincial.
2. Cada candidatura presentárase mediante lista de candidatos.
3. Para presentar candidaturas, as agrupacións de electores precisarán, cando menos, a sinatura do un por cento dos inscritos no censo electoral de circunscricións.
4. As candidaturas presentadas e as candidaturas proclamadas das catro circunscricións de Galicia publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 22

1. A presentación de candidatos deberase realizar mediante listas que deben incluír tantos candidatos coma cargos a elixir e, ademais, un número de suplentes non superior a cinco.
2. En calquera caso, as listas deberán conter o número exacto de escanos que deban ser cubertos, sen que se poida admitir ningunha lista que non cumpra tal requisito.
3. As Xuntas Electorais Provinciais inscribirán a candidatura facendo constar a data e hora de presentación da mesma. Expedirán documento acreditativo deste trámite se se lles solicita.

Artigo 23

As candidaturas electorais non poderán ser obxecto de modificación unha vez presentadas, agás no prazo establecido para a reparación de irregularidades e só por pasamento ou re-

nuncia do titular, operando automaticamente a reparación pola orde dos suplentes, agás que o representante dixese outra cousa.

CAPÍTULO III

Campaña electoral

Artigo 24

Enténdese por campaña electoral, a efectos desa lei, o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polos candidatos, partidos, federacións, coalicións ou agrupacións en orde á captación de sufraxios.

Artigo 25

1. A campaña electoral terá unha duración non inferior a quince días nin superior a vinte e un.
2. Terminará, en todo caso, ás cero horas do día inmediatamente anterior ao da votación.
3. Durante a campaña electoral os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán realizar unha campaña institucional destinada a informar e fomentar a participación dos electores na votación, sen influír na orientación de voto. Queda prohibida a utilización polos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que concorran ás eleccións dos elementos identificativos da campaña institucional, dos que serán informados con anterioridade ao inicio da mesma.
4. A propaganda e os actos de campaña electoral axustaranse ao disposto na Lei orgánica do réxime electoral xeral.

CAPÍTULO IV

Utilización dos medios da Compañía de Radio-Televisión de Galicia

Artigo 26

Non se poderán contratar espazos de publicidade electoral nos medios de comunicación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

Artigo 27

1. Durante a campaña electoral os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que concorran ás eleccións teñen dereito a espazos gratuítos de propaganda nas emisoras de televisión e radio da Compañía de RTVG, conforme o establecido neste artigo e nos seguintes.
2. A distribución dos mencionados espazos faise en función do número total de votos obtidos por cada partido, federación ou coalición nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia.
3. Se as eleccións ao Parlamento de Galicia se celebran simultaneamente coas eleccións municipais, para a distribución de espazos nas emisoras da Compañía de RTVG só se teñen en conta os resultados das anteriores eleccións ao dito Parlamento.

Artigo 28

1. A Xunta Electoral de Galicia é a autoridade competente para distribuír os espazos gratuítos de propaganda electoral que se emitan polos medios de comunicación da Compañía de RTVG a proposta da Comisión a que se refire o apartado seguinte deste artigo.
2. A Comisión de Control Electoral de RTVG será designada pola Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia e estará integrada por un representante de cada partido, federación, coalición e agrupación que concorran ás eleccións convocadas ao Parlamento e contén con representación no mesmo. Os devanditos representantes votarán ponderadamente de acordo coa composición do Parlamento.

Artigo 29

1. A distribución do tempo gratuíto de propaganda electoral en cada medio de comunicación da Compañía de RTVG e nos distintos ámbitos de programación que estes teñan efectuaranse conforme ao seguinte baremo:
 - A) Na TVG:
 - a) Dez minutos para os partidos, federacións e coalicións que non concorreron ou non obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia.

b) Vinte minutos para aqueles que, obténdoa, non acadaron o cinco por cento do total de votos válidos emitidos na Comunidade Autónoma.

c) Trinta minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia e acadaron entre o cinco e o quince por cento do total de votos a que se fai referencia no apartado precedente.

d) Corenta e cinco minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia e acadaron, polo menos, un quince por cento do total de votos a que se fai referencia no parágrafo b).

B) Na Radio Galega:

a) Trinta minutos para os partidos, federacións e coalicións que non concorreron ou non obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia.

b) Corenta minutos para aqueles que, obténdoa, non acadaron o cinco por cento do total de votos válidos emitidos na Comunidade Autónoma.

c) Sesenta minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia e acadaron entre o cinco e o quince por cento do total de votos a que se fai referencia no apartado precedente.

d) Oitenta minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia e acadaron, polo menos, un quince por cento do total de votos a que se fai referencia no parágrafo b).

2. O dereito aos tempos de emisión gratuíta, enumerados no apartado anterior, só lles corresponde aos partidos, federacións e coalicións que presenten candidatura, cando menos, en tres circunscricións electorais da Comunidade Autónoma.

3. As agrupacións de electores que se federen para realizar propaganda nos medios da Compañía de Radio-Televisión de Galicia terán dereito a quince minutos en Televisión de Galicia e corenta minutos na Radio Galega de emisión, se cumpren o requisito de

presentación de candidaturas exixido no apartado 2 precedente deste mesmo artigo.

4. Para a determinación do momento e da orde e emisión dos espazos gratuítos de propaganda electoral a que se refire este artigo, a Xunta Electoral de Galicia terá en conta as preferencias dos partidos, federacións ou coalicións en función do número de votos que obtiveron nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia.

CAPÍTULO V

Papeletas e sobres electorais

Artigo 30

1. As Xuntas Electorais Provinciais son os órganos competentes para aprobar o modelo oficial das papeletas correspondentes á súa circunscrición.
2. A Xunta de Galicia asegurará a dispoñibilidade das papeletas e dos sobres de votación conforme ao disposto no artigo seguinte, sen prexuízo da súa eventual confección polos grupos políticos que concorran ás eleccións.

Artigo 31

1. A confección das papeletas e os sobres de votación iníciase inmediatamente despois da proclamación de candidatos.
2. Se contra a proclamación de candidatos se interpoñen recursos perante o órgano xudicial contencioso-administrativo competente na provincia, a confección das papeletas correspondentes pónse na circunscrición electoral onde se interpuxeron, ata a resolución destes recursos.
3. As primeiras papeletas confeccionadas entregaránselle á Delegación do Goberno para o seu envío aos residentes ausentes que viven no estranxeiro.
4. Os delegados xerais da Xunta aseguran a entrega de papeletas e sobres en número suficiente ás mesas electorais, polo menos unha hora antes do momento no que se deba iniciar a votación.

Artigo 32

As papeletas electorais destinadas á elección de deputados ao Parlamento de Galicia deben expresar as indicacións seguintes:

- a) Denominación, sigla e símbolo do partido, federación, coalición ou agrupación de electores que presente a candidatura.
- b) Os nomes e apelidos dos candidatos e dos suplentes, segundo a súa orde de colocación, así como, no seu caso, a condición de independente dos candidatos que concorran con tal carácter ou, no caso de coalicións, a denominación do partido ao que pertenza cada un se así se exixiu para a presentación da lista.

CAPÍTULO VI

Interventores e apoderados

Artigo 33

1. O representante de cada candidatura pode nomear, ata tres días antes da elección, dous interventores por cada mesa electoral, para que comproben que a votación se desenvolve conforme ás normas establecidas.
2. Para ser designado interventor é exixible a condición de elector de acordo co artigo 2 da presente lei, debendo pertencer á circunscripción electoral na que se atope a mesa na que vaia desempeñar as súas funcións.
3. O nomeamento farase mediante a expedición de credenciais talonarias, coa data e sinatura ao pé do nomeamento.
4. As follas talonarias por cada interventor deberán estar divididas en catro partes: unha como matriz para conservala o representante; a segunda entregaraa o interventor como credencial; a terceira e cuarta serán remitidas á Xunta de Zona, para que esta faga chegar unha delas á mesa electoral de que formen parte e outra á mesa na que teñan dereito a votar para a súa exclusión da lista electoral.
5. As credenciais de nomeamento de interventores enviaranse ás Xuntas de Zona ata o mesmo terceiro día anterior ao da votación.
6. As Xuntas de Zona farán a remisión ás mesas de maneira que obren no seu poder no momento de constituírse as mesmas o día da votación.

7. Para integrarse na mesa o día da votación, comprobarase que a credencial é conforme coa folla talonaria que se atopa en poder da mesa. De non ser así ou de non existir folla talonaria poderáselle posesión, consignando o incidente na acta.

Neste caso, sen embargo, o interventor non poderá votar na mesa na que estea acreditado.

Se o interventor concorre sen a súa credencial, unha vez que a mesa recibiu a folla talonaria, logo de comprobar a súa identidade, permitiráselle integrarse na mesa, tendo, neste caso, dereito a votar na mesma.

Artigo 34

1. Os interventores, como membros das mesas, colaborarán no bo funcionamento do proceso de votación e escrutinio velando co presidente e os vogais para que as actas electorais se realicen de acordo coa lei.

2. Os interventores poderán:

- a) Solicitar certificación da acta de constitución da mesa e da acta xeral da sesión ou dun extremo determinado delas. Non se expedirá máis dunha certificación por candidatura.
- b) Reclamar sobre a identidade dun elector, o que deberá realizar publicamente.
- c) Anotar, se o desexa, nunha lista numerada de electores, o nome e número de orde en que emiten os seus votos.
- d) Pedir durante o escrutinio a papeleta lida polo presidente, para o seu exame.
- e) Formular as protestas e reclamacións que coide oportunas, tendo dereito a facelas constar na acta xeral da sesión.

Artigo 35

1. O representante de cada candidatura pode outorgar poder a favor de calquera cidadán, maior de idade, que se atope en pleno uso dos seus dereitos civís e políticos co obxecto de ostentar a representación da candidatura nos actos e operacións electorais.

2. O apoderamento formalízase perante notario ou perante o secretario da Xunta Electoral Provincial ou de Zona, os cales expiden

a correspondente credencial conforme ao modelo oficialmente establecido.

Artigo 36

Os apoderados teñen as mesmas facultades que os interventores, se ben deberán votar na sección e mesa que lles corresponda conforme á súa inscrición no censo.

Artigo 37

Os apoderados deben mostrarlles as súas credenciais e mais o seu Documento Nacional de Identidade aos membros das mesas electorais e demais autoridades competentes.

CAPÍTULO VI BIS

Do escrutinio

Artigo 37 bis

1. As xuntas electorais provinciais realizarán o escrutinio xeral o oitavo día seguinte ao da votación.
2. O escrutinio deberá realizarse na forma prevista na Lei orgánica do réxime electoral xeral e concluírá non máis tarde do décimo primeiro día posterior ás eleccións.

CAPÍTULO VII

Dos deputados proclamados

Artigo 38

A presidencia da Xunta Electoral de Galicia remitiralle ao Parlamento a lista de parlamentarios proclamados nas circunscricións electorais.

TÍTULO VI

Gastos e subvencións electorais

(Derogado)

Disposición adicional primeira

Facúltase á Xunta de Galicia para ditar as disposicións precisas para o cumprimento e execución desa lei.

Disposición adicional segunda

Aos efectos previstos no artigo 10, ofrécese o seguinte exemplo práctico: 360.000 votos válidos emitidos nunha circunscrición que elixa 17 Deputados. Votación repartida entre catro candidaturas:

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17
	(1)	(3)	(5)	(7)	(10)	(12)	(14)	(16)									
A	160.000	80.000	53.333	40.000	32.000	26.666	22.857	20.000	17.777	16.000	14.545	13.333	12.307	11.428	10.666	10.000	9.411
	(2)	(6)	(9)	(13)													
B	98.000	49.000	32.666	24.500	19.600	16.333	14.000	12.250	10.888	9.800	8.909	8.166	7.538	7.000	6.533	6.125	5.764
	(4)	(11)	(15)														
C	62.000	31.000	20.666	15.500	12.400	10.333	8.857	7.750	6.888	6.200	5.636	5.166	4.769	4.428	4.133	3.875	3.647
	(8)	(17)															
D	40.000	20.000	13.333	10.000	8.000	6.666	5.714	5.000	4.444	4.000	3.636	3.333	3.076	2.857	2.666	2.500	2.352

A	B	C	D
8	4	3	2

Disposición transitoria primeira

Mentres non se constitúa o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, todas as referencias ao mesmo contidas nesa lei entenderanse referidas á Audiencia Territorial da Coruña.

Disposición transitoria segunda

1. No prazo dun mes a partir da entrada en vigor desa lei procederase ao nomeamento dos vogais da Xunta Electoral da Comunidade Autónoma.
2. Designados os vogais da Xunta Electoral de Galicia, procederase á constitución da mesma no prazo de cinco días.

Disposición transitoria terceira

O réxime de incompatibilidades disposto nesa lei entrará en vigor a partir das próximas eleccións ao Parlamento de Galicia.

Disposición transitoria cuarta

Aos efectos previstos no artigo 27, nas primeiras eleccións que se celebren a partir da entrada en vigor da presente lei enténdese que os grupos parlamentarios existentes no momento da disolución da Cámara asumen a representación proporcional dos electores que, no seu día, votaron ao partido ou coalición polos que se presentaron os deputados que constitúen os grupos.

Disposición transitoria quinta

Nas primeiras eleccións a celebrar despois da entrada en vigor da presente lei, o número de deputados do Parlamento de Galicia é de 71, dos que corresponderán 22 á provincia da Coruña, 15 á de Lugo, 15 á de Ourense e 19 á de Pontevedra.

Disposición final primeira

En todo o non previsto na presente lei serán de aplicación as normas vixentes para as eleccións lexislativas ao Congreso dos Deputados das Cortes Xerais, coas modificacións e adaptacións derivadas do carácter e ámbito da consulta electoral ao Parlamento de Galicia e, neste senso, enténdese que as competencias atribuídas ao Estado e aos seus órganos e autoridades se asignan ás correspondentes da Comunidade Autónoma verbo das materias que non son competencia exclusiva daquel.

Disposición final segunda

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 1985

Gerardo Fernández Albor

Presidente

FUNCIÓN LEXISLATIVA

6. LEI 7/2015, DO 7 DE AGOSTO, DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR E PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO PARLAMENTO DE GALICIA

Exposición de motivos

O Estatuto de autonomía de Galicia recoñece, no seu artigo 13.1, a iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei que teñan que ser tramitadas polo Parlamento de Galicia, así como que a dita iniciativa será regulada por este mediante lei.

En cumprimento do mandato estatutario, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular, ante o Parlamento de Galicia, evidenciando, como se expresa na exposición de motivos desta norma, a vontade do poder lexislativo autonómico de favorecer unha máis plural e intensa participación da sociedade civil galega no labor de dirección política da Comunidade Autónoma a través do exercicio da potestade lexislativa; unha participación cidadá directa na iniciativa lexislativa que, lonxe de restarlle protagonismo político ao Parlamento de Galicia, contribuíu ao longo dos últimos anos a reforzar a súa centralidade, a mellorar o exercicio por parte das deputadas e dos deputados da representación política e a achegar as demandas e inquietudes sociais á institución parlamentaria.

A vontade de favorecer a participación cidadá nos procedementos lexislativos autonómicos quedou reafirmada coa recente reforma da Lei 1/1988, mediante a Lei 9/2014, do 30 de outubro, na que, co obxecto de darlle un novo pulo, se reduciu o número de sinaturas precisas para que as iniciativas lexislativas populares poidan ser debatidas no Parlamento de Galicia, se habilitou a posibilidade de recoller as sinaturas electronicamente e se estableceu un prazo para que, unha vez completados todos os requisitos que a lexislación e o Regulamento da Cámara establecen, se produza o debate para a correspondente toma en consideración.

Adicionalmente, e coa mesma vontade de facilitar a participación cidadá na elaboración das leis, a Presidencia e a Mesa do Parlamento promoveron na presente lexislatura a posta en marcha, a través da páxina *web* oficial da Cámara, da iniciativa denominada “Lexisla con nós”, un instrumento que permite á cidadanía coñecer

e realizar achegas aos proxectos e proposicións de lei que se están a tramitar. Unha iniciativa útil, que, como se fai nesta norma, còmpre regular con maior garantía para todas aquelas persoas que queiran trasladar a súa opinión aos lexisladores con pleno coñecemento tanto do texto do proxecto ou proposición de lei como das emendas que os respectivos grupos parlamentarios presenten de acordo co previsto no Regulamento do Parlamento de Galicia.

Co fin de ampliar máis aínda a posibilidade de que todas as persoas que gozan da condición política de galegos poidan participar nas funcións que o Estatuto de autonomía lle atribúe ao Parlamento de Galicia e de reforzar así a centralidade política que a nosa asemblea representativa ten na estrutura institucional autonómica, nesta norma introdúcense dous novos mecanismos de participación cidadá directa: a presentación de iniciativas de impulso, mediante proposicións non de lei; e de control, a través de preguntas.

Con estas dúas iniciativas trátase de facilitar que os galegos e as galegas poidan sentirse partícipes da actividade parlamentaria traendo ao Parlamento de Galicia aqueles asuntos de relevancia que consideren que deben ser debatidos pola Cámara, participando máis activamente na fixación das axendas de debate das sesións parlamentarias, así como presentando preguntas dirixidas á Xunta de Galicia para que o Goberno poida informar e dar resposta sobre aqueles asuntos que lles preocupan.

Finalmente, e para facilitar o exercicio do dereito de petición que a Constitución recoñece a todas as persoas no seu artigo 29, prevese a posta en marcha dun mecanismo electrónico para a presentación no Rexistro do Parlamento daquelas peticións que vaian dirixidas á Cámara lexislativa autonómica.

Coa finalidade de simplificar o marco normativo, de xeito que tanto cidadáns como asociacións e colectivos e a propia Administración poidan contar cun marco normativo máis simplificado, fácil de manexar e máis operativo, aprobeitase a introdución dos novos mecanismos de participación cidadá nas actividades de impulso e control do Parlamento de Galicia para reunir nun único texto a normativa xa existente sobre as iniciativas lexislativas populares, sen modificar o previsto no articulado da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, reformada mediante a Lei 9/2014, do 30 de outubro.

En consecuencia, a presente lei estrutúrase en seis títulos. O título I ten un único artigo, no que se recoñece o dereito de participación no Parlamento de Galicia de todas e todos os cidadáns que gocen da condición política de galegos e galegas. No título II recóllese o texto consolidado da Lei de iniciativas lexislativas populares. O título III regula a participación popular na elaboración das leis que se tramiten no Parlamento de Galicia. O título IV abre a posibilidade da participación popular no impulso da acción de goberno, regulando a posibilidade de presentación de proposicións non de lei pola cidadanía. No título V régúlase a participación cidadá no control ao Goberno, a través da presentación de preguntas dirixidas ao Goberno. E no título VI introdúcese a posibilidade de exercer o dereito de petición perante a Cámara a través de medios telemáticos.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

TÍTULO I

Disposición xeral

Artigo 1

As persoas maiores de idade que gocen da condición política de galegos ou galegas e se atopen inscritas no censo electoral poden exercer a iniciativa lexislativa prevista no artigo 13.1 do Estatuto de autonomía, así como as restantes formas de participación política a través do Parlamento de Galicia, de acordo co disposto por esta lei.

TÍTULO II

Iniciativa lexislativa popular perante o Parlamento de Galicia

Artigo 2

A iniciativa lexislativa popular perante o Parlamento de Galicia exerceuse por medio da presentación de proposicións de lei asinadas, polo menos, por 10.000 das cidadás e dos cidadáns referidos no artigo anterior.

Artigo 3

Quedan excluídas da iniciativa lexislativa popular as materias seguintes:

1. As non atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma.
2. As de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía e as que, en todo caso, requiran para a súa aprobación o voto favorable dunha maioría cualificada.
3. As de natureza orzamentaria e tributaria.

Artigo 4

O procedemento para o exercicio da iniciativa lexislativa popular iniciárase mediante a presentación no Rexistro do Parlamento dun escrito dirixido á Mesa, que conterá:

- a) O texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos.
- b) Unha exposición das razóns que, a xuízo dos asinantes, aconsellen a tramitación e aprobación polo Parlamento de Galicia da proposición de lei.
- c) A relación de membros da comisión promotora, cun mínimo de 10 persoas e coas sinaturas e datos persoais de cada un deles, e a indicación do enderezo que se sinale para cursar as notificacións e comunicacións que sexa preciso realizar.

Os Servizos Xurídicos do Parlamento de Galicia deben asesorar os membros da comisión promotora para facilitarlles o cumprimento dos requisitos formais.

Artigo 5

1. Os membros da comisión promotora deberán reunir a condición de electores, de acordo co disposto no artigo 1 desta lei.
2. Non poderán formar parte da comisión promotora os deputados e as deputadas do Parlamento de Galicia nin as persoas incursoas en causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

Artigo 6

Recibida a documentación presentada, a Mesa do Parlamento procederá a examinala, e resolverá sobre a súa admisión no prazo dun mes.

A Mesa do Parlamento soamente poderá declarar a inadmisión dunha iniciativa lexislativa popular por algún dos seguintes motivos:

- a) Que teña por obxecto algunha das materias excluídas.
- b) Que o escrito de presentación non reúna algún dos requisitos exixidos. Non obstante, tratándose dun defecto reparable, a Mesa comunicarllo á comisión promotora para que proceda, de ser o caso e no prazo dun mes, á reparación.
- c) Que exista previamente no Parlamento un proxecto ou proposición de lei que verse sobre o mesmo obxecto da iniciativa lexislativa popular e se atope no trámite de emendas ou noutro posterior, mentres non se esgote o procedemento lexislativo.
- d) Que reproduza outra iniciativa lexislativa popular de contido igual ou substancialmente equivalente que se atope en trámite.

A resolución da Mesa do Parlamento notificaráselle á comisión promotora e publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Contra a decisión da Mesa de non admitir a proposición de lei, a comisión promotora poderá interpoñer recurso de amparo.

Artigo 7

1. Admitida a proposición, a Mesa do Parlamento comunicarllo á Xunta Electoral de Galicia, que garantirá a regularidade do procedemento de recollida de sinaturas pola comisión promotora.

2. A Xunta Electoral de Galicia notificaralle á comisión promotora a admisión da proposición co obxecto de que se proceda á recollida das sinaturas requiridas.

3. O procedemento finalizará coa entrega á Xunta Electoral de Galicia das sinaturas recollidas, no prazo máximo de catro meses, que se contarán desde o día seguinte ao da notificación a que se refire o punto anterior. Este prazo poderá ser prorrogado por tres meses por petición da comisión promotora cando concorra causa xustificada, apreciada pola Mesa do Parlamento. Transcorrido o

prazo sen que se se fixese entrega das sinaturas requiridas, caducará a iniciativa.

Artigo 8

1. Recibida a notificación de admisión da proposición, a comisión promotora presentará, no prazo de dez días hábiles, ante a Xunta Electoral de Galicia, os pregos necesarios para a recollida de sinaturas. Nestes pregos reproducirase o texto íntegro da proposición de lei.

2. No suposto de que o texto da proposición superase en extensión as tres caras do prego, poderase achegar un prego máis, que se xuntará ao destinado a recoller as sinaturas, de modo que non poidan ser separados, e selaranse e numeraranse de acordo co disposto no punto seguinte.

3. Recibidos os pregos pola Xunta Electoral de Galicia, esta, dentro das setenta e dúas horas seguintes, selaraos, numeraraos e devolveraos á comisión promotora.

Artigo 9

1. As sinaturas recollidas figurarán necesariamente nos pregos a que fai referencia o artigo anterior e tamén se poderán recoller a través de sinatura electrónica, conforme o acordo da Xunta Electoral de Galicia do 22 de xaneiro de 2015, sobre o procedemento para a verificación e certificación de sinaturas electrónicas nas iniciativas lexislativas populares, e demais normas de aplicación.

A Xunta Electoral de Galicia será competente para establecer os requisitos necesarios para que o procedemento de recollida de sinaturas poida realizarse a través do sistema de sinatura electrónica.

2. Xunto coa sinatura de cada elector ou electora faranse constar o seu nome e apelidos, o número do documento nacional de identidade, a data de nacemento e o municipio galego en cuxas listas electorais está inscrito ou inscrita.

3. As sinaturas deberán ser autenticadas por un notario, un cónsul, un secretario xudicial ou o secretario municipal que corresponda ao municipio en cuxo censo electoral estea inscrita a persoa asinante. Indicarase a data en que se realice a autenticación, que poderá ser colectiva, prego por prego, en cuxo caso deberá consignarse o número de sinaturas contidas en cada prego.

4. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, as sinaturas poderán tamén ser autenticadas por fedatarios especiais designados pola comisión promotora.

5. Poderá adquirir a condición de fedatario especial quen, sendo maior de idade e tendo a condición política de galego, xure ou prometa ante a Xunta Electoral de Galicia dar fe da autenticidade das sinaturas dos signatarios da proposición, baixo as penas que, en caso de falsidade, procedan.

6. A comisión promotora será responsable de que os datos persoais que estean no seu poder sexan tratados con respecto á lexislación aplicable en materia de protección de datos, e garantirá, particularmente, que os ditos datos non sexan utilizados para fins distintos do apoio declarado a esa iniciativa.

Artigo 10

1. Os pregos que conteñan as sinaturas recollidas, a cada un dos cales se achegará certificado, expedido en forma xenérica por algunha das persoas con facultade de autenticar, que acredite a inscrición dos asinantes no censo electoral, presentaranse ante a Xunta Electoral de Galicia.

Co obxecto de facilitar a expedición dos indicados certificados, facilitaránselles ás persoas para iso facultadas exemplares, o acceso aos correspondentes censos electorais ou copias compulsadas destes.

2. A Xunta Electoral, unha vez entregados os pregos e as certificacións correspondentes, comprobaraos e fará o reconto de sinaturas nun acto público. Para a asistencia a este acto serán notificadas as persoas representantes da comisión promotora.

A Xunta Electoral declarará nulas as sinaturas que non cumpran os requisitos establecidos nesta lei, que non se computarán.

3. Efectuado o reconto de sinaturas no prazo indicado anteriormente e comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos para a válida presentación da proposición, a Xunta Electoral debe comunicar estes datos no prazo de quince días hábiles, que se contarán desde a data do acto público de reconto, e remitir á Mesa do Parlamento e á comisión promotora a certificación acreditativa do número de sinaturas válidas, e procederá a destruír os pregos das

sinaturas que estean no seu poder, coa excepción daqueles que conteñan sinaturas ás que se lles negase a súa validez.

Artigo 11

Recibida a notificación que acredite que se reuniu o número de sinaturas exixido, a Mesa ordenará a publicación da proposición, e a súa tramitación axustarase ao disposto no artigo 123 do Regulamento da Cámara. A inclusión na orde do día dunha sesión plenaria do debate de toma en consideración da correspondente iniciativa deberá producirse nun dos dous plenos ordinarios seguintes que se realicen, unha vez que esta teña cumpridos todos os trámites establecidos na lexislación vixente e no Regulamento da Cámara.

Artigo 12

Para a defensa da proposición de lei, no debate para a toma en consideración no Pleno do Parlamento, a comisión promotora poderá designar un dos seus membros ou un dos asinantes.

Artigo 13

1. A iniciativa lexislativa popular que estea a tramitarse no momento en que se disolva o Parlamento seguirá a súa tramitación na nova lexislatura.
2. Non poderá exixirse en ningún caso que volva acreditarse o cumprimento dos requisitos establecidos pola presente lei nin que volvan presentarse as sinaturas.
3. A Mesa do Parlamento, de acordo coa Xunta de Portavoces, acordará o trámite a partir do cal debe continuarse, neste suposto, o procedemento lexislativo.

Artigo 14

O Parlamento resarcirá a comisión promotora dos gastos realizados, ata un máximo de 0,64 euros por sinatura, co límite máximo de 6.000 euros, sempre que a proposición de lei sexa tomada en consideración polo Parlamento de Galicia e que os gastos estean debidamente acreditados con facturas e xustificantes de pagamento, conforme o establecido na normativa vixente en materia

de subvencións. Esta cifra será revisada pola Mesa do Parlamento segundo as variacións do índice de prezos de consumo.

TÍTULO III

Da participación popular na elaboración das leis

Artigo 15

1. As persoas maiores de idade e coa condición política de galegos poderán participar na tramitación parlamentaria das leis remitindo as súas suxestións e achegas á Mesa do Parlamento de Galicia antes da sinatura do informe da ponencia da iniciativa lexislativa.
2. Unha vez admitidas a trámite as suxestións e achegas, serán entregadas á ponencia encargada de elaborar o informe de ponencia para o seu estudo á vista do texto da iniciativa lexislativa e das emendas presentadas.
3. A Mesa do Parlamento aprobará as normas necesarias para facilitar a presentación das achegas populares mediante medios electrónicos e a información aos autores do estado de tramitación das iniciativas lexislativas.

TÍTULO IV

Da participación popular no impulso da acción do Goberno a través de proposicións non de lei

Artigo 16

1. Calquera persoa xurídica que represente intereses sociais e actúe lexitimamente a través dos seus órganos, ou calquera cidadán ou cidadá coa súa sinatura e a doutros nove, e coa mención dos seus documentos nacionais de identidade, poderán promover a presentación de proposicións non de lei ao Parlamento de Galicia.
2. O procedemento para a presentación de proposicións non de lei de iniciativa popular será o previsto nesta mesma norma para a tramitación das iniciativas lexislativas populares, agás nas especificidades seguintes:
 - a) A Mesa da Cámara pronunciarase sobre a admisibilidade de cada unha delas, e rexeitará de xeito motivado, pero sen posible recurso, as que considere improcedentes, conforme o disposto

no Regulamento do Parlamento de Galicia e nos seus acordos complementarios.

b) O número requirido de sinaturas de persoas lexitimadas para subscribir unha proposición non de lei de iniciativa popular é de 2.500.

c) Unha vez admitida unha proposición non de lei, quedará depositada no Rexistro da Cámara. Nese momento, calquera grupo parlamentario poderá asumila, debendo convertela en proposición non de lei en pleno ou en comisión. Seralle de aplicación o disposto no artigo 161.1 do Regulamento do Parlamento. De seren varios os grupos parlamentarios que manifesten a asunción, quedará asignada ao primeiro que o solicite.

d) Ao formulala, deberá mencionarse sempre a súa orixe, aínda que preservando a identidade das persoas asinantes.

e) O aboamento dos gastos previstos no artigo 14 da presente lei producírase sempre que a proposición non de lei sexa aprobada polo Parlamento e co límite máximo de 1.500 euros.

3. As proposicións non de lei admitidas pola Mesa e non asumidas por ningún grupo parlamentario nos quince días seguintes ao seu anuncio no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* consideraranse decaídas.

4. As proposicións non de lei asumidas por un grupo parlamentario seranlle imputadas a ese grupo parlamentario respecto da formación das correspondentes ordes do día.

5. A Xunta Electoral de Galicia será competente para establecer os requisitos necesarios para que o procedemento de recollida de sinaturas poida realizarse a través do sistema de sinatura electrónica.

TÍTULO V

Da participación popular no control ao Goberno

Artigo 17

1. Calquera persoa xurídica que represente intereses sociais e actúe lexitimamente a través dos seus órganos, e calquera cidadán ou cidadá coa súa sinatura e mención do seu documento nacional

de identidade, poderán dirixir preguntas ao Parlamento de Galicia co rogo de que sexan formuladas á Xunta de Galicia.

2. A Mesa da Cámara pronunciárase sobre a admisibilidade de cada unha delas, e rexeitará de xeito motivado, pero sen posible recurso, as que considere improcedentes, conforme o disposto no Regulamento do Parlamento de Galicia e nos seus acordos complementarios.

3. Unha vez admitida unha pregunta, quedará depositada no Rexistro da Cámara e será cualificada e admitida, de ser o caso, pola Mesa.

As preguntas admitidas anunciaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e establecerase un prazo de quince días, que se contarán desde o seguinte ao da súa publicación, para que os deputados ou as deputadas as poidan asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral. De seren varios os deputados ou as deputadas que manifesten a asunción, será asignada ao primeiro que o solicite.

Ao formulalas, deberá mencionarse sempre a súa orixe, aínda que preservando, se se trata dunha persoa física, o nome e os apelidos do asinante, e expresando así mesmo os deputados ou as deputadas que as asumisen.

4. As preguntas admitidas pola Mesa e non asumidas por ningún deputado ou deputada nos quince días seguintes ao seu anuncio no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* consideraranse decaídas.

5. As preguntas de iniciativa popular asumidas por un deputado ou deputada seranlle imputadas ao seu grupo respecto da formación das correspondentes ordes do día.

TÍTULO VI

Do exercicio do dereito de peticións perante o Parlamento de Galicia

Artigo 18

Para facilitar o exercicio do dereito de peticións dos cidadáns e das cidadás perante o Parlamento de Galicia habilitarase na páxina *web* oficial desta institución un mecanismo electrónico.

Disposición transitoria. Regulación da sinatura electrónica

A Xunta Electoral de Galicia disporá dun prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma para a elaboración das disposicións necesarias que permitan o uso da sinatura electrónica prevista no artigo 15 desta lei.

Disposición derogatoria

1. Queda derogada a Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia.
2. Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan á presente lei.

Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de agosto de 2015

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

7. LEI 1/1983, DO 22 DE FEBREIRO, REGULADORA DA XUNTA E DA SÚA PRESIDENCIA

O Estatuto de autonomía, nos seus artigos 15 e 16, prevé que o Parlamento de Galicia determine, mediante lei, a regulación do estatuto persoal, atribucións e responsabilidades do presidente e da Xunta de Galicia.

Recolle este mandato o espírito de que a regulación destas institucións básicas teña a prioridade debida e constitúa, en consecuencia, un dos pasos lexislativos inmediatos na construción da Autonomía galega.

O disposto no artigo 9 do Estatuto ao atribuír o exercicio dos poderes da Comunidade Autónoma ao Parlamento, á Xunta e ao seu presidente, quizais aconselle unha lei do Parlamento que, estimada agora fóra do contexto desta norma de desenrolo dos artigos 15 e 16 do Estatuto, regule con precisión as relacións da Cámara co Goberno e acade a debida complitude institucional da Autonomía de Galicia.

Limitáase, en consecuencia, esta lei á regulación da organización e establecemento de normas xerais relativas aos órganos executivos superiores de Galicia, cun senso básico, sen prexuízo de que unha Lei de réxime xurídico da Administración da Comunidade Autónoma Galega recolla en toda a súa integridade as necesarias normas de funcionamento.

Polo tanto, en cumprimento dos devanditos preceptos, o Parlamento de Galicia aprobou e eu promulgo, en nome de El-Rei, a Lei reguladora da Xunta e do seu presidente.

TÍTULO I Da Xunta

CAPÍTULO I Da natureza e composición da Xunta

Artigo 1

A Xunta é o órgano colexiado que, baixo a dirección do presidente, dirixe a política xeral e a Administración da Comunidade Autónoma. A tal fin, exerce a iniciativa lexislativa, a función executiva e

a potestade regulamentaria de conformidade co Estatuto de autonomía e as leis.

Artigo 2

A Xunta de Galicia está composta polo presidente, vicepresidente ou vicepresidentes —no seu caso— e os conselleiros.

No suposto de que haxa varios vicepresidentes, un deles terá a condición de vicepresidente primeiro coas facultades que esa lei lle atribúe.

Todos eles constitúen conxunta e colexiadamente o Consello, que exercerá, conforme ao establecido nesta lei, as atribucións da Xunta, sen prexuízo das competencias das Comisións Delegadas.

Na composición da Xunta deberá respectarse o principio de equilibrio por sexos, nunha proporción entre cada un deles que debe concretar o Parlamento ao inicio de cada lexislatura.

Artigo 3

A Xunta de Galicia responde politicamente ante o Parlamento de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus componentes pola súa xestión.

CAPÍTULO II

Das atribucións da Xunta

Artigo 4

Corresponde á Xunta:

1. Establecer as directrices e desenvolver o programa de goberno.
2. Elaborar os presupostos da Comunidade Autónoma, remitilos ao Parlamento para a súa aprobación.
3. Aprobar os proxectos de lei para a súa remisión ao Parlamento e acordar, no seu caso, a súa retirada.
4. Ditar decretos lexislativos nos supostos de delegación expresa do Parlamento.
5. Outorgar ou denegar a súa conformidade á tramitación de proposicións de lei que supoñan aumento dos créditos ou min-

gua dos ingresos presupostarios, nos termos previstos no Regulamento do Parlamento.

6. Aprobar os regulamentos para o desenrolo e execución das leis de Galicia así como os das leis do Estado, cando a competencia de execución corresponda á Comunidade Autónoma en virtude do Estatuto de autonomía ou por delegación ou transferencia.

7. Adoptar, no seu caso, as medidas regulamentarias que requirise a execución dos tratados e convenios internacionais e o cumprimento dos regulamentos e directrices derivadas daqueles, no que afecte a materias atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma.

8. Aprobar e remitir ao Parlamento os proxectos de convenios e acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas para a ratificación ou aprobación, no seu caso.

9. Acordar a interposición de recursos de inconstitucionalidade, así como o persoarse nas cuestións de inconstitucionalidade que afecten a Galicia e o plantexamento de conflitos de competencias ante o Tribunal Constitucional.

10. Deliberar sobre a cuestión de confianza que o presidente da Xunta propoña formular ao Parlamento, así como sobre a disolución da Cámara, que o presidente pode decretar, ao abeiro do artigo 24 da presente lei.

11. Resolver os recursos en vía administrativa nos casos previstos polas leis.

12. Resolver mediante decreto os conflitos de atribucións que se susciten entre as diversas consellarías.

13. Nomear e destituír, por proposta de quen posúa a titularidade das consellarías respectivas, os altos cargos da Administración pública galega de rango igual ou superior a dirección xeral, así como aqueloutros que legalmente se estableza. Nos nomeamentos atenderase ao principio de equilibrio por sexos, de acordo coas porcentaxes e a estrutura que determine a propia Xunta.

14. Crear, modificar e suprimir as Comisións Delegadas da Xunta.

15. Determinar a estrutura orgánica superior da Vicepresidencia ou Vicepresidencias e das consellarías da Xunta de Galicia.

16. Designar os representantes da Comunidade Autónoma nos organismos económicos, institucións financeiras e empresas públicas do Estado a que se refire o artigo 55 do Estatuto de autonomía. Do mesmo xeito, supervisar, de acordo coa lei, a xestión dos servizos públicos e dos entes e empresas públicas dependentes da Comunidade Autónoma, e administrar o patrimonio da mesma con suxeición ao disposto na lei.

17. Coordinar a actividade das Deputacións Provinciais, en canto afecte directamente ao interese xeral da Comunidade Autónoma, e acordar as transferencias ou delegación de funcións nas mesmas. Do exercicio destas competencias darase conta ao Parlamento.

18. Tomar coñecemento das resolucións do Parlamento e adoptar, se é o caso, as medidas que proceden.

19. Garantir e promover a aplicación do principio de igualdade por razón de sexo en todas as políticas que lle corresponda desenvolver á Xunta de Galicia.

20. Calquera outra atribución que lle veña conferida por algunha disposición legal ou regulamentaria e, en xeral, deliberar sobre aqueles asuntos nos que a súa resolución deba revestir a forma de decreto ou que, pola súa importancia e repercusión na vida da Comunidade Autónoma, exixan o coñecemento ou deliberación da Xunta.

CAPÍTULO III

Do funcionamento da Xunta

Artigo 5

A Xunta reúnese en Consello, que someterá o seu funcionamento aos principios de unidade, colexialidade, participación e coordinación.

Artigo 6

As atribucións da Xunta serán exercidas polo Consello. O Consello designará de entre os seus membros un secretario que dará fe dos seus acordos e dos das Comisións Delegadas e librárala, cando proceda, certificación dos mesmos.

Artigo 7

1. O Consello será convocado polo presidente da Xunta. Á convocatoria xuntaráselle a orde do día, que será conformada polo secretario de acordo coas instrucións do presidente.
2. O Consello entenderase validamente constituído cando asista o presidente, ou quen o substitúa, e, ao menos, a metade dos seus membros.
3. Os membros do Consello están obrigados a gardar segredo sobre as deliberacións daquel, as opinións e, se é o caso, os votos emitidos.

Artigo 8

A Xunta poderá crear no seu seo Comisións Delegadas para coordinar a elaboración de directrices e disposicións, programar a política sectorial, examinar asuntos de interese interdepartamental e preparar as reunións do Consello.

O réxime xeral de funcionamento das Comisións haberá de axustarse aos criterios establecidos nesta lei para o Consello.

En todo caso, o decreto de creación dunha Comisión Delegada deberá conter a composición e a presidencia da mesma e mais as competencias asignadas.

Artigo 9

O Consello establecerá as normas internas que se precisen para a boa orde dos traballos e para a adecuada preparación dos acordos que haxan de adoptarse, mediante un Regulamento de réxime interior que haberá de axustarse aos termos da presente lei.

TÍTULO II Do presidente da Xunta

CAPÍTULO I Do estatuto persoal, elección e cese

Sección 1ª. Do estatuto persoal

Artigo 10

O presidente da Xunta ostenta a suprema representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia. Dirixe e coordina a acción da Xunta ou Goberno.

Artigo 11

O presidente da Xunta en razón do seu cargo ten dereito a:

1. A preeminencia que, con arreglo á alta representación da Comunidade Autónoma e á ordinaria do Estado en Galicia, lle corresponde.
2. Que lle sexan rendidos os honores que lle correspondan consoante co que se establece na legalidade vixente e o que acorde a Comunidade Autónoma.
3. Recibir o tratamento de Excelencia.
4. Utilizar a bandeira de Galicia como guión.
5. Ocupar a residencia oficial que se estableza, coa correspondente dotación de persoal e servizos.
6. Percibir a remuneración e gastos de representación que se establezan polo Parlamento de Galicia e figuren nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.
7. Recibir con carácter vitalicio o tratamento de excelentísimo señor e os honores protocolarios e as precedencias establecidas na lexislación vixente e na que, se é o caso, dite a Comunidade Autónoma.

As ex-presidentas e os ex-presidentes terán dereito a percibir, durante dous anos desde a data do seu cesamento, as compensacións económicas que se establezan por decreto da Xunta de Galicia.

Así mesmo, terán dereito por un período de catro anos adicionais, se tiveron a condición de presidenta ou presidente durante catro ou menos anos, ou por un período de dez anos adicionais, se tiveron a condición de presidenta ou presidente durante máis de catro anos, aos medios e servizos que se establezan por decreto da Xunta. Este dereito será incompatible coa condición de membro nato do Consello Consultivo de Galicia ou co exercicio dun cargo público que outorgue unha prestación de medios e servizos de análoga natureza.

Malia o anterior, a Xunta de Galicia poderalles prestar ás ex-presidentas e aos ex-presidentes os medios materiais de apoio precisos para o exercicio das funcións inherentes á súa condición por un período de tempo superior ao establecido no parágrafo anterior.

Artigo 12

O presidente da Xunta non poderá exercer ningunha función pública que non se derive do seu cargo, nin actividade mercantil ou profesional ou calquera outra que puidese menoscabar a independencia e dignidade da súa función.

En canto ás funcións representativas propias do mandato parlamentario, haberá que atermarse ao disposto no artigo 6 da Lei de Galicia 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

Artigo 13

A responsabilidade política do presidente da Xunta ante o Parlamento será exixible nos termos establecidos no Estatuto de autonomía, no Regulamento da Cámara e na presente lei.

Artigo 14

Durante o seu mandato e polos actos delitivos cometidos no territorio de Galicia non poderá ser detido nin retido senón no caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra do devandito territorio, a responsabilidade penal será exixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Sección 2ª. Da elección e cesamento

Artigo 15

O presidente da Xunta será elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros.

Artigo 16

Constituído o Parlamento e nos demais supostos en que así proceda, o seu presidente, previa consulta coas forzas políticas representadas parlamentariamente e oída a Mesa, propoñerá un candidato á Presidencia da Xunta, conforme ao previsto no artigo 136.1º do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Artigo 17

O candidato presentará o seu programa ao Parlamento. Para ser elixido o candidato deberá en primeira votación obter maioría absoluta; de non obtela procederase a unha nova votación 24 horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada se obtivera maioría simple. Caso de non conseguir a devandita maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

Se transcorresen dous meses a partir da primeira votación de investidura sen que ningún candidato proposto obtivera a confianza do Parlamento, este quedará disolto e procederase á convocatoria de novas eleccións.

Artigo 18

Se o Parlamento outorga a súa confianza ao candidato, o presidente comunicarao a El-Rei para o seu nomeamento, mediante Real Decreto que se publicará no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 19

O presidente elixido tomará posesión do seu cargo dentro dos cinco días seguintes ao da publicación do seu nomeamento.

Artigo 20

O presidente prestará xuramento na súa toma de posesión coa seguinte fórmula:

«Xuro ou prometo ser fiel ao meu mandato como presidente da Xunta, observar e facer cumprir a Constitución e o Estatuto de autonomía e as demais leis de Galicia e do Estado e exercer as miñas funcións no interese supremo e exclusivo de Galicia e de España.»

Artigo 21

O presidente da Xunta cesa trala celebración de eleccións autonómicas, nos casos de perda da confianza parlamentaria, ou por dimisión, falecemento ou incapacidade para o exercicio do cargo. Corresponde ao Parlamento a apreciación da incapacidade do presidente.

Artigo 22

Nos supostos de falecemento e incapacidade do presidente, será substituído polos vicepresidentes se os houber, pola súa orde, e no seu defecto polo conselleiro que máis tempo leve pertencendo ininterrompidamente á Xunta e, no caso de igualdade, o de máis idade. A mesma orde de substitución observárase nos casos de ausencia ou enfermidade temporal do presidente da Xunta, agás designación expresa do mesmo.

A substitución terá que publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 23

Nos demais casos previstos no artigo 20, o presidente continuará o exercicio das súas funcións ata a toma de posesión do novo presidente da Xunta.

CAPÍTULO II **Das atribucións**

Artigo 24

Ao presidente da Xunta, como supremo representante da Comunidade Autónoma, compételle representar a esta nas relacións con outras institucións do Estado, subscribir os convenios e acordos de

cooperación con outras Comunidades Autónomas, convocar eleccións ao Parlamento de Galicia trala súa disolución, promulgar en nome de El-Rei as leis de Galicia, así como, se é o caso, os decretos lexislativos, e ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O presidente, baixo a súa exclusiva responsabilidade e logo da deliberación do Consello da Xunta, poderá disolver o Parlamento mediante decreto que fixará a data das eleccións.

Esta facultade en todo caso non se poderá exercer cando non pasase alomenos un ano desde a última disolución da Cámara.

Artigo 25

Como representante ordinario do Estado en Galicia, corresponde ao presidente da Xunta manter relacións coa Delegación do Goberno, aos efectos dunha mellor coordinación das actividades do Estado en Galicia e as da Comunidade Autónoma, ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do nomeamento do presidente do Tribunal Superior de Xustiza, e das leis e decretos lexislativos de Galicia no *Boletín Oficial del Estado*.

Artigo 26

Para a dirección e coordinación das actividades da Xunta correspóndelle:

1. Crear, modificar ou suprimir mediante decreto a vicepresidencia ou vicepresidencias, se as houber, e as consellarías, sempre que non supoña aumento de gasto público, así como nomear e dispor o cesamento dos vicepresidentes e dos conselleiros.
2. Convocar, presidir, suspender e levantar as reunións do Consello e das Comisións Delegadas, así como dirixir as súas deliberacións.
3. Dirixir e coordinar a acción de Goberno e asegurar a súa continuidade.
4. Velar polo cumprimento das directrices sinaladas pola Xunta e promover e coordinar a execución dos acordos do Consello e das súas Comisións Delegadas.
5. Asegurar a coordinación entre as distintas consellarías.
6. Coordinar o programa lexislativo da Xunta e a elaboración de normas de carácter xeral.

7. Encomendar a un vicepresidente ou a un conselleiro que se encargue do despacho dunha consellaría ou da propia Presidencia, en caso de ausencia, enfermidade ou impedimento do titular.
8. Plantexar perante o Parlamento, previa deliberación do Consello, a cuestión de confianza.
9. Presentar ao Parlamento os proxectos de lei, por si mesmo ou a través do membro da Xunta designado.
10. Facilitar ao Parlamento a información e documentación que este recabe da Xunta.
11. Solicitar que o Parlamento se reúna en sesión extraordinaria.
12. Solicitar que se celebre un debate xeral no Parlamento.
13. Comunicar ao Parlamento a interposición de recursos de inconstitucionalidade e o plantexamento de conflitos de competencias perante o Tribunal Constitucional, así como o acordo da Xunta de persoarse nos recursos e nas cuestións de inconstitucionalidade que afecten a Galicia.
14. Exercer cantas facultades e atribucións lle correspondan en consonancia coas disposicións vixentes.

TÍTULO III

Dos membros da Xunta

CAPÍTULO I

Do estatuto persoal, nomeamento e cese

Artigo 27

1. O vicepresidente ou vicepresidentes, se os houber, e os conselleiros serán nomeados e cesados polo presidente da Xunta, a teor do disposto no artigo 26, e terán a alta consideración que corresponde á súa condición de membros do Goberno Autónomo e o tratamento de excelentísimo señor.
2. Os ex-vicepresidentes e mais os ex-conselleiros manterán o tratamento de excelentísimo señor e recibirán os honores protocolarios que estableza a lexislación vixente e a que dite a Comunidade Autónoma.

Artigo 28

O vicepresidente ou vicepresidentes, se os houber, e mais os conselleiros prestarán xuramento na súa toma de posesión coa mesma fórmula prevista nesta lei para o presidente da Xunta.

Artigo 29

O cese do presidente da Xunta comporta o de todos os membros da mesma. A Xunta cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta.

Artigo 30

Os membros da Xunta percibirán a remuneración e gastos de representación que se establezan polo Parlamento de Galicia e figuren nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

Artigo 31

O vicepresidente ou vicepresidentes, se os houber, e mais os conselleiros, non poderán exercer outras funcións representativas cás propias do mandato parlamentario ou, no seu caso, do Senado, nin calquera outra función pública que non derive do seu cargo, nin actividade mercantil ou profesional ou outra que menoscabe a independencia e dignidade da súa función.

Artigo 32

En canto á inmunidade, estarase ao disposto no artigo 13 para o presidente.

CAPÍTULO II **Das atribucións**

Artigo 33

O vicepresidente, ou no seu caso, o vicepresidente primeiro, amais de substituír ao presidente nos supostos previstos nesa lei, exercerá as funcións que aquel lles delegue dentro do ámbito que lle confiran as disposicións da presente lei.

Así mesmo, poderán designarse no seo da Xunta outros vicepresidentes encargados de áreas homoxéneas coas funcións que lles sexan asignadas.

Artigo 34

Os conselleiros como xefes das súas consellarías están investidos das seguintes atribucións:

1. Ostentar a representación do departamento de que son titulares.
2. Propoñer ao Consello os nomeamentos e ceses dos cargos da súa consellaría que requiran a forma de decreto para a súa designación.
3. Exercer a iniciativa, dirección e inspección de todos os servizos da consellaría e a alta inspección e demais funcións que lles corresponden respecto dos organismos autónomos adscritos á mesma.
4. Propoñer para a súa aprobación polo Consello a estruturación e organización da súa consellaría.
5. Propoñer ao Consello os proxectos de lei ou de decreto relativos ás competencias atribuídas á súa consellaría.
6. Exercer a potestade regulamentaria nas materias da súa consellaría.
7. Resolver os recursos administrativos promovidos contra as resolucións dos organismos e das entidades da consellaría, agás cando por lei ou regulamentariamente se lle atribúa esa facultade a outro órgano.
8. Formular o anteproxecto de presupostos da súa consellaría.
9. Dispoñer os gastos propios dos servizos da súa consellaría non reservados á competencia do Consello, dentro dos límites da autorización presupostaria e interesar dos servizos financeiros competentes a ordenación dos pagos correspondentes.
10. Firmar en nome da Xunta os contratos relativos a asuntos propios da súa consellaría.
11. Resolver os conflitos de atribucións entre autoridades dependentes da súa consellaría.
12. E cantas facultades lles atribúan as disposicións en vigor.

Artigo 35

Os membros da Xunta poderán designar e cesar libremente o persoal colaborador e de asistencia directa dentro dos créditos presupostarios consignados ao efecto. Este persoal, de carácter eventual, cesará automaticamente ao se producir o cese do membro da Xunta que efectuou o seu nomeamento.

TÍTULO IV

Organización e réxime xurídico

Artigo 36

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, constituída por órganos xerarquicamente ordenados baixo a dirección da Xunta, ten personalidade xurídica única e posúe a capacidade de obrar necesaria para levar a cabo os seus fins.

2. A actuación da Administración axéitase aos principios de legalidade, obxectividade, servizo ao interese xeral, publicidade, eficacia, xerarquía, economía do gasto público, desconcentración e coordinación entre os seus órganos.

Artigo 37

1. Adoptarán a forma de decreto:

- a) As disposicións xerais aprobadas polo Consello da Xunta.
- b) As resolucións do Consello da Xunta nos supostos dos números 6, 7, 12, 13, 14, 15, 16 primeiro inciso e 18 do artigo 4 da presente lei e os demais casos que establezan as leis.
- c) As resolucións do presidente da Xunta, nos supostos contemplados no parágrafo segundo do artigo 24 e nos números 1 e 7 do artigo 26 desa lei.

2. Os decretos serán asinados polo presidente da Xunta e referendados, agás no suposto c) do apartado anterior, polo conselleiro competente en razón da materia.

Artigo 38

As disposicións e resolucións dos conselleiros revestirán a forma de ordes, que serán asinadas polo titular do departamento. Cando

interesen a máis de unha consellaría, serán asinadas conxuntamente polos conselleiros afectados.

Artigo 39

As normas regulamentarias terán o rango do órgano que as aprobara e ordenaranse xerarquicamente da seguinte forma:

1. Decretos.
2. Ordes das Comisións Delegadas.
3. Ordes ditadas polos conselleiros.

Artigo 40

Serán nulas de pleno dereito as normas regulamentarias que infrinxan outras de rango superior ou se opoñan ao establecido pola lei.

Artigo 41

1. As disposicións regulamentarias non poderán establecer penas nin impoñer tributos ou exaccións de calquera natureza. Tampouco poderán impoñer sancións a non ser no marco do disposto na lei.
2. Serán nulas as disposicións e resolucións que infrinxan o disposto no apartado anterior.

Artigo 42

As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral ou dispensar singularmente do seu cumprimento, aínda cando aquelas teñan un rango formal igual ou superior a esta.

Artigo 43

1. O Consello poderá delegar as funcións administrativas que teña encomendadas nas Comisións Delegadas.
2. Sen prexuízo das competencias delegadas no vicepresidente primeiro de acordo co disposto no artigo 32 desta lei, o presidente poderá delegar funcións puramente executivas nos demais membros da Xunta, dando conta ao Parlamento.

3. Os conselleiros poderán delegar competencias administrativas nos órganos inmediatamente inferiores das súas consellarías, cando as necesidades de funcionamento así o aconsellen.

Artigo 44

1. A delegación de atribucións a que se refire o artigo anterior e a súa revogación haberán de publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Non poderán ser obxecto de delegación, a non ser que unha lei o autorice expresamente, as competencias que, á súa vez, foran delegadas, nin a competencia para resolver recursos administrativos interpostos contra actos ou resolucións do órgano delegatario.

3. Os actos ditados por delegación consideraranse como propios do órgano delegante, que en calquera momento poderá revogar a delegación outorgada.

TÍTULO V

Das relacións da Xunta co Parlamento

CAPÍTULO I

Do control parlamentario

Sección 1ª. Da moción de censura

Artigo 45

1. O Parlamento pode exixir a responsabilidade política da Xunta e do seu presidente mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura.

2. A moción de censura deberá estar firmada, alomenos, por unha quinta parte dos membros do Parlamento, e haberá de incluír un candidato á Presidencia da Xunta.

3. A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.

4. Se a moción de censura non fose aprobada polo Parlamento, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

Artigo 46

Se prosperase a moción de censura, a Xunta e o seu presidente cesarán e o candidato incluído nela entenderase investido da confianza do Parlamento, procedéndose a continuación á súa designación como presidente da Xunta, segundo o disposto no artigo 17 desta lei.

Sección 2ª. Da cuestión de confianza

Artigo 47

O presidente da Xunta, previa deliberación do Consello, pode plantexar perante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración política xeral. A cuestión de confianza non se poderá votar ata transcorridas 24 horas desde a súa presentación. A confianza entenderase outorgada cando vote a prol da mesma a maioría simple de deputados.

Se o Parlamento negase a súa confianza ao presidente da Xunta entenderase cesado e procederase á elección de novo presidente conforme ao establecido nesa lei.

Sección 3ª. Do impulso e control da acción política do Goberno

Artigo 48

A Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comezo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral. Non caberá celebrar este debate cando no mesmo ano a Cámara investise o presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia.

Sección 4ª. Doutras formas de control

Artigo 49

O Parlamento, as súas Comisións e os deputados a través da Presidencia do mesmo, poderán recabar a información e axuda que precisen da Xunta, dos seus conselleiros e de calquera outra autoridade da Comunidade Autónoma.

Artigo 50

O Parlamento mais as súas Comisións poden reclamar a presenza dos conselleiros e dos outros altos cargos da Comunidade Autónoma.

Artigo 51

Os conselleiros teñen acceso ás sesións do Parlamento e das súas Comisións e a facultade de se facer oír nelas. Ante as Comisións poderán facerse acompañar de altos cargos ou funcionarios das súas consellarías e solicitar que estes informen.

Artigo 52

1. A Xunta e cada un dos seus membros están sometidos ás mocións, interpelacións e preguntas que se lles formulen no Parlamento.
2. Toda interpelación poderá dar lugar a unha moción na que o Parlamento manifeste a súa posición.

CAPÍTULO II **Delegación legislativa**

Artigo 53

1. O Parlamento poderá delegar na Xunta a potestade de ditar normas con rango de lei que recibirán o título de decretos legislativos.
2. A delegación legislativa deberá outorgarse mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.
3. Non poderán ser obxecto de delegación a regulación do réxime electoral da Comunidade Autónoma, a aprobación do presuposto, as leis institucionais ou de desenrolo básico do Estatuto e as que, pola súa natureza, requiran maioría cualificada para a súa aprobación.

Artigo 54

A delegación legislativa haberá de outorgarse á Xunta en forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu

exercicio sen que se poida entender concedida de forma implícita nin por tempo indeterminado. Tampouco poderá permitir a subdelegación en prol de autoridades distintas da propia Xunta.

Artigo 55

1. As leis de bases delimitarán con precisión o obxecto e alcance da delegación lexislativa e os principios e criterios que se han de seguir no seu exercicio. En ningún caso poderán autorizar á Xunta para modificar a propia lei de bases nin para ditar normas con carácter retroactivo.

2. As leis ordinarias de autorización para refundir textos legais, determinarán o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, especificando se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a de regularizar, clarear e harmonizar os textos legais que han de ser refundidos.

Artigo 56

O control sobre os decretos lexislativos levarase a cabo nos termos previstos no Regulamento do Parlamento de Galicia, sen prexuízo do cal as leis de delegación poderán establecer en cada caso fórmulas adicionais de control parlamentario.

Artigo 57

1. Cando unha proposición de lei ou unha emenda sexa contraria a unha delegación lexislativa en vigor, a Xunta está facultada para se opoñer á súa tramitación. Neste caso poderá presentar unha proposición de lei para a derogación parcial ou total da lei de delegación.

2. A delegación entenderase esgotada coa publicación pola Xunta da norma correspondente.

Disposición transitoria primeira

O disposto no número 7 do artigo 11 da presente lei será aplicable para todos os efectos desde a celebración das primeiras eleccións autonómicas galegas.

Os tratamentos honoríficos establecidos nese precepto serán tamén extensibles aos ex-presidentes da Preautonomía.

Disposición transitoria segunda

En tanto a Xunta non regule por decreto o establecido no parágrafo segundo do número 7 do artigo 11 da presente lei, a compensación económica establecida será equivalente ao 60 por cento da que lle corresponda ao presidente da Xunta. Tal compensación será compatible con aquelas outras retribucións que os ex-presidentes poidan percibir, por outros conceptos, con cargo aos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

En ningún caso a contía global pode chegar a ser superior á retribución total que en cada caso perciba o presidente da Xunta de Galicia.

Disposición transitoria terceira (derogada).

Disposición transitoria cuarta

Mentres o Parlamento de Galicia non adopte a resolución prevista no artigo 2, parágrafo cuarto, desta lei, a porcentaxe do sexo menos representado no Consello da Xunta de Galicia non pode ser inferior ao 40 por 100.

Disposición derradeira primeira

Facúltase á Xunta para ditar os seus propios regulamentos internos conforme ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira segunda

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1983.

Gerardo Fernández Albor

Presidente

8. RESOLUCIÓN DO 5 DE NOVEMBRO DE 2014, DA DIRECCIÓN XERAL DA ASESORÍA XURÍDICA XERAL, POLA QUE SE ORDENA A PUBLICACIÓN DO ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DO 30 DE OUTUBRO DE 2014 POLO QUE SE APROBAN AS DIRECTRICES DE TÉCNICA NORMATIVA

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trinta de outubro de dous mil catorce adoptou o Acordo polo que se aproban as Directrices de técnica normativa.

Para xeral coñecemento, procédese á publicación do referido acordo e das Directrices de técnica normativa que figuran como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2014

Manuel Pillado Quintáns

Director xeral da Asesoría Xurídica Xeral

ANEXO

Acordo do 30 de outubro de 2014, do Consello da Xunta de Galicia polo que se aproban as Directrices de técnica normativa

Tanto a experiencia como a doutrina especialista en técnica xurídica puxeron de relevo a importancia que a calidade e claridade das disposicións normativas teñen para a súa correcta comprensión polas persoas destinatarias e para a consecución dun ordenamento rigorosamente configurado na orde formal. En efecto, nun Estado de dereito, as normas, consideradas en si mesmas, deben reunir uns requisitos mínimos de claridade expresiva, de estrutura formal e de lóxica interna. Ademais, consideradas en relación co seu contexto, as normas teñen que se axustar ás circunstancias da realidade sobre a cal actúan e deben integrarse nun ordenamento xurídico xa existente. Unhas e outras exigencias son, inequivocamente, horizontes a cuxa consecución debe coaduxar o emprego dunha correcta técnica normativa.

A recente Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, recolle no seu artigo 37 unha serie de instrumentos para a mellora da calidade normativa entre os cales se encontra a aprobación polo Consello da Xunta dunhas directrices de técnica normativa que, carecendo do valor das nor-

mas xurídicas, proporcionen criterios técnicos ou pautas de redacción na elaboración de anteproxectos de lei, proxectos de decreto lexislativo e proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral.

As Directrices de técnica normativa que agora se aproban en cumprimento deste mandato legal teñen como obxectivo fundamental lograr un maior grao de achegamento ao principio constitucional de seguridade xurídica mediante a mellora da calidade técnica e lingüística das normas de orixe governamental. Neste sentido, o propio Tribunal Constitucional conectou a seguridade xurídica coa técnica normativa, ao afirmar que «non se pode subestimar a importancia que para a certeza do dereito e a seguridade xurídica ten o emprego dunha depurada técnica xurídica no proceso de elaboración das normas» e que «unha lexislación confusa, escura e incompleta, dificulta a súa aplicación e, ademais de socavar a certeza do dereito e a confianza da cidadanía nel, pode terminar por embazar o valor da xustiza» (STC 150/1990, do 4 de outubro).

Para a elaboración das presentes directrices partiuse do exemplo marcado polas Directrices de técnica normativa aprobadas por Acordo do Consello de Ministros, do 22 de xullo de 2005, así como por outras comunidades autónomas, mais non se considerou pertinente recoller técnicas e linguaxes diverxentes das previstas por outras administracións públicas. Si se recolleron, en cambio, previsións derivadas da práctica administrativa, así como recomendacións efectuadas polo Consello Consultivo de Galicia nos seus ditames sobre proxectos normativos, e tamén se tivo en conta o Manual de estilo do *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Consello da Xunta, na súa reunión do día trinta de outubro de dous mil catorce,

ACORDA:

Primeiro. Aprobación das Directrices

Apróbanse as Directrices de técnica normativa, cuxo texto se insire a seguir.

Segundo. Ámbito de aplicación

As Directrices de técnica normativa aplicaranse na elaboración de anteproxectos de lei, proxectos de decreto lexislativo e proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral. Ademais, en todo o que sexa posible, teranse en conta na redacción das propostas de acordo do Consello da Xunta e dos actos administrativos dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que se publiquen en diarios oficiais. Tamén poderán servir de orientación para outros actos, escritos e documentos que redacten os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Terceiro. Publicación e produción de efectos

Este acordo publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación.

DIRECTRICES DE TÉCNICA NORMATIVA

I. ESTRUCTURA DOS ANTEPROXECTOS DE LEI, PROXECTOS DE DECRETO LEXISLATIVO E PROXECTOS DE DISPOSICIÓNS ADMINISTRATIVAS DE CARÁCTER XERAL

a) Aspectos xerais

1. División
2. Contido
3. Obxecto único e completo
4. Homoxeneidade
5. Reprodución de preceptos legais en normas regulamentarias
6. Reprodución de normativa básica estatal en normas autonómicas

b) Título

7. Natureza do título
8. Identificación do tipo de disposición
9. Denominación
10. Uso restritivo de siglas e abreviaturas

- 11. Disposicións modificativas e disposicións de carácter temporal
- c) Índice
 - 12. Inserción de índices
- d) Parte expositiva
 - 13. Denominación da parte expositiva
 - 14. Contido
 - 15. Consultas e informes
 - 16. Contidos específicos
 - 17. División
 - 18. Fórmula aprobatoria
- e) Parte dispositiva: disposicións xerais
 - 19. Natureza
 - 20. Lugar de inclusión
- f) Parte dispositiva: sistemática e división
 - 21. Ordenación interna
 - 22. División
 - 23. Libros
 - 24. Títulos
 - 25. Capítulos
 - 26. Seccións
 - 27. Subseccións
- g) Parte dispositiva: artigos. Redacción e división
 - 28. Criterios de redacción
 - 29. Contido normativo
 - 30. Numeración
 - 31. Titulación
 - 32. Composición
 - 33. Extensión
 - 34. División do artigo
 - 35. Enumeracións

h) Parte final

- 36. Clases de disposicións
- 37. Criterio restritivo
- 38. Criterios de prevalencia
- 39. Composición
- 40. Numeración e titulación
- 41. Disposicións adicionais
- 42. Disposicións transitorias
- 43. Disposicións derogatorias
- 44. Disposicións derradeiras
- 45. Antesignatura

i) Anexos

- 46. Localización e composición
- 47. Referencia na parte dispositiva
- 48. Contido
- 49. Normas aprobatorias
- 50. Modificación dos anexos
- 51. División

j) Remisións

- 52. Natureza
- 53. Non proliferación
- 54. Uso da remisión
- 55. Indicación da remisión
- 56. Modo de realización
- 57. Remisións cruzadas e remisións encadeadas

k) Citas

- 58. Cita curta e decrecente
- 59. Economía de cita
- 60. Cita dunha serie de artigos
- 61. Mención innecesaria do diario oficial
- 62. Cita da Constitución e dos estatutos de autonomía

- 63. Cita de normas
- 64. Primeira cita e citas posteriores
- 65. Cita de ordes ministeriais
- 66. Cita de normas autonómicas
- 67. Cita de normativa comunitaria
- 68. Cita de acordos de órganos colexiados de goberno
- 69. Cita de resolucións administrativas
- 70. Cita de resolucións xudiciais
- 71. Cita do diario oficial
- 72. Citas de órganos administrativos

II. ESPECIFICIDADES DAS DISPOSICIÓNS MODIFICATIVAS

- 73. Carácter restritivo
- 74. Tipos.
- 75. Restricción das modificacións múltiples
- 76. Contido
- 77. Título
- 78. División
- 79. Estilo
- 80. Texto marco
- 81. Texto de regulación
- 82. Modificación simple
- 83. Modificación múltiple
- 84. Normas non modificativas que conteñen preceptos modificativos
- 85. Orde das modificacións
- 86. Reprodución íntegra de números ou parágrafos
- 87. Non alteración da numeración orixinal

III. ESPECIFICIDADES RELATIVAS AOS DECRETOS APROBATORIOS

- 88. Título
- 89. Artigo único
- 90. Parte final

91. Texto normativo aprobado

IV. CRITERIOS LINGÜÍSTICOS XERAIS

- 92. Linguaxe clara e precisa, de nivel culto, pero accesible
- 93. Emprego de linguas oficiais da Comunidade Autónoma
- 94. Terminoloxía uniforme
- 95. Estrutura gramatical
- 96. Fuxida da pobreza de expresión
- 97. Uso non sexista da linguaxe
- 98. Signos ortográficos
- 99. Uso específico das maiúsculas nos textos normativos
- 100. Denominacións oficiais
- 101. Concordancias de xénero e número
- 102. Abreviaturas
- 103. Uso específico de siglas

I. ESTRUCTURA DOS ANTEPROXECTOS DE LEI, PROXECTOS DE DECRETO LEXISLATIVO E PROXECTOS DE DISPOSICIÓN ADMINISTRATIVAS DE CARÁCTER XERAL

a) ASPECTOS XERAIS

1. División

Os anteproxectos de lei e os proxectos de decreto lexislativo e de disposicións administrativas de carácter xeral estrutúranse nas seguintes partes: título da disposición; parte expositiva, que no caso dos anteproxectos de lei se denominará sempre «exposición de motivos», e parte dispositiva, na cal se inclúen o articulado, a parte final e, se for o caso, os anexos.

2. Contido

O contido das disposicións debe ter unha orde lóxica que outorgue claridade ao texto e facilite a identificación de cada un dos seus preceptos dentro da estrutura do texto normativo.

Por isto, na redacción das disposicións manterase a orde seguinte:

- a) Do xeral ao particular.

- b) Do abstracto ao concreto.
- c) Do normal ao excepcional.
- d) Do substantivo ao procesual.

As prescricións desenvolveranse dunha maneira xerárquica e ordenada, sen deixar ocos nin lagoas.

3. Obxecto único e completo

Na medida do posible, nunha mesma disposición debe regularse un único obxecto, pero en todo o seu contido e, se procede, os aspectos que teñan directa relación con el. Con isto evítase a dispersión normativa, pois esta complica o ordenamento e dificulta o coñecemento e a localización da normativa aplicable.

Neste sentido, nos supostos de regulamentos de execución dunha lei, procurarase que sexan completos e non parciais. En todo caso, este tipo de regulamentos deberán cumprir a función de servir de complemento indispensable para asegurar a correcta aplicación e a plena efectividade da lei que desenvolven. A norma regulamentaria incumplirá tal labor cando se limite a reproducir os designios legais ou os desenvolva nuns termos absolutamente insuficientes, deixando numerosos asuntos sen regular.

4. Homoxeneidade

Convén velar pola homoxeneidade do texto. Para tal fin, obsérvanse as seguintes regras:

- a) O ámbito de aplicación debe respectarse no conxunto da disposición.
- b) Os dereitos e obrigas deben ser coherentes entre si e non contradirse.
- c) Un texto esencialmente temporal non debe conter disposicións de carácter definitivo.

A homoxeneidade debe observarse tamén en relación con outras disposicións normativas. Neste sentido, cómpre evitar a produción, nun mesmo ámbito, de superposicións e contradicións. A creación normativa require un proceso reflexivo no cal se deben ponderar todos os elementos que inciden na materia obxecto da norma proxeitada, o que non resulta compatible con actuacións que provoquen retrocesos, baleiros normativos ou mesmo desestruturacións

normativas que fragmenten o marco normativo en múltiples normas reguladoras de situacións idénticas ou converxentes.

5. Reprodución de preceptos legais en normas regulamentarias

A reprodución de preceptos legais en normas regulamentarias só é admisible cando resulte indispensable para a adecuada comprensión e estruturación da norma. Nestes casos, exíxese a reprodución literal do precepto legal. O regulamento debe evitar a utilización de fórmulas alternativas á dicción legal, pois iso pode introducir dúbidas ou inseguridade na interpretación e na aplicación da norma.

Xunto ao anterior, un risco inherente á técnica de reprodución de preceptos legais en normas regulamentarias radica na posible confusión sobre a procedencia das normas contidas no texto regulamentario, de aí que, cando se faga uso desa técnica, deberá incluírse unha referencia expresa aos preceptos legais que son obxecto de reprodución, precedida da expresión «de acordo con» ou «de conformidade con».

6. Reprodución de normativa básica estatal en normas autonómicas

Conforme a doutrina do Tribunal Constitucional, a técnica consistente na reprodución en normas autonómicas de normativa básica estatal é admisible sempre que sirva á finalidade dunha mellor intelixibilidade da norma, permitindo así que no texto normativo queden perfectamente integradas as normas básicas estatais e as autonómicas co fin de que os seus destinatarios poidan ter unha visión de conxunto da regulación aplicable. Neste sentido, na memoria xustificativa que conste no expediente de elaboración da norma deberá facerse unha mención á escolla desta opción de técnica normativa, fronte á outra posibilidade consistente en regular unicamente os aspectos innovadores ou de desenvolvemento, remíttndose no resto á normativa básica estatal.

Ademais, en caso de utilizar a técnica de reprodución da normativa básica estatal, deberá recollerse unha referencia expresa aos preceptos estatais que son obxecto de reprodución, precedida da expresión «de acordo con» ou «de conformidade con». Alén disto, a reprodución deberá ser literal, evitando alteracións, pois con elas

poden introducirse matices ou xiros de relevancia substantiva ou material e non meramente nominal ou de estilo.

Xunto ao anterior, debe evitarse a simple reprodución de normas básicas estatais en normas autonómicas, sen engadir ningún contido de regulación propia, pois esta técnica, dalgún modo, implica renunciar ás posibilidades dunha normativa autonómica propia ou, polo menos, adaptada ás características propias da Administración autonómica en cada materia. E é que unha das características das normas básicas é, precisamente, evitar unha regulación de detalle en exceso para así posibilitar suficiente marxe para a regulación das especificidades propias por parte das normas autonómicas. De aí que a simple repetición das normas básicas noutras autonómicas poña, en certo modo, estas últimas en cuestión, no sentido de que non cumprirían propiamente o seu papel complementador da normativa de que derivan, desnaturalizando o seu papel e convertendo así a propia regulación, en certa medida, nun esforzo inútil.

b) TÍTULO

7. Natureza do título

O título forma parte do texto e permite a súa identificación, interpretación e cita.

Debe ser diferente dos títulos das outras disposicións en vigor.

8. Identificación do tipo de disposición

O título iníciase sempre coa identificación do tipo de disposición.

Na tramitación de expedientes relativos á iniciativa lexislativa do Consello da Xunta, o texto denominarase «Anteproxecto de lei». Cando o Consello da Xunta aprobe o texto definitivo para a súa remisión ao Parlamento pasará a denominarse «Proxecto de lei».

Nos casos de lexislación delegada, o título incluírá a expresión «Proxecto de decreto lexislativo».

En relación coas disposicións administrativas de carácter xeral, o texto denominarase, segundo os casos, «Anteproxecto de decreto» ou «Anteproxecto de orde» ata que se produza a súa aprobación inicial como «Proxecto de decreto» ou «Proxecto de orde», conforme o disposto no artigo 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decem-

bro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Unha vez aprobados, os decretos e os decretos lexislativos recibirán o seu número de orde en cada tipo, referido ao ano da súa aprobación. O número e ano –este expresado coas súas catro cifras en caracteres numéricos– deben ir separados por unha barra e seguidos da mención do día, en cifra, e do mes, en letra. Tamén as leis, unha vez aprobadas polo Parlamento, se numeran de igual forma. En consecuencia, durante o procedemento de elaboración destas disposicións, no título, despois da identificación do tipo de disposición, deixarase en branco o espazo correspondente ao número, ao ano e á data de aprobación.

As ordes, unha vez aprobadas, soamente deben facer constar a data, comezando polo día, en número, seguido do mes, en letra, e do ano co número completo. Detrás da data, menciónase o/a conselleiro/a do/da cal emana a disposición. En consecuencia, durante o procedemento de elaboración destas disposicións, no título, despois da identificación do tipo de disposición, deixarase en branco o espazo correspondente á data.

9. Denominación

Tras a identificación da disposición sitúase o nome, que tamén forma parte do título.

O nome indica o obxecto da disposición e o seu contido esencial de modo que permita facerse unha idea do seu contido e diferencialo do de calquera outra disposición. A súa redacción debe ser clara e concisa, sen inclusión de descricións propias da parte dispositiva. Debe reflectir con exactitude e precisión a materia regulada, evitando que importantes aspectos que son obxecto de regulación non teñan reflexo nel.

Os termos empregados no título deben ser os mesmos que se encontren no texto normativo.

10. Uso restritivo de siglas e abreviaturas

No nome da disposición debe evitarse, no posible, o uso de siglas e abreviaturas.

11. Disposicións modificativas e disposicións de carácter temporal

Nas disposicións modificativas o nome debe indicar este carácter explicitamente, con cita do título completo da disposición modificada. A cláusula utilizada será: «Anteproxecto de lei/Proxecto de decreto... pola/lo que se modifica ...».

Nas disposicións de carácter temporal debe facerse constar no nome o seu período de vixencia.

c) ÍNDICE

12. Inserción de índices

Nas disposicións de gran complexidade e amplitude é conveniente incluír un índice.

O índice debe ir colocado despois do título e sempre antes da parte expositiva. Se se trata de decretos lexislativos ou decretos aprobatorios, o índice situarase inmediatamente despois do título da disposición aprobada.

O índice conterá as distintas divisións do texto coas súas respectivas epígrafes e tamén poderá incluír a referencia aos artigos que integran cada unha das divisións.

d) PARTE EXPOSITIVA

13. Denominación da parte expositiva

Nos anteproxectos de lei, a parte expositiva denomínase «exposición de motivos» e débese inserir así no texto correspondente, colocando a citada expresión centrada no texto e escrita con letras maiúsculas. Todos os anteproxectos de lei deberán levar exposición de motivos, ademais do resto da documentación ou dos antecedentes que a súa natureza particular exixa.

Nas demais disposicións non se titulará a parte expositiva.

14. Contido

A función da parte expositiva é a de describir o contido da disposición, indicando o seu obxecto e finalidade, os seus antecedentes e as competencias e habilitacións en cuxo exercicio se dita, facendo mención á incidencia que poida ter na normativa en vigor, con especial atención aos aspectos novos. Se é preciso, resumirá sucin-

tamente o contido da disposición co fin de lograr unha mellor comprensión do texto, pero non conerá partes do texto do articulado, pois á parte expositiva estalle vedado todo contido normativo, que se debe trasladar necesariamente á parte dispositiva do texto.

Deben evitarse nela as exhortacións, as declaracións didácticas, as frases laudatorias e outras manifestacións análogas.

Non debe confundirse a parte expositiva coa memoria xustificativa que ten que formar parte do expediente de elaboración da norma. A dita memoria debe recoller unha análise máis ampla da regulación normativa proxectada.

15. Consultas e informes

Na parte expositiva deberanse destacar os aspectos máis relevantes da tramitación: consultas efectuadas, principais informes emitidos, audiencia das entidades e sectores afectados, etc. Esta información deberá figurar en parágrafo independente, antes da fórmula aprobatoria.

16. Contidos específicos

Nos proxectos de decreto lexislativo, a parte expositiva deberá conter unha referencia expresa á lei en virtude da cal se efectúa a delegación. Pola súa vez, se esta última confire a potestade de refundir textos, especificarase se a habilitación autoriza ou non para os regularizar, aclarar ou harmonizar.

Nos proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral incluírase unha referencia, se for o caso, á habilitación legal específica e ao chamamento que faga o lexislador ao ulterior exercicio, polo seu titular, da potestade regulamentaria.

17. División

A parte expositiva non ten necesariamente que ser extensa, a menos que a complexidade ou a novidade do contido da parte dispositiva o aconsellen, sobre todo no caso dos anteproxectos de lei. Cando resulte longa, poderase dividir en partes, que se identificarán con números romanos centrados no texto.

18. Fórmula aprobatoria

Os proxectos normativos, exceptuando os anteproxectos de lei, incluírán a fórmula aprobatoria destes, que se inserirá ao final da parte expositiva.

Nos proxectos de decreto legislativo e nos proxectos de decreto a dita fórmula iniciárase co sintagma «na súa virtude» seguido da referencia ao conselleiro ou á conselleira propoñente, baixo a fórmula «por proposta de...». En caso de proposta conxunta, a referencia aos/ás conselleiros/as propoñentes farase baixo a fórmula «por proposta conxunta de...». A continuación, se o houber, deberá aludirse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia empregando a fórmula que proceda de entre as previstas no artigo 11.5 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Por último, deberá facerse referencia á deliberación previa do Consello da Xunta na súa reunión da data de aprobación. O parágrafo pecharase cunha coma e, en liña inferior, colocárase, centrada e con maiúsculas, a palabra «DISPOÑO», seguida de dous puntos.

Nos proxectos de orde a ligazón farase mediante unha frase que comezará coa expresión «en consecuencia», «por isto» ou outra similar, e terminará coa palabra «ACORDO» ou «RESOLVO» en maiúsculas. No caso de regulamentos executivos, na fórmula aprobatoria deberá aludirse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia nos termos indicados no citado artigo 11.5 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Exemplos de fórmula aprobatoria:

«Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día...,

DISPOÑO:»

e) PARTE DISPOSITIVA: DISPOSICIÓNS XERAIS

19. Natureza

As disposicións xerais son aquelas que fixan o obxecto e o ámbito de aplicación da norma. Enténdese por obxecto a materia sobre a cal versa a norma mentres que o termo «ámbito de aplicación» designa as categorías de situacións de feito ou de dereito e as persoas a que se aplica a disposición.

Tamén é contido propio das disposicións xerais dunha norma recoller as definicións necesarias para unha mellor comprensión dal-

gúns dos termos empregados nela e, se for o caso, os principios xerais da regulación que establece.

20. Lugar de inclusión

As disposicións xerais deberán figurar nos primeiros artigos da norma e son directamente aplicables xa que se inclúen na parte dispositiva.

Se a norma se divide en títulos, os artigos que conteñan disposicións xerais incluíranse no título preliminar, baixo a epígrafe «Disposicións xerais» ou outras do tipo «Ámbito e finalidade».

Se a norma se divide en capítulos, os artigos que conteñan disposicións xerais incluíranse no capítulo I, coa epígrafe antes sinalada.

f) PARTE DISPOSITIVA: SISTEMÁTICA E DIVISIÓN

21. Ordenación interna

A parte dispositiva ordenarase internamente, segundo proceda, adoptando a seguinte estrutura:

Disposicións xerais

- a) Obxecto
- b) Ámbito de aplicación
- c) Definicións
- d) Principios Parte substantiva
- e) Normas substantivas
- f) Normas organizativas
- g) Normas planificadoras
- h) Normas prescritoras de dereitos, obrigas, prohibicións e limitacións
- i) Infraccións e sancións Parte procedemental
- j) Normas procedementais
- k) Normas procesuais e de garantía Parte final
- l) Disposicións adicionais
- m) Disposicións transitorias
- n) Disposicións derogatorias
- ñ) Disposicións derradeiras

Anexos

22. División

O artigo é a unidade básica de toda disposición normativa, polo que esta división debe aparecer sempre nesas disposicións, calquera que for a extensión do texto. O articulado poderase dividir en:

- a) Libros
- b) Títulos
- c) Capítulos
- d) Seccións
- e) Subseccións

Non se pasará dunha unidade de división a outra omitindo algunha intermedia, salvo no caso das seccións, xa que os capítulos poderán dividirse en seccións e estas, se procede, en subseccións, ou ben directamente en artigos. Tamén, de maneira excepcional, pode haber títulos sen capítulos, cando estes non sexan necesarios, tal e como se indica na directriz 24.

23. Libros

A división en libros é excepcional nas disposicións normativas. Unicamente os anteproxectos de lei ou os proxectos de decreto lexislativo moi extensos e con vocación de codificar un determinado sector do ordenamento xurídico se poderán dividir en libros.

Os libros irán numerados con ordinais expresados en letras e deberán ir titulados. A composición será a seguinte:

LIBRO PRIMEIRO

(centrado, maiúscula, sen punto)

Dos dereitos e deberes

(centrado, minúscula salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, grosa, sen punto)

24. Títulos

Soamente se dividirán en títulos as disposicións que conteñan partes claramente diferenciadas e cando a súa extensión así o aconselle.

Nos títulos agruparanse sistematicamente os capítulos, aínda que excepcionalmente pode haber títulos sen capítulos cando estes non sexan necesarios.

O título deberá ir numerado con romanos, salvo o disposto para as disposicións xerais. Das cales, conforme o disposto na directriz 20, se situarán nun título preliminar, se a disposición se divide en títulos, e debe levar nome ou título.

A composición será a seguinte:

TÍTULO PRELIMINAR

(centrado, maiúscula, sen punto)

Disposicións xerais

(centrado, minúscula salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, grosa, sen punto)

ou

TÍTULO IX

(centrado, maiúscula, sen punto)

Réxime sancionador

(centrado, minúscula salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, grosa, sen punto)

25. Capítulos

A división en capítulos non é obrigada senón que debe facerse soamente por razóns sistemáticas e non a causa da extensión do proxecto de disposición.

Os capítulos deben ter un contido materialmente homoxéneo, numeraranse con romanos e deben levar título.

A composición será a seguinte:

CAPÍTULO

(centrado, maiúscula, sen punto)

Práctica das apostas

(centrado, minúscula salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, grosa, sen punto)

26. Seccións

Trátase dunha subdivisión opcional dos capítulos. Só se dividirán en seccións os capítulos moi extensos e con partes claramente diferenciadas.

As seccións numeraranse con ordinais arábigos en feminino e deberán levar título. A composición será a seguinte:

Sección 1ª. Edificios de uso público

(centrado, minúscula salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, cursiva, sen punto)

27. Subseccións

Excepcionalmente as seccións de certa extensión poden dividirse en subseccións, cando regulen aspectos que admitan unha clara diferenciación dentro do conxunto.

As subseccións numeraranse con ordinais arábigos en feminino e deberán levar título. A composición será a seguinte:

Subsección 1ª. A Comisión Galega de Protección Civil

(centrado, minúscula salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, cursiva, sen punto)

g) PARTE DISPOSITIVA: ARTIGOS. REDACCIÓN E DIVISIÓN

28. Criterios de redacción

Os criterios orientadores básicos na redacción dun artigo son os seguintes: cada artigo, un tema; cada parágrafo, un enunciado; cada enunciado, unha idea.

A información dos artigos ordenarase de forma lóxica, isto é, a idea central indicarse nun primeiro parágrafo seguido dos estritamente necesarios para expresar as especificacións que procedan.

Debe procurarse que o artigo constitúa unha unidade de sentido completa, de maneira que para comprendelo non sexa necesario recorrer ao artigo anterior nin ao posterior.

29. Contido normativo

Deben dotarse os artigos de contido normativo, obviando motivacións ou explicacións, cuxo lugar adecuado é a parte expositiva da

disposición. Tampouco deben conter desexos, intencións, declaracións nin formulacións innecesarias ou carentes de sentido.

Debe evitarse, así mesmo, o emprego de expresións de posibilidade ou excesivamente amplas xa que a redacción da norma nestes termos (por exemplo «poderá autorizar», «poderá establecer») ou mediante cláusulas abertas introduce incerteza á hora de interpretar e aplicar a norma en cuestión e mesmo pode ser fonte de arbitrariedade na actuación dos poderes públicos.

30. Numeración

Os artigos deben numerarse con cardinais arábigos, desde o 1 ata o que corresponda, en orde correlativa e serie única, sen alterar nin interromper a numeración en ningún caso.

No suposto de que a disposición conteña un só artigo, este deberá designarse como «artigo único».

Nas normas modificativas observarse o disposto na parte correspondente ás especificidades deste tipo de normas.

31. Titulación

Os artigos deberán levar un título ou epígrafe que indique concisamente o contido ou a materia a que se refiren.

Non pode repetirse o mesmo título ou epígrafe en distintos artigos dunha mesma disposición.

32. Composición

A composición dos artigos será a seguinte:

Na marxe esquerda da liña superior á do texto do artigo correspondente escribirase a palabra «Artigo» en minúscula, salvo a primeira letra, citando a palabra completa, non a súa abreviatura, no mesmo tipo de letra que o texto e sen grosa nin subliñado nin cursiva. Despois da palabra «Artigo» debe ir o cardinal arábigo, seguido dun punto e un espazo. A seguir, en cursiva, debe colocarse o título do artigo en minúscula, salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, e sen punto ao final.

O contido do artigo porase na liña inferior ao seu título, en minúscula salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, sen grosa, nin subliñado nin cursiva.

Exemplo:

Artigo 1. *Obxecto*

O presente decreto ten por obxecto regular (...).

33. Extensión

Os artigos non deben ser excesivamente longos. Cada artigo debe conter un precepto, un mandato, unha instrución ou unha regra, ou máis dun, sempre que respondan a unha mesma unidade temática.

34. División do artigo

No suposto de que os artigos sexan especialmente complexos, isto é, que regulen aspectos que se deban diferenciar con precisión, deben dividirse en números. Tamén se recorrerá á división do artigo en números cando, para introducir especificacións respecto da idea central sobre a que versa o artigo, sexan necesarios máis de dous ou tres parágrafos.

Estes números escríbanse con cardinais arábigos, a non ser que só haxa un. En tal caso, non se numerará.

Non é conveniente que os artigos teñan máis de catro números xa que o exceso de subdivisións dificulta a comprensión, polo que resulta máis adecuado transformalas en novos artigos.

Os distintos parágrafos dun número non se consideran subdivisións deste, polo que non deben ir numerados.

Cando deba subdividirse un número, farase en alíneas sinaladas con letras minúsculas, ordenadas alfabeticamente a partir do «a» e envoltas co signo de paréntese posterior. Usaranse todas as letras simples do alfabeto, pero non os dígrafos «ch» e «ll».

Cando o parágrafo ou bloque de texto deba, pola súa vez, subdividirse, circunstancia que debe ser excepcional, as divisións numeraranse correlativamente con ordinais arábigos, en masculino ou en feminino, segundo proceda (1º, 2º, 3º ou 1ª, 2ª, 3ª).

Non se deben utilizar en ningún caso guións, asteriscos nin outro tipo de marcas no texto da disposición.

Para a cita destas divisións internas dun artigo observárase o disposto na directriz 58.

35. Enumeracións

As enumeracións que se realicen nun artigo deben respectar as seguintes regras:

- a) Todos os ítems deben ser da mesma clase de modo que a enumeración debe ter un tema común.
- b) Os ítems non deben ir sangrados, senón que terán as mesmas marxes que o resto do texto.
- c) Cada ítem deberá concordar gramaticalmente coa fórmula introdutoria e co inciso final, se o hai.
- d) As cláusulas introdutoria e de peche non estarán tabuladas.
- e) Como norma xeral, a primeira letra de cada ítem escribírase con maiúscula e os ítems deberán separarse entre eles con punto e á parte. No caso de que a enumeración sexa unha lista ou relación formada unicamente por sintagmas nominais, cada ítem poderá iniciarse con minúscula e acabar cunha coma, excepto o penúltimo, que acabará coas conxuncións «ou» ou «e», e o último, que, de non haber cláusula de peche, acabará con punto e á parte.
- f) Debe restrinxirse a utilización de puntos suspensivos mediante a súa substitución por unha cláusula de peche que dea cabida ao resto de supostos análogos aos que conforman a enumeración.

h) PARTE FINAL

36. Clases de disposicións

A parte final das normas poderá dividirse nas seguintes clases de disposicións e nesta orde, que se deberá respectar sempre:

- a) Disposicións adicionais
- b) Disposicións transitorias
- c) Disposicións derogatorias
- d) Disposicións derradeiras

37. Criterio restritivo

Deberá utilizarse un criterio restritivo na elaboración da parte final. Só se incluírán os preceptos que respondan aos criterios que a definen.

As disposicións adicionais, no entanto, poderán incorporar as regras que non poidan situarse no articulado sen prexudicar a súa coherencia e unidade interna.

38. Criterios de prevalencia

Na elaboración das disposicións da parte final teranse en conta os seguintes criterios:

- a) O contido transitorio debe prevalecer sobre os demais
- b) O contido derogatorio prevalecerá sobre o final e o adicional
- c) O contido final prevalecerá sobre o adicional

39. Composición

A composición das disposicións da parte final será a seguinte:

Na marxe esquerda da liña superior á do texto da disposición correspondente escribirase o tipo de disposición en minúscula, salvo a primeira letra da primeira palabra, citando as palabras completas, sen abreviaturas, no mesmo tipo de letra que o texto e sen grosa nin subliñado nin cursiva. A seguir débese escribir o ordinal en letra, seguido dun punto e un espazo. Despois figurará o título da disposición en cursiva e con minúsculas, salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, e sen punto ao final.

Nas liñas seguintes situarase o texto da disposición, en minúscula salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, sen grosa, nin subliñado nin cursiva.

Exemplo:

«Disposición adicional primeira. *Consortios autonómicos*

O patrimonio dos consorcios autonómicos regularase polos seus estatutos.»

40. Numeración e titulación

Cada unha das clases de disposicións en que se divide a parte final terá numeración correlativa propia, con ordinais femininos en letra. De haber unha soa disposición, denominarase «única».

As disposicións da parte final deben levar título.

41. Disposicións adicionais

Estas disposicións deberán regular:

a) Os réximes xurídicos especiais que non poidan situarse no articulado. A orde destes réximes será a seguinte: territorial, persoal, económico e procesual.

O réxime xurídico especial implica a creación de normas reguladoras de situacións xurídicas diferentes das previstas na parte dispositiva da norma. Estes réximes determinarán de forma clara e precisa o ámbito de aplicación e a súa regulación será suficientemente completa para que poidan ser aplicados inmediatamente.

b) As excepcións, dispensas e reservas á aplicación da norma ou dalgún dos seus preceptos, cando non sexa posible ou adecuado regular estes aspectos no articulado.

c) Os mandatos e autorizacións non dirixidos á produción de normas xurídicas. Deberán usarse restritivamente e establecerán, se for o caso, o prazo dentro do cal se deberán cumprir.

d) Os preceptos residuais que, pola súa natureza e contido, non teñan acomodo en ningunha outra parte do texto da norma.

Exemplos:

«Disposición adicional primeira. *Consello do Turismo de Galicia*

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei constituirase o Consello do Turismo de Galicia.

Disposición adicional sexta. *Réxime xurídico de determinados organismos*

O Servizo Galego de Saúde rexerase polo establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e, no non previsto nela, pola presente lei».

42. Disposicións transitorias

Estas disposicións teñen como finalidade facilitar o tránsito ao réxime xurídico previsto pola nova regulación.

O redactor examinará sempre os problemas de transitoriedade que a entrada en vigor da disposición poida orixinar.

As disposicións transitorias deben utilizarse con carácter restritivo e deberá delimitarse de forma precisa a aplicación temporal e material da disposición transitoria correspondente. Evitaranse fórmulas vagas e imprecisas como, por exemplo, «respectaranse os dereitos adquiridos».

Estas disposicións incluírán exclusivamente, e por esta orde, os preceptos seguintes:

- a) Os que establezan unha regulación autónoma e diferente da establecida polas normas nova e antiga para regular situacións xurídicas iniciadas antes da entrada en vigor da nova disposición.
- b) Os que declaren a pervivencia ou ultraactividade da norma antiga para regular as situacións xurídicas iniciadas antes da entrada en vigor da nova disposición.
- c) Os que declaren a aplicación retroactiva ou inmediata da norma nova para regular situacións xurídicas iniciadas antes da súa entrada en vigor.
- d) Os que, para facilitar a aplicación definitiva da nova norma, declaren a pervivencia ou ultraactividade da antiga para regular situacións xurídicas que se produzan despois da entrada en vigor da nova disposición.
- e) Os que, para facilitar a aplicación definitiva da nova norma, regulen de modo autónomo e provisional situacións xurídicas que se produzan despois da súa entrada en vigor.

Non poden considerarse disposicións transitorias as seguintes: as que se limiten a diferir a aplicación de determinados preceptos da norma sen que isto implique a pervivencia dun réxime xurídico previo e as que deixan de ter eficacia cando se aplican unha soa vez.

Exemplo:

«Disposición transitoria única. *Procedementos en tramitación*

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei tramitaranse e resolveranse conforme a normativa vixente no momento da presentación da solicitude.»

43. Disposicións derogatorias

As disposicións derogatorias conterán unicamente as cláusulas de derogación do dereito vixente, que deberán ser precisas e expresas, evitando que pervivan no ordenamento xurídico diversas normas co mesmo ámbito de aplicación.

Así, deberá recollerse unha relación cronolóxica e exhaustiva de todas as disposicións derogadas e pecharse a lista cunha cláusula

xeral de salvagarda que delimitará a materia obxecto de derogación e que será do seguinte teor: «Así mesmo, quedan derogadas tantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto en...», indicando a seguir o tipo de norma.

A disposición derogatoria incluírá, se for o caso, e nunha parte diferenciada, unha cláusula de vixencias que conterá unha relación cronolóxica e exhaustiva de todas as disposicións sobre a materia que continuarán vixentes.

Non é preciso exceptuar da derogación o disposto nas disposicións transitorias, pois as disposicións derogatorias non prevalecen sobre estas tal e como establece a directriz 38.

Exemplo:

«Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Queda derogada a Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega, e tantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.

2. Mantén a súa vixencia, no que non resulte incompatible coa presente lei, o Regulamento para a execución da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo, en canto non entren en vigor as disposicións de desenvolvemento da presente lei que o substitúan.»

44. Disposicións derradeiras

As disposicións derradeiras incluírán, por esta orde:

- a) Os preceptos que modifiquen o dereito vixente, cando a modificación non sexa obxecto principal da disposición. Tales modificacións terán carácter excepcional.
- b) As cláusulas de salvagarda do rango de certas disposicións ou de competencias alleas.
- c) As regras de supletoriedade, se for caso.
- d) A incorporación, cando proceda, do dereito comunitario.
- e) As autorizacións e mandatos dirixidos á produción de normas xurídicas (tales como habilitacións de desenvolvemento regulamentario, mandatos de presentación de proxectos normativos,

autorización de modificación futura do contido dos anexos da propia norma para adaptalos a novas situacións, e similares).

As cláusulas de habilitación regulamentaria dirixiranse á persoa titular do órgano e delimitarán o ámbito material e, se procede, os prazos e os principios e criterios que deberá conter o futuro desenvolvemento. Estas cláusulas deberán evitar ser xenéricas, tratando de concretar, na medida do posible, os desenvolvementos regulamentarios futuros.

f) As regras sobre a entrada en vigor da norma e, se for o caso, sobre a finalización da súa vixencia.

A entrada en vigor fixarase preferentemente sinalando o día, mes e ano en que se deba producir.

Fixarase por referencia á publicación cando a nova disposición deba entrar en vigor de forma inmediata e a fórmula correcta é «entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación» (e non «ao día seguinte da súa publicación»).

A *vacatio legis* deberá posibilitar o coñecemento material da norma e a adopción das medidas necesarias para a súa aplicación, de maneira que soamente con carácter excepcional a nova disposición preverá a entrada en vigor no mesmo momento da súa publicación.

No caso de non se establecer ningunha indicación, a norma entrará en vigor aos vinte (20) días da súa publicación, de acordo co disposto no Código civil e no artigo 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No caso de que a entrada en vigor sexa gradual, deberán especificarse con toda claridade os artigos cuxa entrada en vigor se atrasa ou adianta, así como o momento en que debe producirse a súa entrada en vigor, da seguinte maneira: «A presente lei (decreto...) entrará en vigor..., excepto os títulos (capítulos/artigos...) que o farán...».

Se o que se atrasa é a produción de determinados efectos, a especificación de cales son e cando terán plena eficacia farase tamén nunha disposición derradeira que fixe a eficacia temporal da norma nova, salvo cando isto implique a pervivencia temporal da norma derogada, que é propio dunha disposición transitoria.

Exemplos:

«Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

1. Nun prazo non superior a doce meses desde a entrada en vigor desta lei a Administración xeral da Comunidade Autónoma desenvolverá:

- a) A regulación dos espazos tecnolóxicos e das áreas de innovación previstos no capítulo IV desta lei.
- b) O regulamento de funcionamento do Consello Asesor en Investigación e Innovación de Galicia.
- c) O regulamento do Rexistro de Axentes do Sistema Galego de Investigación e Innovación.
- d) O regulamento do Observatorio de Innovación de Galicia.

2. Autorízase a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para ditar e modificar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei».

45. Antesignatura

Os proxectos de disposición administrativa de carácter xeral e de decreto lexislativo incorporarán a antesignatura correspondente de quen vaia asinar e, se for o caso, referendar a disposición.

i) ANEXOS

46. Localización e composición

Se a disposición leva anexos, estes deberán figurar a seguir dos espazos en branco correspondentes á data e á sinatura ou sinaturas.

Os anexos deberán ir numerados con romanos, a non ser que haxa un só (en tal caso, non se numerará), e titulados coa denominación que faga referencia ao seu contido respectivo.

A composición dos anexos será a seguinte:

ANEXO I

(centrado, maiúscula, sen punto)

Modelo de distintivo

(centrado, en minúscula salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, grosa, sen punto)

47. Referencia na parte dispositiva

Na parte dispositiva da norma haberá sempre unha referencia clara e expresa ao anexo ou, se son varios, a cada un deles.

48. Contido

Os anexos conterán:

- a) Conceptos, regras, requisitos técnicos, gráficos, planos, táboas, series numéricas e outros elementos que non poidan expresarse mediante a escritura.
- b) Relacións de persoas, bens, lugares, etc., respecto dos cales haxa que concretar a aplicación das disposicións do texto.
- c) Acordos ou convenios que o texto dota de valor normativo.
- d) Outros documentos que, pola súa natureza e contido, deban integrarse na disposición como anexo.

49. Normas aprobatorias

Non deben considerarse nin denominarse anexos, aínda que a súa localización na norma sexa similar, os textos articulados ou refundidos aprobados mediante decreto lexislativo, nin os regulamentos, estatutos ou outras normas que se aproban mediante a disposición de que se trate. En relación con esta cuestión, debe observarse o disposto nas directrices 86 a 89.

50. Modificación dos anexos

Cando se considere necesario e a natureza do anexo o permita, as cláusulas de habilitación para o desenvolvemento regulamentario poderán autorizar para a modificación do contido dos anexos.

51. División

Como norma xeral, as divisións do anexo adecuaranse ás regras de división do articulado.

j) REMISIONS

52. Natureza

Prodúcese unha remisión cando unha disposición se refire a outra ou outras de modo que o contido destas últimas deba considerarse parte integrante dos preceptos incluídos na primeira.

As remisións deberán indicar que o son e precisar o seu obxecto con expresión da materia, a norma á cal remiten e o alcance.

53. Non proliferación

Deberá evitarse a proliferación de remisións. O recurso a estas administrárase con prudencia e sobriedade.

54. Uso da remisión

As remisións utilizaranse cando simplifiquen o texto da disposición e non prexudiquen a súa comprensión ou reduzan a súa claridade.

55. Indicación da remisión

A remisión deberá indicarse mediante expresións como «de acordo con» ou «de conformidade con».

Debe advertirse que as consecuencias das remisións introducidas pola fórmula «sen prexuízo» con frecuencia distan moito de ser claras. En particular, poden existir contradicións entre a disposición en que se fai a remisión e a norma á cal remite, o que poderá evitarse delimitando mellor o ámbito de aplicación. Ademais, é superfluo remitir mediante esta fórmula a disposicións de rango superior, xa que estas son de aplicación en calquera caso.

56. Modo de realización

A remisión non debe limitarse a indicar un determinado número dun artigo, senón que deberá incluír unha mención conceptual que facilite a súa comprensión. Por tanto, a remisión non debe realizarse xenericamente ás disposicións, senón, no posible, ao seu contido textual, para que o principio de seguridade xurídica non se resinta.

57. Remisións cruzadas e remisións encadeadas

Unha remisión cruzada é aquela que se efectúa a outra norma que remite, pola súa vez, á norma que fixo a remisión.

Unha remisión encadeada é unha remisión a outra norma que remite, pola súa vez, a unha terceira norma e así sucesivamente.

En prol da mellor comprensión das disposicións normativas, deben evitarse ambos os tipos de remisións.

k) CITAS

58. Cita curta e decrecente

Deberase utilizar a cita curta e decrecente, respectando a forma en que estea numerado o artigo, coa seguinte orde: número do artigo, número da división e, se for o caso, a alínea ou parágrafo de que se trate (exemplo: «de conformidade co artigo 14.1.a), parágrafo segundo, da Orde...»).

Só se permitirá a excepción cando se trate da identificación dun precepto que se vaia modificar. En tal caso, poderá extraerse da cita decrecente o precepto exacto que sofre a modificación (exemplo: «O terceiro parágrafo do artigo 17.3.b) queda redactado da seguinte maneira:»).

Non se admitirá a cita ascendente, salvo que afecte anexos en que non se siga a división interna prevista nestas directrices.

59. Economía de cita

Cando se cite un precepto da mesma disposición, non deberán utilizarse expresións tales como «da presente lei» ou «deste decreto», excepto cando se citen conxuntamente preceptos da mesma disposición e doutra diferente. Actuarase da mesma maneira cando a cita afecte unha parte do artigo en que aquela se produce.

60. Cita dunha serie de artigos

Cando se cite unha serie de preceptos, deberá quedar claro cal é o primeiro e cal o último dos citados, mediante o uso de expresións tales como «ambos inclusive».

61. Innecesaria mención do diario oficial

Nas citas non se deberá mencionar o diario oficial en que se publicou a disposición ou resolución citada.

62. Cita da Constitución e dos estatutos de autonomía

A cita da Constitución debe realizarse sempre polo seu nome: Constitución española. Non deben utilizarse para a súa cita sinónimos tales como «norma suprema», «norma fundamental», etc.

Os estatutos de autonomía poden citarse de forma abreviada coa súa denominación propia, sen necesidade de incluír a referencia á lei orgánica pola cal se aproban (por exemplo: Estatuto de autonomía de Galicia).

63. Cita de normas

A cita debe incluír o título completo da norma: tipo (completo), número e ano (cos catro díxitos), separados por unha barra inclinada, data e nome.

Tanto a data da disposición como o seu nome deben escribirse entre comas.

Exemplo:

«... de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e normas que a desenvolvan.»

Exceptúanse desta regra aquelas normas preconstitucionais que se encontran aínda en vigor e que, pola súa antigüidade, non poden adecuarse aos criterios de cita fixados, polo que se deberán citar polo seu nome, por exemplo: Lei hipotecaria, Código civil ou Código de comercio.

64. Primeira cita e citas posteriores

A primeira cita dunha norma, tanto na parte expositiva como na parte dispositiva, deberá realizarse completa e poderá abreviarse nas demais ocasións sinalando unicamente o tipo, o número e o ano, se for o caso, e a data.

Xunto a isto, salvo que outra cousa se indique expresamente, a referencia a unha norma sobreenténdese á redacción vixente en cada momento, polo que non é procedente que na parte dispositiva se

cite unha norma con referencia a todas as súas modificacións. Esta regra non rexe para o caso da cita de normas na parte expositiva, pois esta, polo seu carácter explicativo, admite a mención dunha norma seguida da das súas modificacións cando isto sexa preciso para describir os antecedentes e as razóns que motivan a aprobación da nova norma.

65. Cita de ordes ministeriais

No caso de ordes ministeriais publicadas no *Boletín Oficial del Estado*, a cita realizarase segundo o disposto no Acordo do Consello de Ministros, do 21 de decembro de 2001, polo que se dispón a numeración das ordes ministeriais que se publican no «*Boletín Oficial del Estado*», feito público mediante a Orde do 21 de decembro de 2001.

O resto das ordes ministeriais citarase do seguinte modo: tipo, ministerio, data (día, mes e ano) e nome.

Exemplo:

«De acordo co artigo único da Orde HAP/490/2013, do 27 de marzo, pola que se modifica a Orde HAP/2662/2012, do 13 de decembro, pola que se aproba o modelo 696 de autoliquidación e o modelo 695 de solicitude de devolución da taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional nas ordes civil, contencioso-administrativa e social e se determinan o lugar, forma, prazos e os procedementos de presentación.»

66. Cita de normas autonómicas

Nas citas de normas doutras comunidades autónomas debe sinalarse, detrás do tipo, o nome oficial da comunidade autónoma que corresponda.

67. Cita de normativa comunitaria

As normas comunitarias citaranse seguindo os seguintes modelos:

«Regulamento (UE) nº 1215/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2012, relativo á competencia xudicial, ao recoñecemento e á execución de resolucións xudiciais en materia civil e mercantil.

Directiva 2014/25/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á contratación por entidades que operan nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais e pola que se derroga a Directiva 2004/17/CE.

Decisión 2013/776/UE de execución da Comisión, do 18 de decembro de 2013, pola que se crea a Axencia Executiva no Ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural e se derroga a Decisión 2009/336/CE.»

68. Cita de acordos de órganos colexiados de goberno

No caso de acordos de órganos colexiados de goberno (como o Consello da Xunta ou o Consello de Ministros), a cita realizarase do seguinte modo: tipo, órgano, data (día, mes e ano) e nome.

Tanto a data do acordo como o seu nome deben escribirse entre comas. Exemplo:

«De acordo co disposto no punto primeiro do Acordo do Consello da Xunta, do 5 de xuño de 2014, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación, e coa finalidade de cumprir o dito punto...»

69. Cita de resolucións administrativas

Se se trata de resolucións, a cita realizarase do seguinte modo: tipo, órgano, data (día, mes e ano) e título ou resumo do seu contido.

Exemplo:

«De acordo co disposto na Resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, do 12 de febreiro de 2014, pola que se publica o Protocolo xeral de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia polo que se establecen os principios para a localización e condicións da base da brigada de reforzo contra incendios forestais e actuación do seu persoal.»

70. Cita de resolucións xudiciais

As sentenzas do Tribunal Constitucional deben citarse do seguinte modo: Sentenza ou sentenzas do Tribunal Constitucional ou STC (sen variación no plural), número e ano (cos catro díxitos), separados por unha barra inclinada, data (día e mes) e asunto.

Os fundamentos xurídicos da sentenza, en caso de que se requiran, poderanse citar mediante as abreviaturas «f.x.» ou «ff.xx.» seguidas do cardinal escrito en cifras.

A identificación das sentenzas dos tribunais e xulgados que non estean numeradas, así como a das providencias ou autos, realízase citando todos os seus elementos identificativos: tipo, órgano, data (completa) e asunto.

Tanto a data da resolución como o nome do asunto deberán escribirse entre comas.

71. Cita do diario oficial

A cita dun número do *Diario Oficial de Galicia*, do *Boletín Oficial del Estado*, dos boletíns doutras comunidades autónomas e do *Diario Oficial de la Unión Europea* realizarase do seguinte modo: denominación do diario oficial, número e data (día, mes e ano).

Exemplo:

«Esta disposición publicouse no Diario Oficial de Galicia número 104, do 3 de xuño de 2014, (...)».

72. Citas de órganos administrativos

Os órganos administrativos deben denominarse por referencia ás competencias que teñen atribuídas, en lugar de utilizar o nome que puntualmente corresponda ao órgano no momento de aprobación da norma. Con isto sálvese o carácter conxuntural inherente á organización administrativa, evitando posibles descoordinacións na nomenclatura dos órganos administrativos como consecuencia de modificacións futuras.

II. ESPECIFICIDADES DAS DISPOSICIÓNS MODIFICATIVAS

73. Carácter restritivo

Como norma xeral, é preferible a aprobación dunha nova disposición á coexistencia da norma orixinaria e as súas posteriores modificacións. Por tanto, as disposicións modificativas deberán utilizarse con carácter restritivo.

74. Tipos

As disposicións modificativas poden ser de nova redacción, de adición, de derogación, de prórroga de vixencia ou de suspensión de vixencia.

75. Restrición das modificacións múltiples

Deben evitarse as modificacións múltiples (de varias normas nunha mesma disposición modificativa) porque alteran o principio de división material do ordenamento e prexudican o coñecemento e a localización das disposicións modificadas.

76. Contido

Na medida do posible, a norma modificativa non debe conter disposicións materiais (salvo a entrada en vigor) distintas da modificación, pois a norma que non ten outro obxecto que a modificación carece doutro alcance xurídico e, por tanto, esgota os seus efectos coa súa entrada en vigor, subsistindo soamente a lei modificada na súa nova redacción, que continúa a regular o conxunto da materia.

Precisamente, ao integrarse as modificacións no texto da norma preexistente, debe respectarse a súa estrutura e a súa terminoloxía.

En particular, co obxectivo de evitar a dispersión normativa, nas normas de carácter temporal (particularmente a Lei de orzamentos) e naquelas normas que recollan modificacións múltiples deberá evitarse, na medida do posible, a introdución de disposicións materiais novas de vixencia indefinida, sendo sempre preferible a modificación dunha norma anterior relativa ao mesmo obxecto que se quere regular á introdución dun artigo ou disposición nova que quedaría illada do resto de normativa do seu ámbito.

77. Título

O título dunha disposición modificativa indicará que se trata dunha disposición desta natureza, así como o título das disposicións modificadas, sen mencionar o diario oficial en que se publicaron.

En ningún caso deberán figurar no título os artigos ou as partes da disposición que resultan modificados, aínda que poderá incluírse a referencia ao contido esencial da modificación que se introduce cando esta se refira a aspectos concretos da norma que modifica.

Se se trata de disposicións de prórroga ou de suspensión de vixencia, deberá reflectirse explicitamente esta circunstancia no título da disposición.

A expresión que debe conter o título é a seguinte: «(tipo)... polo/la que se modifica o/a ...».

78. División

Posto que a regra xeral é que as modificacións moi extensas deben xerar unha norma completa de substitución, as disposicións modificativas soamente se dividirán en capítulos ou títulos de modo excepcional.

Por tanto, a unidade de división das normas modificativas será normalmente o artigo. Os artigos numeraranse con ordinais escritos en letras e destacaranse tipograficamente do seguinte modo:

Na marxe esquerda da liña superior á do texto do artigo correspondente escribírase a palabra

«Artigo» en minúscula, salvo a primeira letra, citando a palabra completa, non a súa abreviatura, no mesmo tipo de letra que o texto e en grosa, sen subliñado nin cursiva. Despois da palabra «Artigo» colocárase o ordinal escrito con letras en grosa, seguido dun punto e un espazo. A seguir debe figurar o título do artigo en cursiva e con minúsculas, salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, e sen punto ao final.

O contido do artigo porase na liña inferior ao seu título, en minúscula salvo a maiúscula inicial e as que procedan ortograficamente, sen grosa, nin subliñado nin cursiva.

Exemplo:

«Artigo primeiro. *Modificación do Decreto...*

O artigo 5 do Decreto... queda redactado da seguinte maneira:»

79. Estilo

A modificación dunha norma pode levarse a cabo de dous formas distintas: mediante o estilo de regulación ou mediante o estilo de modificación.

O estilo de regulación consiste en dar unha nova redacción aos preceptos modificados.

O estilo de modificación consiste en substituír algunhas palabras ou expresións da norma modificada sen dar unha nova redacción a todo o parágrafo, artigo ou á propia norma.

Como regra xeral, as normas modificativas deben utilizar o estilo de regulación, no cal o texto marco e o texto de regulación a que se refiren as directrices 80 e 81 deben ir separados.

O estilo de modificación utilizarase exclusivamente nos casos de substitución de palabras illadas, de cambio reiterado das mesmas expresións en distintos lugares da norma, de alteración de cantidades ou outros análogos. Se se utiliza este estilo, destacaranse as expresións que se cambian, así como as novas. Por exemplo, unhas e outras irán entre comiñas.

Exemplo:

O artigo 5 da Lei (...) queda modificado no sentido de substituír a palabra «vinte e un» por «dezaoito».

80. Texto marco

O texto marco non debe confundirse co título do artigo. É o que indica as disposicións que se modifican e como se produce a súa modificación. Deberá expresar con claridade e precisión os datos da parte que modifica e o tipo de modificación realizada (adición, nova redacción, supresión, etc.).

81. Texto de regulación

O texto de regulación é o novo texto en que consiste precisamente a modificación. Deberá ir separado do texto marco, en parágrafo á parte, entre comiñas e sangrado, co fin de resaltar tipograficamente que se trata do novo texto.

82. Modificación simple

No caso de que a disposición modifique unha soa norma, conterá un artigo único titulado coa identificación completa da norma modificada detrás da expresión «modificación de».

A seguir inserirase o texto marco.

Se a modificación afecta varios preceptos dunha soa norma, o artigo único dividirase en partes, unha por precepto, nas cales se inserirá como texto marco unicamente a referencia ao precepto que se modifica, sen especificar o título da norma, que xa se especifica no parágrafo introdutorio. Estas partes numeraranse con cardinais escritos en letra (un, dous, tres...).

Exemplos:

a) Exemplo de modificación simple dun único precepto:

«**Artigo único.** *Modificación do Decreto 60/2007, do 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar*

animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas

O número 1 do artigo 10 do Decreto 60/2007, do 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas, queda redactado da seguinte maneira:

«1. A vixencia da autorización será ilimitada a partir da data de resolución da autorización, sen prexuízo do disposto no número seguinte.»

b) Exemplo de modificación simple que afecta varios preceptos dunha norma:

«Artigo único. *Modificación do Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios*

O Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Solicitud de autorización*

1. A presentación das solicitudes realizarase soamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula

o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.»

Dous. Suprímese o número 1 do artigo 7. Tres. Suprímese o número 3 do artigo 8.»

83. Modificación múltiple

Tal e como se sinala na directriz 75, con carácter xeral, non son recomendables as modificacións múltiples, polo que deben efectuarse en casos excepcionais.

En tales casos deben utilizarse unidades de división distintas para cada unha das disposicións modificadas. Así, destinarase un artigo distinto, coa súa numeración ordinal en letra e o seu título, para cada unha delas. Cada artigo citará na súa epígrafe o título completo da norma que se modifique detrás da expresión «modificación de».

O texto marco inserirase a seguir.

Se a modificación afecta varios preceptos dunha norma, o artigo correspondente dividirase en puntos, un por precepto, nos cales se inserirá como texto marco unicamente a referencia ao precepto que se modifica, sen especificar o título da norma, que xa se especifica no parágrafo introdutorio.

Por conseguinte, deberán utilizarse tantos artigos como normas modificadas e tantos puntos como preceptos modificados.

84. Normas non modificativas que conteñen preceptos modificativos

Se un proxecto de disposición non propiamente modificativo contén tamén modificacións doutra ou doutras disposicións, circunstancia que só se dará de maneira excepcional, pode optarse por incluír estas nas disposicións derradeiras, indicando no título da disposición correspondente que se trata dunha modificación, así como o título das disposicións modificadas, ou por destinar un capítulo ou título da norma, segundo proceda, a recoller as modificacións.

85. Orde das modificacións

Se se trata de modificacións múltiples, as disposicións modificativas seguirán a orde de aprobación das disposicións afectadas.

As modificacións de preceptos dunha mesma norma seguirán a orde da súa división interna.

86. Reprodución íntegra de puntos ou parágrafos

No caso de que se modifiquen varios puntos ou parágrafos dun artigo, o contido deste reproducirase integramente. Se se trata de modificacións menores, cabe admitir a nova redacción unicamente do punto ou parágrafo afectados.

87. Non alteración da numeración orixinal

Para evitar alteracións no articulado da disposición, cando se supriman artigos completos deberase acudir á declaración de artigos sen contido.

Nas modificacións consistentes en engadir algún artigo novo na disposición orixinal, manterase a numeración do articulado orixinario co fin de non alterar o xogo de remisións que se podería facer a o noutras disposicións. Para non cambiala, os artigos engadidos recibirán o número do artigo despois do cal se sitúen seguido do adverbio numeral latino que por orde corresponda (*bis*, *ter*, *quáter*). Esta regra aplicarase con independencia do número de artigos de que consta a norma modificada, incluíndo, por tanto, os supostos de adición a disposicións de artigo único.

Non obstante, nos casos en que se engadan artigos novos ao final da disposición que se modifica, continuarase a numeración dos artigos desta última.

O disposto nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo de que toda modificación que implique a adición de máis de tres novos artigos debería xerar a redacción dunha nova disposición.

III. ESPECIFICIDADES RELATIVAS AOS DECRETOS APROBATORIOS

Os decretos aprobatorios de regulamentos, estatutos, regulamentos técnicos ou outras normas axustaranse ás regras formais contidas nas directrices que seguen.

88. Título

O título do proxecto de decreto aprobatorio indicará que se trata dun proxecto desta natureza, de acordo co seguinte modelo:

«Decreto polo que se aproba/aproban...».

89. Artigo único

O proxecto conterá un artigo único, que se titulará: «Aprobación do Regulamento», «Aprobación dos Estatutos»..., e o seu contido axustarase ao seguinte modelo:

«Apróbase/apróbanse o/os Regulamento/os Estatutos de..., cuxo texto se inclúe a seguir.»

90. Parte final

A parte final figurará, como norma xeral, no corpo do decreto aprobatorio; antes, por tanto, que o texto do regulamento, do estatuto ou da norma obxecto de aprobación.

91. Texto normativo aprobado

A seguir da parte final incluírase a versión literal do texto normativo aprobado, coa súa propia estrutura de artigos (e os seus agrupamentos e subdivisións) e complementado, se for o caso, polos anexos.

En caso de que os estatutos ou o regulamento aprobados teñan parte expositiva, esta non se titulará.

IV. CRITERIOS LINGÜÍSTICOS XERAIS

92. Linguaxe clara e precisa, de nivel culto, pero accesible

O destinatario das normas xurídicas é a cidadanía. Por isto, deben redactarse nun nivel de linguaxe culto, pero accesible para o cidadán medio.

Neste sentido, a redacción dos textos normativos debe ser:

- a) Clara, isto é, de fácil comprensión, desprovista de equívocos,
- b) Sinxela, é dicir, concisa, desprovista de elementos superfluos e
- c) Precisa, de modo que non deixe lugar a dúbidas no lector.

Utilizarase un repertorio léxico común, nunca vulgar, e recorrerase, cando proceda, ao emprego de termos técnicos dotados de significado propio. Nese caso, engadiranse descrições que os aclaren. Para isto, tanto no caso de emprego de termos técnicos como, en xeral, cando exista risco de confusión na interpretación semántica dun termo, é conveniente acudir á técnica das definicións, inserindo ao comezo da norma a definición que aclare o sentido con que o termo en cuestión é utilizado nela e empregándoo en todo o documento con igual sentido.

A alternativa de establecer un catálogo de definicións non poderá substituírse polo emprego de locucións aclaratorias entre parénteses.

93. Emprego de linguas oficiais da Comunidade Autónoma

Evitarase o uso de estranxeirismos cando se dispoña dun equivalente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma, a utilización de palabras e construcións lingüísticas inusuais, así como a espanyolización ou galeguización de termos estranxeiros cando nos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia teñan outro significado. Tamén debe limitarse o uso de léxico latino ao realmente imprescindible.

94. Terminoloxía uniforme

É conveniente manter unha terminoloxía unitaria ao longo do texto, evitando a utilización de sinónimos e xiros diferentes para expresar unha mesma idea.

Débase gardar, pois, unha coherencia terminolóxica que implica utilizar os mesmos termos para expresar os mesmos conceptos e non usar termos idénticos para expresar conceptos diferentes. Todo isto co fin de eliminar toda ambigüidade, contradición ou dúbida en canto ao significado dun concepto.

95. Estrutura gramatical

A redacción do texto normativo debe buscar a claridade expresiva por medio dunha estrutura gramatical correcta, sinxela e directa, próxima ao nivel común.

A claridade e sinxeleza exigen respectar a orde normal dos elementos da oración, prescindindo do hipérbato, e evitar todo aquilo que, sen engadir precisión de contido, complique ou recargue innecesariamente a redacción da norma como, por exemplo, o emparellamento de sinónimos léxicos ou sintácticos, as locucións prepositivas e adverbiais, os epítetos triviais, as perífrases, os sintagmas superfluos e as construcións nominais que poden ser substituídas por verbos simples (por exemplo, «iniciar» en lugar de «proceder ao inicio»).

Nesa mesma liña, evitarase o uso de formas pasivas, tanto das que se forman co verbo ser como das pasivas con «se» ou reflexivas, cando o máis correcto ou adecuado sexan as expresións activas. Por exemplo: «Os solicitantes presentarán os anteriores documen-

tos xunto coa súa solicitude», e non «Polos solicitantes serán presentados os anteriores documentos xunto coa súa solicitude» nin «Por parte dos solicitantes presentaranse os anteriores documentos xunto coa súa solicitude».

Tamén é preferible o emprego das frases en sentido positivo, sempre que sexa posible sen mingua da intención da mensaxe, ao seren máis directas e facilmente comprensibles que as de sentido negativo. E, sobre todo, debe evitarse a negativa dobre que adoita requirir dunha segunda e moi atenta lectura para interpretar correctamente o que se pretende transmitir.

96. Fuxida da pobreza de expresión

O decoro lingüístico das normas xurídicas obriga, dentro da sinxeleza, a coidar a propiedade e a fuxir da pobreza de expresión.

Neste sentido deben evitarse, pola súa pobreza lingüística, as expresións e locucións de sentido moi xeral que parecen servir para todo e dispensar da procura de termos máis precisos para cada ocasión. Incórrase nisto cando se utilizan verbos de sentido moi xeral (por exemplo, «facer un expediente» en lugar de «tramitar un expediente») ou cando se abusa de comodíns léxicos difundidos: «paquete de medidas» por «conxunto de medidas» ou, simplemente, «medidas».

Tamén deben evitarse na redacción do articulado as redundancias e as reiteracións de palabras.

97. Uso non sexista da linguaxe

En cumprimento das previsións contidas no artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e dos artigos 17 e 18 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, na redacción dos textos utilízase unha linguaxe que evite o uso de formas discriminatorias ou androcéntricas, de modo que a terminoloxía empregada estea en harmonía co principio de igualdade de sexos.

98. Signos ortográficos

Os signos ortográficos constitúen elementos esenciais da redacción. Contribúen de maneira decisiva a dar ás frases o sentido que se pretende pois tanto a súa omisión como a súa colocación indebida ou equivocada o terxiversan a miúdo, polo que se debe gardar especial coidado no seu correcto uso.

Como regra xeral, escríbense unidos á palabra anterior e separados da seguinte, se a hai, por un espazo.

99. Uso específico das maiúsculas nos textos normativos

O uso das maiúsculas debe restrinxirse o máximo posible.

As letras maiúsculas deben acentuarse graficamente sempre que o exixan as regras de acentuación.

Ademais de cumprir as normas ortográficas, na cita de disposicións seguiranse as seguintes recomendacións, atendendo á especial natureza da linguaxe xurídico-administrativa:

a) Escribírase con maiúscula inicial o tipo de disposición cando sexa citada como tal e coa súa denominación oficial completa ou abreviada.

Exemplo:

«... de acordo co disposto na Lei 14/2013, do 26 de decembro, (...)»

b) Non se escribirá con maiúscula inicial o tipo de disposición cando no texto se faga referencia á propia norma ou a unha clase xenérica de disposición.

Exemplo:

«Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*».

c) A parte citada dunha norma escribirase en minúscula: artigo, número, parágrafo, disposición derradeira primeira, capítulo, sección, título, libro.

100. Denominacións oficiais

As normas deben respectar nas súas citas as denominacións oficiais de países, divisións territoriais, entes locais, institucións e organismos oficiais, que se deben citar sempre coa súa denominación completa.

101. Concordancias de xénero e número

Debe coidarse a correcta concordancia en xénero (masculino ou feminino) e número (singular ou plural) entre o substantivo e o artigo e o adxectivo ou os adxectivos que acompañan o substantivo. Tamén deberán concordar o suxeito e o verbo.

102. Abreviaturas

Non é aconsellable o uso de abreviaturas nos textos normativos porque a economía de tempo e espazo que supoñen non compensa a posible perda de transparencia, sobre todo se se trata de abreviaturas non bastante coñecidas ou que susciten dúbidas.

103. Uso específico de siglas

O uso das siglas pode xustificarse dentro dunha disposición para evitar formulacións longas e repeticións.

Só se deben empregar aquelas siglas que son, por arraigadas, moi coñecidas, as que corresponden a institucións e organismos moi estables (e non as de simples órganos administrativos que poden ser obxecto de reformas e modificacións) e, nas normas dirixidas a destinatarios sectoriais moi específicos, as usuais no sector.

En todo caso, cando aparezan por primeira vez (fóra do título e da parte expositiva), deben indicarse mediante a súa inclusión entre parénteses ou entre comas precedida da expresión «en diante» e deben escribirse en maiúsculas sen puntos nin espazos de separación.

9. DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 12 DE FEBREIRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DAS DISPOSICIÓNS LEGAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN MATERIA DE IGUALDADE [Inclusión parcial]

Artigo 7. Informe sobre o impacto de xénero na elaboración das leis

Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso.

Artigo 8. Informe sobre o impacto de xénero na elaboración dos regulamentos

1. Os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia tamén exixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade.
2. O dito informe non será vinculante.

10. LEI 16/2010, DO 17 DE DECEMBRO, DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DO SECTOR PÚBLICO AUTÓNOMICO DE GALICIA [inclusión parcial]

CAPÍTULO II

Do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral

Artigo 40. Fases do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral

1. O procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral consta de tres fases:

a) Fase inicial, que se desenvolve dentro da consellaría que tivese a iniciativa normativa.

b) Fase intermedia, na que o proxecto normativo se somete a informes e opinión doutros órganos da Xunta e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, da cidadanía.

c) Fase final, que consiste na aprobación definitiva da norma polo órgano competente.

2. Ao longo de todo o procedemento conservaranse e incorporaranse ao expediente todos os ditames, os informes e as consultas realizados, as observacións e emendas que se formulen e cantos datos e documentos teñan interese para coñecer o proceso de elaboración da norma ou poidan facilitar a súa interpretación.

3. O impulso do procedemento en todas as súas fases correspóndelle á consellaría que tivese a iniciativa normativa.

4. Os órganos superiores dependentes da Presidencia terán as facultades de iniciativa e impulso previstas neste capítulo respecto da elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que correspondan ao sector de actividade específica da súa competencia, e a Secretaría Xeral da Presidencia desenvolverá as funcións de tramitación e informe que se lles atribúen aos secretarios xerais técnicos das consellarías. As funcións que nesta lei se lles atribúen aos servizos xurídicos das consellarías corresponderanlle ao servizo que na estrutura da Secretaría Xeral da Presidencia teña atribuídas as funcións de apoio técnico.

Artigo 41. Fase inicial

1. A elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral será iniciada polo centro directivo correspondente, co acordo previo da persoa titular da consellaría.

2. O anteproxecto irá acompañado dos seguintes documentos:

a) Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade, así como sobre as modificacións e innovacións que contén.

b) Unha memoria económico-financeira que conteña a estimación do custo ao que poida dar lugar e, de ser o caso, a súa forma de financiamento.

c) O informe do servizo xurídico correspondente da consellaría na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.

d) O anteproxecto tamén irá acompañado dunha táboa de vixencias e dunha cláusula ou disposición derogatoria na que se enumeren expresamente as normas de igual ou inferior rango que se pretende derogar.

3. Unha vez reunida toda a documentación á que se fai referencia nos parágrafos anteriores, o texto poderá ser aprobado inicialmente como proxecto pola persoa titular da consellaría na que se encadre o centro directivo que tivo a iniciativa.

4. Cada consellaría publicará na súa páxina web a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento no que se produza a aprobación do anteproxecto, e indicará o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo.

Artigo 42. Fase intermedia

1. Aprobado inicialmente, todo proxecto será sometido a informe económico-financeiro da consellaría competente en materia de facenda así como a cantos informes e ditames sexan exixidos pola lexislación vixente ou considerados oportunos pola consellaría impulsora do proxecto.

2. Cando o proxecto teña repercusións en cuestións de xénero, irá acompañado dun informe sobre o impacto por razón de xénero das medidas que se establezan nel.

3. Os proxectos que afecten os dereitos e intereses lexítimos de determinados grupos ou sectores da cidadanía serán sometidos a audiencia destes, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei que os agrupen ou representen e cuxos fins garden relación directa co obxecto da disposición, durante un prazo razoable e non inferior a quince días hábiles. A decisión sobre o procedemento escollido para a audiencia será debidamente motivada no expediente. Este trámite non será necesario se as organizacións ou asociacións mencionadas xa participasen no procedemento por medio de informes ou consultas.

Así mesmo, cando o contido e a repercusión da disposición o aconsellen, será sometida a información pública durante o prazo indicado anteriormente.

4. Fomentarase a participación da cidadanía, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei. Nos trámites de audiencia e información pública promoverase a participación cidadá a través dun portal web específico ou a través de calquera medio admisible en dereito que permita acreditar a identidade do suxeito actuante, incluídas todas as posibilidades que ofrece a vía telemática por medios electrónicos. As proposicións, suxestións ou recomendacións recibidas teranse en conta pola consellaría impulsora do proxecto, que poderá asumilas ou rexeitalas a través dun informe final no que recibirán unha resposta razoada que poderá ser común para todas aquelas suxestións de distintos cidadáns que expoñan cuestións substancialmente iguais.

5. O trámite de audiencia e de información pública poderá ser abreviado ata o mínimo de sete días hábiles cando razóns debidamente motivadas así o xustifiquen. Só se poderá omitir o mencionado trámite cando graves razóns de interese público, que se deberán explicitar, o exixan.

6. Non será necesaria ningunha forma de audiencia ou información pública no caso de anteprojectos puramente organizativos.

7. De tratarse de proxectos que afecten a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou o réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade

Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico, requirírase o informe favorable da consellaría, ou das consellarías, con competencia en materia de administracións públicas e emprego público.

8. Os proxectos que conteñan materias que afecten os empregados públicos recollidas no artigo 37º.1 do Estatuto básico do empregado público deberán ser negociadas na comisión de persoal.

Artigo 43. Fase final

1. Rematada a fase de documentación e consulta recollida no artigo anterior, o proxecto someterase ao informe da Asesoría Xurídica Xeral, que se pronunciará sobre cuestións de legalidade e técnica normativa.

2. A continuación, emitirá informe a secretaría xeral técnica da consellaría impulsora do proxecto, que, en todo caso, pechará cronologicamente os correspondentes a esta etapa, agás que sexa preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia conforme o esixido pola súa normativa reguladora, caso no que este será o derradeiro en solicitarse e emitirse.

3. Finalmente, o titular da consellaría impulsora do procedemento concluírao cunha resolución mediante a que decida desistir da iniciativa, retrotraer o procedemento ou aprobar definitivamente o proxecto.

4. No caso dos proxectos de ordes, a aprobación definitiva comporta a aprobación da propia orde e, con isto, o remate do procedemento.

5. No caso dos proxectos de decretos, logo de aprobados definitivamente, enviaranse a todas as consellarías con carácter previo á reunión da Comisión de Secretarios Xerais en cuxa orde do día se vaia tratar o tema.

6. A Comisión de Secretarios Xerais elevará o proxecto de decreto ao Consello da Xunta de Galicia, que, de ser o caso, procederá á aprobación do decreto.

7. Logo de que o Consello da Xunta de Galicia aprobe o decreto, o presidente da Xunta disporá a súa publicación oficial.

Artigo 44. Publicación e entrada en vigor

Para que produzan efectos, os regulamentos autonómicos deberán publicarse integramente no *Diario Oficial de Galicia*, e entrarán en vigor aos vinte días naturais da súa publicación agás que neles se dispoña outra cousa.

11. LEI 1/2015, DO 1 DE ABRIL, DE GARANTÍA DA CALIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS E DA BOA ADMINISTRACIÓN [inclusión parcial]

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. A presente lei ten por obxecto recoñecer os dereitos que asisten a cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico galego e regular os mecanismos que aseguren o cumprimento efectivo destes dereitos coa finalidade de garantir uns servizos públicos de calidade que sirvan con obxectividade aos intereses xerais.
2. O seu ámbito de aplicación será o sector público autonómico, integrado, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades instrumentais.
3. Os ámbitos da Administración relativos á educación, á sanidade e á xustiza rexeranse pola súa normativa específica, e neles a presente lei será de aplicación supletoria.

Artigo 2. Calidade dos servizos públicos

1. A cidadanía ten dereito a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.
2. Os cidadáns e as cidadás terán dereito a participar na avaliación da calidade dos servizos públicos, a través dos mecanismos deseñados para tal efecto, na procura dunha maior responsabilidade e calidade na prestación dos servizos públicos.

Artigo 3. Boa administración

A cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido. En concreto, ten dereito a:

- a) Recibir un trato respectuoso, imparcial e sen discriminacións.
- b) Recibir atención, orientación e información de carácter xeral dentro dos límites establecidos na normativa.
- c) Identificar as autoridades e o persoal ao servizo do sector público autonómico baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.

- d) Presentar suxestións e queixas sobre a prestación dos servizos públicos, que contribúan ao seu mellor funcionamento.
- e) Relacionarse coa Administración autonómica a través de calquera das modalidades de atención á cidadanía nos termos establecidos na presente norma.

Artigo 4. Principios

Con carácter xeral, a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico en xeral rexeranse polos principios de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade aos cidadáns, coordinación e cooperación con outras administracións públicas.

Artigo 5. Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación

1. O Consello da Xunta creará a Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación como órgano encargado de coordinar a información á cidadanía e a avaliación dos servizos públicos dentro do sector público autonómico.

2. En concreto, respecto da información á cidadanía, esta comisión terá, sen prexuízo das competencias doutros órganos, as seguintes funcións:

- a) Velar pola homoxeneidade e efectividade das medidas que se implanten.
- b) Potenciar a colaboración entre os distintos órganos.
- c) Determinar as liñas comúns de actuación.
- d) Establecer, con carácter previo á súa difusión, os novos contidos da información e dos demais ámbitos da súa actuación.

3. En concreto, respecto da avaliación e calidade dos servizos públicos, esta comisión, sen prexuízo das competencias doutros órganos, terá as seguintes funcións:

- a) Impulsar a elaboración de plans para a implantación de melloras.
- b) Aprobar previamente os criterios e a metodoloxía para a elaboración das cartas de servizos que se propoñan no desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 42.5 da presente lei.

c) Fomentar a investigación aplicada nas materias propias deste ámbito.

d) Coordinar e impulsar a difusión de estudos relacionados.

e) Aprobar un informe anual sobre a calidade dos servizos públicos, o seu grao de aplicación e as melloras que se propoñen.

f) Subministrarlles periodicamente ás organizacións sindicais representativas do sector público autonómico información agregada sobre os resultados obtidos e sobre os criterios de constitución e funcionamento, se é o caso, de grupos de mellora.

g) Outras que regulamentariamente poidan ser establecidas por acordo do Consello da Xunta de Galicia.

4. A Comisión estará integrada por representantes da Presidencia da Xunta de Galicia, da Vicepresidencia e das diferentes consellarías. O seu réxime de funcionamento determinarase regulamentariamente, a súa constitución non xerará gasto ningún e nela procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres. Será presidida pola persoa titular da consellaría competente en materia de avaliación e reforma administrativa.

5. No seu funcionamento, esta comisión actuará conforme os principios de legalidade, eficacia, eficiencia, economía, transparencia, celeridade, simplicidade e mellora continua.

12. LEI [estatal] 50/1981, DO 30 DE DECEMBRO, POLA SE REGULA O ESTATUTO ORGÁNICO DO MINISTERIO FISCAL [inclusión parcial]

Artigo once (redacción dada pola Lei 24/2007, do 9 de outubro)

Un. No marco das súas competencias e cando os órganos de goberno das comunidades autónomas solicitaren a actuación do Ministerio Fiscal en defensa do interese público dirixiranse, pondo no coñecemento do Ministerio de Xustiza, ao fiscal superior da comunidade autónoma, que o porá no coñecemento do fiscal xeral do Estado, quen, despois de ouvir a Xunta de Fiscais de Sala, resolverá o procedente, suxeitándose, en todo caso, ao principio de legalidade. Calquera que for o acordo adoptado, darase conta del a quen formulase a solicitude.

Dous. Os fiscais superiores das comunidades autónomas elaborarán unha memoria sobre a actividade das fiscalías do seu ámbito territorial que elevarán ao fiscal xeral do Estado. Ademais, remitirán unha copia ao Goberno, ao Consello de Xustiza e á asemblea lexislativa da comunidade. Deberán presentar a memoria perante a asemblea lexislativa desta dentro dos seis seguintes ao día en que foi feita pública.

Os fiscais superiores das comunidades autónomas colaborarán coa asemblea lexislativa da comunidade autónoma nos mesmos termos e condicións previstos no artigo anterior para as relacións entre o fiscal xeral do Estado e as Cortes Xerais.

Tres. Os membros do Ministerio Fiscal colaborarán coas comunidades autónomas que teñan competencias en materia de xustiza para a efectividade das funcións que estas teñan en materia de medios materiais e persoais ao servizo da Administración de xustiza e participarán nos órganos de colaboración que no ámbito territorial destas se constituíren entre os distintos operadores e as instancias implicados na Administración de xustiza coa finalidade de analizar, debater e desenvolver estudos sobre materias relacionadas coa Administración de xustiza. Poderanse subscribir convenios coas comunidades autónomas após a autorización do fiscal xeral do Estado.

13. REGULAMENTO DO CONGRESO DOS DEPUTADOS, DO 10 DE FEBREIRO DE 1982 [inclusión parcial]

Artigo 127

As proposicións de lei das comunidades autónomas e as de iniciativa popular serán examinadas pola Mesa do Congreso para os efectos de verificar o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos. De os cumpriren, a súa tramitación axustarase ao previsto no artigo anterior, coa única especialidade de que nas de iniciativa dunha asemblea da comunidade autónoma a defensa da proposición no trámite de toma en consideración corresponderá á delegación daquela.

Artigo 166

1. Logo de recibir no Congreso a comunicación dun acordo entre comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos públicos destas, a Mesa remitiraa á Comisión Constitucional da Cámara para os efectos previstos nos correspondentes estatutos de autonomía.

2. Recibida unha comunicación do Senado que conceda ou denegue a autorización para subscribir un acordo de cooperación entre comunidades autónomas, nos supostos non regulados no número anterior, a Mesa decidirá a súa remisión á Comisión Constitucional para que emita o correspondiente ditame, que será discutido no Pleno de acordo co procedemento establecido neste regulamento para os debates de totalidade.

3. Se e o acordo for coincidente co do Senado, o presidente do Congreso comunicarao aos presidentes das comunidades afectadas. Se for contrario, farao saber ao presidente do Senado para os efectos de nomeamento da comisión mixta prevista no artigo 74, 2, da Constitución, a cal presentará un texto que será sometido a votación de ambas as Cámaras. De non se aprobar na forma establecida, decidirá o Congreso por maioría absoluta.

Artigo 168

1. A apreciación da necesidade de o Estado ditar leis que establezan os principios necesarios para harmonizar as disposicións normativas das comunidades autónomas, mesmo no caso de

materias atribuídas á competencia destas, cando así o exixa o interese xeral, deberá ser acordada pola maioría absoluta dos membros do Congreso nun debate suxeito ás normas dos de totalidade. O debate poderá ser introducido por proposta do Goberno, de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados.

2. O acordo da Cámara será comunicado polo seu presidente ao do Senado, para os efectos do cumprimento do disposto no artigo 150, 3, da Constitución.

3. Na tramitación ulterior de proxectos ou proposicións da lei de harmonización non serán admisibles as emendas que impliquen contradición co previo pronunciamento da Cámara, adoptado conforme o punto 1.

COMPARECENCIAS NO PARLAMENTO

14. LEI 6/1985, DO 24 DE XUÑO, DO CONSELLO DE CONTAS [inclusión parcial]

Artigo 12. Os conselleiros

6. As persoas candidatas propostas polos grupos parlamentarios para seren membros do Consello de Contas deberán comparecer perante a comisión correspondente do Parlamento de Galicia conforme o seu Regulamento co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo. (punto engadido pola Lei 8/2015, do 7 de agosto).

15. DECRETO LEGISLATIVO 1/1999, DO 7 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE RÉXIME FINANCEIRO E ORZAMENTARIO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 53 bis. Comparecencia dos titulares da presidencia das deputacións provinciais ante a comisión parlamentaria (engadido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro)

Sen prexuízo da competencia dos plenos das deputacións provinciais para a aprobación dos seus orzamentos en uso da súa autonomía constitucional e estatutariamente garantida, o Parlamento de Galicia tomará coñecemento deles desde a perspectiva dos intereses xerais comunitarios directamente afectados. Para estes efectos, deberán comparecer ante a comisión parlamentaria competente, de acordo co Regulamento do Parlamento de Galicia, as persoas titulares da presidencia das deputacións.

16. LEI 9/2011, DO 9 DE NOVEMBRO, DOS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 14. Elección e nomeamento do consello de administración

1. Os membros do consello de administración son elixidos polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. Se esta maioría non se acada no prazo de tres meses desde a primeira votación, abondará para a elección unha maioría de tres quintos.
2. Os candidatos propostos polos grupos parlamentarios deben ser persoas con acreditada experiencia profesional e recoñecido prestixio. Terase en conta a pluralidade cultural, ideolóxica e política e procurarase o equilibrio de xéneros.
3. Os candidatos propostos polos grupos parlamentarios deberán comparecer ante a comisión correspondente na forma que determina o Regulamento da Cámara, co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo.
4. A xunta xeral de accionistas nomeará os membros do consello de administración elixidos polo Parlamento de Galicia.
5. As vacantes serán cubertas na forma que determinan as alíneas anteriores, respectando a pluralidade de orixe. O mandato dos novos conselleiros terá unha duración equivalente ao tempo que lles quedase de mandato aos membros aos que substitúen.

Artigo 33. Contratos programa

4. Os membros da Xunta comparecerán para informar anualmente o Parlamento autonómico sobre a execución e o resultado do contrato programa.

Artigo 45. Contas anuais e auditoría externa

2. As contas anuais serán formuladas polo Consello de Administración da Corporación RTVG e serán sometidas, xunto coa proposta de distribución de resultados, á aprobación da xunta xeral de accionistas conforme a lexislación mercantil. Logo de aprobadas e remitidas ao Parlamento autonómico para o seu coñecemento, a directora ou o director xeral comparecerá ante a comisión de control parlamentario correspondente.

17. LEI 10/2013, DO 27 DE NOVIEMBRO, DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA [inclusión parcial]

Disposición adicional segunda. Información

A Xunta de Galicia informará anualmente o Parlamento de Galicia sobre o desenvolvemento desta lei no seo da comisión correspondente.

18. LEI 3/2014, DO 24 DE ABRIL, DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 3. Membros e a súa designación

2. O presidente da Xunta nomeará os cinco membros electivos do Consello Consultivo: dous unha vez escoitado o Consello da Xunta e os outros tres por proposta do Parlamento de forma proporcional á representación dos grupos parlamentarios existentes na Cámara.

As persoas candidatas propostas de forma proporcional polos grupos parlamentarios como membros electos do Consello Consultivo de Galicia deberán comparecer perante a Comisión correspondente conforme o Regulamento da Cámara co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo.

Con posterioridade o Pleno da Cámara adoptará o acordo por maioría de tres quintos dos seus membros en primeira votación ou maioría absoluta en segunda votación, se for necesaria. A Presidencia do Parlamento comunicará este acordo ao presidente da Xunta para que proceda ao seu nomeamento.

19. RESOLUCIÓN DO 8 DE SETEMBRO DE 2014, CONXUNTA DA DIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA E DA DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA, POLA QUE SE DÁ PUBLICIDADE AO ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DO 24 DE XULLO DE 2014 POLO QUE SE APROBA O CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA [inclusión parcial]

VII. Transparencia parlamentaria

Ademais, e como se vén facendo desde 2011, o Goberno galego comparecerá no Parlamento —como mínimo, unha vez por período de sesións— para informar e explicar os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado español.

20. LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO [inclusión parcial]

Disposición adicional terceira. Información previa ao Parlamento

Con carácter previo ao nomeamento dos presidentes ou das presidentas do Consello Económico e Social, do Consello da Cultura Galega ou doutros órganos que se poidan establecer por lei, e cuxo nomeamento sexa realizado polo presidente ou pola presidenta ou polo Consello da Xunta por un período de tempo determinado, poñerase en coñecemento do Parlamento de Galicia o nome das persoas propostas para estes cargos co fin de que poida dispoñer a súa comparecencia perante a comisión correspondente da Cámara. A comisión parlamentaria examinará, de ser o caso, as candidaturas propostas. Os seus membros formularán as preguntas ou solicitarán as aclaracións que crean convenientes.

De igual maneira, comparecerán as candidatas ou os candidatos propostos para os cargos de director ou directora da Corporación Radio e Televisión de Galicia e de valedor ou valedora do pobo.

21. LEI 15/2016, DO 28 DE XULLO, DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2017-2021 [inclusión parcial]

Artigo 4. Avaliación

O Instituto Galego de Estatística elaborará un informe de avaliación do PGE, que someterá á consideración do Consello Galego de Estatística e poñerá en coñecemento do Parlamento mediante unha comparecencia específica.

22. DECRETO 118/2016, DO 4 DE AGOSTO, POLO QUE SE CREA O INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA E SE APROBAN O SEUS ESTATUTOS [inclusión parcial]

Artigo 30. Funcións da Presidencia

1. Correspóndenlle á Presidencia da Comisión Galega da Competencia as seguintes funcións:

a) Manter a boa orde e o goberno da Comisión e velar polo adecuado cumprimento das súas funcións e a aplicación das súas normas de organización e funcionamento.

b) Exercer a dirección, a coordinación e a supervisión dos órganos da Comisión Galega da Competencia, nomeadamente a coordinación do Pleno da Comisión coa Subdirección Xeral de Investigación e co secretario do Pleno.

c) Convocar o Pleno por propia iniciativa, ou por pedimento dun dos vogais, e mais presidilo, así como exercer as demais competencias que lles correspondan aos presidentes dos órganos colexiados administrativos, segundo o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

d) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia no Consello de Defensa da Competencia, creado pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

e) Comparecer antes do 30 de xuño de cada ano ante a Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia para informar sobre a situación da competencia e do plan de actividades e os obxectivos previstos para o ano seguinte. Así mesmo, sempre que se requira para iso, comparecerá por asuntos cuxa competencia para resolver ou instruír lle corresponda á Comisión Galega da Competencia.

f) Impugnar ante a xurisdición competente os actos e as disposicións xerais de rango inferior a lei das administracións públicas autonómica ou locais da Comunidade Autónoma de Galicia suxeitas ao dereito administrativo, dos que deriven obstáculos ao mantemento dunha competencia efectiva nos mercados.

g) Exercer calquera outra función que se lle asigne legal ou regulamentariamente, así como calquera outra non reservada expresamente a outros órganos en materia propia do instituto.

2. Así mesmo, é o órgano competente para:

a) Propor o nomeamento da persoa responsable da Subdirección Xeral de Investigación da Comisión Galega da Competencia.

b) Designar quen actuará como secretario do Pleno da Comisión Galega da Competencia.

23. LEI 10/2021, DO 9 DE MARZO, REGULADORA DA ACCIÓN EXTERIOR E DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 21. Transparencia das viaxes e actuacións con proxección exterior

6. O órgano de dirección da Administración autonómica con competencias en materia de acción exterior presentará no Parlamento un informe anual de seguimento da estratexia, no que se incluírá o relatorio da axenda exterior do Goberno, cunha valoración da repercusión das viaxes fóra de Galicia. Con este motivo farase unha comparecencia anual no Parlamento.

DOCUMENTOS E INFORMES QUE DEBEN SER PRESENTADOS NO PARLAMENTO

24. LEI ORGÁNICA 2/1982, DO 12 DE MAIO, DO TRIBUNAL DE CONTAS ([inclusión parcial])

Artigo trece

Un. O informe ou memoria anual que o Tribunal debe enviar ás Cortes Xerais en virtude do artigo cento trinta e seis, dous, da Constitución, conterá a análise da Conta Xeral do Estado e das demais do sector público. Incluirá, ademais, a fiscalización da xestión económica do Estado e do sector público e, entre outras, as seguintes cuestións:

- a) A observancia da Constitución, das leis que regulan os ingresos e os gastos do sector público e, en xeral, das normas que afectaren a súa actividade económico-financeira.
- b) O cumprimento das previsións e a execución dos orzamentos do Estado, das comunidades autónomas, das corporacións locais e das demais entidades suxeitas ao réxime orzamentario público.
- c) A racionalidade na execución do gasto público baseada en criterios de eficiencia e economía.
- d) A execución dos programas de actuación, investimentos e financiamento das sociedades estatais e dos demais plans ou previsións que rexan a actividade das empresas públicas, ben como o emprego ou a aplicación das subvencións con cargo a fondos públicos.

Dous. Idéntico informe será remitido anualmente ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas para o control económico e orzamentario da súa actividade financeira.

Tres. O informe conterá unha memoria das actuacións xurisdiccionais do Tribunal durante o exercicio económico correspondente.

25. LEI 6/1984, DO 5 DE XUÑO, DO VALEDOR DO POBO [inclusión parcial]

TÍTULO IV

Dos informes ao Parlamento

Artigo 36

1. O Valedor do Pobo dará conta anualmente ao Parlamento da xestión realizada nun informe que presentará ante o mesmo no período ordinario de sesións.
2. Cando a gravidade ou urxencia dos feitos o aconsellen, poderá presentar un informe extraordinario dirixido á Deputación Permanente do Parlamento se este non estivese reunido ou se encontrase disolto.

Artigo 37

1. O Valedor do Pobo de Galicia no seu informe anual dará conta do número de tipos de queixas presentadas, daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o resultado da mesma, con especificación das suxerencias ou recomendacións admitidas pola Administración pública galega.
4. O informe conterá igualmente un anexo, destinado ao Parlamento de Galicia, no que se fará constar a liquidación do presuposto da Institución no período que corresponda.
5. Un resumo do informe será exposto oralmente polo Valedor do Pobo ante o Pleno do Parlamento.

TÍTULO V

Das relacións co Defensor do Pobo e cos comisionados de parlamentos ou de asembleas lexislativas autonómicas

Artigo 38

2. O Valedor do Pobo poderá concertar co Defensor do Pobo acordos de coordinación e colaboración entraba as dúas institucións, segundo o previsto nas mencionadas leis.
- Para a validez e vixencia de tales acordos, será preceptiva a súa ratificación pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia.

Estes acordos publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición final

O Valedor do Pobo, transcorrido un ano do exercicio das súas funcións, poderá propoñer ao Parlamento no informe anual, ou noutro extraordinario, as modificacións no texto da presente lei que xulgue oportunas á luz da aplicación práctica da mesma.

26. LEI 6/1985, DO 24 DE XUÑO, DO CONSELLO DE CONTAS [inclusión parcial]

Artigo 20. Memoria anual

1. O Consello de Contas de Galicia deberá elaborar e elevar ao Parlamento unha memoria das súas actividades, que comprenderá a análise da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e das demais do sector público de Galicia.

27. LEI 8/1985, DO 13 DE AGOSTO, DE ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 38

A presidencia da Xunta Electoral de Galicia remitiralle ao Parlamento a lista de parlamentarios proclamados nas circunscricións electorais.

28. LEI [estatal] 7/1988, DO 5 DE ABRIL, DE FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL DE CONTAS [inclusión parcial]

Artigo 3

Son atribucións do Pleno do Tribunal, alén daquelas que a Lei orgánica 2/1982 lle confire, as seguintes:

a) Aprobar o programa de fiscalizacións de cada ano e elevalo á Comisión Mixta Congreso-Senado para as relacións co Tribunal de Contas, sen prexuízo das fiscalizacións que este deba realizar por iniciativa das Cortes Xerais e, no seu ámbito, das asembleas legislativas das comunidades autónomas, de acordo co artigo 45 da Lei orgánica 2/1982.

b) Acordar a iniciación dos procedementos de fiscalización dos distintos subsectores do sector público previstos no artigo 4º da Lei orgánica 2/1982 e, de ser o caso, das entidades singulares que forman parte deles, tomar coñecemento do seu desenvolvemento e incidencias, e tamén da situación do exame e da comprobación de contas nos diferentes departamentos en que a sección de fiscalización se estruturar e da que mantiveren os procedementos xurisdiccionais na Sección de Axuizamento.

c) Aprobar as memorias ou informes, mocións ou notas que os procedementos de fiscalización puideren orixinar, así como as medidas que se deben propor, se for o caso, para mellorar a xestión económico-financeira do sector público, e elevar unhas e outras ás Cortes Xerais e, ademais, no que lles atinxa, ás asembleas legislativas das comunidades autónomas e aos plenos das corporcións locais.

d) Aprobar o informe que hai que elevar ás Cortes Xerais sobre os proxectos financiados con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial, nos termos previstos na lexislación reguladora dese fondo.

e) Avocar o coñecemento de cuestións sobre responsabilidade contable exixida consonte normas específicas en vía administrativa e trasladalas á Sección de Axuizamento.

f) Establecer e modificar a organización departamental da Sección de Fiscalización, así como crear na de Axuizamento as salas que as necesidades do servizo requiriren, todo iso dentro das

previsións orzamentarias e con respecto aos criterios organizativos establecidos nesta lei.

g) Establecer as directrices técnicas a que deban suxeitarse os diferentes procedementos de fiscalización.

h) Aprobar o anteproxecto do orzamento do Tribunal para a súa integración nos orzamentos xerais do Estado, así como as relacións de postos de traballo e as súas modificacións e mais a oferta de emprego público.

i) Outorgar as autorizacións pertinentes, respecto do orzamento aprobado polas Cortes Xerais, para efectuar as transferencias de créditos que resultaren necesarias.

j) Resolver os recursos de alzada contra as disposicións e os actos adoptados polo resto dos órganos do Tribunal no exercicio de funcións gobernativas ou en materia de persoal.

k) Elixir e remover libremente o secretario xeral, o interventor e o director e adxuntos do Gabinete Técnico.

l) Incoar os expedientes sobre incapacidade, incompatibilidade ou incumprimento grave dos deberes do cargo en que puideren ter incorrido os conselleiros e elevalos ulteriormente para a resolución que proceda á Comisión Mixta Congreso-Senado para as relacións co Tribunal de Contas.

m) Coñecer dos incidentes de recusación cando esta afectar todos ou a maioría dos conselleiros dunha sala do Tribunal.

n) Aprobar a relación de postos de traballo e a oferta de emprego público do Tribunal.

ñ) Determinar os requisitos exixidos para o desempeño dos postos de traballo do Tribunal e a natureza das funcións que exixa a adscrición exclusiva de postos de traballo a cada unha das distintas categorías de funcionarios ao servizo do Tribunal.

o) Establecer delegacións do Tribunal para a instrución das dilixencias previas á exixencia de responsabilidades en vía xurisdiccional naqueles servizos ou organismos cuxa importancia ou complexidade o aconsellar.

p) Propor ás Cortes Xerais a formulación de conflitos que afecten as competencias ou as atribucións do Tribunal.

- q) Dar autorización para contratar obras, servizos e subministracións nos casos en que a lexislación xeral de contratación do Estado exixir a autorización do Consello de Ministros.

Artigo 5

1. As deliberacións do Pleno terán carácter reservado. Os asistentes e aqueles que puideren coñecerlas por razón das súas funcións no Tribunal deberán gardar segredo delas.

2. Os conselleiros e o fiscal poderán, de ser o caso, facer constar en acta o seu voto contrario ao acordo adoptado e os motivos que o xustifiquen, sempre que estes se achegaren nos dous días seguintes ao da adopción do acordo de que se trate.

Cando votaren en contra e rexistraren por escrito a súa oposición motivada, o contido deses votos particulares incorporárase ás memorias, informes, mocións ou notas que o Tribunal deba remitir ás Cortes Xerais, ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas, ao Goberno ou ás distintas entidades e organismos do sector público.

3. O secretario xeral exercerá as funcións de secretario do Pleno, con voz mais sen voto, sen prexuízo do disposto no artigo 21.2 respecto da elección do presidente. Redactará as actas, que recollerán o resultado das deliberacións e os acordos que se adoptaren.

Artigo 28

1. Os informes ou memorias, mocións ou notas aprobados polo Pleno do Tribunal como resultado da súa función fiscalizadora, ben como as alegacións e as xustificacións a que se refire o artigo 44 desta lei que fosen aducidas en cada procedemento de fiscalización, expóranse integrados no informe ou memoria anual que o Tribunal debe remitir, para a súa tramitación parlamentaria, ás Cortes Xerais e, no que lles afecte, ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas e aos plenos das corporacións locais, todo iso en cumprimento dos artigos 136.2 da Constitución e 13 da Lei orgánica 2/1982 e sen prexuízo de todo o que se establece nos apartados 4 e 6 deste artigo.

O informe ou memoria anual conterá, ademais, unha memoria das actuacións xurisdiccionais do Tribunal durante o ano correspondente.

2. Logo de que a Comisión Mixta Congreso-Senado para as relacións co Tribunal de Contas coñeza o resultado das actuacións fiscalizadoras, e unha vez que esa comisión procedese ao seu exame, publicaranse no *Boletín Oficial del Estado* as resolucións que se aprobaren, conxuntamente co informe ou memoria.

3. O Tribunal de Contas remitirá, ademais, o informe ou memoria ao Goberno da Nación, aos Consellos de Goberno das comunidades autónomas ou aos plenos das corporacións locais, segundo corresponda.

4. Cando as Cortes Xerais ou as asembleas lexislativas das comunidades autónomas así o acordaren, ou cando, en casos de necesidade extraordinaria e urxente, o Tribunal de Contas o considerar pertinente, este comunicará a aquelas o resultado de calquera procedemento fiscalizador, mediante informes ou memorias extraordinarias.

O Tribunal trasladará estas memorias aos gobernos correspondentes, sen prexuízo da súa tramitación parlamentaria, separadamente da memoria ou do informe anual. Seguirase, en todo caso, o procedemento establecido no número 2 deste artigo.

5. Os resultados obtidos no tocante á corrección das infraccións, abusos ou prácticas irregulares detectadas polo Tribunal de Contas e o grao de cumprimento das observacións emanadas deste, serán incorporados ao informe ou memoria anual.

6. O Tribunal de Contas elevará, en todo caso, ás Cortes Xerais e, de ser o caso, ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas, todas as mocións ou notas que considerar convenientes. Propondrá as medidas ao seu xuízo conducentes a mellorar a xestión económico-financeira do sector público, á luz dos informes ou das memorias, ordinarias e extraordinarias, a que se refiren os parágrafos anteriores e do resultado da censura de contas ou procedementos de fiscalización que coñecese.

Artigo 29

1. Os órganos de control externo das comunidades autónomas coordinarán a súa actividade coa do Tribunal de Contas mediante o establecemento de criterios e técnicas comúns de fiscalización que garantan a maior eficacia nos resultados e eviten a duplicidade nas actuacións fiscalizadoras.

2. Para os mesmos efectos, os órganos de referencia remitirán ao Tribunal de Contas, inmediatamente despois de os aprobar ou, de ser o caso, nos prazos legalmente establecidos, os resultados individualizados do exame, comprobación e censura das contas de todas as entidades do sector público autonómico, alén dos informes ou memorias anuais acerca das súas respectivas contas xerais e os informes ou memorias, mocións ou notas en que se concrete a análise da xestión económico-financeira das entidades que integren o sector público autonómico ou das subvencións, créditos, avais ou outras axudas dese sector percibidas por persoas físicas ou xurídicas.

Os informes ou memorias terán que se remitir acompañados dos antecedentes e do detalle necesarios co fin de o Tribunal de Contas poder examinalos, practicar, de ser o caso, as ampliacións e comprobacións que considerar necesarias, e incorporar as súas propias conclusións, de resultar procedente, á memoria anual que hai que remitir ás Cortes Xerais ou ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas ou ás memorias extraordinarias a que se refire o artigo 28.2 desta lei.

3. O Tribunal de Contas, mediante acordo plenario, poderá solicitar aos órganos de fiscalización externa das comunidades autónomas a práctica de funcións fiscalizadoras concretas, tanto se se referiren ao sector público autonómico como ao estatal.

4. A pesar do anterior, nas comunidades autónomas que non tiveren establecido un órgano de control externo, o Tribunal de Contas poderá establecer seccións territoriais deste para cumprir as funcións propias.

29. LEI 9/1988, DO 19 DE XULLO, DE ESTATÍSTICA DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 13

1. As actividades estadísticas que desenvolva o Instituto Galego de Estadística en execución de convenios de cooperación ou colaboración cos organismos oficiais competentes na materia seránlles comunicadas previamente polo director do Instituto ao conselleiro de Economía e Facenda e ao Consello Galego de Estadística.
2. Das actividades estadísticas realizadas en virtude destes convenios daráselle conta ao Parlamento de Galicia.

30. LEI 5/1992, DO 10 DE XUÑO, DE CREACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA [inclusión parcial]

Disposición transitoria única

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para que, unha vez constituídos os órganos de goberno e por proposta do Consello de Dirección, a iniciativa do conselleiro de Economía e Facenda, aprobe a asignación ás correspondentes contas dos estados presupostarios da dotación global de dous mil millóns de pesetas a que se refire a disposición adicional segunda, conforme o preceptuado pola Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia.

Os estados elaborados pasarán a formar parte do conxunto de presupostos de empresas públicas, dentro do presuposto xeral da Comunidade Autónoma de cada exercicio.

Das actuacións anteriores daráselle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento.

31. LEI 2/1996, DO 8 DE MAIO, DE GALICIA SOBRE DROGAS [inclusión parcial]

Artigo 23. Planificación

1. A planificación dos obxectivos, prioridades e estratexias de actuación que en materia de drogodependencias se realicen na Comunidade Autónoma preverase nun Plan de Galicia sobre drogas.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería á que resulte adscrito o órgano coordinador do Plan de Galicia sobre drogas, aprobará e remitiralle ao Parlamento o documento do dito plan. Así mesmo, remitiralle anualmente ao Parlamento galego unha memoria coa pertinente avaliación do plan.

32. LEI 5/1997, DO 22 DE XULLO, DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 207

1. En cumprimento da disposición adicional terceira do Estatuto de autonomía de Galicia, as deputacións provinciais unirán os seus orzamentos ao xeral da Xunta de Galicia, sen que isto poida implicar a súa integración.
2. Para os efectos do disposto no apartado anterior, as deputacións provinciais, antes da aprobación dos seus orzamentos, remitiranlle os proxectos á Xunta de Galicia, que os poñerá en coñecemento da Comisión Galega de Cooperación Local e do Parlamento de Galicia.

33. LEI 5/1998, DO 18 DE DECEMBRO, DE COOPERATIVAS DE GALICIA [inclusión parcial]

Disposición adicional sétima. Medidas de fomento e difusión do cooperativismo (redacción dada pola Lei 14/2011)

En relación co artigo 142 da Lei 8/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e co obxectivo de establecer medidas de fomento e difusión do cooperativismo, a Xunta de Galicia:

4. Remitirá anualmente ao Parlamento de Galicia unha memoria sobre as actividades realizadas no eido do cooperativismo en Galicia.

34. LEI 3/1999, DO 11 DE MARZO, DE CREACIÓN DO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 11. Programa de actividades

O instituto elaborará anualmente un programa de actividades no que figuren os obxectivos anuais, as accións económicas e de promoción, os investimentos previstos e a súa avaliación económica. Anualmente remitiráselle ao Parlamento un informe detallado do programa de actividades do instituto.

35. LEI 17/2006, DO 27 DE DECEMBRO, DO LIBRO E DA LECTURA DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 4. Plans e programas

1. Co fin de programar e coordinar as medidas de promoción do libro e do fomento da lectura previstos nesta lei, a Xunta de Galicia, a través da consellaría competente, elaborará e aprobará, logo de lles dar audiencia aos axentes do libro, ou en colaboración con eles, plans e programas de actuación, anuais ou plurianuais, coa dotación orzamentaria adecuada. Os resultados e a avaliación destes presentaranse bienalmente no Parlamento.

36. LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO [inclusión parcial]

Disposición adicional cuarta. Información ao Parlamento (redacción dada pola Lei 12/2016)

1. O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que contará coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia de xénero.
2. Do mesmo xeito, o departamento competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento galego un informe anual sobre a prestación periódica para as mulleres que sofren violencia de xénero.

37. LEI 14/2007, DO 30 DE OUTUBRO, POLA QUE SE CREA E REGULA O INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL [inclusión parcial]

Artigo 8. A Xerencia

h) Elaborar o informe anual, coa relación de todas as actividades do Instituto, para a súa aprobación polo Consello Reitor, e remítilo ao Parlamento de Galicia para o exercicio do control parlamentario.

Artigo 13. Control parlamentario

O control parlamentario do instituto exercerase nos termos previstos na lexislación vixente, para o que se lle remitirá ao Parlamento unha memoria anual coa relación de todas as actividades do instituto. Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Artigo 63. Tramitación das directrices de política sanitaria de Galicia

5. Anualmente seralle remitido ao Parlamento de Galicia un informe coa avaliación dos obxectivos contidos nas directrices de política sanitaria de Galicia.

Artigo 66. Tramitación do Plan de saúde

6. O informe de avaliación dos obxectivos contidos no Plan de saúde, elaborado á metade do período da súa vixencia, seralle remitido ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento.

38. LEI 8/2008, DO 10 DE XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 63. Tramitación da Estratexia galega de saúde (redacción dada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro)

1. A Consellería de Sanidade elaborará un borrador da Estratexia galega de saúde baseado na evidencia científica dispoñible, nos indicadores do Sistema de información de saúde de Galicia, na opinión e colaboración de persoas expertas e nos resultados das avaliacións de documentos estratéxicos anteriores e das enquisas de satisfacción ou resultados dos procesos de participación das persoas usuarias do Sistema público de saúde.
2. Este borrador da Estratexia galega de saúde será sometido a información pública no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia e estará aberto ás suxestións da cidadanía galega.
3. Logo de avaliadas as achegas, recibidas a través do Portal de transparencia e Goberno aberto, o borrador remitiráselle ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade para a emisión dun informe en que se avalíe o impacto por razón de xénero das medidas e accións previstas.
4. A Consellería de Sanidade presentará o proxecto de Estratexia galega de saúde ao Consello Galego de Saúde, ao Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia e ao Consello Asesor de Pacientes de Galicia.
5. Á vista do conxunto das alegacións, suxestións e informes, a Consellería de Sanidade elevará o proxecto de Estratexia galega de saúde ao Consello da Xunta para a súa aprobación.
6. Unha vez aprobada polo Consello da Xunta, a Estratexia galega de saúde será presentada no Parlamento de Galicia pola persoa titular da Consellería de Sanidade, será remitida ao Ministerio de Sanidade para o seu coñecemento e será publicada co seu texto definitivo no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.
7. A Consellería de Sanidade informará anualmente o Parlamento de Galicia da avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados pola Estratexia.

Artigo 64. Desenvolvemento sectorial da Estratexia galega de saúde (redacción dada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro)

1. A Consellería de Sanidade poderá aprobar plans ou programas específicos para desenvolver aspectos concretos da Estratexia galega de saúde, tanto para a abordaxe detallada dun dos obxectivos, problemas ou áreas de mellora identificadas nela como para a abordaxe conxunta de varios deles desde un eido particular da xestión sanitaria.
2. Estes plans e programas deberán estar aliñados coas directrices marcadas pola Estratexia galega de saúde e desenvolverse dentro do seu prazo de vixencia.
3. Os documentos destes plans e programas serán publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia e a avaliación dos seus resultados específicos integrarase dentro da información que anualmente traslade a Consellería de Sanidade ao Parlamento de Galicia conforme o apartado 7 do artigo anterior.

39. LEI 10/2008, DO 3 DE NOVIEMBRO, DE RESIDUOS DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 19. Procedemento de elaboración

1. A elaboración dos plans da Xunta de Galicia en materia de residuos axustarase ao seguinte procedemento:

- e) O plan aprobarase mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia e a consellería competente en materia de residuos farao público e procederá á súa difusión para garantir o coñecemento á cidadanía e ás administracións implicadas. O texto íntegro do plan aprobado será remitido ao Parlamento de Galicia.

40. LEI [estatal] 24/2009, DO 22 DE DECEMBRO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 8/1994, DO 19 DE MAIO, POLA QUE SE REGULA A COMISIÓN MIXTA PARA A UNIÓN EUROPEA, PARA A SÚA ADAPTACIÓN AO TRATADO DE LISBOA DO 13 DE DECEMBRO DE 2007

Artigo 6

1. O Congreso dos Deputados e o Senado, en canto recibiren unha iniciativa lexislativa da Unión Europea, remitirana aos parlamentos das comunidades autónomas, sen prexulgar a existencia de competencias autonómicas afectadas, para os efectos do seu coñecemento e de, de ser o caso, poderen remitir ás Cortes Xerais un ditame motivado sobre a aplicación do principio de subsidiariedade pola referida iniciativa, todo isto en conformidade co disposto na normativa europea aplicable na materia.

2. O ditame motivado que, de ser o caso, puider aprobar o parlamento dunha comunidade autónoma, para que poida ser tido en consideración deberá ter sido recibido no Congreso dos Deputados ou no Senado no prazo de catro semanas desde a remisión da iniciativa lexislativa europea por parte das Cortes Xerais.

3. Se a Comisión Mixta aprobar un ditame motivado sobre a vulneración do principio de subsidiariedade por un proxecto de acto lexislativo da Unión Europea, incorporará a relación dos ditames remitidos polos parlamentos das comunidades autónomas e mais as referencias necesarias para a súa consulta.

41. LEI 12/2010, DO 22 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN DO GASTO NA PRESTACIÓN FARMACÉUTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA [inclusión parcial]

Disposición adicional cuarta. Informe anual ao Parlamento

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, remitiralle ao Parlamento de Galicia, cunha periodicidade anual, un informe sobre os aforros derivados das medidas previstas nesta lei.

42. LEI 16/2010, DO 17 DE DECEMBRO, DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DO SECTOR PÚBLICO AUTÓNOMICO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 107. Tutela funcional das sociedades mercantís autonómicas

2. A consellaría ou entidade que exerce a tutela funcional levará a cabo o control de eficacia das sociedades mercantís autonómicas que teña adscritas, sen prexuízo das atribucións que lle corresponden á consellaría competente en materia de facenda. A persoa titular da consellaría que exerza directamente a tutela, ou daquela á que estea adscrita a entidade que a exerza, é responsable de darlle conta ao Parlamento de Galicia das actuacións levadas a cabo neste ámbito.

43. LEI 8/2011, DO 9 DE NOVEMBRO, DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 20122016 [inclusión parcial]

Artigo 12. Seguimento dos programas

O Instituto Galego de Estatística realizará un informe anual de seguimento de cada programa para a súa consideración polo Consello Galego de Estatística. Deste informe daráselle conta ao Parlamento de Galicia.

44. LEI 9/2011, DO 9 DE NOVEMBRO, DOS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 11. Operacións de fusión, escisión e disolución

2. A disolución da Corporación RTVG requirirá o acordo favorable do Consello da Xunta, oído o Parlamento de Galicia.

Artigo 48. Control parlamentario

1. O Parlamento de Galicia exerce o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público encomendada á Corporación RTVG, a través da Comisión Permanente de Control da Corporación RTVG.

2. Para ese efecto a Corporación RTVG, sen prexuízo do disposto nos artigos 33.4 e 45.2 desta lei, presentaralle con carácter anual á devandita comisión parlamentaria un informe referido á execución do contrato programa e mandato marco e unha memoria sobre a execución da función de servizo público encomendada referida ao conxunto das súas actividades, programacións, servizos e emisións.

45. LEI 3/2012, DO 2 DE ABRIL, DO DEPORTE DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 78. Finalidade e competencia para a súa elaboración

1. Co obxecto de garantir unha apropiada utilización dos recursos que as administracións públicas destinen á promoción do deporte, elaborárase o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, do que deberá informarse oportunamente ao Parlamento de Galicia.

46. LEI 5/2012, DO 15 DE XUÑO, DE BIBLIOTECAS DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 27. Mapa de bibliotecas públicas de Galicia

4. O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia e as súas sucesivas actualizacións deberanse remitir ao Parlamento de Galicia para o seu exame e valoración.

47. LEI 6/2012, DO 19 DE XUÑO, DE XUVENTUDE DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 52. Fins do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia

Son fins do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia:

- e) Elevar anualmente ao Parlamento unha memoria na que se reflicta a situación da xuventude como grupo social e ao tempo propoñer as medidas legais que xulgue necesarias.

48. LEI 5/2013, DO 30 DE MAIO, DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN E DA INNOVACIÓN DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 15. Aprobación do Plan galego de investigación e innovación

2. Unha vez aprobado o Plan galego de investigación e innovación, será presentado ao Parlamento para o seu coñecemento.

Artigo 18. Revisión e actualización

2. Esta proposta de actualización do plan, elaborada pola Axencia Galega de Innovación, será aprobada polo Consello da Xunta de Galicia e remitida posteriormente ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento.

49. LEI 6/2013, DO 13 DE XUÑO, DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 75. Funcións do consello social

O consello social, para contribuír ao logro da excelencia na docencia e na investigación e mais á transferencia do coñecemento xerado no seo das universidades, levará a cabo as seguintes funcións:

2. No ámbito da relación entre a universidade e a sociedade:
 - b) Aprobar, con carácter anual, unha memoria das súas actividades, que remitirá ao Parlamento de Galicia e á consellaría competente en materia de universidades.

50. LEI 8/2013, DO 28 DE XUÑO, DE ESTRADAS DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 14. Contido e tramitación

3. Logo da aprobación definitiva do Plan director de estradas de Galicia por parte do Consello da Xunta, remitirase ao Parlamento de Galicia para o seu exame.

51. LEI 12/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE GARANTÍAS DE PRESTACIÓNS SANITARIAS [inclusión parcial]

Artigo 26. Informe anual

1. A consellaría competente en materia de sanidade elaborará un informe anual sobre a aplicación desta lei, que será presentado no Parlamento de Galicia no primeiro trimestre de cada ano natural.

52. LEI 14/2013, DO 26 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO [inclusión parcial]

Artigo 2. Racionalización, reordenación e reestruturación do sector público autonómico

3. Estes plans elevaranse ao Consello da Xunta para a súa aprobación e incorporarán as medidas que permitan garantir a calidade, a economía, a eficacia e a eficiencia das políticas e servizos prestados polo sector público autonómico, dos que se lle dará conta ao Parlamento de Galicia e ao que se remitirá anualmente un informe do seu seguimento.

Artigo 28. Contratación pública de innovación (redacción dada pola Lei 2/2017, do 8 de febreiro)

5. A Xunta de Galicia enviará ao Parlamento con periodicidade anual un informe sobre os procedementos da contratación pública de innovación, en termos de investimentos e actuacións realizados, no ámbito do sector público autonómico.

53. LEI 1/2014, DO 24 DE MARZO, PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA [inclusión parcial]

Artigo 5

O Goberno galego realizará anualmente un informe en relación co cumprimento desta lei, no que se farán constar, de xeito pormenorizado, as accións levadas a cabo, o seu custo e as previsións que efectúa para o exercicio seguinte. O dito informe remitirase ao Parlamento de Galicia.

54. LEI 2/2014, DO 14 DE ABRIL, POLA IGUALDADE DE TRATO E A NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS EN GALICIA [inclusión parcial]

Disposición adicional. Información ao Parlamento de Galicia

A Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter trianual, un informe sobre a aplicación desta lei.

55. LEI 3/2014, DO 24 DE ABRIL, DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 15. Memoria anual

O Consello Consultivo elevará unha memoria anual ao Consello da Xunta de Galicia na que expoñerá a súa actividade no exercicio anterior, así como as suxestións que estime oportunas para a mellora das actuacións administrativas. Dela darase conta ao Parlamento de Galicia.

56. LEI 10/2014, DO 3 DE DECEMBRO, DE ACCESIBILIDADE [inclusión parcial]

Disposición adicional oitava. Información ao Parlamento

O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de accesibilidade remitirá ao Parlamento, con carácter bienal, un informe sobre a aplicación desta lei.

Disposición derradeira segunda. Plan galego de accesibilidade

A Xunta de Galicia, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, aprobará un Plan galego de accesibilidade. No seu deseño, aplicación e seguimento participará o Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, e previamente á súa aprobación darase conta ao Parlamento de Galicia. Igualmente, de xeito anual remitirá ao Parlamento un informe do seguimento e grao de cumprimento.

57. RESOLUCIÓN DO 8 DE SETEMBRO DE 2014, CONXUNTA DA DIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA E DA DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA, POLA QUE SE DÁ PUBLICIDADE AO ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DO 24 DE XULLO DE 2014 POLO QUE SE APROBA O CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA [inclusión parcial]

VII. Transparencia parlamentaria

Os órganos que de acordo co presente código teñan atribuído o control e xestión do cumprimento das obrigas que nel se conteñan elaborarán, para a súa elevación conxunta ao Parlamento, un informe anual de seguimento sobre o seu nivel de cumprimento.

Artigo 10. Obrigas específicas de información en materia de persoal

m) A información sobre as viaxes dos altos cargos, con indicación dos obxectivos, subministrada periodicamente ao Parlamento de Galicia.

58. DECRETO LEGISLATIVO 1/2015, DO 12 DE FEBREIRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DAS DISPOSICIÓNS LEGAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN MATERIA DE POLÍTICA INDUSTRIAL [inclusión parcial]

Artigo 26. Informes finais

2. A consellería competente en materia de industria dará conta bianualmente no Parlamento de Galicia, por medio da Comisión de Industria, dos resultados dos plans de inspección e das conclusións derivadas da súa execución.

Artigo 44. Información

Cada dous anos, remitiráselle ao Parlamento de Galicia unha memoria que conteña as actuacións realizadas polo persoal inspector e polas entidades legalmente habilitadas.

59. LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO [inclusión parcial]

Artigo 36. Informe anual ao Parlamento

1. O Valedor do Pobo incluírá, no seu informe presentado anualmente perante o Parlamento de Galicia, previsto no artigo 36 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, unha epígrafe relativa ao grao de aplicación e cumprimento desta lei, na cal recollerá, en todo caso:

- a) Os criterios interpretativos e as recomendacións que formulase durante ese ano.
- b) A relación de reclamacións presentadas contra denegacións de solicitudes de acceso e o sentido da súa resolución.
- c) A actividade de asesoramento realizada en materia de transparencia, do dereito de acceso á información pública e bo goberno.
- d) Os requirimentos efectuados de emenda dos incumprimentos que se puideren producir.
- e) A avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte dos distintos suxeitos incluídos no seu ámbito de aplicación. Formularanse requirimentos expresos no caso de cumprimento insuficiente.

2. O informe anual que se presentará ao Parlamento estará tamén á disposición da cidadanía dentro do Portal de transparencia e Goberno aberto, así como na páxina web do Valedor do Pobo.

Artigo 61. Informe ao Parlamento de Galicia

A Xunta de Galicia deberalle remitir anualmente ao Parlamento de Galicia un informe sobre os expedientes tramitados en aplicación do réxime sancionador previsto neste título, coa inclusión de referencias aos procedementos iniciados, resoltos e, de ser o caso, aos que fosen obxecto de recurso. Este informe farase público no Portal de transparencia e Goberno aberto.

60. LEI 15/2016, DO 28 DE XULLO, DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2017-2021 [inclusión parcial]

Artigo 11. Seguimento

O Instituto Galego de Estatística realizará un informe anual de seguimento do programa para a súa consideración polo Consello Galego de Estatística. Deste informe daráselle conta ao Parlamento de Galicia.

61. RESOLUCIÓN DO 27 DE FEBREIRO DE 2017 POLA QUE SE DISPÓN A PUBLICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 27. Remisión e publicidade

Os plans mencionados nos artigos anteriores, así como as súas modificacións, serán remitidos ao Parlamento de Galicia para os efectos do seu coñecemento e serán publicados na páxina web do Consello de Contas.

62. DECRETO 96/2020, DO 29 DE MAIO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DA LEI 7/2008, DO 7 DE XULLO, DE PROTECCIÓN DA PAISAXE DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 7. Informe sobre o estado da paisaxe en Galicia

1. O Instituto de Estudos do Territorio elaborará cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

2. O informe sobre o estado da paisaxe en Galicia referirase, como mínimo, aos seguintes aspectos:

a) O estado de tramitación e aprobación dos catálogos da paisaxe, directrices de paisaxe e plans de acción na paisaxe.

b) A subscrición de pactos pola paisaxe e acordos en materia de paisaxe.

c) Un resumo das conclusións a que teñan chegado os procesos de participación pública desenvolto, no que se refire ás valoracións da cidadanía sobre o estado das paisaxes, desagregadas por sexo.

d) As actividades desenvoltoas en materia de formación, sensibilización e educación sobre paisaxe.

e) O estado dos indicadores sobre o estado de conservación e os procesos de transformación e evolución das paisaxes.

3. Para a elaboración do informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio poderá constituír mesas e outros foros de carácter transversal ou sectorial, nos que se integren representantes das administracións e entidades públicas e privadas relacionadas coa paisaxe, de conformidade coa relación prevista no artigo 10.1 deste regulamento, en que se procurará acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes. Así mesmo, o informe, antes da súa remisión á Xunta de Galicia, será sometido ao Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.

63. LEI 1/2021, DO 8 DE XANEIRO, DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 16.

1. O Instituto de Estudos do Territorio ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
2. As funcións do Instituto de Estudos do Territorio serán as seguintes:
 - 1) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

Artigo 26. Borrador das Directrices de ordenación do territorio

1. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia acordar a iniciación do procedemento de elaboración das Directrices de ordenación do territorio. O acordo, que deberá ser publicado no *Diario Oficial de Galicia*, será motivado, sinalará as causas que o xustifiquen e determinará o prazo de formulación do correspondente borrador das Directrices de ordenación do territorio.
2. Correspóndenlle á consellaría competente en materia de ordenación do territorio a tramitación e o impulso do procedemento de elaboración das Directrices de ordenación do territorio e a preparación do borrador das Directrices de ordenación do territorio. As consellarías con competencias con proxección territorial formularán as previsións e as determinacións que lles correspondan respecto dos contidos sectoriais das directrices, para os efectos da súa integración efectiva no borrador. A dita formulación farase no prazo de tres meses, contados desde a súa petición pola consellaría tramitadora do procedemento.

Coa mesma finalidade, solicitarase da Administración do Estado e das administracións locais a formulación de propostas nas materias da súa competencia, que emitirán en igual prazo ao expresado no parágrafo anterior.
3. En calquera caso, para a elaboración do borrador de directrices, a consellaría tramitadora do procedemento solicitará dos órganos e entidades mencionados cantos datos e informacións sexan ne-

cesarios para a máis correcta redacción do dito documento, que deberán ser achegados no prazo de dous meses a partir do momento no que lles sexan solicitados. Igualmente, os ditos órganos e entidades poderanlle achegar cantas informacións e suxestións consideren convenientes para os mesmos fins.

4. O borrador das directrices remitiráselles ás administracións e aos órganos citados nos números anteriores e ás entidades públicas e privadas que se consideren interesadas, para que no prazo de tres meses acheguen cantas observacións, propostas e alternativas xulguen oportunas. Así mesmo, será remitido ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento e valoración.

5. Unha vez realizados os trámites sinalados neste artigo, seguirase o procedemento previsto no artigo 54.

Artigo 28. Control parlamentario das Directrices de ordenación do territorio

1. Determinarase por decreto do Consello da Xunta de Galicia o procedemento que regule o seguimento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e o seguimento dos efectos sobre o medio ambiente da aplicación ou execución das devanditas directrices.

2. A Administración autonómica remitiralle ao Parlamento de Galicia, cada tres anos, unha memoria de seguimento do grao de desenvolvemento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

Artigo 54. Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria

10. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría tramitadora do procedemento, aprobará definitivamente o instrumento de ordenación do territorio, mediante acordo no caso dos proxectos de interese autonómico e mediante decreto nos demais casos, que deberán ser publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso das Directrices de ordenación do territorio, o Consello da Xunta dará traslado destas ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación de acordo co disposto para os plans e programas remiti-

dos pola Xunta no Regulamento do Parlamento de Galicia. Ao rematar o procedemento sinalado, o Parlamento remitirá o documento ao Consello da Xunta, que o aprobará coa forma de decreto, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

64. LEI 3/2021, DO 28 DE XANEIRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2021 [inclusión parcial]

Disposición adicional primeira. Información ao Parlamento

Un. A Consellería de Facenda e Administración Pública facilitará mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun soporte informático apto para o tratamento dos datos, a información referida ás seguintes actuacións:

a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.

b) As operacións de endebedamento por un prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas ou as restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, conforme as autorizacións contidas nesta lei.

c) Os avais amortizados, os pagamentos efectuados por falidos, os importes recuperados e o risco acumulado, tanto no que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma como aos concedidos polas entidades instrumentais do sector público autonómico, tales como o Instituto Galego de Promoción Económica, XesGalicia ou Sodiga.

d) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta de Galicia a que se refire o artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Dous. A Consellería de Facenda e Administración Pública facilitará trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun soporte informático apto para o tratamento dos datos, a información referida á seguinte actuación:

a) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.

Tres. A Consellería de Facenda e Administración Pública comunicará á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:

- a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas consonte o previsto na alínea p) do artigo 5 desta lei.
- b) As modificacións efectuadas conforme o indicado no artigo 9.
- c) Os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas, das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas que poidan entrar en funcionamento ao longo de 2021.

Catro. A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., ou a entidade que se subrogue na súa posición, comunicará mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.

65. LEI 10/2021, DO 9 DE MARZO, REGULADORA DA ACCIÓN EXTERIOR E DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 12. Exame polo Parlamento de Galicia

1. A Xunta de Galicia remitirá o proxecto de estratexia galega de acción exterior (Egaex) ao Parlamento de Galicia e requirirá o pronunciamento deste, consonte o artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia.
2. Tras o exame polo Parlamento de Galicia, a persoa titular da consellaría en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior dará redacción definitiva ao proxecto da Egaex, que será remitido ao Consello da Xunta para, de ser o caso, a súa aprobación.

Artigo 14. Desenvolvemento e execución da Estratexia galega de acción exterior

1. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias de acción exterior será o responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex). Con este fin poderá dar conta do estado de desenvolvemento e de execución da Egaex ao seu superior xerárquico, así como das desviacións que apreciase. En caso de desviacións graves, elaborará un informe, que será elevado ao Consello da Xunta para a súa deliberación e para dispoñer as medidas correctoras oportunas.
2. Anualmente o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex elaborará un informe xeral sobre o seu cumprimento, que será elevado pola persoa titular da consellaría de que dependa ao Consello da Xunta, logo do informe do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade. Este informe anual deberá ser presentado ao Parlamento.

Artigo 30. Do tratamento dos asuntos europeos nas conferencias sectoriais

3. Ao finalizar o período de representación, a consellaría deberá trasladar ao órgano de dirección da Administración autonómica en

que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior o informe final en que se recolla o balance dos resultados obtidos durante o período de representación, que será presentado ao Parlamento anualmente xunto co informe previsto no artigo 14.2.

Artigo 86. Xestión do coñecemento, avaliación, transparencia e rendición de contas da Cooperación Galega

1. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento promoverá a aprendizaxe colectiva e o fortalecemento da capacidade para a xestión do coñecemento dos axentes de cooperación a través da realización de estudos e investigacións e a habilitación de espazos e mecanismos para o intercambio de coñecementos e boas prácticas no logro de resultados de desenvolvemento.

2. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento promoverá a rendición de contas á sociedade galega a través da avaliación do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente, dos instrumentos de cooperación e das actuacións financiadas con recursos do sector público autonómico. A avaliación rexerase

polos criterios básicos de pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade e mais pola metodoloxía de avaliación da cooperación española e da Unión Europea, integrando o enfoque de xénero e de dereitos humanos. Os informes resultantes da avaliación dos plans directores da cooperación galega serán presentados anualmente ao Parlamento de Galicia polo órgano competente.

Artigo 87. Consello da Xunta de Galicia e conselleira ou conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento

1. O Consello da Xunta de Galicia formulará, dirixirá e avaliará a política pública autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento.

2. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia:

- a) Aprobar o proxecto de plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, por proposta da conselleira ou do con-

selleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento e logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, e acordar a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación.

b) Aprobar o Plan de acción anual, por proposta da conselleira ou do conselleiro competente e logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, e acordar que se informe o Parlamento de Galicia da súa aprobación.

c) Aprobar e acordar a remisión ao Parlamento de Galicia dun informe cuadrienal sobre a avaliación final do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, elaborado polo órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Artigo 88. Órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento

1. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento ten a responsabilidade de promover, organizar e executar a política pública autonómica neste ámbito.

2. Correspóndelle a este órgano:

a) Elaborar o Anteproxecto do plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, que será elevado pola conselleira ou o conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento ao Consello da Xunta para a súa aprobación como proxecto.

b) Elaborar o Proxecto de plan de acción anual, que será elevado pola conselleira ou o conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

c) Elaborar os informes sobre o grao de execución do Plan director vixente e dos plans de acción anuais que o desenvolven, que serán elevados ao Consello da Xunta pola conselleira ou o conselleiro competente.

d) Remitir anualmente ao Parlamento de Galicia un informe sobre o grao de execución do Plan director vixente e do Plan de acción anual.

66. LEI 11/2021, DO 14 DE MAIO, DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 7. Competencias da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural disporá das seguintes competencias:

- a) Diseñar e implementar estratexias e plans integrados para o desenvolvemento e a xestión do territorio rural que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.
- b) Supervisar, coordinar e difundir as políticas e estratexias de desenvolvemento rural, en especial as orientadas á recuperación das terras forestais e da superficie agraria útil como base da bioeconomía.
- c) Diseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos previstos nesta lei para tal fin.
- d) Tramitar os procedementos de investigación da propiedade de inmobles de natureza rústica dos que non se teña certeza sobre a súa titularidade, así como a revisión xeométrica e topográfica deses predios no caso de existiren dúbidas sobre a súa configuración e estado.
- e) Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, destinados a reforzar a base produtiva das áreas rurais, valorizar os seus recursos e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.
- f) Articular proxectos de xestión de terras agroforestais e de desenvolvemento rural dirixidos directa ou indirectamente a favorecer a prevención e a loita contra os incendios no territorio rural e fronte a pragas e enfermidades.
- g) Promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.

h) Impulsar a formulación e a aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, especialmente a través da dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural responsables da súa execución.

i) Promover o desenvolvemento dos catálogos, mapas e demais soportes documentais previstos na lei.

j) Contribuír ao reforzo do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.

k) Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a revitalización do tecido produtivo e a fixación da poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a efectiva igualdade de mulleres e homes, de conformidade co artigo 30 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, de igualdade efectiva de mulleres e homes, e cos artigos 42 e 43 do Decreto lexislativo 2/2015, do 2 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

l) Xestionar e aplicar as medidas contidas nos programas de desenvolvemento rural sustentable no ámbito da aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ou da norma que a substitúa, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan outros órganos da Administración autonómica.

m) Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos europeos de desenvolvemento rural.

n) Adquirir, allear, permutar e arrendar predios, edificacións no rural, explotacións agrarias e calquera outro ben e dereito de natureza rústica, coas finalidades e nos termos previstos nesta lei.

O anterior comprende, en xeral, a administración, xestión, conservación e disposición de predios, explotacións agrarias, vivendas ou grupos de vivendas, no rural, así como os demais bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio ou os que, non sendo titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, estean ou non adscritos ao seu patrimonio, sexan xestionados por ela en virtude de calquera título válido en dereito, no marco do exercicio das competencias e finalidades que lle son propias; e, en particular, a xestión dos bens e dereitos de titula-

ridade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural incorporados ao Banco de Terras de Galicia, que estarán adscritos ao patrimonio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co obxectivo de devolvelos ao tráfico xurídico.

ñ) Intermediar no arrendamento ou compravenda de explotacións co fin de garantir a continuidade daquelas que, pola idade das persoas titulares, por dificultades na xestión ou por outras circunstancias, deixen ou vaian deixar de ser explotadas polos seus titulares.

o) Exercitar calquera outra función técnica, xurídica ou material que, en relación coas materias da súa competencia, se encomende ou competa á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural elaborará un plan de acción anual das actuacións en materia de recuperación agraria, con indicación de obxectivos, o orzamento, os recursos materiais e humanos, as entidades colaboradoras e a previsión de resultados. Este informe, que será publicado na súa páxina web, incluírá, como mínimo, as actuacións do Banco de Terras de Galicia e do Banco de Explotacións, así como o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación e de recuperación da terra agraria regulados nesta lei.

3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural deberá remitir cunha perioricidade bianual un informe de avaliación ao Consello de Xestión da Terra Agroforestal, á Comisión de Avaliación e Seguimento prevista na disposición derradeira oitava desta lei e ao Parlamento de Galicia sobre as actuacións realizadas en materia de recuperación da terra agraria.

Artigo 29. Informe bianual en relación co mapa e o catálogo

Após a aprobación do Mapa de usos agroforestais de Galicia e do Catálogo de solos agrarios e forestais de Galicia, porase en marcha un plan de seguimento por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que elaborará un informe bianual que será exposto no Consello Forestal de Galicia e no Consello Agrario Galego, así como no Parlamento de Galicia.

Disposición derradeira oitava. Comisión de Avaliación e Seguimento da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia

1. Co fin de levar a cabo o seguimento e a avaliación da presente lei crearase, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor e mediante Decreto do Consello da Xunta, a Comisión de Avaliación e Seguimento da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
2. A Comisión terá unha composición plural e contará coa presenza de expertos e especialistas na materia, procedentes do eido universitario, académico ou dos colexios profesionais relacionados co ámbito sectorial.
3. A Comisión terá as seguintes funcións:
 - a) Remitir bianualmente ao Parlamento de Galicia un informe de avaliación sobre as actuacións realizadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en materia de recuperación da terra agraria.
 - b) Coñecer os informes de control da xestión económico-financieira emitidos polos órganos de control externo e interno, e propor as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas.
 - c) Analizar os recursos persoais, materiais e orzamentarios que a Administración autonómica debe soportar para a consecución dos obxectivos desta lei, así como o seu escenario plurianual.

CONTROL ORZAMENTARIO

67. LEI 6/1985, DO 24 DE XUÑO, DO CONSELLO DE CONTAS [inclusión parcial]

Artigo 19. Documentación das actuacións

1. O resultado da fiscalización farase constar por medio de informes, mocións ou notas dirixidas á autoridade, organismo ou entidade ás que afecten e de memorias ordinarias ou extraordinarias, que se elevarán ao Parlamento de Galicia, con remisión de copias á Xunta de Galicia e mais ás indicadas autoridades, organismos e entidades afectadas, e faranse públicos a través dos medios dixitais do Consello e do Parlamento. O *Diario Oficial de Galicia* publicará o correspondente anuncio da publicación, no que constará a ligazón que permita acceder ao texto completo dos informes.

Artigo 25. Presentación das contas

1. O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ao exame e comprobación da conta xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de seis meses, a partir da data na que se rendese. O Pleno ditará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ao Parlamento coa oportuna proposta, dando traslado á Xunta de Galicia, a cal deberá dispor a publicación das conclusións no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As entidades locais deberán remitir as contas de cada exercicio directamente ao Consello, sendo a data límite para efectuar a devandita remisión a mesma que a lexislación estatal reguladora das facendas locais estableza para a remisión das súas contas de cada exercicio ao Tribunal de Contas. O Consello de Contas debe formar e unir a conta xeral das entidades locais, que debe ser recoñecida polo Parlamento. O Consello de Contas debe formar e unir a conta xeral das Entidades Locais, que debe ser recoñecida polo Parlamento.

3. Á conta xeral da Comunidade Autónoma acompañarase a conta xeral de operacións realizadas polas Corporacións a que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

68. DECRETO 284/1994, DO 15 DE SETEMBRO, DE REGULACIÓN DE AVAIS DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA [inclusión parcial]

Artigo 13. Comunicación ao Parlamento e publicidade

I. Trimestralmente daráselle conta ao Parlamento dos avais existentes, dos novos avais concedidos e, se é o caso, dos riscos efectivos aos que a Tesourería da Comunidade Autónoma tivese que facer fronte.

69. DECRETO LEGISLATIVO 1/1999, DO 7 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE RÉXIME FINANCEIRO E ORZAMENTARIO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 42. Beneficiarios

3. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma controlará a debida aplicación dos créditos avalados.

Trimestralmente daráselle conta ao Parlamento dos avais existentes, dos novos avais concedidos e, se é o caso, dos riscos efectivos aos que a Tesourería da Comunidade lles tivese que facer fronte.

Artigo 51. Elaboración dos orzamentos xerais

5. Xunto co anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma remitiráselle ao Consello da Xunta a seguinte documentación:

- e) Un anexo de investimentos reais, que conterá a valoración dos proxectos de investimento público que se van realizar e a súa distribución territorial. No caso de investimentos plurianuais, indicárase o investimento de cada ano.

Dentro do dito anexo de investimentos reais distinguíranse os proxectos de investimento en vinculantes e non vinculantes. Os créditos destinados a proxectos de investimento aos que se lles dea carácter vinculante non poderán destinarse ao financiamento doutros proxectos, agás por autorización do conselleiro de Economía e Facenda. Trimestralmente comunicárase á Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, do Parlamento de Galicia a relación das autorizacións realizadas, no caso de as haber.

Artigo 53 bis. Comparecencia dos titulares da presidencia das deputacións provinciais ante a comisión parlamentaria (redacción dada pola Lei 9/2017, do 26 de decembro)

Sen prexuízo da competencia dos plenos das deputacións provinciais para a aprobación dos seus orzamentos en uso da súa autonomía constitucional e estatutariamente garantida, o Parlamento de Galicia tomará coñecemento deles desde a perspectiva dos intereses xerais comunitarios directamente afectados. Para estes efectos, deberán comparecer ante a comisión parlamentaria com-

petente, de acordo co Regulamento do Parlamento de Galicia, as persoas titulares da presidencia das deputacións.

Artigo 55 bis. Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria (redacción dada pola Lei 2/2013, do 27 de febreiro)

5. A Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, a través do conselleiro de Facenda, un informe trimestral acerca do emprego do fondo regulado neste artigo.

Artigo 62. Créditos extraordinarios e suplementos

c) A Xunta de Galicia daralle conta trimestralmente ao Parlamento de Galicia dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito concedidos ao abeiro do previsto na alínea a) deste número.

Artigo 71. Incorporacións

1. Malia o disposto no artigo 59 desta lei, poderán incorporarse aos estados de gastos do orzamento correspondente ao exercicio inmediato seguinte:

a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as transferencias de crédito, que se concedesen ou autorizasen, respectivamente, no último mes do exercicio orzamentario e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante este.

b) Os créditos que recollan compromisos de gastos anteriores ao último mes do exercicio orzamentario e que non puidesen executarse á fin do exercicio económico por causas xustificadas. Será preciso que tales compromisos de gastos acadasen a fase de disposición en contabilidade antes do último mes do exercicio.

c) Os créditos destinados a operacións de capital.

d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados a estes.

e) Os créditos xerados polas operacións enumeradas no artigo 69 desta lei.

3. Os créditos correspondentes a financiamento condicionado serán incorporables de acordo coa normativa que lles sexa aplica-

ble en cada caso. De non existir esta, rexeranse polas normas desta lei.

4. O conselleiro de Economía e Facenda poderá acordar, con carácter xeral, a incorporación automática ao exercicio seguinte dos créditos a que se refire a alínea d) do número 1 anterior.

5. Das incorporacións a que se refiren os números 1 e 3 daráselle conta ao Parlamento.

Artigo 121. Revisión e aprobación (redacción dada pola Lei 8/2015)

2. A Conta Xeral da Comunidade Autónoma deberá ser aprobada polo Parlamento de Galicia para efectos de dar cumprimento ao disposto na alínea b) do artigo 10 do Estatuto de autonomía.

Disposición adicional segunda. Rendición de contas ao Parlamento.

A Consellería de Economía e Facenda, dentro dos primeiros quince días hábiles de cada mes, daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos de todas as modificacións que se realicen de acordo co previsto nesta lei.

70. DECRETO 133/2002, DO 11 DE ABRIL, POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE PRÉSTAMOS POLO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA [inclusión parcial]

Artigo 11

Trimestralmente o Igape dará conta ao Parlamento das operacións de crédito e préstamo vixentes.

71. LEI 2/2011, DO 16 DE XUÑO, DE DISCIPLINA ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA [inclusión parcial]

Artigo 12. Límite do gasto non financeiro (redacción dada pola Lei 12/2014, do 22 de febreiro)

1. Aprobado o obxectivo de estabilidade do artigo 4.1, o Consello da Xunta acordará o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Este acordo remitiráselle ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación, xunto co informe de estratexia financeiro-fiscal ao que se refire o artigo 11.2 desta lei.

Artigo 19. Instrumentación do principio de transparencia

4. Cando concorran condicións económicas ou administrativas non previstas no momento de aprobar o plan económico-financeiro, a Xunta de Galicia poderá remitirle ao Parlamento un plan rectificativo que incorpore as novas condicións.

Artigo 20. Informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

2. A consellería competente en materia de facenda informará anualmente o Parlamento de Galicia sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no exercicio inmediato anterior.

72. LEI 9/2015, DO 7 DE AGOSTO, DE FINANCIAMENTO DAS FORMACIÓNS POLÍTICAS E DAS FUNDACIÓNS E ENTIDADES VINCULADAS OU DEPENDENTES DELAS [inclusión parcial]

Artigo 28. Traslado do informe de fiscalización

1. Dentro dos quince días seguintes ao da emisión do informe previsto no artigo anterior, o Consello de Contas elevarao ao Parlamento de Galicia, coa remisión de copias á Xunta de Galicia e ás formacións políticas afectadas.

Artigo 43. Fiscalización polo Consello de Contas e deber de colaboración

5. O Consello de Contas poñerá en coñecemento do Parlamento de Galicia a falta de colaboración dos suxeitos obrigados a prestala.

73. LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO [inclusión parcial]

Artigo 11. Obrigas específicas de información económica, orzamentaria e estatística

2. En particular, a Xunta de Galicia fará pública toda a información complementaria sobre os seus orzamentos que sexa remitida ao Parlamento ao longo do exercicio, incluíndo unha actualización trimestral en función da execución orzamentaria, así como a liquidación anual.

ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

74. LEI ORGÁNICA 2/1979, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL [inclusión parcial]

Artigo dezaseis (redacción dada polas leis orgánicas 6/2007, do 24 de maio, e 8/2010, do 4 de novembro)

Un. Os maxistrados do Tribunal Constitucional serán nomeados polo rei, por proposta das Cámaras, do Goberno e do Consello Xeral do Poder Xudicial, nas condicións que establece o artigo cento cincuenta e nove, un, da Constitución.

Os maxistrados propostos polo Senado serán elixidos entre os candidatos presentados polas asembleas lexislativas das comunidades autónomas nos termos que o Regulamento da Cámara determine.

Dous. Os candidatos propostos polo Congreso e polo Senado deberán comparecer previamente perante as correspondentes comisións nos termos que os respectivos regulamentos dispoñan.

Tres. A designación para o cargo de maxistrado do Tribunal Constitucional será feita por nove anos, e o Tribunal será renovado por terceiras partes cada tres anos. A partir dese momento serán elixidos o presidente e o vicepresidente de acordo co previsto no artigo 9. Se o mandato de tres anos para o que foron designados como presidente e vicepresidente non coincidir coa renovación do Tribunal Constitucional, tal mandato será prorrogado para que finalice no momento en que a citada renovación se produza e os novos maxistrados tomen posesión.

Catro. Ningún maxistrado poderá ser proposto ao rei por outro período inmediato, agás que ocupase o cargo por un prazo non superior a tres anos.

Cinco. As vacantes producidas por causas distintas á da expiración do período para o cal se fixeron os nomeamentos serán cubertas en conformidade co mesmo procedemento empregado para designar o maxistrado que causou a vacante e polo tempo que a este lle restase. Se houber atraso na renovación por terzos dos maxistrados, aos novos que foren designados restaráselles do mandato o tempo de atraso na renovación.

75. LEI 6/1984, DO 5 DE XUÑO, DO VALEDOR DO POBO [inclusión parcial]

Artigo 2

1. O Valedor do Pobo será elixido polo Parlamento de Galicia para un período de cinco anos.
2. A proposta de candidato ou candidatos a Valedor do Pobo será realizada pola Comisión de Peticións ao Pleno do Parlamento de Galicia. A estes efectos será suficiente a maioría simple para a adopción de acordos da Comisión.

Artigo 9 (redacción dada pola Lei 10/2012, do 3 de agosto)

1. A Comisión de Peticións propoñeralle ao Valedor do Pobo o nomeamento do adxunto. O nomeamento e o cesamento deste correspóndenlle ao Valedor do Pobo.

76. LEI ORGÁNICA 6/1985, DO 1 DE XULLO, DO PODER XUDICIAL [inclusión parcial]

Artigo 330 (redacción dada polas leis orgánicas 9/2000, do 22 de decembro, e 5/2018, do 28 de decembro)

4. Nas salas do Civil e Penal dos Tribunais Superiores de Xustiza, unha de cada tres prazas será ocupada por un xurista de recoñecido prestixio con máis de dez anos de exercicio da profesión na comunidade autónoma, nomeado por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial entre unha terna presentada pola asemblea lexislativa; o resto de prazas serán cubertas por maxistrados designados por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial entre aqueles que leven dez anos na categoría e na orde xurisdiccional civil ou penal e que teñan especiais coñecementos en dereito civil, foral ou especial, propio da comunidade autónoma.

Caso de exitiren as seccións de apelación a que se refire o artigo 73.6, unha delas terá a competencia de maneira exclusiva nas causas de violencia contra a muller nas súas diversas formas. As prazas desta sección serán ocupadas por maxistrados ou maxistradas que teñan a condición de especialistas en violencia contra a muller. Na súa falta, as designacións levaranse a cabo segundo o fixado no apartado 5; aqueles que conseguiren a praza desta maneira deberán participar, antes de tomaren posesión no seu novo destino, nas actividades específicas de formación que o Consello Xeral do Poder Xudicial estableza regulamentariamente.

Cando a sensible e continuada diferenza no volume de traballo das distintas salas dos Tribunais Superiores de Xustiza o aconsellar, os maxistrados de calquera delas, co acordo favorable da Sala de Goberno por proposta previa do presidente do Tribunal, poderán ser adscritos polo Consello Xeral do Poder Xudicial, total ou parcialmente, e sen que iso signifique aumento retributivo ningún, a outra sala do mesmo Tribunal Superior de Xustiza. Para a adscripción serán valoradas a antigüidade no escalafón e a especialidade ou a experiencia dos maxistrados afectados e, se for posible, as súas preferencias.

77. LEI 6/1985, DO 24 DE XUÑO, DO CONSELLO DE CONTAS [inclusión parcial]

Artigo 12. Os conselleiros

1. Os conselleiros, en número de cinco, son designados polo Parlamento mediante votación por maioría de tres quintas partes, para un período de seis anos. Se se producisen vacantes, cubri-ranse de acordo co establecido anteriormente e polo tempo que reste de mandato. (redacción dada pola Lei 4/1986).

6. As persoas candidatas propostas polos grupos parlamentarios para seren membros do Consello de Contas deberán comparecer perante a comisión correspondente do Parlamento de Galicia conforme o seu Regulamento co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo. (punto engadido pola Lei 8/2015, do 7 de agosto).

78. LEI 8/1985, DO 13 DE AGOSTO, DE ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 14 (redacción dada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro.)

1. A Xunta Electoral de Galicia é un órgano permanente e está composto por:

- a) Presidente: o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- b) Vicepresidente: o elixido polos vogais, de entre os de orixe xudicial, na sesión constitutiva que se celebrará a convocatoria do secretario.
- c) Catro vogais, maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza.
- d) Catro vogais, profesores en activo das facultades de Dereito, de Ciencias Políticas ou de Socioloxía das universidades de Galicia.

2. As designacións dos vogais, no non previsto polo apartado anterior, realizaranse nos noventa días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento, conforme ás seguintes normas:

- a) Os maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza serán designados por sorteo efectuado perante o presidente do Tribunal.
- b) Os profesores das facultades de Dereito, de Ciencias Políticas ou de Socioloxía serán designados por proposta conxunta dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores con representación no Parlamento. Cando a proposta non teña lugar no prazo establecido no parágrafo primeiro deste apartado, a Mesa do Parlamento, oídas as forzas políticas presentes na Cámara, procederá á súa designación, en consideración á representación existente nela.

79. LEI 9/1988, DO 19 DE XULLO, DE ESTADÍSTICA DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 47. Composición do Consello (redacción dada pola Lei 8/2011, do 9 de novembro)

1.ñ) Un/Unha representante designado/a por cada un dos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

80. LEI [estatal] 38/1988, DO 28 DE DECEMBRO, DE DEMARCACIÓN E DE PLANTA XUDICIAL [inclusión parcial]

Artigo 13.

1. A planta dos Tribunais Superiores de Xustiza é a establecida no anexo IV desta lei.
2. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza tamén o é da súa sala do civil e penal. Dos demais maxistrados que a conforman un deles, no caso de seren dous, ou dous deles, no caso de seren catro, son nomeados por proposta en terna da asemblea lexislativa da comunidade autónoma, no modo previsto polo artigo 330 da Lei orgánica do poder xudicial.
3. O Goberno, após o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, pode aumentar ata cinco o número de maxistrados da sala do civil e penal, en todos ou nalgúns dos Tribunais Superiores de Xustiza que teñen asignada para esa sala un cadro de persoal de tres maxistrados.

81. DECRETO LEGISLATIVO 1/2005, DO 10 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DAS LEIS 7/1985, DO 17 DE XULLO, E 4/1996, DO 31 DE MAIO, DE CAIXAS DE AFORROS DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 25. Asemblea xeral

2. Os sectores representados na asemblea xeral e as porcentaxes de representación son os seguintes:

a) A comunidade autónoma a través do Parlamento de Galicia: co 20%.

3. A designación dos representantes de cada sector deberá realizarse tendo en conta as seguintes normas:

a) A representación do Parlamento de Galicia corresponderá á persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, elixidas polo Pleno da Cámara, e respectarase a proporcionalidade dos grupos parlamentarios desta.

82. DECRETO 279/2008, DO 11 DE DECEMBRO, POLO QUE SE CREA E REGULA O CONSELLO GALEGO DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES [inclusión parcial]

Artigo 3. Composición (redacción dada polo Decreto 325/2009, do 18 de xuño)

h) Unha persoa nomeada polo Parlamento de Galicia, de recoñecido prestixio no ámbito das ensinanzas artísticas, e por proposta de cada un dos grupos políticos con representación parlamentaria, se o Parlamento o considera procedente.

2. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un funcionario ou unha funcionaria da consellería competente en materia de educación.

3. Na composición e organización deste órgano procurarase a aplicación do principio de paridade para garantir unha representación proporcionada entre homes e mulleres».

83. LEI 9/2011, DO 9 DE NOVEMBRO, DOS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 14. Elección e nomeamento do consello de administración

1. Os membros do consello de administración son elixidos polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. Se esta maioría non se acada no prazo de tres meses desde a primeira votación, abondará para a elección unha maioría de tres quintos.
2. Os candidatos propostos polos grupos parlamentarios deben ser persoas con acreditada experiencia profesional e recoñecido prestixio. Terase en conta a pluralidade cultural, ideolóxica e política e procurárase o equilibrio de xéneros.
3. Os candidatos propostos polos grupos parlamentarios deberán comparecer ante a comisión correspondente na forma que determina o Regulamento da Cámara, co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo.
4. A xunta xeral de accionistas nomeará os membros do consello de administración elixidos polo Parlamento de Galicia.
5. As vacantes serán cubertas na forma que determinan as alíneas anteriores, respectando a pluralidade de orixe. O mandato dos novos conselleiros terá unha duración equivalente ao tempo que lles quedase de mandato aos membros aos que substitúen.

Artigo 23. A directora ou o director xeral

2. A directora ou o director xeral é elixido polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. No caso de non acadarse a maioría de dous terzos nunha primeira votación, o Parlamento de Galicia poderá volver someter a votación o mesmo candidato transcorrido un mes desde a primeira votación, e neste caso abondará para a súa elección a maioría dos tres quintos do Pleno da Cámara. Será nomeado polo consello de administración na súa primeira sesión.
3. O cargo de directora ou director xeral terá unha duración de cinco anos, e poderá ser reelixida ou reelixido no cargo unha vez por un período de idéntica duración.

4. Esgotado o mandato, a directora ou o director xeral continúa no exercicio das súas funcións ata o nomeamento da nova persoa elixida para o cargo.

84. LEI 6/2013, DO 13 DE XUÑO, DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 58. Composición

1. O Consello Galego de Universidades está integrado polos seguintes membros:

h) Catro membros designados pola comisión do Parlamento de Galicia competente en materia universitaria, en proporción á súa representación no Pleno do Parlamento.

i) A persoa responsable da dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

2. O nomeamento e o cesamento dos membros a que se refiren as alíneas a), b), c), d), e), f), g) e i) do punto anterior determinará automaticamente a adquisición e a perda da condición de membro do Consello Galego de Universidades.

Os acordos de designación dos membros elixidos polo Parlamento de Galicia seránlle comunicados á persoa titular da consellaría competente en materia de universidades, quen procederá a nomealos mediante orde da súa consellaría, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e producirá efectos a partir desa data.

3. Na composición deste órgano de goberno procurarase a presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 77. Composición do consello social

3. A representación dos intereses sociais no consello social corresponde a personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral ou social, de acordo coa seguinte distribución:

b) Seis membros designados polo Parlamento de Galicia.

85. LEI 3/2014, DO 24 DE ABRIL, DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 3. Membros e a súa designación

2. O presidente da Xunta nomeará os cinco membros electivos do Consello Consultivo: dous unha vez escoitado o Consello da Xunta e os outros tres por proposta do Parlamento de forma proporcional á representación dos grupos parlamentarios existentes na Cámara. As persoas candidatas propostas de forma proporcional polos grupos parlamentarios como membros electos do Consello Consultivo de Galicia deberán comparecer perante a Comisión correspondente conforme o Regulamento da Cámara co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo. Con posterioridade o Pleno da Cámara adoptará o acordo por maioría de tres quintos dos seus membros en primeira votación ou maioría absoluta en segunda votación, se for necesaria. A Presidencia do Parlamento comunicará este acordo ao presidente da Xunta para que proceda ao seu nomeamento.

OUTROS PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

86. LEI 1/1983, DO 22 DE FEBREIRO, REGULADORA DA XUNTA E DA SÚA PRESIDENCIA [inclusión parcial]

Artigo 2

A Xunta de Galicia está composta polo presidente, vicepresidente ou vicepresidentes —no seu caso— e os conselleiros.

No suposto de que haxa varios vicepresidentes, un deles terá a condición de vicepresidente primeiro coas facultades que esa lei lle atribúe.

Todos eles constitúen conxunta e colexiadamente o Consello, que exercerá, conforme ao establecido nesta lei, as atribucións da Xunta, sen prexuízo das competencias das Comisións Delegadas.

Na composición da Xunta deberá respectarse o principio de equilibrio por sexos, nunha proporción entre cada un deles que debe concretar o Parlamento ao inicio de cada lexislatura.

Artigo 4

Corresponde á Xunta:

8. Aprobar e remitir ao Parlamento os proxectos de convenios e acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas para a ratificación ou aprobación, no seu caso.

17. Coordinar a actividade das Deputacións Provinciais, en canto afecte directamente ao interese xeral da Comunidade Autónoma, e acordar as transferencias ou delegación de funcións nas mesmas. Do exercicio destas competencias darase conta ao Parlamento.

Artigo 16

Constituído o Parlamento e nos demais supostos en que así proceda, o seu presidente, previa consulta coas forzas políticas representadas parlamentariamente e oída a Mesa, propoñerá un candidato á Presidencia da Xunta, conforme ao previsto no artigo 136.1.º do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Artigo 17

O candidato presentará o seu programa ao Parlamento. Para ser elixido o candidato deberá en primeira votación obter maioría absoluta; de non obtela procederase a unha nova votación 24 horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada se obtivera maioría simple. Caso de non conseguir a devandita maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

Se transcorresen dous meses a partir da primeira votación de investidura sen que ningún candidato proposto obtivera a confianza do Parlamento, este quedará disolto e procederase á convocatoria de novas eleccións.

Artigo 18

Se o Parlamento outorga a súa confianza ao candidato, o presidente comunicarao a El-Rei para o seu nomeamento, mediante Real Decreto que se publicará no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 21

O presidente da Xunta cesa trala celebración de eleccións autonómicas, nos casos de perda da confianza parlamentaria, ou por dimisión, falecemento ou incapacidade para o exercicio do cargo. Corresponde ao Parlamento a apreciación da incapacidade do presidente.

Artigo 26

Para a dirección e coordinación das actividades da Xunta correspóndelle:

9. Presentar ao Parlamento os proxectos de lei, por si mesmo ou a través do membro da Xunta designado.
10. Facilitar ao Parlamento a información e documentación que este recabe da Xunta.
11. Solicitar que o Parlamento se reúna en sesión extraordinaria.
12. Solicitar que se celebre un debate xeral no Parlamento.

13. Comunicar ao Parlamento a interposición de recursos de inconstitucionalidade e o plantexamento de conflitos de competencias perante o Tribunal Constitucional, así como o acordo da Xunta de persoarse nos recursos e nas cuestións de inconstitucionalidade que afecten a Galicia.

Artigo 43 (redacción pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

2. Sen prexuízo das competencias delegadas no vicepresidente primeiro de acordo co disposto no artigo 32 desta lei, o presidente poderá delegar funcións puramente executivas nos demais membros da Xunta, dando conta ao Parlamento.

Artigo 45 (redacción pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

1. O Parlamento pode exixir a responsabilidade política da Xunta e do seu presidente mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura.

2. A moción de censura deberá estar firmada, alomenos, por unha quinta parte dos membros do Parlamento, e haberá de incluír un candidato á Presidencia da Xunta.

3. A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.

4. Se a moción de censura non fose aprobada polo Parlamento, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

Artigo 46 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

Se prosperase a moción de censura, a Xunta e o seu presidente cesarán e o candidato incluído nela entenderase investido da confianza do Parlamento, procedéndose a continuación á súa designación como presidente da Xunta, segundo o disposto no artigo 17 desta lei.

Artigo 47 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

O presidente da Xunta, previa deliberación do Consello, pode plantexar perante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración política xeral. A cuestión de

confianza non se poderá votar ata transcorridas 24 horas desde a súa presentación. A confianza entenderase outorgada cando vote a prol da mesma a maioría simple de deputados.

Se o Parlamento negase a súa confianza ao presidente da Xunta entenderase cesado e procederase á elección de novo presidente conforme ao establecido nesta Lei.

Artigo 48 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

A Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comezo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral. Non caberá celebrar este debate cando no mesmo ano a Cámara investise o presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia.

Sección 4ª. Doutras formas de control

Artigo 49 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

O Parlamento, as súas Comisións e os deputados a través da Presidencia do mesmo, poderán recabar a información e axuda que precisen da Xunta, dos seus conselleiros e de calquera outra autoridade da Comunidade Autónoma.

Artigo 50 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

O Parlamento mais as súas Comisións poden reclamar a presenza dos conselleiros e dos outros altos cargos da Comunidade Autónoma.

Artigo 51 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

Os conselleiros teñen acceso ás sesións do Parlamento e das súas Comisións e a facultade de se facer oír nelas. Ante as Comisións poderán facerse acompañar de altos cargos ou funcionarios das súas consellerías e solicitar que estes informen.

Artigo 52 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

1. A Xunta e cada un dos seus membros están sometidos ás mocións, interpelacións e preguntas que se lles formulen no Parlamento.

2. Toda interpelación poderá dar lugar a unha moción na que o Parlamento manifeste a súa posición.

Artigo 53 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

1. O Parlamento poderá delegar na Xunta a potestade de ditar normas con rango de lei que recibirán o título de decretos lexislativos.
2. A delegación lexislativa deberá outorgarse mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.
3. Non poderán ser obxecto de delegación a regulación do réxime electoral da Comunidade Autónoma, a aprobación do presuposto, as leis institucionais ou de desenrolo básico do Estatuto e as que, pola súa natureza, requiran maioría cualificada para a súa aprobación.

Artigo 54 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

A delegación lexislativa haberá de outorgarse á Xunta en forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio sen que se poida entender concedida de forma implícita nin por tempo indeterminado. Tampouco poderá permitir a subdelegación en prol de autoridades distintas da propia Xunta.

Artigo 55 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

1. As leis de bases delimitarán con precisión o obxecto e alcance da delegación lexislativa e os principios e criterios que se han de seguir no seu exercicio. En ningún caso poderán autorizar á Xunta para modificar a propia lei de bases nin para ditar normas con carácter retroactivo.
2. As leis ordinarias de autorización para refundir textos legais, determinarán o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, especificando se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a de regularizar, clarear e harmonizar os textos legais que han de ser refundidos.

Artigo 56 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

O control sobre os decretos legislativos levarase a cabo nos termos previstos no Regulamento do Parlamento de Galicia, sen prexuízo do cal as leis de delegación poderán establecer en cada caso fórmulas adicionais de control parlamentario.

Artigo 57 (redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro)

1. Cando unha proposición de lei ou unha enmenda sexa contraria a unha delegación legislativa en vigor, a Xunta está facultada para se opoñer á súa tramitación. Neste caso poderá presentar unha proposición de lei para a derogación parcial ou total da lei de delegación.
2. A delegación entenderase esgotada coa publicación pola Xunta da norma correspondente.

87. LEI 6/1985, DO 24 DE XUÑO, DO CONSELLO DE CONTAS [inclusión parcial]

Disposición adicional *bis*. Informe preceptivo (redacción dada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto)

Someteranse a informe do Consello de Contas as proposicións de lei e os anteproxectos de lei que versen sobre o seu réxime xurídico ou sobre o exercicio das súas funcións. O Consello de Contas emitirá o seu informe no prazo de trinta días. Se na orde de remisión se fai constar a urxencia do informe, o prazo será de quince días. Excepcionalmente, o órgano remitente poderá conceder unha prórroga do prazo atendendo as circunstancias do caso. No caso dos anteproxectos de lei, a Xunta remitirá dito informe ao Parlamento de Galicia.

88. LEI 8/1985, DO 13 DE AGOSTO, DE ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 6 (redacción dada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro)

5. Os deputados que desempeñen, por si ou mediante substitución, calquera outro posto, profesión ou actividade, públicos ou privados, por conta propia ou allea, retribuídos mediante soldo, salario, arancel, honorarios ou calquera outra forma, só percibirán, con cargo aos presupostos do Parlamento de Galicia, as indemnizacións e axudas de custo que sexan correspondentes para o cumprimento da súa función.

7. Os deputados deberán formular declaración de todas as actividades que poidan constituír causa de incompatibilidade conforme o establecido na lexislación vixente e de calquera outra actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como dos seus bens patrimoniais, tanto ao adquiriren coma ao perderen a súa condición de parlamentarios, así como cando modifiquen as súas circunstancias.

As declaracións sobre actividades e bens formularanse por separado conforme o modelo que aprobe a Mesa do Parlamento e inscribiranse nun Rexistro de Intereses, que estará baixo a dependencia directa do presidente da Cámara. O contido do Rexistro de Intereses terá carácter público, a excepción do que se refire a bens patrimoniais.

Artigo 9

1. O número de deputados do Parlamento de Galicia fíxase en 75.
2. A cada unha das catro provincias de Galicia correspóndelle un mínimo inicial de 10 deputados.
3. Os 35 deputados restantes distribúense entre as provincias en proporción á súa poboación, conforme o seguinte procedemento:
 - a) Obtense unha cuota de reparto resultante de dividir por 35 a cifra total da poboación de dereito das provincias de Galicia.
 - b) Adxudícase a cada unha das catro provincias tantos deputados como resulten, en números enteiros, de dividir a poboación de dereito provincial pola cota de reparto.

c) Os deputados restantes distribúense asignando un a cada unha das provincias, o cociente das cales, obtido conforme ao apartado anterior, teña unha fracción decimal maior.

4. O decreto de convocatoria debe especificar o número de deputados que se elixirá en cada circunscrición, de acordo co disposto neste artigo.

Artigo 12 (redacción dada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro)

1. A convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia realizarase mediante decreto.

2. O decreto de convocatoria sinalará a data das eleccións, que se deberán celebrar entre o quincuaxésimo cuarto e o sesaxésimo día posterior á convocatoria, a duración da campaña electoral, así como a data constitutiva do Parlamento, que terá lugar dentro do prazo dun mes, contado desde o día da celebración das eleccións.

3. Salvo no suposto de disolución anticipada, o decreto de convocatoria expedirase o vixésimo quinto día anterior á expiración do mandato do Parlamento.

4. O decreto de convocatoria publicarase o día seguinte da súa expedición no *Diario Oficial de Galicia* e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Artigo 15

1. Os membros da Xunta Electoral de Galicia serán nomeados por decreto ao comezo de cada lexislatura e continuarán o seu mandato ata a toma de posesión da nova Xunta Electoral.

2. O secretario da Xunta Electoral de Galicia é o letrado maior do Parlamento. Participa con voz e sen voto nas súas deliberacións e custodia a documentación correspondente á Xunta Electoral.

Artigo 16

O Parlamento poñerá a disposición da Xunta Electoral de Galicia os medios persoais e materiais para o exercicio das súas funcións.

Artigo 17

1. Os membros da Xunta Electoral de Galicia son inamovibles e só poderán ser suspendidos por delitos ou faltas electorais, mediante

expediente incoado pola propia Xunta en virtude de acordo da maioría absoluta dos seus componentes, sen prexuízo do procedemento xudicial correspondente.

2. No suposto previsto no número anterior, así como no caso de renuncia xustificada e aceptada polo presidente, procederase á substitución dos membros da Xunta Electoral da Comunidade Autónoma conforme ás seguintes regras:

- a) O vicepresidente e os vogais serán substituídos polos mesmos procedementos previstos para a súa designación.
- b) O letrado maior do Parlamento será substituído polo letrado máis antigo, e, en caso de igualdade, polo de maior idade.

Artigo 28

2. A Comisión de Control Electoral de RTVG será designada pola Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia e estará integrada por un representante de cada partido, federación, coalición e agrupación que concorran ás eleccións convocadas ao Parlamento e contén con representación no mesmo. Os devanditos representantes votarán ponderadamente de acordo coa composición do Parlamento.

89. LEI 3/1988, DO 27 DE ABRIL, DE CREACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (inclusión parcial]

Artigo 4

1. Son funcións do Instituto Galego da Vivenda e Solo:

II) Preparar e propoñer os plans plurianuais de vivenda. Unha vez aprobados polo Consello da Xunta, serán remitidos ao Parlamento para os efectos previstos no artigo 142.1 do Regulamento. As previsións para a vivenda urbana referiranse á rehabilitación do parque, á recuperación e protección dos cascos históricos e ao novo crecemento; establecerá previsións para a vivenda rural, en colaboración coas entidades locais, tendo en conta as necesidades existentes.

90. LEI 6/1995, DO 28 DE XUÑO, POLA QUE SE CREA O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 5. Funcións

De acordo coa súa finalidade e natureza, correspóndenlle ao Consello as seguintes funcións:

1. Emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo.

1.1. Serán ditames de solicitude preceptiva os que versen sobre:

a) Anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Exceptúanse desta consulta os proxectos de lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

b) Anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten a organización, as competencias ou o funcionamento do Consello.

c) Calquera outro relativo a materias que teñan que consultárselle ao Consello por precepto expreso dunha lei.

O Consello da Xunta, ao comunicarlle ao Parlamento a aprobación dos proxectos de lei e de decretos lexislativos, incluírá o ditame elaborado, se é o caso, polo Consello.

91. LEI 2/2006, DO 14 DE XUÑO, DE DEREITO CIVIL DE GALICIA [inclusión parcial]

Disposición adicional primeira.

Cada cinco anos, como máximo, sen prexuízo da iniciativa parlamentaria correspondente, a Mesa do Parlamento de Galicia designará unha comisión, integrada por membros dos diversos grupos parlamentarios da Cámara, co fin de elaborar un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos desta lei e daquelas normas que se coiden necesarias para a conservación, a modificación e o desenvolvemento das institucións do dereito civil propio de Galicia.

92. ESTATUTO DO PERSOAL DO PARLAMENTO DE GALICIA [11 de decembro de 2007]

Exposición de motivos

O Parlamento de Galicia, en canto poder público da Comunidade Autónoma de Galicia, derivado da previsión do artigo 152 da Constitución, dispón de autonomía administrativa que lle permite regular o réxime xurídico do persoal da súa administración.

Como expresión desa prerrogativa, que o Estatuto de autonomía para Galicia contempla no seu artigo 12, e o Regulamento da Cámara reserva na súa disposición derradeira cuarta, a Mesa do Parlamento de Galicia aprobou con data 7 de febreiro de 1984 o Estatuto de persoal que, coas modificacións producidas nos anos 1988, 1995 e 2003, permaneceu vixente ata a actualidade. Esta norma, aprobada con anterioridade á normativa estatal, cumpriu a importante finalidade de instaurar o réxime xeral do persoal da Administración do Parlamento de Galicia. Non obstante, os procesos de reforma operados na función pública e a propia dinámica parlamentaria fixeron desta norma un instrumento obsoleto e inadecuado para atender as novas demandas das funcións parlamentarias.

A experiencia destes vinte e cinco anos de xestión parlamentaria, o grao de desenvolvemento e madurez, as transformacións operadas e a propia evolución da actual Administración parlamentaria determinan a necesidade de dotarse dun novo marco normativo que reordene a función pública parlamentaria, adaptándoa, no exercicio da dita autonomía organizativa, ás peculiaridades propias desta administración.

Con esta norma véñse dar cumprimento, ademais, a un dos obxectivos previstos no Plan operativo para a implantación dun novo modelo de xestión, aprobado pola Mesa do Parlamento, abordando por primeira vez, dun xeito integral, todos os aspectos que afectan o persoal ao servizo da Administración parlamentaria, rematando así coa necesidade habitual de acudir supletoriamente a diferentes normas alleas, e mesmo á analoxía, para resolver as lagoas que frecuentemente xurdían nos procesos de xestión ordinaria do persoal.

Así pois, materias tales como a regulación dos órganos de persoal, o acceso á función pública parlamentaria de acordo cos principios

constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, o recoñecemento dos dereitos profesionais das empregadas e dos empregados, tanto individuais como colectivos, e do seu código de conduta, a definición do sistema de retribucións ou a introdución da mobilidade interadministrativa, que lles permitirá aos funcionarios e ás funcionarias por primeira vez optar a postos de traballo noutras administracións públicas, amplían e consolidan o novo réxime xurídico da función pública parlamentaria.

Un dos aspectos fundamentais desta nova regulación constitúeno as disposicións referentes á planificación e ordenación dos recursos humanos, e en particular a reorganización en corpos, e por razóns de especialización en escalas, cunha clasificación en catro grupos profesionais que permitirá a un gran número de funcionarias e funcionarios, os pertencentes aos actuais grupos E e D, integrarse nos grupos inmediatamente superiores.

Esta racionalización dos réximes funcionariais, xunto con outras moitas medidas, tales como a reserva de prazas vacantes para a súa cobertura mediante promoción interna ou a potenciación de actividades.

formativas, pretende introducir factores de motivación e implicación persoal, facilitar a carreira administrativa e elevar o grao de profesionalidade das empregadas e dos empregados públicos, o cal redundará, en definitiva, na mellora da calidade dos servizos dunha Administración parlamentaria moderna e eficaz que garanta o principio constitucional da independencia da asemblea lexislativa de Galicia.

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. Obxecto

Este estatuto dítase no exercicio da autonomía organizativa que posúe en canto poder público o Parlamento de Galicia e ten por obxecto regular o réxime xurídico do persoal ao servizo da súa administración.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O disposto neste estatuto aplicárase a todo o persoal que presta servizos na Administración do Parlamento de Galicia mediante unha relación profesional de emprego.

CAPÍTULO II

Clasificación do persoal da Administración do Parlamento de Galicia e rexistro de persoal

Artigo 3. Clases de persoal

O persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia clasifícase en:

- a) Persoal funcionario de carreira.
- b) Persoal funcionario interino.
- c) Persoal laboral, xa sexa fixo ou temporal.
- d) Persoal eventual.

Artigo 4. Persoal funcionario de carreira

1. É persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia o que estea vinculado a ela por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desenvolvemento dos servizos profesionais retribuídos con cargo ao orzamento da Cámara.
2. As funcións que impliquen a participación no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais da Administración parlamentaria corresponderánlle ao persoal funcionario de carreira.

Artigo 5. Persoal de carácter temporal

1. É persoal de carácter temporal o persoal funcionario interino ou o persoal laboral da Administración do Parlamento de Galicia que, con carácter transitorio e por razóns de necesidade ou urxencia debidamente xustificadas, é nomeado para prestar servizos en postos de traballo vacantes reservados a persoal funcionario de carreira ou laboral e dotados orzamentariamente, en tanto non sexan provistos con carácter permanente.

2. O cesamento do persoal temporal producirase cando o posto que ocupase sexa provisto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, ben con carácter definitivo ou por adscrición provisional, cando se amortice o posto ou cando desaparezan as razóns de necesidade ou urxencia que motivaron o seu nomeamento.

3. As prazas ocupadas por persoal temporal por razóns de necesidade e urxencia deberán incluírse na oferta de emprego público inmediatamente posterior á permanencia dun ano do persoal temporal no seu posto, sen prexuízo dos supostos de amortización das prazas, para ser obxecto de provisión conforme os procedementos establecidos neste estatuto, agás as prazas ocupadas por interinos/as para substituír a funcionarios/as con dereito á reserva de postos de traballo.

Artigo 6. Persoal eventual

1. É persoal eventual da Administración do Parlamento de Galicia o que, en virtude de libre nomeamento e con carácter non permanente, realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza e asesoramento especial para a presidenta ou o presidente, ou para os demais membros da Mesa do Parlamento de Galicia, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

En ningún caso poderá adoptar actos ou resolucións que correspondan legalmente aos órganos do Parlamento de Galicia.

2. O persoal eventual será libremente nomeado pola presidenta ou o presidente do Parlamento de Galicia, incluído o que se adscriba aos demais membros da Cámara, logo da proposta, neste caso, do membro deste órgano a cuxo servizo se adscriba.

O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia que sexa nomeado persoal eventual da Presidencia pasará á situación administrativa de servizos especiais.

3. O persoal eventual cesará cando a Presidencia o considere pertinente e, en todo caso, cando cesen nos seus cargos a presidenta ou o presidente, ou o membro da Mesa do Parlamento de Galicia a cuxo servizo foi adscrito, sen prexuízo de que a Mesa poida adoptar as medidas provisionais que xulgue oportunas para os períodos de disolución da Cámara.

A perda da condición de persoal eventual non xerará dereito a indemnización.

4. A prestación de servizos en calidade de persoal eventual nunca poderá ser considerada como mérito para o acceso á condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral nin tampouco para a promoción interna.

5. O número e as retribucións do persoal eventual deberán figurar nos orzamentos do Parlamento de Galicia.

6. Este persoal en ningún caso poderá ocupar postos nin realizar funcións propias dos funcionarios do Parlamento.

Artigo 7. Persoal laboral

É persoal laboral da Administración do Parlamento de Galicia o que en virtude de contrato escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, ocupa postos de traballo clasificados como tales na relación de postos de traballo.

CAPÍTULO III

Comezo e extinción da relación de servizo

Artigo 8. Adquisición da condición de persoal funcionario de carreira

1. A condición de persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia adquirese polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:

- a) Superación do proceso selectivo correspondente.
- b) Nomeamento pola presidenta ou o presidente da Cámara e publicación do nomeamento no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo e de gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia.
- d) Toma de posesión dentro do prazo dun mes.

2. Para os efectos do disposto na alínea anterior, non poderá ser nomeado persoal funcionario, quedando anuladas as actuacións,

quen non acredite, logo de superado o proceso selectivo, que reúne os requisitos e as condicións esixidos na convocatoria.

3. A falta de toma de posesión dentro do prazo imputable á persoa interesada producirá o decaemento do seu dereito a adquirir a condición de persoal funcionario de carreira nese proceso selectivo.

Artigo 9. Causas de extinción da relación de servizo

Son causas de extinción da relación de servizo:

- a) A renuncia á condición funcional, que non inhabilitará para un novo ingreso na función pública.
- b) A perda da nacionalidade española.
- c) A sanción disciplinaria de separación do servizo que adquira firmeza.
- d) A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que tivera carácter firme.
- e) A xubilación.

Artigo 10. Renuncia

1. A renuncia á condición de persoal funcionario deberá ser manifestada libremente por escrito e aceptada expresamente pola Mesa do Parlamento de Galicia.

2. Non poderá ser aceptada a renuncia cando a funcionaria ou o funcionario estea suxeito a un procedemento disciplinario ou procesado pola comisión dalgún delito.

3. A renuncia á condición de persoal funcionario non inhabilita para obter un novo ingreso na Administración do Parlamento de Galicia, a través do procedemento de selección establecido.

Artigo 11. Xubilación

A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

- a) Voluntaria, por solicitude do persoal funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.
- c) Por incapacidade permanente para o servizo.

Artigo 12. Xubilación voluntaria

Procederá a xubilación voluntaria, por solicitude da persoa interesada, sempre que o persoal funcionario reúna os requisitos e as condicións establecidos no réxime de Seguridade Social que lle sexa aplicable.

Artigo 13. Xubilación forzosa

A xubilación forzosa declararase de oficio a Mesa do Parlamento de Galicia cando o persoal funcionario cumpra os 65 anos de idade.

Porén, o persoal funcionario poderá prolongar voluntariamente a súa permanencia no servizo activo ata que cumpra como máximo os 70 anos de idade, logo de comunicación por escrito á Mesa do Parlamento de Galicia.

Artigo 14. Xubilación por incapacidade permanente para o servizo

Procederá a xubilación do persoal funcionario cando este padeza incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou praza. Para isto será preceptiva a incoación do correspondente procedemento de incapacidade, que poderá ser iniciado de oficio, e con audiencia do/a interesado/a, ou por solicitude da persoa interesada.

Artigo 15. Rehabilitación da condición de persoal funcionario

No caso de extinción da relación funcional como consecuencia da perda da nacionalidade ou xubilación por incapacidade permanente para o servizo, a persoa interesada poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de persoal funcionario, que lle será concedida unha vez desaparecida a causa obxectiva que a motivou.

CAPÍTULO IV

Planificación e ordenación do persoal da Administración do Parlamento de Galicia

Artigo 16. Obxectivos

A Administración do Parlamento de Galicia orientará a planificación dos seus recursos humanos a un adecuado dimensionamento, optimización e distribución dos seus efectivos co fin de acadar a maior eficacia e eficiencia na prestación dos servizos.

Nos instrumentos de planificación que se adopten, estableceranse, entre outras, medidas para a adecuación dos postos de traballo ás necesidades da organización parlamentaria, capacitación, formación, promoción e mobilidade do persoal.

Artigo 17. Oferta de emprego público

As necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas co persoal existente e deban proverse mediante persoal de novo ingreso serán obxecto, de ser o caso, de aprobación dunha oferta anual de emprego público, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 18. Rexistro de persoal

1. O persoal da Administración do Parlamento de Galicia figurará inscrito no rexistro de persoal, no que constarán todos os actos e circunstancias que afecten a súa carreira administrativa.
2. O rexistro de persoal da Administración do Parlamento de Galicia coordinarase cos rexistros de persoal doutras administracións públicas.

Artigo 19. Relación de postos de traballo

1. A ordenación dos postos de traballo existentes e dotados orzamentariamente realizarase a través da relación de postos de traballo, na que constarán necesariamente os seguintes datos de cada posto:
 - a) Denominación.
 - b) Situación na estrutura orgánica.

- c) Forma de provisión.
- d) Grupo, corpo ou escala a que pertence.
- e) Nivel e complemento específico.
- f) Requisitos esixidos para o seu desempeño.

2. A relación de postos de traballo será aprobada pola Mesa do Parlamento de Galicia, por proposta da letrada ou letrado oficial maior, e posteriormente publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3. A creación, modificación e supresión de postos que realice a Mesa do Parlamento de Galicia efectuarase a través da correspondente relación de postos de traballo.

Artigo 20. Grupos de clasificación profesional

O persoal funcionario de carreira intégrase en corpos e por razóns da especialización en escalas, clasificándose, de acordo coa titulación esixida para o ingreso, nos seguintes grupos de clasificación:

- Grupo A: titulación de doutor/a, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou equivalente.
- Grupo B: titulación de diplomado/a universitario/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou equivalente.
- Grupo C: titulación de bacharelato, técnico/a superior en formación profesional ou equivalente.
- Grupo D: titulación de graduación en educación secundaria obrigatoria, técnico/a en formación profesional ou equivalente.

Artigo 21. Corpos do persoal funcionario de carreira

Os corpos do persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia son os seguintes:

- a) Corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia.
- b) Corpo superior do Parlamento de Galicia.
- c) Corpo de xestión do Parlamento de Galicia.
- d) Corpo administrativo do Parlamento de Galicia.
- e) Corpo auxiliar do Parlamento de Galicia.

Artigo 22. Escalas e prazas singulares

1. As escalas existentes na Administración do Parlamento de Galicia son as seguintes:

a) A escala técnica de publicacións, que se integra no corpo superior do Parlamento de Galicia.

Corresponderanlle a esta escala as funcións de redacción, corrección e tradución das publicacións, textos e documentos xerados na actividade parlamentaria e nas unidades administrativas da Cámara.

b) A escala de tecnoloxías da información, que se integra no corpo superior do Parlamento de Galicia.

Corresponderanlle a esta escala as funcións de planificación, coordinación e xestión superior dos sistemas informáticos e audiovisuais e das redes de comunicación do Parlamento de Galicia.

c) A escala técnica superior de documentación, que se integra no corpo superior do Parlamento de Galicia.

Corresponderanlle a esta escala as funcións de organización, coordinación e xestión superior dos fondos bibliográficos e documentais e do arquivo do Parlamento de Galicia.

d) A escala técnica de xestión de documentación, que se integra no corpo de xestión do Parlamento de Galicia.

Corresponderanlle a esta escala as funcións de apoio técnico e xestión dos fondos bibliográficos e documentais e do arquivo do Parlamento de Galicia.

e) A escala superior de intervención, que se integra no corpo superior do Parlamento de Galicia.

Corresponderanlle a esta escala as funcións de dirección, planificación, coordinación, xestión e control da actividade económico-financeira da Cámara, así como a organización e dirección da contabilidade pública.

2. Para o ingreso nas anteriores escalas requirirase estar en posesión da titulación universitaria relativa ás especialidades propias de cada escala, segundo se determine na relación de postos de traballo.

3. A Mesa do Parlamento poderá crear dentro de cada corpo, cando así fose necesario por razóns de especialización, novas escalas.

A creación comportará a determinación da súa denominación, funcións e nivel de titulación ou titulacións concretas que se esixa para ingresar nela.

4. O persoal funcionario de carreira pertencente a unha escala poderá participar, segundo se determine nas correspondes convocatorias, nos sistemas de provisión de postos correspondentes ao seu corpo, sempre e cando cumpra os requisitos e condicións esixidos nelas.

5. Cando como consecuencia das facultades de autoorganización da Administración parlamentaria fora preciso suprimir postos correspondentes a algunha escala, asignaráselle ao persoal funcionario que os estivese desempeñando outro posto correspondente ao seu corpo.

Artigo 23. Corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia

1. Correspóndenlle ao corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia as funcións de asesoramento xurídico e técnico á Presidencia e á Mesa da Cámara e mais ás mesas das comisións e ás ponencias, así como a redacción, de conformidade cos acordos adoptados por eses órganos, das resolucións, informes e ditames e o levantamento de actas correspondentes; a representación e defensa do Parlamento de Galicia perante os órganos xurisdiccionais e o Tribunal Constitucional; as funcións de estudo de nivel superior; e, se é o caso, as funcións de dirección da Administración parlamentaria que lle fosen encomendadas e conforme se determine no Regulamento de organización e funcionamento e nas correspondentes relacións de postos de traballo.

2. O corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia clasifícase no grupo profesional A e para ingresar nel requírese estar en posesión do título de doutor/a ou licenciado/a en dereito.

Artigo 24. Corpo superior do Parlamento de Galicia

1. Correspóndenlle ao corpo superior do Parlamento de Galicia as funcións de asistencia e asesoramento facultativo superior propio da especialidade correspondente e mais a elaboración de infor-

mes, estudos, desenvolvementos técnicos, proxectos normativos e propostas, así como o exercicio de funcións directivas na Administración da Cámara segundo se determine na relación de postos de traballo.

2. O corpo superior do Parlamento de Galicia clasifícase no grupo profesional A.

3. As bases das probas selectivas para ingresar no corpo superior do Parlamento de Galicia determinarán a titulación específica e a especialidade que, se é o caso, deban esixirse para o desempeño dos postos correspondentes.

Artigo 25. Corpo de xestión do Parlamento de Galicia

1. Correspóndenlle ao corpo de xestión do Parlamento de Galicia as funcións de asesoramento facultativo propio da especialidade correspondente; a xestión administrativa e a elaboración de informes, estudos, desenvolvementos técnicos e propostas; e a xefatura das unidades segundo se determine na relación de postos de traballo.

2. O corpo de xestión do Parlamento de Galicia clasifícase no grupo profesional B.

3. As bases das probas selectivas para ingresar no corpo de xestión do Parlamento de Galicia determinarán a titulación específica e a especialidade que, se é o caso, deban esixirse para o desempeño dos postos correspondentes.

Artigo 26. Corpo administrativo do Parlamento de Galicia

1. Correspóndenlle ao corpo administrativo do Parlamento de Galicia o desempeño de funcións de tramitación administrativa e colaboración, preparatorias, complementarias e derivadas de funcións superiores; a atención de secretarías, a asistencia administrativa, a realización de tarefas de taquigrafía, mecanografía, rexistro, arquivo, tratamento de textos e outras aplicacións informáticas; traballos de edición e transcripción; e calquera outra semellante ou necesaria para o desenvolvemento delas.

2. O corpo administrativo do Parlamento de Galicia clasifícase no grupo profesional C.

Artigo 27. Corpo auxiliar do Parlamento de Galicia

1. Correspóndenlle ao corpo auxiliar do Parlamento de Galicia a realización das tarefas de vixilancia e custodia no interior do Parlamento; o control de tránsito interno, atención e acompañamento de persoas; a asistencia e auxilio durante as sesións e reunións dos órganos da Cámara; a telefonía, correspondencia, reprodución, transporte e distribución de documentos; a prestación de servizos axeitados á natureza das funcións do corpo en arquivos, bibliotecas ou almacéns; a condución de vehículos oficiais; o cumprimento das mensaxes e ordes recibidas en materias relativas ás funcións da Cámara; a colaboración nos actos protocolarios que se organicen no Parlamento de Galicia; as tarefas de apoio ás unidades administrativas ou á actividade parlamentaria que se lle encomende; e calquera outra semellante ou necesaria para o desenvolvemento delas.

2. O corpo auxiliar do Parlamento de Galicia clasifícase no grupo profesional D.

CAPÍTULO V

Provisión de postos e mobilidade

Artigo 28. Concurso de méritos

O sistema ordinario de provisión de postos de traballo será o concurso, que, de ser o caso, terá carácter anual, e no que serán tidos en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria, entre os que constarán o grao persoal, a antigüidade, o traballo desenvolvido en anteriores postos e a formación relativa ao contido dos postos que se van cubrir, como mínimo.

O persoal funcionario de carreira que accedera a un posto de traballo cuxa provisión sexa o sistema de concurso poderá ser removido del por causas sobrevidas ou de supresión ou alteración do deseño do posto de traballo por razóns xustificadas, a través das relacións de postos de traballo.

Tamén se producirá a remoción a consecuencia dunha falta de capacidade sobrevida para o seu desenvolvemento, manifestada polo rendemento insuficiente, que non comporte inhibición e que impida realizar con eficacia as funcións atribuídas. Neste caso, a remoción efectuarase logo de expediente contradictorio, mediante

resolución motivada da Mesa do Parlamento, e despois de oída a Xunta de Persoal.

Artigo 29. Libre designación

1. Cubriranse por este sistema os postos directivos, os de asistencia inmediata á Oficialía Maior e ás direccións e aqueloutros que atendendo as súas características especiais así se determinen nas relacións de postos de traballo.

2. A libre designación realizarase mediante convocatoria pública, na que se indicará a denominación, o nivel e localización do posto e os requisitos indispensables para o seu desempeño.

O prazo para a presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. A convocatoria resolveraa a Mesa do Parlamento de Galicia, por proposta da letrada ou letrado oficial maior.

3. O persoal funcionario adscrito a un posto de traballo polo procedemento de libre designación poderá cesar con carácter discrecional por decisión do órgano competente para o seu nomeamento.

Artigo 30. Desempeño provisional de postos de traballo

1. O persoal funcionario que cese nun posto de traballo de libre designación e o removido dos que ocupen por concurso ou por supresión ou alteración de postos quedará á disposición da Presidencia do Parlamento de Galicia, atribuíndoselle o desempeño provisional dun posto de traballo correspondente ao seu corpo ou escala.

2. O persoal que cese nos seus postos de traballo conforme o determinado na alínea anterior continuará percibindo durante un prazo máximo de tres meses as retribucións complementarias correspondentes ao posto que viña ocupando.

Artigo 31. Desempeño do posto de traballo

O persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia está obrigado a desempeñar as tarefas propias do seu posto de traballo, así como calquera outra similar ou equivalente que por necesidades do servizo se lle puidera encomendar.

A Administración parlamentaria poderalle asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desempeñe sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao e categoría, cando as necesidades do servizo o xustifiquen, e sen mingua nas retribucións.

Para o desenvolvemento eficaz das súas funcións e o correcto desempeño do seu posto de traballo, todo o persoal deberá utilizar os medios e recursos que a Administración do Parlamento de Galicia poña á súa disposición para un desenvolvemento eficaz das súas funcións, tales como as ferramentas ofimáticas e as demais relativas ás tecnoloxías da información.

Artigo 32. Comisións de servizo

1. Poderán acordarse comisións de servizo temporais para o persoal funcionario de carreira, con dereito á reserva do seu posto de traballo, nos seguintes casos:

a) Cando un posto de traballo quede vacante, a letrada ou o letrado oficial maior poderá, no caso de necesidade, proceder a cubrilo durante un prazo máximo dun ano, ou ata a resolución do seguinte concurso, no caso de que non se cubrise con carácter definitivo, con outro funcionario ou funcionaria que reúna os requisitos establecidos na relación de postos de traballo para o seu desempeño.

b) Para participar por tempo non superior a seis meses en misións de cooperación internacional ao servizo de organismos internacionais, entidades ou gobernos estranxeiros ou programas de cooperación internacional, órganos constitucionais ou parlamentos ou asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

c) En casos excepcionais, a letrada ou o letrado oficial maior poderalles atribuír aos funcionarios e ás funcionarias o desempeño temporal en comisión de servizos de funcións especiais que non estean asignadas especificamente aos postos incluídos nas relacións de postos de traballo, ou para a realización de tarefas que, por causa do seu maior volume temporal ou outras razóns conxunturais, non poidan ser atendidas con suficiencia polos funcionarios ou funcionarias que desempeñen con carácter permanente os postos de traballo que teñan asignadas as ditas tarefas.

En tal suposto continuarán percibindo as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo, sen prexuízo da percepción das indemnizacións por razón do servizo a que teñan dereito, se é o caso.

2. As comisións de servizo serán desempeñadas voluntariamente, agás en supostos excepcionais, cando existan necesidades de servizo debidamente xustificadas, que terán carácter forzoso.

As comisións de servizo de carácter forzoso terán unha duración máxima de seis meses prorrogables por outros seis, asignaranse baixo criterios obxectivos e serán, sempre que sexa posible, de carácter rotatorio.

Na tramitación das comisións de servizo de carácter forzoso dará-lle audiencia á Xunta de Persoal.

Artigo 33. Mobilidade entre administracións públicas

Co fin de facilitar a carreira administrativa, a Administración do Parlamento de Galicia promoverá medidas a través de convenios con outras administracións públicas ou outros instrumentos que faciliten a mobilidade das súas empregadas e empregados públicos, nas que terán especial consideración os casos de mobilidade xeográfica das vítimas de violencia de xénero. Os devanditos convenios serán publicados no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

En tales convenios regularanse as consecuencias da mobilidade administrativa que implicará a integración do funcionariado do Parlamento de Galicia na administración pública de destino, e viceversa.

As empregadas e os empregados públicos procedentes doutras administracións públicas que en virtude da mobilidade interadministrativa pasasen a ocupar postos de traballo na Administración do Parlamento de Galicia integraranse nela, no correspondente corpo ou escala.

Na relación de postos de traballo da Administración parlamentaria determinaranse os postos cuxa provisión poderá efectuarse co persoal funcionario de carreira procedente doutras administracións públicas.

CAPÍTULO VI

Acceso ao emprego público

Artigo 34. Principios reitores do acceso ao emprego público

1. O acceso ao emprego público no Parlamento de Galicia basearase nos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade das convocatorias e transparencia dos procesos selectivos.
2. A oferta de emprego ou, de ser o caso, as correspondentes convocatorias garantirán a non existencia de requisitos que determinen un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo predominantemente feminino.
3. Na composición dos órganos de selección tratarase de acadar a paridade entre mulleres e homes.

Artigo 35. Selección do persoal funcionario

1. O acceso do persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia realizarase a través dos sistemas de oposición ou de concurso oposición e, excepcionalmente, por concurso.
2. Correspóndelle á Mesa do Parlamento de Galicia, por proposta da Presidencia, logo de audiencia da Xunta de Persoal, a aprobación das bases das convocatorias de selección.
3. Para ser admitido/a aos procesos selectivos convocados pola Administración do Parlamento de Galicia será necesario:
 - a) Posuír a nacionalidade española.
 - b) Estar en posesión da titulación esixida ou en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
 - c) Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.
 - d) Ter feitos os 16 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
 - e) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.
 - f) Cumprir cos requisitos que se establezan en cada convocatoria.

4. Reservarase como mínimo unha cota dun 5 % das prazas convocadas para a súa provisión entre persoas con discapacidade superior ao 33 %. En todo caso, reservarase unha praza cando a aplicación da dita porcentaxe dea un resultado inferior á unidade, sempre que o número de prazas convocadas sexa igual ou superior a tres. As prazas correspondentes a esta cota que non se cubran incrementarán as prazas de acceso libre.

Os candidatos e as candidatas deberán reunir os requisitos esixidos na convocatoria e acreditar o grao de discapacidade e a compatibilidade no desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

5. Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría se verifícase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público ou na correspondente convocatoria, segundo o caso, establecerase que, de existiren méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres, agás que considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nelas existan motivos non discriminatorios para preferir ao home.

Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

6. Todas as probas de acceso contemplarán no correspondente temario o estudo e a aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes.

Artigo 36. Selección do persoal laboral

1. A participación nos procesos selectivos de persoal laboral esixirá a concorrencia dos requisitos enunciados no artigo anterior que sexan aplicables.

2. A contratación do persoal laboral temporal efectuarase conforme os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, axustándose ás normas de xeral aplicación a este tipo de persoal e de acordo cos criterios de selección que determine a Mesa do Parlamento de Galicia, por proposta da Presidencia.

3. Unha vez concluído o proceso selectivo, e de acordo coas bases da convocatoria, a presidenta ou o presidente da Cámara proce-

derá á formalización dos contratos logo de acreditaren as persoas seleccionadas o cumprimento dos requisitos e das condicións da convocatoria.

4. Ao persoal laboral do Parlamento de Galicia aplicaráselle o disposto neste estatuto en ausencia dun convenio propio, en todo o que puidera resultar compatible co seu propio réxime e co previsto na lexislación laboral.

5. Todas as probas de acceso contemplarán no correspondente temario o estudo e a aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes.

CAPÍTULO VII

Carreira e promoción profesional. Avaliación do desempeño

Artigo 37. O grao persoal

O persoal funcionario de carreira adquirirá un grao persoal polo desempeño dun ou máis postos de nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción. Se durante o tempo en que se desempeña un posto se modifícase o seu nivel, o tempo de desempeño computarase co nivel máis alto que tivese o dito posto, para os efectos de validación.

Non obstante, o persoal funcionario de carreira que obteña un posto de traballo superior en máis de dous niveis ao correspondente ao seu grao persoal consolidará cada dous anos de servizos continuados o grao superior en dous niveis ao que posúe, sen que en ningún caso poida superar o correspondente ao do posto desempeñado.

A adquisición do grao persoal comporta o dereito do citado persoal a percibir, calquera que sexa o posto de traballo que desempeñe, o complemento de destino correspondente ao seu grao persoal. De existiren postos de traballo do mesmo nivel que teñan asignados diferentes complementos de destino, ese dereito entenderase referido á contía do complemento de destino asociado ao posto efectivamente desempeñado, sempre e cando se cumpra o resto dos requisitos e condicións establecidos neste artigo.

Aos postos de traballo que teñan a consideración de altos cargos seralles aplicable o disposto no artigo 33.2 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 1991.

Artigo 38. Intervalos de niveis

Os intervalos de niveis dos postos de traballo que correspondan a cada corpo ou escala, de acordo co grupo en que se encontren clasificados, serán os seguintes:

Corpos ou escalas	Nivel mínimo	Nivel máximo
Grupo A	25	30
Grupo B	20	26
Grupo C	14	25
Grupo D	13	19

O persoal funcionario de carreira non poderá desempeñar postos de traballo non incluídos nos niveis do intervalo correspondente ao grupo en que figura clasificado o seu corpo ou escala.

Artigo 39. Promoción interna do persoal funcionario de carreira para o acceso a un grupo inmediatamente superior

1. En cada convocatoria reservarase a totalidade de prazas para a súa provisión mediante promoción interna por persoal funcionario de carreira pertencente ao grupo inmediatamente inferior con titulación suficiente, sendo excluído da realización de exames sobre as materias cuxo coñecemento se acredítase co ingreso no grupo de orixe.

De non se cubriren as prazas mediante promoción interna, serán obxecto dunha convocatoria en quenda libre.

2. Para participar nas probas de promoción interna o persoal funcionario de carreira deberá ter unha antigüidade de, cando menos, dous anos no corpo ou na praza de procedencia, posuír a titulación esixida para ingresar no corpo ou na praza á que se aspira e superar as correspondentes probas selectivas.

3. A promoción interna efectuarase mediante o sistema de concurso oposición, con suxeición aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

4. No suposto de que as probas de promoción interna comprendan valoración de méritos terase en conta expresamente a utilización de licenzas de maternidade, permisos de paternidade, redución de xornada ou excedencias por coidado de familiares dentro do baremo puntuable, na forma que se estableza na convocatoria.

Artigo 40. Promoción interna do persoal funcionario de carreira para o acceso a corpos ou escalas do mesmo grupo profesional

En cada convocatoria reservárase a totalidade das prazas convocadas para a súa provisión por persoal funcionario de carreira pertencente a corpos do mesmo grupo con titulación suficiente, sendo excluído da realización de exames sobre as materias cuxo coñecemento se acredítase co ingreso no corpo de orixe.

De non se cubriren as prazas mediante promoción interna, serán obxecto dunha convocatoria en quenda libre.

No suposto de que as probas de promoción interna comprendan valoración de méritos terase en conta expresamente a utilización de licenzas de maternidade, permisos de paternidade, redución de xornada ou excedencias por coidado de familiares dentro do baremo puntuable, na forma que se estableza na convocatoria.

Artigo 41. Avaliación do desempeño

1. A Administración do Parlamento de Galicia establecerá sistemas obxectivos que permitan avaliar a conduta profesional, o rendemento e a consecución de resultados.

2. A Administración do Parlamento de Galicia, oída a Xunta de Persoal, determinará os efectos da avaliación, en particular na percepción das retribucións complementarias previstas no artigo 52, alínea 3.c), deste estatuto.

CAPÍTULO VIII

Formación e perfeccionamento

Artigo 42. Promoción de actividades formativas

A Administración do Parlamento de Galicia promoverá actividades de formación e perfeccionamento das súas empregadas e empregados públicos que faciliten a súa promoción profesional, a mellora na prestación dos servizos e a reciclaxe e actualización dos seus

coñecementos, así como a adaptación profesional de todos os grupos funcionariais ás novas necesidades da Administración parlamentaria e, en particular, ás derivadas da implantación de novas tecnoloxías da información.

En xeral, os cursos e actividades formativas realizaranse fóra da xornada laboral, sen prexuízo dos permisos que durante a xornada laboral poidan concederse, sempre que non puidera recibirse formación noutro horario e as necesidades do servizo o permitan. Non obstante, os que teñan carácter obrigatorio para as empregadas e os empregados públicos desenvolveranse durante a xornada laboral.

As empregadas e os empregados do Parlamento poderán realizar cursos de formación durante os permisos de maternidade e paternidade, así como durante as excedencias por motivos familiares.

En todas as actividades de formación e perfeccionamento que se organicen existirá un módulo sobre igualdade de oportunidades e prevención da violencia de xénero.

CAPÍTULO IX

Situacións administrativas

Artigo 43. Clases de situacións administrativas

1. O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia poderá encontrarse nalgunha das seguintes situacións:

- a) Servizo activo.
- b) Servizos especiais.
- c) Servizos noutras administracións públicas.
- d) Excedencia voluntaria.
- e) Expectativa de destino.
- f) Suspensión de funcións.

2. O persoal laboral rexerase pola normativa laboral no referente á suspensión do contrato de traballo, sen prexuízo da aplicación do réxime de situacións regulado neste estatuto.

Artigo 44. Servizo activo

1. O persoal funcionario de carreira atópase na situación de servizo activo:

- a) Cando preste servizos na súa condición de funcionario/a público/a na Administración do Parlamento de Galicia.
- b) Cando lle fora conferida unha comisión de servizos de carácter temporal, conforme o establecido no artigo 32 deste estatuto.

2. O persoal funcionario de carreira en situación de servizo activo terá todos os dereitos, deberes e responsabilidades derivados da súa condición de funcionario/a.

Artigo 45. Servizos especiais

O persoal funcionario de carreira pasará á situación de servizos especiais:

- 1. Cando sexa autorizado para realizar unha misión por período superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional ou nos órganos constitucionais, parlamentos ou asembleas lexislativas das comunidades autónomas.
- 2. Cando adquira a condición de persoal funcionario de carreira ao servizo de organizacións internacionais ou de carácter supranacional.
- 3. Cando sexa nomeado membro do Goberno ou dos órganos de goberno das comunidades autónomas, membros das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, ou sexa nomeado alto cargo das citadas organizacións públicas ou institucións.
- 4. Cando sexa nomeado para desempeñar postos ou cargos en organismos públicos ou entidades dependentes ou vinculados ás administracións públicas que, de conformidade co que establece a respectiva administración pública, estean asimilados no seu rango administrativo a altos cargos.
- 5. Cando sexa elixido polas Cortes Xerais para formar parte dos órganos constitucionais ou doutros que lles corresponda ás cámaras elixir.

6. Cando sexa adscrito ao servizo do Tribunal Constitucional, do poder xudicial ou do Defensor do Pobo e comisionados parlamentarios análogos.

7. Cando acceda á condición de deputado/a ou senador/a das Cortes Xerais.

8. Cando acceda á condición de deputado/a do Parlamento galego ou de membro das asembleas lexislativas das comunidades autónomas ou cando forme parte de órganos que lle correspondan ao Parlamento galego, se percibe retribucións periódicas polo desempeño da función.

Cando non perciba tales retribucións poderá optar entre permanecer na situación de servizo activo ou pasar á de servizos especiais, sen prexuízo da normativa que diten as comunidades autónomas sobre incompatibilidades dos membros de asembleas lexislativas.

9. Cando desempeñe cargos electivos retribuídos e de dedicación exclusiva nas corporacións locais.

10. Cando desempeñe postos de traballo no Gabinete da Presidencia do Parlamento.

11. Cando preste servizo nos gabinetes da Presidencia do Goberno, dos/as ministros/as e dos/as secretarios/as de Estado e non opte por permanecer na situación de servizo activo na súa administración de orixe.

12. Cando sexa nomeado para calquera cargo de carácter político ou de confianza do que derive incompatibilidade para exercer a función pública.

13. Cando preste servizo nos gabinetes da Presidencia da Xunta ou dos/as conselleiros/as, así como no resto de gabinetes da Presidencia de consellos de goberno das comunidades autónomas ou das súas respectivas consellarías e non opte por permanecer na situación de servizo activo na súa administración de orixe.

14. Cando sexa adscrito ao servizo do Valedor do Pobo, nos termos previstos na lei reguladora da dita institución.

15. Cando sexa nomeado membro do Consello de Contas de Galicia ou do Consello Consultivo.

16. Cando así se determine nunha norma con rango de lei.

17. Cando sexa designado asesor/a dos grupos parlamentarios das Cortes Xerais ou das asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

18. Cando sexa activado como reservista voluntario para prestar servizos nas Forzas Armadas.

Artigo 46. Efectos da situación de servizos especiais

1. Ao persoal funcionario de carreira en situación de servizos especiais computaráselle o tempo que permaneza en tal situación para os efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos. Poderá, ademais, participar nos concursos para a provisión de postos de traballo.

En todos os casos percibirá as retribucións do posto ou cargo efectivo que desempeñe e non as que lle correspondan como persoal funcionario de carreira. Excepcionalmente, e cando as retribucións polos trienios que tivese recoñecidos non puideran, por causa legal, ser percibidas con cargo aos correspondentes orzamentos, deberá ser retribuído en tal concepto polo Parlamento de Galicia.

2. Ao persoal funcionario de carreira na situación de servizos especiais reservaráselle a praza de destino que ocupase, segundo os seguintes criterios:

a) Cando o posto de traballo desempeñado con anterioridade fora obtido mediante o sistema de libre designación, a reserva será dun posto correspondente ao seu grao persoal. Se o posto de traballo de orixe fose desempeñado por outro/a funcionario/a en comisión de servizos ou permanecese vacante, terá dereito ao dito posto.

b) Cando o posto de traballo fose dos singularizados e fora obtido mediante concurso, reservarase un posto de igual nivel e retribución.

Os postos que se deban reservar para a súa provisión polo persoal funcionario en situación de servizos especiais poderán ser desempeñados, mentres tanto, ben por comisión de servizos ou ben por persoal interino.

Artigo 47. Servizos noutras administracións públicas

O persoal funcionario de carreira que, por medio dos sistemas de concurso, libre designación, transferencia ou adscrición provisoria, se é o caso, pase a ocupar postos de traballo noutras administracións públicas someterase ao réxime estatutario vixente na administración en que estea destinado, séndolle aplicable a lexislación en materia de función pública dela, pero conservará a súa condición de persoal funcionario de carreira do Parlamento de Galicia en situación de servizo noutras administracións públicas.

Ese persoal, cando deixe de ocupar postos de traballo nas outras administracións públicas, solicitará o reingreso ao Parlamento de Galicia no prazo máximo dun mes. De non efectuar tal solicitude, pasará á situación administrativa de excedencia voluntaria por interese particular.

No suposto de estar incurso en expediente disciplinario no momento do seu pase a outras administracións públicas, a imposición da sanción de separación do servizo corresponderalles aos órganos competentes da Administración parlamentaria.

Artigo 48. Excedencia voluntaria

O persoal funcionario de carreira será declarado en situación de excedencia voluntaria nos seguintes casos:

1. Por incompatibilidade:

Procederá declarar, de oficio ou a instancia de parte, en situación de excedencia voluntaria ao dito persoal funcionario de carreira cando se atope en situación de servizo activo noutro corpo ou escala da Administración do Parlamento de Galicia ou de calquera das administracións públicas, a non ser que obtivera a oportuna compatibilidade ou pase a prestar servizos en organismos ou entidades do sector público e non lle corresponda quedar noutra situación.

2. Por interese particular:

a) Poderáselle conceder igualmente a excedencia voluntaria ao dito persoal cando o solicite por interese particular, non o impidan as necesidades do servizo e non estivese sometido a expediente disciplinario ou pendente do cumprimento dunha sanción disciplinaria.

Para solicitar o pase á situación prevista nesta letra será preciso ter prestados servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante os dous anos inmediatamente anteriores e nela non se poderá permanecer menos de dous anos continuados.

Procederá así mesmo declarar en excedencia voluntaria ao dito persoal cando, terminada a causa que determinou o pase a unha situación distinta á de servizo activo, incumpra a obriga de solicitar o reingreso no prazo establecido regulamentariamente.

O indicado persoal que preste servizos en organismos ou entidades que queden excluídos da consideración do sector público para os efectos da declaración de excedencia voluntaria contemplada no punto 1 deste artigo será declarado na situación de excedencia voluntaria regulada neste punto, sen que lle sexan aplicables os prazos de permanencia nela.

b) Pasará tamén á situación de excedencia voluntaria por interese particular cando cesase na situación de servizos especiais e non solicitase o reingreso no servizo activo no prazo de trinta días desde tal cesamento.

A persoa excedente voluntaria por interese particular á que, solicitado o reingreso, non se lle conceda por falta de posto vacante con dotación orzamentaria continuará na situación de excedencia voluntaria ata que se produza aquel.

3. Por agrupación familiar:

Poderáselles conceder a excedencia voluntaria por agrupación familiar, cunha duración mínima de dous anos e máxima de quince, aos funcionarios e ás funcionarias cando o seu cónxuxe resida noutro municipio por obter e estar desempeñando un posto de traballo de carácter definitivo como funcionario/a de carreira ou como laboral en calquera administración pública ou organismo autónomo.

O excedente voluntario por algunha das tres causas anteriores non terá dereito á reserva de praza nin devengará retribucións, nin lle será computado o tempo permanecido en tal situación para efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos.

4. Excedencia para o coidado de fillos/as e familiares:

O indicado persoal terá dereito a un período de excedencia, de duración non superior a tres anos, para atender o coidado de cada fillo/a, tanto cando sexa por natureza como por adopción ou aco-

llemento permanente ou preadoptivo, contado desde a data de nacemento ou, se é o caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Tamén terá dereito a un período de excedencia, de duración non superior a un ano, para atender o coidado dun ou dunha familiar que se atope ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade, que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade ou discapacidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dera orixe a unha nova excedencia, o inicio do período dela poñerá fin á que se viñera gozando.

Esta excedencia constitúe un dereito individual. No caso de que dúas funcionarias ou dous funcionarios xeraran o dereito a gozalo polo mesmo suxeito causante, a administración poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas co funcionamento dos servizos.

O excedente por causa de coidado de fillos/as e familiares non devengará retribucións, pero o período de permanencia nesta situación computarase para efectos de trienios, de consolidación do grao persoal e dos dereitos pasivos. Durante os dous primeiros anos terá dereito á reserva do posto de traballo que desempeñaba. Transcorrido este período, a dita reserva será para un posto de igual nivel e retribución.

5. Excedencia por razón de violencia sobre o persoal funcionario.

O persoal funcionario vítima de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito a solicitar a situación de excedencia sen necesidade de ter prestado un tempo mínimo de servizos previos e sen que resulte aplicable ningún prazo de permanencia nela. Durante os seis primeiros meses terá dereito á reserva do posto de traballo que desempeñara, sendo computable o dito período para efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos.

Non obstante, cando das actuacións de tutela xudicial resultase que a efectividade do dereito de protección da vítima o esixe, poderase prorrogar por períodos de tres meses, cun máximo de dezaioito, o período no que, de acordo co parágrafo anterior, se terá dereito á reserva do posto de traballo, con idénticos efectos aos sinalados no dito parágrafo.

Durante os dous primeiros meses desta excedencia o persoal funcionario que estea nesta situación terá dereito a percibir as retribucións íntegras e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo.

Artigo 49. Expectativa de destino

1. Declararase a situación de expectativa de destino nos casos en que sexa imposible obter o reingreso ao servizo activo cando o persoal funcionario cese na situación de excedencia voluntaria para o coidado de fillos/as e familiares ou suspensión firme.
2. Quen se encontre nesta situación terá dereito a percibir as retribucións básicas que lle correspondan en concepto de soldo e antigüidade, así como o aboamento do tempo que permaneza na dita situación para efectos pasivos e do cómputo da antigüidade. Estará á disposición da Administración do Parlamento de Galicia para o desempeño de funcións de suplencia ou substitución propias do grupo profesional ou corpo ao que pertenza.

Artigo 50. Suspensión de funcións

1. A suspensión de funcións pode ter carácter provisional ou firme. O persoal funcionario declarado en tal situación quedará privado temporalmente do exercicio das súas funcións e dos dereitos inherentes á súa condición.
2. A suspensión provisional poderá acordarse preventivamente, por un período non superior a seis meses, durante a tramitación do procedemento penal ou expediente disciplinario, por posible comisión de faltas graves, que lle instrúa ao persoal funcionario a autoridade competente.
3. Durante o tempo de suspensión provisional o persoal funcionario percibirá as retribucións básicas que lle correspondan.
4. Se o persoal funcionario resultase absolto no procedemento criminal ou expediente disciplinario, ou se a sanción que se lle impuxese fose inferior á suspensión, o tempo de duración desta computaráselle como servizo activo, debendo reincorporarse inmediatamente ao seu posto de traballo, con recoñecemento de todos os dereitos económicos e demais que procedan desde a data de efectividade da suspensión.

5. A suspensión terá carácter firme cando se impoña en virtude de condena criminal ou sanción disciplinaria. A súa duración non poderá exceder de seis anos.

6. Ao persoal funcionario en situación de suspenso de funcións con carácter firme non se lle reservará a praza nin o destino.

Artigo 51. Reingreso ao servizo activo

1. O reingreso ao servizo activo do persoal funcionario de carreira que non teña reservada unha praza efectuarase necesariamente con ocasión da existencia dun posto vacante e mediante a súa participación nas convocatorias de concurso ou de libre designación para a provisión de postos de traballo.

Así mesmo, o reingreso poderá efectuarse por adscrición a un posto, que terá necesariamente o carácter de provisional, condicionado ás necesidades do servizo e sempre que se reúnan os requisitos para o desempeño do posto.

O posto asignado con carácter provisional convocarase para a súa provisión definitiva no prazo máximo dun ano, e o/a funcionario/a reingresado/a con destino provisional terá a obriga de participar na convocatoria.

No suposto de incumprir a obriga de participar no concurso no que se inclúa o posto que ocupa provisionalmente, será declarado de oficio na situación de excedencia voluntaria.

2. Quen se atope en situación de suspensión de funcións en firme, neste caso ao ter cumprido o tempo de suspensión, está obrigado a solicitar o reingreso, que lle será concedido, se existiran vacantes, con carácter provisional e ata que obteña destino con carácter definitivo, a través de concurso de traslados, estando obrigado a participar en todos os que se convoquen ata que iso se produza, e de non facelo será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular.

3. A orde de prelación no reingreso ao servizo activo será a seguinte:

- a) Suspensos/as.
- b) Excedentes voluntarios/as das alíneas 5, 4, 3, 1 e 2 do artigo 48 deste estatuto, por esta orde.
- c) Declarados/as en situación de servizos noutras administracións públicas.

CAPÍTULO X

Sistema retributivo

Artigo 52. Retribucións do persoal funcionario de carreira

1. As retribucións do persoal funcionario de carreira clasifícanse en básicas e complementarias.

2. Son retribucións básicas:

a) O soldo asignado a cada grupo profesional.

b) Os trienios, que consisten nunha cantidade que será igual para cada grupo profesional, por cada tres anos de servizo.

Cando o persoal funcionario preste servizos sucesivamente en diferentes grupos, terá dereito a seguir percibindo os trienios devengados nos anteriores co valor correspondente a aquel en que se perfeccionaron.

Cando se cambie de adscrición de grupo antes de completar un trienio, a fracción do tempo transcorrida considerárase como tempo de servizos prestados no novo grupo.

c) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, por importe cada unha dunha mensualidade de retribucións básicas e complementarias, que se farán efectivas nos meses de xuño e decembro.

3. Son retribucións complementarias:

a) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto que se desempeñe.

b) O complemento específico, destinado a retribuír as condicións particulares dos postos atendendo a súa especial dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.

c) O complemento de produtividade, destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou a iniciativa coa que se desempeñe o traballo.

Para a asignación deste complemento requirirase a existencia de sistemas obxectivos que permitan avaliar o desempeño ou medir o rendemento.

As cantidades que perciba o persoal funcionario por este concepto serán públicas.

d) As gratificacións por servizos extraordinarios, fóra da xornada normal, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

4. O persoal funcionario de carreira percibirá as indemnizacións correspondentes por razón do servizo.

Artigo 53. Retribucións do persoal funcionario interino

1. O persoal funcionario interino percibirá as retribucións básicas correspondentes ao grupo de adscrición e as retribucións complementarias correspondentes ao posto de traballo que desempeñe.

2. Recoñeceráselle os trienios correspondentes aos servizos prestados antes da entrada en vigor deste estatuto, que terán efectos retributivos unicamente a partir da súa entrada en vigor.

Artigo 54. Retribucións do persoal laboral

As retribucións do persoal laboral determinaranse a través da negociación colectiva e nas cláusulas dos seus contratos, respectando as regras da lexislación laboral común.

Artigo 55. Dedución de retribucións

1. Sen prexuízo da sanción disciplinaria que poida corresponder, a parte da xornada non realizada dará lugar á dedución proporcional de haberes, que non terá carácter sancionador.

2. Quen exercite o dereito de folga non devengará nin percibirá as retribucións correspondentes ao tempo en que permanecese nesa situación, sen que a dedución de haberes que se efectúe teña carácter de sanción disciplinaria nin afecte ao réxime respectivo das súas prestacións sociais.

Artigo 56. Relación de proporcionalidade entre retribucións

As retribucións do persoal funcionario deberán gardar entre si a seguinte relación de proporcionalidade:

a) Non poderá existir unha diferenza superior á proporción de 1 a 3 entre as retribucións básicas dos membros dos corpos que as teñan menores e maiores, respectivamente.

b) En igualdade de condicións de antigüidade e prestación de servizos e destino, non poderá existir unha diferenza superior á proporción de 1 a 4 entre as retribucións globais totais íntegras dos membros dos corpos que as teñan menores e maiores, respectivamente.

CAPÍTULO XI

Vacacións, licenzas e permisos

Artigo 57. Vacacións

1. O persoal funcionario terá dereito a gozar dunha vacación retribuída dun mes ou dos días que en proporción lle correspondan se o tempo de servizo foi menor.

2. Así mesmo, terá dereito a un día hábil adicional ao cumprir quince anos de servizo, engadíndose un día hábil ao cumprir os vinte, vinte e cinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un máximo de catro. Non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.

Este dereito farase efectivo a partir do ano natural seguinte ao do cumprimento dos anos de servizo sinalados no parágrafo anterior.

3. O calendario de vacacións elaborárase anualmente, téndose en conta as necesidades dos servizos.

4. Os permisos de maternidade, paternidade e lactación poderán acumularse ao período de vacacións, mesmo despois da finalización do ano natural, ao que aquelas correspondan.

5. Recoñécese o dereito á elección do período de vacacións a favor das mulleres xestantes e a preferencia de elección de mulleres e homes con fillas ou fillos menores de doce anos ou maiores dependentes ao seu coidado.

Artigo 58. Licenzas

Poderán concederse licenzas nos seguintes casos e condicións:

1. Por matrimonio, o persoal funcionario terá dereito a unha licenza retribuída de quince días naturais ininterrompidos.
2. Por embarazo, nas condicións e duración previstas na lexislación xeral.

3. Por asuntos propios poderán concederse licenzas sen retribución dunha duración acumulada que non poderá exceder de seis meses cada dous anos. A concesión de licenzas por asuntos propios subordinarase, en todo caso, ás necesidades do servizo.

4. As licenzas por enfermidade fixaranse de acordo co réxime da Seguridade Social a que pertenza o/a funcionario/a.

5. Poderán concederse licenzas para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa administración pública, logo do informe favorable do/a superior/a xerárquico/a, devengando o/a funcionario/a as retribucións básicas e o complemento familiar.

Se as licenzas se concedesen por interese do Parlamento de Galicia, os/as funcionarios/as terán dereito a percibir a totalidade das súas retribucións.

Artigo 59. Permisos

1. Concederanse permisos polas seguintes causas xustificadas:

a) Polo nacemento, acollida ou adopción dun fillo ou filla e polo falecemento, accidente ou enfermidade grave dun ou dunha familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade grave dun ou dunha familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.

b) Por traslado de domicilio sen cambio de residencia, un día na mesma localidade e dous días se hai cambio de localidade. Se a unidade familiar está composta por dous ou máis membros, o permiso será de dous días, sen cambio de localidade, e catro se existe cambio.

c) Para realizar funcións sindicais, de formación sindical ou de representación do persoal, nos termos legalmente establecidos.

d) Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude e avaliación en centros oficiais, durante os días da súa

celebración, máis o tempo imprescindible para o desprazamento, se é o caso.

e) O persoal funcionario cun fillo ou filla menor de doce meses terá dereito a unha hora diaria de ausencia do traballo. Este período de tempo poderá dividirse en dúas fraccións ou substituírse por unha redución de xornada dunha hora.

Este dereito poderá ser exercido indistintamente polo pai ou a nai, no caso de que ambos traballen.

O persoal funcionario poderá optar por substituír esta redución de xornada por unha ampliación do permiso de paternidade ou maternidade de catro semanas ininterrompidas.

f) Quen, por razóns de garda legal, teña ao seu coidado directo algún ou algunha menor de doce anos, unha persoa de idade avanzada que requira especial dedicación ou unha persoa diminuída psíquica ou física que non desempeñe actividade retribuída terá dereito a unha diminución de ata un medio da xornada de traballo, coa redución proporcional das súas retribucións.

Terá o mesmo dereito previsto no parágrafo anterior o persoal funcionario que precise encargarse do coidado directo dun ou dunha familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns da súa avanzada idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e que non desempeñe actividades retribuídas.

g) O persoal funcionario ao que lle falte menos de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa ou que tendo feitos 55 anos de idade reúna trinta anos de servizos efectivos no Parlamento de Galicia ou en calquera outra administración pública poderá solicitar a redución da súa xornada de traballo ata un medio, coa conseguinte redución proporcional de retribucións. Tamén poderá solicitar esta redución de xornada, de maneira temporal, o persoal funcionario que a precise por razón de enfermidade. Concederase esta redución horaria só cando as necesidades do servizo o permitan.

Nos casos en que resulte compatible coa natureza do posto de traballo que se desempeña e coas necesidades do servizo, o persoal funcionario poderá solicitar por interese particular o recoñecemento dunha xornada reducida ininterrompida desde as

9.00 horas ata as 14.00 horas, de luns a venres, co aboamento do 75 % das retribucións íntegras.

h) O persoal funcionario que teña fillos/as discapacitados/as terá dereito á flexibilización do seu horario fixo en dúas horas, de xeito que lle permita conciliar os horarios dos centros de educación especial ou outros onde o fillo ou filla recibe atención.

i) As funcionarias embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, polo tempo necesario para a súa práctica e logo da xustificación da necesidade de realización delas dentro da xornada de traballo.

j) Polo tempo indispensable, e como máximo de tres meses de duración, nos supostos de adopción internacional cando sexa necesario o desprazamento previo dos pais ou nais ao país de orixe do adoptado ou adoptada.

O persoal que goce deste permiso percibirá tan só as retribucións básicas mentres dure aquel.

k) Polo tempo necesario para someterse a técnicas de fecundación asistida e logo da xustificación da necesidade dentro da xornada de traballo.

l) Polo tempo indispensable para efectuar revisións médicas e acompañar ás revisións médicas a fillas e fillos, cónxuxes ou parellas de feito e ás persoas maiores ao seu cargo. Este permiso concederase cando sexa imprescindible e requirirá ademais da posterior xustificación documental de tales circunstancias e a acreditación da imposibilidade de acudir fóra da xornada laboral.

m) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal.

n) O persoal funcionario que participe como candidato en campañas electorais terá dereito a un permiso durante o tempo que duren estas, con plenitude de dereitos económicos.

2. Poderá dispoñerse de ata nove días ao ano, como máximo, de permiso para asuntos persoais sen xustificación, atendendo sempre as necesidades do servizo.

Ademais destes días, o persoal funcionario terá dereito ao gozo de dous días adicionais ao cumprir o sexto trienio, incrementándose nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.

3. No suposto de parto, a duración do permiso será de dezaseis semanas ininterrompidas, ampliábles no caso de parto múltiple en dúas semanas máis por cada fillo/a a partir do/a segundo/a. O permiso distribuirase a opción da funcionaria sempre e cando seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto.

No caso de falecemento da nai, o pai poderá facer uso da totalidade ou, se é o caso, da parte que reste do permiso.

Malia o anterior, e sen prexuízo das seis semanas inmediatas posteriores ao parto de descanso obrigatorio para a nai, no caso de que a nai e o pai traballen, esta, ao iniciar o período de descanso por maternidade, poderá optar por que o pai goce dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ao parto, ben de xeito simultáneo ou sucesivo co da nai, agás que no momento da súa efectividade a incorporación ao traballo da nai supoña un risco para a súa saúde.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o/a neonato/a tivera que permanecer hospitalizado/a a continuación do parto, o permiso poderá computarse, por instancia da nai ou, no seu defecto, do pai, a partir da data de alta hospitalaria. Exclúense deste cómputo as primeiras seis semanas posteriores ao parto, de descanso obrigatorio para a nai.

Nos supostos de adopción ou acollida, tanto preadoptiva como permanente, de menores de ata seis anos, o permiso terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas, ampliábles no suposto de adopción e acollida múltiple en dúas semanas máis por cada fillo/a a partir do/a segundo/a, contado por elección do persoal funcionario, ben a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollida ou ben a partir da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción. A duración do permiso será, así mesmo, de dezaseis semanas nos supostos de adopción ou acollida de menores maiores de seis anos de idade cando se trate de menores discapacitados/as ou minusválidos/as ou que por circunstancias ou experiencias persoais ou por proviren do estranxeiro teñan especiais dificultades de inserción social e familiar, debidamente acreditadas polos servizos sociais competentes.

No caso de que a nai e o pai traballen, o permiso distribuirase por opción das persoas interesadas, que poderán gozalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre con períodos ininterrompidos.

Nos casos de gozo simultáneo de períodos de descanso, a suma destes non poderá exceder das dezaseis semanas previstas nas alíneas anteriores ou das que correspondan no caso de parto múltiple.

Os permisos a que se refire esta alínea poderán gozarse no réxime de xornada completa ou a tempo parcial, por solicitude do persoal funcionario, e se o permiten as necesidades do servizo, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Nos supostos de adopción internacional, cando sexa necesario o desprazamento previo dos pais ou nais ao país de orixe do adoptado ou adoptada, o permiso previsto para cada caso neste artigo poderá iniciarse ata catro semanas antes da resolución pola que se constitúe a adopción.

4. O funcionario terá dereito a un permiso de paternidade, sexa cal sexa a situación laboral da nai, de quince días naturais de duración, computable desde o nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo ou permanente. O dito permiso será acumulable a calquera outro dereito recoñecido na normativa de aplicación, inclusive o permiso de nacemento. O permiso de paternidade computarase desde a finalización do permiso de nacemento no caso de se acumularse a el.

O pai non terá dereito ao permiso se as persoas proxenitoras non estiveran casadas nin estiveran unidas de feito en análoga relación de afectividade ou se non se lle recoñeceu, en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio iniciado antes do gozo do permiso, a garda do/a neonato/a. En todos eses casos a nai, se fora persoal ao servizo do Parlamento de Galicia, poderá utilizar, calquera que sexa a situación laboral do pai, este permiso con carácter ininterrompido desde a finalización do permiso de maternidade. Tamén poderá utilizalo, en iguais termos, se o pai falecera antes do gozo íntegro do dito permiso ou se a filiación paterna non estivera determinada.

5. Nos casos nos que as funcionarias vítimas de violencia de xénero tiveran que ausentarse por isto do seu posto de traballo, estas faltas de asistencia, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou saúde, segundo proceda.

As funcionarias vítimas de violencia sobre a muller, para faceren efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito á redución da xornada coa diminución proporcional da retribución ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo

que lles poidan ser aplicadas, nos termos que para estes supostos estableza a Administración do Parlamento de Galicia.

6. Para atender o coidado dun ou dunha familiar en primeiro grao, por razón de enfermidade moi grave, o persoal funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata o cincuenta por cento da xornada laboral, de carácter retribuído, polo prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais, e atendendo a extrema gravidade da enfermidade padecida, ata un período máximo de dous meses.

CAPÍTULO XII

Representación, participación, negociación colectiva e dereito de reunión

Artigo 60. Natureza da Xunta de Persoal

A Xunta de Persoal é o órgano colexiado de representación do persoal funcionario ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia perante os seus órganos de dirección, nos termos establecidos neste estatuto.

Artigo 61. Composición da Xunta de Persoal

1. A Xunta de Persoal está composta polo número de membros que determina a normativa específica aplicable e elixirá de entre eles unha presidenta ou presidente e unha secretaria ou secretario.

2. A Xunta de Persoal elaborará o seu propio Regulamento de réxime interior, do que lle remitirá copia, así como das súas modificacións, á Mesa do Parlamento de Galicia. O regulamento e as súas modificacións deberanse aprobar cos votos favorables de, cando menos, os dous terzos dos seus membros.

Artigo 62. Facultades

Correspóndenlle á Xunta de Persoal as seguintes facultades:

1. Ser informada, trimestralmente, sobre a política de persoal da Administración do Parlamento de Galicia, tendo dereito, neste sentido, a solicitar e recibir tanta documentación sexa necesaria para o exercicio da súa función.

2. Emitir informe, por solicitude da Administración parlamentaria, sobre as seguintes materias:

- a) Traslado total ou parcial das instalacións.
- b) Plans de formación de persoal.
- c) Implantación ou revisión dos sistemas de organización e dos métodos de traballo.

3. Ser informada de todas as sancións impostas por faltas moi graves.

4. Ter coñecemento e ser oída nas seguintes materias:

- a) Establecemento da xornada laboral e do horario de traballo.
- b) Réxime de permisos, vacacións e licenzas.
- c) Cantidades que perciba o persoal funcionario como complemento de produtividade.

5. Ser informada, cando menos trimestralmente, das estatísticas sobre o índice de absentismo e as súas causas, dos accidentes en acto de servizo e as enfermidades profesionais e as súas consecuencias, dos índices de sinistralidade, réxime e aplicación das incompatibilidades, dos estudos periódicos ou especiais do ambiente e das condicións de traballo, así como dos mecanismos de prevención que se utilizan.

A totalidade das estatísticas e investigacións que se realicen con eventual repercusión en cuestións de xénero desagregarán os seus datos atendendo o sexo e as circunstancias vinculadas ao xénero, como a asunción de cargas parentais e familiares.

6. Vixiar o cumprimento das normas vixentes en materia de condicións de traballo, Seguridade Social e emprego e mais exercer, se é o caso, as accións legais oportunas perante os organismos competentes.

7. Vixiar e controlar as condicións de seguranza e hixiene no traballo.
8. Colaborar coa Administración parlamentaria para conseguir o establecemento de cantas medidas procuren o mantemento ou o incremento da produtividade.
9. Participar na xestión de obras sociais para o persoal establecidas na Administración parlamentaria.
10. Informar os seus representados e representadas en todos os temas e cuestións aos que se refire a súa actuación.

Artigo 63. Lexitimación e deber de sixilo

1. Recoñéceselle á Xunta de Persoal, colexiadamente, e por decisión maioritaria dos seus membros, lexitimación para iniciar, como parte interesada, os correspondentes procedementos administrativos e exercer as accións en vía administrativa ou xudicial en todo o relativo ao ámbito das súas funcións.
2. A Xunta de Persoal, así como os seus membros, observarán sixilo profesional en todo o referente aos temas que a Mesa do Parlamento de Galicia sinala expresamente como de carácter reservado, aínda despois de rematar o mandato. En todo caso, ningún documento entregado pola Administración parlamentaria poderá utilizarse fóra do estrito ámbito desta ou para fins distintos aos que motivaron a súa entrega.

Artigo 64. Garantías e dereitos

1. Os membros da Xunta de Persoal, como representantes legais do persoal funcionario, dispoñerán no exercicio da súa función representativa das seguintes garantías e dereitos:
 - a) Ao acceso e á libre circulación polas dependencias administrativas do Parlamento de Galicia, sen que perturben o normal funcionamento dos correspondentes servizos.
 - b) Á distribución libre nesas mesmas dependencias de todo tipo de publicacións, xa se refiran a cuestións profesionais ou sindicais, sen perturbar o normal funcionamento da actividade funcional.
 - c) A ser oída nos expedientes disciplinarios aos que puidesen ser sometidos os seus membros durante o tempo do seu mandato

e durante o ano inmediatamente posterior, sen prexuízo da audiencia á persoa interesada regulada no procedemento sancionador.

d) A un crédito de horas mensuais dentro da xornada de traballo e retribuídas como de traballo efectivo, para utilizaren en actividades sindicais relacionadas co persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, de acordo coa seguinte escala:

- Ata 100 funcionarios/as: 15
- De 101 a 200 funcionarios/as: 20

Os membros da Xunta de Persoal poderán proceder, con carácter extraordinario e logo de comunicación ao órgano competente en materia de persoal, á súa acumulación, sempre que esta se produza dentro do mes natural.

e) A non seren trasladados nin sancionados durante o exercicio das súas funcións nin dentro do ano seguinte á expiración do seu mandato, agás no caso de que se produza por revogación ou dimisión, sempre que o traslado ou a sanción se baseen na acción da funcionaria ou funcionario no exercicio da súa representación.

f) Así mesmo, non poderán ser discriminados na súa promoción económica ou profesional en razón, precisamente, do desempeño da súa representación.

2. A Administración do Parlamento de Galicia facilitaralle á Xunta de Persoal os medios materiais para levar a cabo as súas funcións.

Artigo 65. Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia

A participación na determinación das condicións de traballo do persoal da Administración do Parlamento de Galicia efectuarase mediante a constitución dunha Mesa de Negociación na que estarán presentes as persoas representantes da Administración parlamentaria e a Xunta de Persoal, así como unha persoa representante de cada un dos sindicatos máis representativos no ámbito do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 66. Convocatoria de Mesa de Negociación

A Mesa de Negociación reunirase, cando menos, unha vez ao ano e, en todo caso, cando o acorde a Mesa do Parlamento de Galicia ou o soliciten a Xunta de Persoal ou as organizacións sindicais que forman parte da Mesa de Negociación.

Artigo 67. Materias obxecto de negociación

Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias da Administración do Parlamento de Galicia, as seguintes materias:

- a) O incremento das retribucións do persoal da Administración do Parlamento de Galicia que proceda incluír no proxecto de orzamentos do Parlamento de Galicia cada ano.
- b) A determinación e aplicación das retribucións do persoal da Administración do Parlamento de Galicia.
- c) A preparación e o deseño dos plans de oferta de emprego.
- d) A clasificación dos postos de traballo.
- e) A determinación dos programas e medidas para a acción de promoción interna, formación e perfeccionamento do persoal.
- f) A determinación das prestacións e pensións e, en xeral, todas aquelas materias que afecten, dalgún xeito, a mellora das condicións de vida do persoal funcionario xubilado.
- g) Os sistemas de ingreso, provisión e promoción profesional do persoal.
- h) As propostas sobre dereitos sindicais e de participación.
- i) As medidas sobre seguranza e saúde laboral.
- j) As referidas ao calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos e licenzas.
- k) Todas aquelas materias que afecten, dalgún xeito, o acceso á condición de persoal da Administración do Parlamento de Galicia, a carreira administrativa, as retribucións e a Seguridade Social cuxa regulación esixa a aprobación dunha norma polos órganos competentes do Parlamento de Galicia ou da súa administración.
- l) As materias de índole económica, de prestación de servizos, sindical e de participación, asistencial e, en xeral, cantas outras

afecten as condicións de traballo e o ámbito de relacións do persoal e das organizacións sindicais ou profesionais coa Administración parlamentaria.

Artigo 68. Proceso de negociación

O proceso de negociación abrírase na data que de común acordo fixen a Mesa do Parlamento de Galicia, a Xunta de Persoal e os sindicatos que teñan a condición de máis representativos na Comunidade Autónoma de Galicia, e comprenderá, de entre as materias relacionadas no artigo anterior, as que as partes consideren oportuno.

Artigo 69. Materias excluídas da negociación

Quedan excluídas da obrigatoriedade da negociación ou consulta, se é o caso, as decisións da Cámara e da súa administración que afecten as súas potestades de organización, o exercicio do dereito da cidadanía ante o persoal funcionario, as funcións dos parlamentarios e parlamentarias e o procedemento de formación dos actos e das disposicións administrativas.

Cando as consecuencias das decisións da Administración parlamentaria que afecten as súas potestades de organización teñan repercusión sobre as condicións de traballo do funcionariado público contempladas no artigo 67, procederá a consulta ás organizacións sindicais a que se refire este estatuto e á Xunta de Persoal.

Quedan tamén excluídas da obrigatoriedade de negociación as seguintes materias:

- a) A regulación do exercicio dos dereitos da cidadanía e dos usuarios e usuarias dos servizos públicos, así como o procedemento de formación dos actos e das disposicións administrativas.
- b) Os poderes de verificación e control propios da relación xerárquica.
- c) A regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e a promoción profesional.

Artigo 70. Acordos

1. Logo de concluír o proceso de negociación, os acordos acadados en relación coa determinación das condicións de traballo do persoal funcionario remitiránselle á Mesa do Parlamento de Galicia para, se é o caso, a súa aprobación e publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

2. Nos puntos nos que non se produzan acordos na Mesa de Negociación, ou cando o acordo acadado nela non sexa ratificado pola Mesa do Parlamento de Galicia, este órgano establecerá as condicións de traballo do persoal funcionario, sen prexuízo da mediación que poida preverse na lexislación específica aplicable.

Artigo 71. Convocatoria de reunión do persoal

Están lexitimados para convocar unha reunión:

- a) As organizacións sindicais, directamente ou a través dos delegados ou delegadas sindicais.
- b) A Xunta de Persoal.
- c) Un número de funcionarias ou funcionarios equivalente, cando menos, ao 40 % do colectivo convocado.

Artigo 72. Reunións fóra da xornada laboral

As reunións no centro de traballo realizaranse fóra do horario laboral, logo de autorización pola letrada ou letrado oficial maior.

Artigo 73. Reunións dentro da xornada laboral

1. As reunións dentro da xornada laboral só poderán ser autorizadas pola Mesa do Parlamento de Galicia ou pola letrada ou letrado oficial maior cando comprendan a totalidade do persoal funcionario ata un máximo de trinta e seis horas anuais. Destas, dezaioito corresponderanlles ás seccións sindicais e o resto á Xunta de Persoal.

2. A realización de reunións non poderá en ningún caso prexudicar a prestación dos servizos da Cámara. Para tal efecto, a letrada ou letrado oficial maior establecerá os servizos mínimos que necesariamente deban cubrirse durante o tempo que duren aquelas.

Artigo 74. Requisitos da convocatoria

1. Serán requisitos para convocar unha reunión os seguintes:
 - a) Comunicarlle por escrito a súa realización á letrada ou letrado oficial maior cunha antelación mínima de dous días hábiles.
 - b) Neste escrito indicárase:
 - O día, lugar e hora do seu desenvolvemento.
 - A orde do día.
 - Os datos das persoas asinantes que acrediten estar lexitimadas para convocar a reunión de conformidade co artigo 71.
2. Se antes das vinte e catro horas anteriores á realización da devandita reunión a letrada ou letrado oficial maior non formulase obxección a ela mediante resolución motivada, esta poderá ter lugar sen outro requisito posterior.
3. As persoas convocantes da reunión serán responsables do seu normal desenvolvemento.

Artigo 75. Constitución da asemblea e acordos

1. Para que a asemblea poida adoptar calquera acordo deberá estar presente ou representado por escrito a metade máis un do persoal funcionario. Este requisito será innecesario na segunda convocatoria, que se desenvolverá aos trinta minutos da hora fixada para a primeira e sempre que asista a ela un terzo do persoal funcionario en servizo activo, para o que se levantará acta circunstanciada por parte do secretario ou secretaria da Xunta de Persoal ou, no seu defecto, pola funcionaria ou funcionario máis novo que asista, e que acredite a existencia do dito quórum.
2. Os acordos serán válidos logo de seren aprobados por maioría simple das persoas presentes.
3. As votacións poderán facerse a man alzada, agás cando alguén solicite a votación secreta.

CAPÍTULO XIII

Dereitos e deberes do persoal funcionario

Artigo 76. Dereitos individuais

1. O persoal funcionario ten os seguintes dereitos profesionais:

- a) Ao mantemento da súa condición funcional, sen prexuízo da posible remoción do seu posto de traballo, nos supostos e segundo os procedementos establecidos neste estatuto.
- b) Ao desempeño efectivo das funcións ou tarefas propias da súa condición profesional.
- c) Á carreira entendida como a promoción profesional conforme o establecido neste estatuto.
- d) A ser avaliado no exercicio das súas funcións mediante sistemas obxectivos.
- e) A percibir as retribucións e as indemnizacións por razón de servizo que correspondan.
- f) Á formación e cualificación profesional.
- g) A ser informado polos superiores xerárquicos das tarefas ou labores que ten que desempeñar e a participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde preste os seus servizos.
- h) A que sexan respectadas a súa intimidade, orientación sexual e dignidade no traballo e á non discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo, relixión, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- i) Ás vacacións, horarios, licenzas e permisos, nos termos e condicións expostos neste estatuto ou nas normas que o desenvolvan.
- j) Á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, nos termos e condicións expostos neste estatuto ou nas normas que o desenvolvan.
- k) A recibir por parte da Administración parlamentaria protección eficaz en materia de seguranza e saúde no traballo.
- l) A recibir asistencia e protección da Administración parlamentaria no exercicio da súas tarefas, funcións ou cargos.
- m) Á xubilación nos termos e condicións establecidos neste estatuto.
- n) Ás prestacións da Seguridade Social correspondentes ao réxime que lle sexa aplicable. No caso de incapacidade laboral transitoria, o persoal funcionario do Parlamento de Galicia terá

dereito a percibir o cen por cento das súas retribucións mentres se atopa na dita situación.

o) A coñecer e acceder ao seu expediente individual.

2. O réxime de dereitos contido na alínea anterior seralle aplicable ao persoal laboral en canto tales dereitos non veñan regulados na súa normativa laboral específica.

Artigo 77. Dereitos colectivos

1. O persoal funcionario ten os seguintes dereitos colectivos nos termos establecidos na Constitución e nas leis:

a) Á libre sindicación.

b) Á actividade sindical.

c) Á libre asociación profesional.

d) Á folga, co límite das garantías de mantemento dos servizos esenciais do Parlamento de Galicia e da súa administración.

e) Á negociación colectiva e á participación na determinación das condicións de traballo.

f) Á reunión.

2. Os dereitos expresados seranlle aplicables ao persoal laboral nos mesmos termos que establece a alínea 2 do artigo anterior.

Artigo 78. Deberes do persoal funcionario

1. O persoal funcionario está obrigado a:

a) Gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia e respectar o ordenamento xurídico.

b) Exercer as súas tarefas, funcións e cargos con lealdade institucional e imparcialidade e mais servir con obxectividade aos intereses do Parlamento de Galicia e da súa administración.

c) Cumprir con dilixencia as instrucións profesionais recibidas por vía xerárquica.

d) Realizar coa debida aplicación e dentro dos prazos establecidos as funcións ou tarefas que se lle asignen relativas ás competencias e obxectivos da unidade na que traballe.

e) Manter actualizada a súa formación profesional, para o correcto desenvolvemento da súa actividade profesional.

f) Asistir aos cursos e actividades formativas que a Administración do Parlamento de Galicia programe para a actualización e adquisición de novos coñecementos necesarios para un mellor desenvolvemento das funcións dos postos de traballo.

g) Cumprir a xornada e o horario establecidos.

h) Manter sigilo dos asuntos que coñeza por razón dos seus cargos ou funcións e non facer uso indebido da información obtida.

i) Gardar segredo verbo daquela información cuxa difusión estea prohibida legalmente.

j) Cumprir o réxime de incompatibilidades.

k) Tratar con atención e deferencia as deputadas e os deputados e a cidadanía en xeral.

l) Observar as normas de seguranza e saúde laboral.

m) Non intervir en negocios xurídicos con persoas ou entidades que poidan supoñer un risco de provocar conflitos de intereses co seu posto público.

n) Velar pola conservación e o uso correcto dos locais, material, documentos e información ao seu cargo.

ñ) Administrar os recursos e bens da Administración do Parlamento de Galicia con austeridade, velar pola súa conservación e non utilízalos en proveito propio nin exercer os seus labores de forma que poida obter un beneficio ilexítimo para si mesmo ou para outras persoas. Rexeitar agasallos, favores e servizos en condicións vantaxosas que vaian máis aló dos usos habituais, sociais e de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código penal.

o) Tratar con atención e respecto a cidadanía, os seus superiores e superiores e os restantes empregados e empregadas públicos, evitando toda actuación que poida producir discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo, relixión, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

p) Desempeñar as tarefas correspondentes ao seu posto de traballo de forma dilixente e cumprindo a xornada e o horario establecidos.

q) Obedecer as instrucións e ordes profesionais dos superiores e superiores, agás que constitúan unha infracción manifesta do

ordenamento xurídico, en cuxo caso poñeranas inmediatamente en coñecemento dos órganos de inspección procedentes.

r) Garantir a constancia e permanencia dos documentos para a súa transmisión e entrega ás posteriores persoas responsables.

s) Atender en caso de folga os servizos esenciais establecidos pola Mesa do Parlamento de Galicia.

t) Actuar con absoluta imparcialidade política no cumprimento da súa función e absterse da realización de actuacións políticas dentro da Cámara.

2. O disposto na alínea anterior seralle aplicable ao persoal laboral ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia.

CAPÍTULO XIV

Incompatibilidades

Artigo 79. Réxime de incompatibilidades

1. O persoal funcionario do Parlamento de Galicia non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, agás nos supostos expresamente previstos neste estatuto.

2. O persoal funcionario do Parlamento de Galicia non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta allea ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, que se relacionen directamente coas que desenvolva no Parlamento de Galicia.

3. O desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación deste estatuto será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade pública ou privada que poida impedir ou menoscar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia.

Artigo 80. Actividades no sector público

1. Para efectos do previsto no artigo 79.1, considerarase actividade no sector público a desenvolvida polos membros electivos do Parlamento europeo, membros electivos das asembleas lexislativas

das comunidades autónomas e das corporacións locais, altos cargos e restante persoal dos órganos constitucionais e de todas as administracións públicas, incluída a Administración de xustiza, así como dos entes, organismos e empresas delas dependentes, entendéndose comprendidas as entidades colaboradoras e as concertadas da Seguridade Social na prestación sanitaria.

2. O persoal funcionario do Parlamento de Galicia non poderá pertencer a consellos de administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas en representación do sector público.

3. Agás nos supostos previstos neste estatuto, non se poderá percibir máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes ou con cargo aos dos órganos constitucionais ou que resulte da aplicación de arancel, nin exercer opción por percepcións correspondentes a postos incompatibles. Para estes efectos, entenderase por remuneración calquera dereito de contido económico derivado, directa ou indirectamente, dunha prestación ou servizo persoal, sexa a súa contía fixa ou variable e o seu devengo periódico ou ocasional.

Artigo 81. Actividades incompatibles

1. O persoal funcionario en servizo activo do Parlamento de Galicia non poderá exercer en ningún caso as actividades seguintes:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, nos asuntos en que estea intervindo, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a consellos de administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade delas estea directamente relacionada co Parlamento de Galicia.

c) O desempeño por si ou persoa interposta de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou adminis-

tradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

d) A participación superior ao 10 % no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

e) O exercicio de actividades privadas lucrativas, mercantís, profesionais ou industriais, sempre que puidera comprometer a imparcialidade ou independencia do persoal funcionario ou impedir ou menoscabar o cumprimento dos seus deberes.

f) O asesoramento a partidos políticos, grupos parlamentarios, sindicatos, asociacións empresariais ou calquera tipo de grupo ou asociación que teña relación directa coas funcións desenvolvidas polo Parlamento de Galicia.

g) A intervención profesional en recursos de inconstitucionalidade.

h) A intervención profesional, en recursos contencioso-electorais de calquera clase, en cuestións, litixiosas ou non, que enfronten entre si a partidos políticos con representación parlamentaria, a centrais sindicais ou a estas con organizacións empresariais.

i) A intervención profesional, procesual ou non, fronte ou contra o propio Parlamento de Galicia.

j) O asesoramento a persoas públicas ou privadas na elaboración de proxectos de lei ou textos, normativos ou non, que deban ser aprobados polo Consello da Xunta de Galicia para a súa remisión ao Parlamento de Galicia, ou que se atopen xa en trámite de discusión parlamentaria, así como a actividade de publicación sobre as materias afectadas por tales circunstancias.

k) A elaboración de informes ou ditames para as administracións públicas.

2. O persoal funcionario do Parlamento de Galicia non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.

Artigo 82. Recoñecemento de compatibilidades

1. Excepto o previsto no artigo 83 deste estatuto, o exercicio de todo tipo de actividades profesionais públicas ou privadas, laborais, mercantís ou industriais requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.

2. O persoal funcionario que desexa obter o dito recoñecemento presentará a correspondente solicitude dirixida á Mesa do Parlamento de Galicia, na que se conterán detalladamente todos os datos necesarios para o pronunciamento. A resolución motivada que recoñeza a compatibilidade ou declare a incompatibilidade correspóndelle á dita Mesa, logo do informe da letrada ou letrado oficial maior.

3. O recoñecemento da compatibilidade habilitará para o exercicio da actividade declarada compatible nos termos da propia resolución. En todo caso, o dito recoñecemento non poderá modificar a xornada de traballo e horario da persoa interesada e quedará automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público ou privado.

4. Non poderá recoñecerse ningunha compatibilidade para actividades privadas a quen se lle autorizase a compatibilidade para un segundo posto ou actividade públicos sempre que a suma de xornadas de ambos sexa igual ou superior á máxima ou á ordinaria do Parlamento de Galicia.

Artigo 83. Actividades compatibles

1. Quedan exceptuadas da necesidade de obter o recoñecemento da compatibilidade as actividades particulares que, no exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si as persoas directamente interesadas.

2. Quedan igualmente exceptuadas da autorización de compatibilidade correspondente as seguintes actividades:

- a) As derivadas da administración do patrimonio persoal ou familiar, sen prexuízo do disposto no artigo 80 deste estatuto.
- b) A dirección de seminarios ou o ditado de cursos ou conferencias en centros oficiais destinados á formación de funcionariado ou profesorado, cando non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de setenta e cinco horas ao ano.
- c) A participación en tribunais cualificadores de probas selectivas para o ingreso no Parlamento de Galicia.
- d) A participación do persoal docente en tribunais para exames, probas ou avaliacións distintas das que habitualmente lle correspondan na forma establecida.

e) A produción e creación literaria, artística, científica e técnica, así como as publicacións derivadas daquelas, sempre que non se orixinen como consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos.

f) A participación ocasional en coloquios e programas en calquera medio de comunicación social.

g) A colaboración e a asistencia ocasional a congresos, seminarios, conferencias ou cursos de carácter profesional.

h) A actividade titorial nos centros asociados da Universidade Nacional de Educación a Distancia, agás para o persoal incluído na alínea 4 do artigo 81 deste estatuto, sempre que non afecte o horario de traballo e en tanto non se modifique o réxime da dita actividade.

Artigo 84. Actividades compatibles logo de recoñecemento de compatibilidade

1. Logo do correspondente recoñecemento de compatibilidade, o persoal funcionario do Parlamento de Galicia poderá ser titular de prazas en servizo activo ou contratado no ámbito público docente ou de investigación de carácter universitario. En todo caso desempeñaranse en réxime de dedicación non superior a tempo parcial e sen que poidan prexudicar a prestación do servizo no Parlamento de Galicia. A percepción de haberes con motivo da compatibilidade no ámbito público docente ou de investigación de carácter universitario estará condicionada ao cumprimento dos límites cuantitativos que establece o artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, aplicado na forma que resulte equivalente no Parlamento de Galicia.

A superación destes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso da Mesa do Parlamento de Galicia.

Os servizos prestados no segundo posto ou actividade non se computarán para efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo suspenderse a cotización para este último efecto. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só poderán percibirse por un dos postos, calquera que sexa a súa natureza.

Os servizos prestados no segundo posto ou actividade tampouco se computarán para efectos de pensións de Seguridade Social na

medida en que poidan superarse as prestacións correspondentes a calquera dos postos compatibilizados, desempeñados en réxime de xornada ordinaria, podendo adecuarse a cotización na forma que regulamentariamente se determine.

No caso de que, como consecuencia dos límites cuantitativos, non se poidan percibir haberes, só se poderán percibir as cantidades correspondentes en concepto de indemnización.

2. A Mesa do Parlamento de Galicia poderá autorizar, por razóns de notorio interese público, unha segunda actividade no sector público, que só poderá desempeñarse a tempo parcial e con duración determinada nas condicións establecidas pola lexislación laboral. Para o exercicio da segunda actividade será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que non supoñerá modificación de xornada de traballo e horarios dos dous postos e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos.

O desempeño deste posto de traballo no sector público é incompatible coa percepción de pensións de xubilación ou retiro por dereitos pasivos ou por calquera réxime de Seguridade Social público e obrigatorio. A percepción das pensións indicadas quedará en suspenso polo tempo que dure o desempeño do dito posto, sen que iso afecte as súas actualizacións. Por excepción, no ámbito laboral, será compatible a pensión de xubilación parcial cun posto de traballo a tempo parcial.

3. Poderá autorizarse ao persoal funcionario do Parlamento de Galicia, excepcionalmente, a compatibilidade para o exercicio de actividades de investigación, de carácter non permanente, ou de asesoramento en supostos concretos que non correspondan ás funcións de persoal adscrito ás respectivas administracións públicas. A excepcionalidade acreditarase pola asignación do encargo en concurso público ou por requirir especiais cualificacións que só posúan persoas afectadas polo ámbito deste estatuto, e a autorización desta compatibilidade estará suxeita aos requisitos e esixencias do artigo 7 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, aplicado na forma que resulte equivalente no Parlamento de Galicia. A superación dos límites a que se refire o citado precepto, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso da Mesa do Parlamento de Galicia.

Artigo 85. Opción no caso de incompatibilidade

1. Quen acceda por calquera título a un novo posto do sector público que conforme este estatuto resulte incompatible co que viñera desempeñando deberá optar por un deles dentro do prazo de toma de posesión. A falta de opción no prazo sinalado, entenderase que opta polo novo posto, pasando á situación de excedencia no que viñera desempeñando.

2. Se se trata de postos susceptibles de compatibilidade tras autorización, deberá instalarse nos dez primeiros días do aludido prazo de toma de posesión, entendéndose este prorrogado en tanto recae resolución.

Artigo 86. Condicións de exercicio dunha actividade compatible

1. O exercicio polo persoal funcionario de calquera actividade compatible non servirá de excusa á asistencia ao lugar de traballo que requira o seu posto ou cargo, nin ao atraso, negligencia ou descoido no desempeño deles.

2. Sen prexuízo do disposto neste estatuto, no relativo ao réxime disciplinario, os órganos aos que compete a dirección ou xefatura dos distintos servizos coidarán, baixo a súa responsabilidade, de prever ou corrixir, se é o caso, as incompatibilidades en que poida incurrir o persoal funcionario que deles dependa.

CAPÍTULO XV

Réxime disciplinario

Artigo 87. Responsabilidade disciplinaria

O persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia incurrirá en responsabilidade disciplinaria pola comisión de faltas derivadas do incumprimento dos seus deberes, de acordo co previsto neste estatuto.

Artigo 88. Clases de faltas

1. As faltas disciplinarias serán as mesmas que as establecidas con carácter xeral para a función pública de Galicia.

2. As faltas disciplinarias clasifícanse en moi graves, graves ou leves.

Artigo 89. Sancións

1. As sancións disciplinarias son as mesmas que as establecidas con carácter xeral para a función pública de Galicia.

2. As sancións graduaranse de acordo coa intencionalidade da autora ou autor, a perturbación causada no servizo, a gravidade dos danos ocasionados, o descrédito para a imaxe pública do Parlamento de Galicia e da súa administración e a reincidencia.

Existirá reincidencia cando no termo dun ano desde que recaese resolución sancionadora firme a presunta persoa infractora cometera outra infracción da mesma natureza.

Artigo 90. Procedemento sancionador

1. O procedemento sancionador, e en xeral todos os aspectos non regulados expresamente neste estatuto relativos ao réxime sancionador, substanciaranse conforme as normas establecidas con carácter xeral para a función pública de Galicia.

2. A incoación dos expedientes e a imposición das sancións por faltas graves e moi graves corresponderanlle á Mesa do Parlamento de Galicia.

3. As sancións por falta leve non darán lugar á instrución de expediente, aínda que deberá dársele audiencia, en todo caso, á presunta persoa infractora. Correspóndelle á letrada ou letrado oficial maior a súa imposición.

4. Daráselle traslado da incoación dos expedientes sancionadores por faltas moi graves á Xunta de Persoal, que poderá emitir un informe que non terá carácter vinculante para a administración.

Artigo 91. Recursos

As sancións impostas pola letrada ou letrado oficial maior serán recorribles en alzada perante a Mesa do Parlamento de Galicia.

Contra as sancións impostas pola Mesa do Parlamento de Galicia, que poñerán fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso-administrativo na forma establecida na lexislación específica aplicable.

Disposición transitoria primeira. Integración do persoal funcionario de carreira do grupo A

1. O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia titular de prazas de letrada ou letrado, clasificadas no grupo profesional A, queda integrado desde a entrada en vigor deste estatuto e para todos os efectos no corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia.

2. O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia titular de prazas, distintas das de letrada ou letrado, clasificadas no grupo profesional A queda integrado desde a entrada en vigor deste estatuto e para todos os efectos no corpo superior do Parlamento de Galicia.

Disposición transitoria segunda. Integración do persoal funcionario de carreira do grupo B

O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia titular de prazas clasificadas no grupo profesional B queda integrado desde a entrada en vigor deste estatuto e para todos os efectos no corpo de xestión do Parlamento de Galicia.

Disposición transitoria terceira. Integración do persoal funcionario de carreira do grupo C

O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia titular das prazas clasificadas no grupo profesional C queda integrado desde a entrada en vigor deste estatuto e para todos os efectos no corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Disposición transitoria cuarta. Integración do persoal funcionario de carreira do grupo D

Decláranse a extinguir as prazas de ingreso denominadas auxiliar administrativo/a, operador/a de consola e auxiliar gravador/a, clasificadas no grupo profesional D, que se adscriben como tales prazas a extinguir ao corpo administrativo da Administración do Parlamento de Galicia.

As persoas titulares desas prazas poderán permanecer nas súas prazas de orixe con esa mesma clasificación profesional e coas funcións relativas aos seus postos de traballo ou integrarse no corpo administrativo do Parlamento de Galicia, logo de asistir a un curso

de formación que a Administración do Parlamento de Galicia promoverá para tal fin e superar unha proba que versará sobre os contidos impartidos nese curso.

Disposición transitoria quinta. Integración do persoal funcionario de carreira do grupo E

Declárase a extinguir o grupo profesional E da Administración do Parlamento de Galicia, quedando adscritas ao grupo profesional D todas as prazas clasificadas no grupo profesional E.

O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia titular das actuais prazas clasificadas no grupo profesional E poderá permanecer neste grupo profesional ou integrarse no corpo auxiliar do Parlamento de Galicia, logo de asistir a un curso de formación que a Administración do Parlamento de Galicia promoverá para tal fin e superar unha proba que versará sobre os contidos impartidos nese curso.

O funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia titular da praza singular de ingreso denominada xefe do parque móbil, clasificada no grupo profesional D e para cuxo ingreso lle foi esixida a titulación requirida para este grupo, queda integrado desde a entrada en vigor deste estatuto e para todos os efectos no corpo auxiliar do Parlamento de Galicia.

Disposición transitoria sexta. Integración nas escalas

1. O persoal funcionario de carreira titular das actuais prazas de tradutor/a-correktor/a e de redactor/a, clasificadas no grupo profesional A, queda integrado na escala técnica de publicacións.

Declárase a extinguir a actual praza de redactor/a clasificada no grupo profesional B, quedando integrada a súa titular, ao abeiro do disposto na disposición transitoria segunda, no corpo de xestión do Parlamento de Galicia. Dadas as idénticas denominacións e funcións especializadas desta e das outras prazas de redactores/as, adscríbese á escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia.

2. O persoal funcionario de carreira titular das actuais prazas de xefe/a do servizo e xefe/a adxunto/a do Servizo de Tecnoloxías da Información, clasificadas no grupo profesional A, queda integrado na escala técnica de tecnoloxías da información.

3. O persoal funcionario de carreira titular das prazas de bibliotecarios/as-documentalistas, clasificadas no grupo profesional A, queda integrado na escala técnica superior de documentación.

4. A funcionaria de carreira titular da praza de axudante de documentación, clasificada no grupo profesional B, queda integrada na escala técnica de xestión de documentación.

5. O funcionario de carreira titular da praza de director/a de Intervención Xeral e Asuntos Económicos queda integrado na escala superior de intervención.

Disposición transitoria sétima. Adecuación da relación de postos de traballo ao estatuto

No prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste estatuto, a Mesa do Parlamento de Galicia, logo de audiencia da Xunta de Persoal, adecuará a relación de postos de traballo vixente ás previsións establecidas nel.

Disposición transitoria oitava. Publicidade da integración

No prazo de dez días hábiles seguintes ao acordo de adecuación previsto na disposición transitoria sétima, por resolución da Presidencia publicarase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia a relación do persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia integrado nos corpos e escalas correspondentes e a do que permanecendo como titular de prazas ou en grupos profesionais que se declaran a extinguir se adscribe aos corpos e escalas correspondentes.

Disposición transitoria novena

Nos procesos de promoción interna e concursos que afecten o persoal pertencente ao corpo administrativo valorarase en maior medida o tempo de servizos prestados no actual grupo profesional C que o desenvolvido no actual grupo profesional D.

Disposición derogatoria. Derrogación do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia de 1984 e doutras disposicións

1. Queda derogado o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia aprobado por acordo da Mesa da Cámara do 7 de febreiro de 1984.

2. Quedan derogadas as normas en materia de representación, participación e determinación das condicións de traballo do persoal ao servizo do Parlamento, texto refundido aprobado por acordo da Mesa da Cámara do 21 de outubro de 2002.

Disposición derradeira primeira. Facultades da Mesa do Parlamento de Galicia

Facúltase a Mesa do Parlamento de Galicia para ditar cantas disposicións considere necesarias para o desenvolvemento deste estatuto de persoal e adoptar acordos que puideran ampliar os dereitos das empregadas e empregados públicos do Parlamento de Galicia.

Disposición derradeira segunda. Dereito supletorio

No non previsto neste estatuto e nas disposicións regulamentarias que a Mesa do Parlamento de Galicia dite no seu desenvolvemento, e sempre que resulte compatible co regulado neles, aplicarase supletoriamente a normativa da función pública de Galicia e a do Estado, por esta orde.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

Este estatuto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

93. LEI 9/2011, DO 9 DE NOVEMBRO, DOS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 17. Cesamento

2. Os membros do consello de administración tamén cesarán no seu cargo por separación aprobada polo Parlamento de Galicia, por maioría de dous terzos, por proposta da xunta xeral de accionistas ou do consello de administración, logo da instrución do correspondente expediente, por non desenvolver as súas funcións de acordo cos requirimentos que determinan esta lei e as normas que a desenvolvan.

Artigo 24. Cesamento da directora ou do director xeral

1. Producirase o cesamento da directora ou do director xeral polas seguintes causas:

- g) Por revogación aprobada polo Parlamento de Galicia coa mesma maioría esixida para a súa elección.

Artigo 32. Mandato marco

Os obxectivos xerais da función de servizo público que debe cumprir a Corporación RTVG estableceranse normativamente, a través do correspondente mandato marco, para un período de nove anos. O mandato marco deberá ser aprobado polo Parlamento de Galicia por unha maioría de dous terzos. De non acadarse a maioría de dous terzos, e logo da inclusión do asunto na orde do día dun próximo pleno, o mandato marco será aprobado por unha maioría de tres quintos. No suposto de non resultar aprobado nesta segunda votación, incluíríase nunha próxima sesión plenaria e resultaría aprobado se acadase a maioría absoluta dos membros da Cámara.

Artigo 48. Control parlamentario

1. O Parlamento de Galicia exerce o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público encomendada á Corporación RTVG, a través da Comisión Permanente de Control da Corporación RTVG.

94. LEI 6/2013, DO 13 DE XUÑO, DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 12. Creación e recoñecemento

A creación de universidades públicas e o recoñecemento de universidades privadas realizarase mediante lei do Parlamento de Galicia, cando cumpran os requisitos básicos esixidos na Lei orgánica de universidades, nesta lei así como nas disposicións regulamentarias que se diten no seu desenvolvemento, logo de informe da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, do Consello Galego de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

95. LEI 14/2013, DO 26 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO [inclusión parcial]

Artigo 32. Contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública

2. Na documentación á que se refire a letra b) do punto 5 do artigo 51 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, incluírase un anexo que especifique os compromisos derivados dos contratos de colaboración público-privada formalizados, cunha clara referencia á contía dos investimentos financiados por esta vía e dos pagamentos anuais previstos ao longo da súa duración.

Para garantir o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a solvencia das contas autonómicas e a transparencia, calquera incorporación dun proxecto aprobado pola Xunta de Galicia non previsto no orzamento deberá remitirse ao Parlamento de Galicia, e na información que se lle remita incluírase a mesma documentación que a exixida para as actuacións incorporadas ao proxecto de orzamentos.

Artigo 35 bis. Natureza e competencias (engadido pola Lei 1/2015, do 1 de abril)

5. O Parlamento de Galicia, o Valedor do Pobo e o Consello de Contas poderán atribuír a competencia para a resolución dos seus recursos, reclamacións, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade a que se refire o punto 2 ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a formalización do correspondente convenio, no cal se estipularán as condicións nas que se sufragarán os gastos derivados desta asunción de competencias.

96. DECRETO LEGISLATIVO 2/2015, DO 12 DE FEBREIRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DAS DISPOSICIÓNS LEGAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN MATERIA DE IGUALDADE [inclusión parcial]

Artigo 7. Informe sobre o impacto de xénero na elaboración das leis

Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso.

97. LEI 9/2015, DO 7 DE AGOSTO, DE FINANCIAMENTO DAS FORMACIÓNS POLÍTICAS E DAS FUNDACIÓNS E ENTIDADES VINCULADAS OU DEPENDENTES DELAS [inclusión parcial]

Artigo 29. Adxudicación e pagamento das subvencións

1. Dentro do mes seguinte ao día da recepción do informe do Consello de Contas, o Consello da Xunta presentará ao Parlamento o proxecto de crédito extraordinario polo importe das subvencións que se van adxudicar, as cales deberán facerse efectivas dentro dos cen días posteriores ao da aprobación pola Cámara, logo da resolución de outorgamento.

98. DECRETO 178/2015, DO 26 NOVIEMBRO, POLO QUE SE REGULA A ACCIÓN EXTERIOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 8. Información ao Parlamento de Galicia

Tras a consideración da Estratexia (Estratexia galega de acción exterior) polo Caex, a persoa titular do centro directivo da Xunta de Galicia en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior informará o Parlamento de Galicia na comisión competente da Cámara, podendo modificar o texto á luz das súas valoracións.

99. LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO [inclusión parcial]

Artigo 24. O dereito de acceso á información pública

3. Cando o dereito de acceso á información pública sexa exercido por un deputado ou unha deputada do Parlamento de Galicia na súa condición de tal, e sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, rexeráse pola súa normativa específica.

Artigo 49. Rexistro de Actividades de Altos Cargos e Rexistro de Bens Patrimoniais

Terán acceso completo a este rexistro:

- a) O Parlamento de Galicia, de acordo co que se estableza no Regulamento da Cámara.

Disposición adicional sétima. Normativa comunitaria

Nun prazo de oito meses desde a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia regulará os mecanismos de planificación e avaliación normativa derivados do contido das recomendacións europeas sobre better regulation. Regularáse ademais a existencia dunha memoria de análise de impacto normativo, como documento que integre todas as achegas recibidas polo órgano directivo impulsor da norma, calquera que sexa a súa procedencia, e máis a súa resposta motivada. No caso das iniciativas lexislativas, este documento seralle remitido ao Parlamento xunto con cada unha delas.

100. LEI 5/2021, DO 2 DE FEBREIRO, DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA [inclusión parcial]

Disposición adicional segunda. Estratexia de impulso demográfico

A Comisión para o Impulso Demográfico elaborará, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, unha estratexia conxunta para a ordenación e coordinación das políticas das administracións públicas de Galicia en materia demográfica, que se someterá a informe do Parlamento de Galicia con carácter previo á súa aprobación pola dita comisión, de acordo co disposto no Regulamento do Parlamento de Galicia.

101. LEI 9/2021, DO 25 DE FEBREIRO, DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA [inclusión parcial]

Disposición adicional quinta. Propostas de modificación de normativa básica estatal aplicable

Cando unha norma básica estatal estableza trámites adicionais aos previstos na normativa europea que poidan supor un obstáculo para a implantación dos proxectos e das iniciativas, a Comunidade Autónoma de Galicia formulará a oportuna proposta de modificación pola vía adecuada, incluso mediante a presentación dunha proposición de lei do Parlamento de Galicia perante o Congreso dos Deputados.

102. LEI 10/2021, DO 9 DE MARZO, REGULADORA DA ACCIÓN EXTERIOR E DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE GALICIA [inclusión parcial]

Artigo 7. Suxeitos da acción exterior galega

Son suxeitos da acción exterior galega:

a) A Administración autonómica galega, o Consello da Cultura Galega, as entidades locais galegas, consonte a súa normativa propia, as universidades públicas galegas, a administración corporativa galega, nomeadamente as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e os colexios profesionais, e mais os entes instrumentais dotados de personalidade xurídica propia, dependentes de calquera dos suxeitos antes citados, sexa cal for a súa natureza ou tipoloxía xurídica.

b) O Parlamento de Galicia, nas súas relacións coa Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais Europeas (CALRE), co Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa (CPLRE) ou con outros parlamentos análogos de estados federais, rexións ou provincias doutros estados, tanto da Unión Europea como de estados terceiros. O Parlamento non queda sometido ás determinacións detalladas na presente lei.

